



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XII lexislatura  
Serie Pleno  
Número 85

**Sesión plenaria**  
10 de marzo de 2026

Presidencia de Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA

---

**Punto 1. Solicitude de creación dunha comisión de investigación**, por solicitude das vinte e cinco deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións e decisións da Xunta de Galicia en relación co proxecto da macrocelulosa de Altri na Ulloa (52097, 12/SCI-000006)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 345f1, do 05.03.2025

### **Punto 2. Comparecencia**

#### **2.1 52181 (12/CPP-000090)**

Da conselleira de Política Social e Igualdade, por petición propia, para informar sobre os avances en materia de igualdade en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 344f1, do 04.03.2025

### **Punto 3. Mocións**

#### **3.1 51965 (12/MOC-000107)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pérez Fernández, Rosana**

Sobre a caída da produtividade marisqueira nas rías galegas, singularmente no que atinxe aos bivalvos na ría de Muros e Noia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 49524, publicada no BOPG núm. 332f1, do 11 de febreiro de 2026, e debatida na sesión plenaria do 24 de febreiro de 2026.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 344f1, do 04.03.2025

#### **3.2 51969 (12/MOC-000108)**

**Grupo Parlamentario Mixto**

**Ojea Bouzo, Armando**

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de prevención, xestión e recuperación forestal fronte aos incendios (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 34163, publicada no BOPG núm. 260f2, do 25 de setembro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 24 de febreiro de 2026.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 344f1, do 04.03.2025

#### **3.3 52035 (12/MOC-000109)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa Olalla**

Sobre o grao de eficacia das políticas do Goberno galego dirixidas a corrixir a desigualdade socioeconómica das mulleres en Galicia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 48321, publicada no BOPG núm. 328f1, do 5 de febreiro de 2026, e debatida na sesión plenaria do 24 de febreiro de 2026.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 344f1, do 04.03.2025



## Punto 4. Proposicións non de lei

### 4.1 12382 (12/PNP-001020)

#### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

#### Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que desenvolva unha estratexia integral para a atención á saúde das mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 97f1, do 09.10.2024

### 4.2 33764 (12/PNP-003218)

#### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

#### Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co sistema de actualización salarial do persoal empregado público

Publicación da iniciativa, BOPG núms. 324f1, do 30.01.2026, e 327f2, do 04.02.2026

### 4.3 39141 (12/PNP-002895)

#### Grupo Parlamentario Popular de Galicia

#### Rodríguez Martínez, Roberto e nove deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co proxecto denominado Variante oeste de Caldas de Reis e acceso do porto de Vilagarcía á AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 295f1, do 03.12.2025

### 4.4 45847 (12/PNP-003082)

#### Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

#### Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as medidas que debe pór en marcha a Xunta de Galicia para a defensa do sector primario galego afectado polo acordo comercial entre a Unión Europea e Mercosur

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f1, do 22.01.2026

### 4.5 48724 (12/PNP-003187)

#### Grupo Parlamentario Popular de Galicia

#### Lorenzo Gómez, Rubén e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que teña en conta as reclamacións de Galicia para as seguintes fases de elaboración da planificación ata 2030 da rede de transporte de enerxía eléctrica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 332f1, do 11.02.2026

### 4.6 49257 (12/PNP-003217)

#### Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

#### Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre as accións que debe impulsar a Xunta de Galicia ante o crecemento da desinformación sobre as mulleres e dos discursos de odio por razón de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 332f1, do 11.02.2026



## Punto 5. Interpelacións

### 5.1 20348 (12/INT-000821)

#### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

#### Bará Torres, Xosé Luís e catro deputados/as máis

Sobre a planificación da Estratexia galega de infraestrutura verde e as razóns que xustifican que se exclúa da devandita estratexia a zona de amortecemento situada ao suroeste da serra do Careón

Publicación da iniciativa, BOPG nº 162f1, do 26.02.2025

### 5.2 44628 (12/INT-001509)

#### Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

#### Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a capacidade asistencial dos servizos de urxencias hospitalarios de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f2, do 22.01.2026

### 5.3 51159 (12/INT-001750)

#### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

#### Fernández Fernández, Secundino e dous deputados/as máis

Sobre as políticas do Goberno galego relativas á promoción da incorporación da mocidade ao agro e a xestión das axudas convocadas con estes obxectivos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 341f1, do 26.02.2026

## Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

### 6.1 52224 (12/POPX-000073)

#### Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

#### Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre o grao de eficacia das políticas do Goberno galego en materia de acceso á vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 344f1, do 04.03.2025

### 6.2 52226 (12/POPX-000074)

#### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

#### Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o proxecto industrial que o Goberno galego ten para Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 344f1, do 04.03.2025



## Punto 7. Preguntas ao Goberno

### 7.1 52200 (12/PUP-000200)

#### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

##### Taibo Corsanego, Iria

Sobre a postura do Goberno galego en relación coa política do departamento responsable do corpo policial ICE en EE UU e coa posibilidade de que poida afectar a galegos ou galegas residentes nese país

Publicación da iniciativa, BOPG nº 344f2, do 04.03.2025

### 7.2 52133 (12/PUP-000199)

#### Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

##### Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre as previsións do Goberno galego verbo da planificación para regular os procesos de repotenciación obrigatoria dos parques eólicos que recolle a Lei de medidas fiscais e administrativas de 2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 344f2, do 04.03.2025

### 7.3 45185 (12/POP-006354)

#### Grupo Parlamentario Popular de Galicia

##### García González, Patricia e once deputados/as máis

Sobre as actuacións que está a executar a Xunta de Galicia nas instalacións da antiga ETEA, en Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f3, do 22.01.2026

### 7.4 42261 (12/POP-005660)

#### Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

##### Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á mellora das instalacións do Centro de Saúde de Carral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 307f1, do 02.01.2026

### 7.5 49961 (12/POP-006977)

#### Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

##### Méndez López, Lara e dous deputados/as máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante as demandas do persoal non facultativo do Servizo de Urgencias do Hospital Universitario Lucus Augusti respecto da súa dotación de recursos humanos e materiais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f2, do 19.02.2026

### 7.6 49752 (12/POP-006964)

#### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

##### Suárez Fernández, Iago e tres deputados/as máis

Sobre os traballos realizados pola Xunta de Galicia para a contención do monte e a restauración hidrolóxico-forestal nas zonas calcinadas do concello de Pantón

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f2, do 19.02.2026



## Punto 4. Proposicións non de lei

### 4.1 12382 (12/PNP-001020)

#### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

#### Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que desenvolva unha estratexia integral para a atención á saúde das mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 97f1, do 09.10.2024

### 4.2 33764 (12/PNP-003218)

#### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

#### Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co sistema de actualización salarial do persoal empregado público

Publicación da iniciativa, BOPG núms. 324f1, do 30.01.2026, e 327f2, do 04.02.2026

### 4.3 39141 (12/PNP-002895)

#### Grupo Parlamentario Popular de Galicia

#### Rodríguez Martínez, Roberto e nove deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co proxecto denominado Variante oeste de Caldas de Reis e acceso do porto de Vilagarcía á AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 295f1, do 03.12.2025

### 4.4 45847 (12/PNP-003082)

#### Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

#### Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as medidas que debe pór en marcha a Xunta de Galicia para a defensa do sector primario galego afectado polo acordo comercial entre a Unión Europea e Mercosur

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f1, do 22.01.2026

### 4.5 48724 (12/PNP-003187)

#### Grupo Parlamentario Popular de Galicia

#### Lorenzo Gómez, Rubén e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que teña en conta as reclamacións de Galicia para as seguintes fases de elaboración da planificación ata 2030 da rede de transporte de enerxía eléctrica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 332f1, do 11.02.2026

### 4.6 49257 (12/PNP-003217)

#### Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

#### Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre as accións que debe impulsar a Xunta de Galicia ante o crecemento da desinformación sobre as mulleres e dos discursos de odio por razón de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 332f1, do 11.02.2026



## Punto 5. Interpelacións

### 5.1 20348 (12/INT-000821)

#### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

#### Bará Torres, Xosé Luís e catro deputados/as máis

Sobre a planificación da Estratexia galega de infraestrutura verde e as razóns que xustifican que se exclúa da devandita estratexia a zona de amortecemento situada ao suroeste da serra do Careón

Publicación da iniciativa, BOPG nº 162f1, do 26.02.2025

### 5.2 44628 (12/INT-001509)

#### Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

#### Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a capacidade asistencial dos servizos de urxencias hospitalarios de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f2, do 22.01.2026

### 5.3 51159 (12/INT-001750)

#### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

#### Fernández Fernández, Secundino e dous deputados/as máis

Sobre as políticas do Goberno galego relativas á promoción da incorporación da mocidade ao agro e a xestión das axudas convocadas con estes obxectivos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 341f1, do 26.02.2026

## Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

### 6.1 52224 (12/POPX-000073)

#### Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

#### Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre o grao de eficacia das políticas do Goberno galego en materia de acceso á vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 344f1, do 04.03.2025

### 6.2 52226 (12/POPX-000074)

#### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

#### Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o proxecto industrial que o Goberno galego ten para Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 344f1, do 04.03.2025



## Punto 7. Preguntas ao Goberno

### 7.1 52200 (12/PUP-000200)

#### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

##### Taibo Corsanego, Iria

Sobre a postura do Goberno galego en relación coa política do departamento responsable do corpo policial ICE en EE UU e coa posibilidade de que poida afectar a galegos ou galegas residentes nese país

Publicación da iniciativa, BOPG nº 344f2, do 04.03.2025

### 7.2 52133 (12/PUP-000199)

#### Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

##### Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre as previsións do Goberno galego verbo da planificación para regular os procesos de repotenciación obrigatoria dos parques eólicos que recolle a Lei de medidas fiscais e administrativas de 2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 344f2, do 04.03.2025

### 7.3 45185 (12/POP-006354)

#### Grupo Parlamentario Popular de Galicia

##### García González, Patricia e once deputados/as máis

Sobre as actuacións que está a executar a Xunta de Galicia nas instalacións da antiga ETEA, en Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f3, do 22.01.2026

### 7.4 42261 (12/POP-005660)

#### Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

##### Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á mellora das instalacións do Centro de Saúde de Carral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 307f1, do 02.01.2026

### 7.5 49961 (12/POP-006977)

#### Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

##### Méndez López, Lara e dous deputados/as máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante as demandas do persoal non facultativo do Servizo de Urgencias do Hospital Universitario Lucus Augusti respecto da súa dotación de recursos humanos e materiais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f2, do 19.02.2026

### 7.6 49752 (12/POP-006964)

#### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

##### Suárez Fernández, Iago e tres deputados/as máis

Sobre os traballos realizados pola Xunta de Galicia para a contención do monte e a restauración hidrolóxico-forestal nas zonas calcinadas do concello de Pantón

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f2, do 19.02.2026



**7.7 51273 (12/POP-007160)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Viso Diéguez, Miguel Ángel e oito deputados/as máis**

Sobre a declaración conxunta asinada coas organizacións Asaga e Unións Agrarias co obxecto de reforzar as garantías para o sector primario na aplicación do acordo UE-Mercosur

Publicación da iniciativa, BOPG nº 341f3, do 26.02.2026

**7.8 46931 (12/POP-006611)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e oito deputados/as máis**

Sobre o proxecto Partbiv, iniciativa para a participación da comunidade mariscadora nas operacións de reprodución e cría de moluscos bivalvos de interese comercial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 323f3, do 29.01.2026

**7.9 50483 (12/POP-007051)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Iglesias, Carmela e dous deputados/as máis**

Sobre o proxecto do decreto que regula o Estatuto das mulleres do sector marítimo-pesqueiro de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f2, do 19.02.20



## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.*

*O presidente comunica a ausencia da deputada Alexandra Fernández Gómez (BNG), que delega o seu voto, para a reunión do día de hoxe, na deputada Ana Belén Pontón Mondelo (BNG), e do deputado José Ramón Gómez Besteiro (S), conforme o disposto no artigo 84.3 do Regulamento. (Páx. 12.)*

**Solicitud de creación dunha comisión de investigación, por solicitude das vinte e cinco deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións e decisións da Xunta de Galicia en relación co proxecto da macrocelulosa de Altri na Ulloa. (Punto primeiro da orde do día)**

*Intervención do grupo proponente: Ana Belén Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 12.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios para fixaren posicións: Patricia Iglesias Rey (S) (Páx. 15.) e José Alberto Pazos Couñago (P) (Páx. 18.)*

*Rolda de réplica: Ana Belén Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 20.)*

### ***Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación***

*Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación, por petición dos 25 deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións e decisións da Xunta de Galicia en relación co proxecto de macrocelulosa de Altri na Ulloa: rexeitada por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 22.)*

**Comparecencia da conselleira de Política Social e Igualdade, por petición propia, para informar sobre os avances en materia de igualdade en Galicia. (Punto segundo da orde do día)**

*Intervención do Goberno: conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez). (Páx. 23.)*

*Rolda dos grupos parlamentarios: Paloma Castro Rey (S) (Páx. 27.), Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 31.) e Raquel Arias Rodríguez (P) (Páx. 34.)*

*Réplica do Goberno: conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez). (Páx. 37.)*

*A presidenta (María Elena Candia López) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 40.) Nesta rolda interveñen as deputadas Paloma Castro Rey (S) (Páx. 40.), Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 42.) e Raquel Arias Rodríguez (P) (Páx. 44.) e mais a conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez) (Páx. 46.)*

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Rosana Pérez Fernández, sobre a caída da produtividade marisqueira nas rías galegas, singularmente no que atinxe aos bivalvos na ría de Muros e Noia. (Punto terceiro da orde do día)**

*A presidenta (María Elena Candia López) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 47.)*

*Intervención do grupo autor da moción: Rosana Pérez Fernández (BNG). (Páx. 48.)*

*Intervención do grupo parlamentario emendante: Paloma Castro Rey (S). (Páx. 50.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Miguel Fidalgo Iglesias (P). (Páx. 53.)*

*A deputada Rosana Pérez Fernández (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 55.)*



### ***Alteración da orde do día***

*O presidente anuncia que se vai substanciar a moción que figura no punto número 3 e dúas proposicións non de lei. (Páx. 57.)*

### **Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre o grao de eficacia das políticas do Goberno galego dirixidas a corrixir a desigualdade socioeconómica das mulleres en Galicia. (Punto terceiro da orde do día)**

*O presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 57.)*

*Intervención do grupo autor da moción: Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 57.)*

*Intervención do grupo parlamentario emendante: Paloma Castro Rey (S). (Páx. 60.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Noelia Pérez López (P). (Páx. 62.)*

*A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 65.)*

### **Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que desenvolva unha estratexia integral para a atención á saúde das mulleres. (Punto cuarto da orde do día)**

*O presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 67.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: María Montserrat Prado Cores (BNG). (Páx. 67.)*

*Intervención do grupo parlamentario emendante: María Elena Espinosa Mangana (S). (Páx. 70.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: María Encarnación Amigo Díaz (P). (Páx. 72.)*

*A deputada María Montserrat Prado Cores (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 75.)*

### ***Alteración da orde do día***

*O presidente anuncia que, logo de o acordaren os portavoces, a sesión se retomará ás dezaseis horas e que a primeira iniciativa que se substanciará será a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista (4.4 da orde do día) e, a seguir, a moción do Grupo Parlamentario Mixto. (Páx. 76.)*

### **Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co sistema de actualización salarial do persoal empregado público. (Punto cuarto da orde do día)**

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG). (Páx. 77.)*



Intervención dos grupos parlamentarios: *Carlos López Font (S)* (Páx. 79.) e *Juan Manuel Casares Gándara (P)* (Páx. 81.).

*Nova intervención do deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)*. (Páx. 83.)

*Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e oito minutos da tarde e retómase ás catro e un minuto.*

**Proposición non de lei do G. P. Socialista, por iniciativa das deputadas Lara Méndez López e María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as medidas que debe pór en marcha a Xunta de Galicia para a defensa do sector primario galego afectado polo acordo comercial entre a Unión Europea e Mercosur.** (Punto cuarto da orde do día)

*O presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 85.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Lara Méndez López (S)*. (Páx. 85.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Secundino Fernández Fernández (BNG)*. (Páx. 88.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Miguel Ángel Viso Diéguez (P)* (Páx. 90.) e *Armando Ojea Bouzo (M)* (Páx. 93.).

*A deputada Lara Méndez López (S) intervén para se posicionar respecto da emenda.* (Páx. 95.)

**Moción do G. P. Mixto, por iniciativa do deputado Armando Ojea Bouzo, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de prevención, xestión e recuperación forestal fronte aos incendios.** (Punto terceiro da orde do día)

*O presidente comunica as emendas presentadas á moción.* (Páx. 97.)

Intervención do grupo autor da moción: *Armando Ojea Bouzo (M)*. (Páx. 98/.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *María del Carmen Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 100.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Montserrat Valcárcel Armesto (BNG)* (Páx. 103) e *Ángel Rodríguez Conde (P)* (Páx. 105.).

*O deputado Armando Ojea Bouzo (M) intervén para se posicionar respecto da emenda.* (Páx. 108.)

### ***Votación das mocións***

*A deputada Rosana Pérez Fernández (BNG) fai uso da palabra para manifestar o seu posicionamento respecto da emenda presentada polo Grupo Parlamentario Socialista, que acepta como en-gádega.* (Páx. 110.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Rosana Pérez Fernández, sobre a caída da produtividade marisqueira nas rías galegas, singularmente no que atinxe aos bivalvos na ría de Muros e Noia: *rexeitado por 31 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 110.)



Votación da Moción do G. P. Mixto, por iniciativa do deputado Armando Ojea Bouzo, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de prevención, xestión e recuperación forestal fronte aos incendios: *rexeitada por 31 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 110.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre o grao de eficacia das políticas do Goberno galego dirixidas a corrixir a desigualdade socioeconómica das mulleres en Galicia: *rexeitado por 31 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 111.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Roberto Rodríguez Martínez e nove deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co proxecto denominado Variante oeste de Caldas de Reis e acceso do porto de Vilagarcía á AP-9.** (Punto cuarto da orde do día)

*O presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 111.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Paula Prado del Río (P).* (Páx. 112.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Paloma Castro Rey (S)* (Páx. 115.) e *Xosé Luís Bará Torres (BNG)* (Páx. 117.).

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *(O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 119.)

*A deputada Paula Prado del Río (P) intervén para se posicionar respecto da emenda.* (Páx. 119.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Rubén Lorenzo Gómez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que teña en conta as reclamacións de Galicia para as seguintes fases de elaboración da planificación ata 2030 da rede de transporte de enerxía eléctrica.** (Punto cuarto da orde do día)

*A presidenta (María Elena Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 121.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Rubén Lorenzo Gómez (P).* (Páx. 122.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Patricia Iglesias Rey (S)* (Páx. 124.) e *José Manuel Golpe Acuña (BNG)* (Páx. 127.).

*O deputado Rubén Lorenzo Gómez (P) intervén para se posicionar respecto da emenda.* (Páx. 130.)

**Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, sobre as accións que debe impulsar a Xunta de Galicia ante o crecemento da desinformación sobre as mulleres e dos discursos de odio por razón de xénero.** (Punto cuarto da orde do día)

*A presidenta (María Elena Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 131.)



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Paloma Castro Rey (S)*. (Páx. 132.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 134.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Raquel Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 137.)

*A deputada Paloma Castro Rey (S) intervén para se posicionar respecto da emenda.* (Páx. 139.)

### ***Votación das proposicións non de lei***

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada María Montserrat Prado Cores e dous deputados e deputadas máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que desenvolva unha estratexia integral para a atención á saúde das mulleres: *rexeitado por 30 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 142.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co sistema de actualización salarial do persoal empregado público: *rexeitada por 22 votos a favor, 43 votos en contra e unha abstención.* (Páx. 142.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Roberto Rodríguez Martínez e nove deputados e deputadas máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co proxecto denominado Variante oeste de Caldas de Reis e acceso do porto de Vilagarcía á AP-9: *aprobada por 58 votos a favor, ningún voto en contra e 8 abstencións.* (Páx. 143.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa das deputadas Lara Méndez López e María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as medidas que debe pór en marcha a Xunta de Galicia para a defensa do sector primario galego afectado polo acordo comercial entre a Unión Europea e Mercosur: *rexeitada por 7 votos a favor, 58 votos en contra e unha abstención.* (Páx. 143.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Rubén Lorenzo Gómez e oito deputados e deputadas máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que teña en conta as reclamacións de Galicia para as seguintes fases de elaboración da planificación ata 2030 da rede de transporte de enerxía eléctrica: *aprobada por 59 votos a favor, ningún voto en contra e 7 abstencións.* (Páx. 143.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Paloma Castro Rey e dous deputados e deputadas máis, sobre as accións que debe impulsar a Xunta de Galicia ante o crecemento da desinformación sobre as mulleres e dos discursos de odio por razón de xénero: *aprobada por 66 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 144.)

*Suspéndese a sesión ás sete horas e vinte e un minutos do serán.*



Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

**O PRESIDENTE:** Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura. Xustifican inasistencia ou delegan voto dona Alexandra Fernández Gómez, que xustifica a inasistencia e delega a emisión do seu voto para esta sesión plenaria na deputada dona Ana Pontón Mondelo, conforme o artigo 84.3; e tamén xustifica inasistencia don José Ramón Gómez Besteiro.

E, sen máis, entramos na orde do día.

Punto primeiro.

**Solicitud de creación dunha comisión de investigación, por solicitude das vinte e cinco deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións e decisións da Xunta de Galicia en relación co proxecto da macrocelulosa de Altri na Ulloa**

**O PRESIDENTE:** Para iso ten a palabra, en primeiro lugar, a portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón Mondelo.

**ANA BELÉN PONTÓN MONDELO:** Señorías, quero empezar esta intervención da única maneira posible, e é dicindo moi alto e claro neste hemiciclo: «non» á guerra; imperialismo, nunca máis. (*Aplausos.*)

E quero traer aquí as palabras de Eduardo Galeano: «As guerras menten. Ningunha guerra ten a honestidade de confesar que matan para roubar. As guerras sempre invocan nobres motivos: matan en nome da paz, en nome de Deus, en nome da civilización e do progreso, en nome da democracia». Recorden estas palabras de Galeano, señorías do Partido Popular, e non sigan coa mentira, pois sabemos que as bombas que lanzan en Irán, moitas delas sobre os corpos de nenas inocentes, non buscan paz e progreso, só buscan roubar o petróleo de Irán e controlar Oriente Medio. Señorías do Partido Popular, non repitan a foto criminal dos Azores; señor Rueda —ausente—, rectifique e pónase do lado da paz, do lado correcto da historia. (*Aplausos.*)

Antes, como agora, o BNG e a maioría dos galegos e das galegas dixemos e seguimos dicindo: «non» á guerra. «Non» á guerra imperialista, criminal e inxusta promovida polos Estados Unidos, Israel e os seus aliados. «Non» a unha guerra que está incendiando Oriente Medio e que fai estremecer o mundo; unha guerra, que, ademais de morte, destrución e sufrimento, xa está provocando gravísimas consecuencias no comercio, na actividade económica e no custo da vida. Os galegos e as galegas non teñen que pagar a guerra dun xenocida como Netanyahu e dun criminal como Trump. Pedímoslle ao Partido Popular e a Rueda que, por unha vez, poña por diante os dereitos humanos e o interese de Galiza, que deixe de renderlle pleitesía aos Estados Unidos e a Trump, que denuncie a violación do dereito internacional e que



diga «non» a esta guerra criminal e inxusta. O BNG, como a maioría do pobo galego, está e estará sempre do lado da defensa do dereito da soberanía dos pobos, da resolución pacífica dos conflitos e sempre, sempre, do lado da paz. (*Aplausos.*)

Do lado da paz e tamén do lado da verdade, e precisamente por iso hoxe traemos a solicitude de creación dunha comisión de investigación sobre o proxecto desa macrocelulosa Altri, o maior exemplo dunha política industrial fracasada e errada do Partido Popular de Rueda e tamén un exemplo de manual de como vostedes gobernan desde a mentira.

Unha suposta biofábrica que, en realidade, era unha macrocelulosa que non quixeron en Portugal; unha fraude e unha estafa apadriñada por Feijóo e por Rueda, que son xa algo así como o «Dúo Dinámico» da política galega. A maioría do pobo galego conseguiu frear este calote, mais agora é necesario coñecer a verdade sobre unha actuación que está baixo sospeita, chea de irregularidades, ocultación e mentiras.

Por iso o BNG, que ten capacidade para facelo, solicita a creación dunha comisión de investigación parlamentaria. E facémolo por tres motivos principais.

A primeira razón é a recente sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que dá a razón a Adegas e obriga a Xunta a volver incluír na Estratexia de infraestrutura verde os terreos nos que se pretendía construír a macrocelulosa. Esta sentenza podemos dicir que é unha auténtica sentenza de morte do proxecto, porque é incompatible con esta figura de protección. Mais o grave do caso, e o que queremos saber a través desta comisión de investigación, é por que se fixo esta modificación, cando se fixo e en base a que informes técnicos se fixo esta modificación.

Lembremos o seu *modus operandi*. O documento de infraestrutura verde foi sometido a información pública en agosto de 2022 e incluía a zona de amortecemento ao suroeste da serra do Careón. ¿Por que razón? Pois porque aí había hábitats de interese prioritario e especies protexidas. Pero no DOG do 10 de febreiro de 2025, onde se publica a versión definitiva desa Estratexia de infraestrutura verde, hai un único cambio, tal e como no seu día denunciou a Sociedade Galega de Historia Natural. Ese cambio era que desa estratexia se excluía a zona de amortecemento ao suroeste da serra do Careón, que —¡oh, casualidade!— coincidía cos terreos onde se ía instalar a macrocelulosa de Altri.

Isto ¿que significa? Pois significa que a Xunta do Partido Popular modificou de maneira consciente e premeditada un instrumento de protección ambiental para favorecer a Altri. ¿Onde están os informes técnicos que avalan esta decisión? O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza di que eses informes non existen. E ¿saben por que non os hai? Porque esta foi unha decisión política da Xunta do Partido Popular, unha decisión para favorecer a Altri, en contra do interese xeral e da protección do medio ambiente. (*Aplausos.*)

E isto é gravísimo, isto é gravísimo, e só por esta razón tería que haber cesamentos ou dimisións e asunción de responsabilidades, e, desde logo, só isto xustifica por si mesmo xa a creación desta comisión de investigación, que, por certo, quen se opoña a creala é que ten moito que ocultar.



A segunda razón desta proposta é coñecer os acordos secretos asinados entre Impulsa e Altri, acordos dos que temos noticia só por unha nota de prensa do 1 de outubro de 2021. E nós o que queremos saber é por que persiste o Partido Popular en ocultarnos esta documentación. ¿Que teñen que agochar? Solicitamos facer público ese acordo secreto ata en tres ocasións, pola vía que temos neste Parlamento, do artigo 9. Como vostedes non o fixeron, tivemos que recorrer ao Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que admitiu a trámite a solicitude do BNG. Durante todo este tempo a Xunta puxo como escusa que estes documentos eran confidenciais, que formaban parte das relacións entre empresas privadas. Vostedes chámanlle privado a un acordo que está asinado polo número dous do Goberno de Rueda, e din que Impulsa non ten nada que ver coa Xunta, cando nada máis e nada menos que ten a Xunta o 40 por cento directamente e o 10 por cento restante a través de Sogama.

Mais, recentemente, houbo unha novidade relevante sobre este asunto. Hai unhas semanas o señor Rueda confesou que coñecía eses documentos. O Regulamento da Cámara obriga a Xunta a entregar ao Parlamento os documentos que obren no seu poder. Vostedes xa non teñen ningunha escusa para seguir ocultando eses acordos coa pasteira portuguesa, e pedímoslles que fagan, dunha vez por todas, o que deberon de facer hai moito tempo: que desclasifiquen os papeis secretos de Altri. E, se non o fan, pois evidentemente o único que nos demostrarán é que teñen moito que ocultar.

A terceira razón desta comisión de investigación é unha cuestión de hixiene democrática, algo que, por certo, cada vez lle dá máis aversión ao Partido Popular. Téñenlle alerxia á transparencia. Nós queremos un goberno con paredes de cristal, que non oculte nada á cidadanía. Tamén queremos un Parlamento que sexa un exemplo de participación e de transparencia. Queremos escoitar a sociedade, unha sociedade que defende o que cre xusto; e por iso cremos que aquí deberíamos de escoitar a plataforma Ulloa Viva ou a Plataforma en Defensa da Ría de Arousa. Queremos tamén coñecer a opinión das persoas expertas, desde as universidades ao Consello da Cultura. Queremos resposta de todas as partes, evidentemente tamén de Altri e do Goberno galego, que funcionaron como un tándem perfecto durante todo este procedemento. E ¿que mellor lugar que o Parlamento de Galiza para escoitar todas as voces, coñecer a verdade e sacar leccións de futuro? É o mínimo que debemos facer para aclarar até as últimas consecuencias un asunto que tivo en vilo a sociedade galega nos últimos tempos.

A macrocelulosa de Altri, buque insignia da política industrial do Partido Popular, é hoxe un proxecto fracasado e derrotado; derrotado por unha enorme mobilización social, que conseguiu vencer a prepotencia, a ocultación e as mentiras de Rueda. A sociedade galega quere un desenvolvemento industrial xusto, sustentábel, baseado no coñecemento; un modelo industrial que poña a riqueza e os recursos de Galiza ao servizo do noso país e da maioría social, e non en mans dunha presa de multinacionais. Altri é o símbolo dun goberno que non ten ningún proxecto de futuro, que o que nos ofrece é o pasado. Mais tamén é o exemplo — e isto é moi grave — dunha administración capaz de cometer todo tipo de irregularidades para favorecer intereses privados.

Con esta comisión de investigación queremos examinar cada unha das decisións e cada un dos documentos que se ocultan. Queremos poñer luz e taquígrafos onde agora hai escuridade.



O Partido Popular ten que decidir se vai apoiar esta comisión de investigación ou se vai aplicar o seu rodillo absolutista e vetala. Se a veta, o que nos dirá é que ten moito que ocultar; se a veta, é tamén porque teñen medo a que se coñeza a verdade. Mais teñan claro que a verdade, tarde ou cedo, acabará saíndo á luz. E recorden, señorías do Partido Popular e señor Rueda —ausente—, que o pobo é quen máis ordena e os galegos e galegas non esquecerán a súa traizón.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Iglesias.

**PATRICIA IGLESIAS REY:** Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

«Non é lícito esquecer, non é lícito calar; se nós calamos, ¿quen falará?». Esta frase foi escrita por Primo Levi no libro *Si esto es un hombre*, e hoxe volve ter sentido. Señorías, dicir «non á guerra» non é unha frase feita nin un slogan político, é un berro de auxilio pola nosa humanidade. (*Aplausos.*) Aquí, en Occidente, corremos o risco de ver a guerra como un dato estatístico ou como un vídeo no móbil. Pero temos a obriga de humanizar esta mensaxe, e lembrar que detrás das 168 nenas que morreron na escola de Irán polos ataques de Estados Unidos e Israel hai nomes; e antes, o xenocidio de Gaza; e antes, a invasión de Ucraína. Detrás da guerra hai medos que non deixan durmir e ollos que ven desaparecer todo o que se ama. Por tanto, dende o Grupo Socialista de Galicia seguiremos berrando, alto e claro, «non á guerra» as veces que faga falta; (*Aplausos.*) «non» á vulneración do dereito internacional, e tamén «non» ás autocracias que silencian as voces das mulleres. (*Aplausos.*) Orgullosos e orgullosas de estar no lado correcto da historia. E señorías da bancada do PP e da bancada do BNG, apoiem a declaración institucional proposta polo Partido Socialista de Galicia, que é de «non á guerra».

Dito o cal, imos ao que nos ocupa —aínda que non é doado pasar a páxina—, que é a petición de abrir unha comisión de investigación por Altri. O que pedimos hoxe non é nada extraordinario. Pedimos algo tan básico como a transparencia. Pedimos saber que prometeu o Goberno galego á multinacional de Altri. Pedímolo porque hai demasiadas sombras, demasiadas contradicións, demasiadas decisións administrativas que apuntan a que este proxecto non foi tratado como un proxecto máis; foi tratado como un proxecto mimado e abandeirado polo señor Rueda, o presidente da Xunta de Galicia. E, cando hai opacidade no proxecto deste tamaño, o Parlamento ten a obriga de investigar. Por iso, o Grupo Socialista de Galicia, con Besteiro á fronte, pediu xa hai unhas semanas a creación da comisión de investigación. E por iso eu mesma, como deputada encargada da transparencia, solicitei ata nove veces o acceso ao expediente de creación da sociedade Impulsa Galicia, o seu proceso de creación, a súa disolución e liquidación, e tamén o memorando secreto de entendemento asinado con Altri.

Nove solicitudes, señorías, nove. ¿Saben cantas respostas tivemos? Ningunha. Silencio. Silencio administrativo tamén no Portal de Transparencia. E o silencio, señorías, cremos nós



que non é casualidade. Cando un goberno non ensina os papeis, a pregunta é inevitable: ¿que están agochando? Porque hai un documento clave neste asunto: o memorando de entendemento asinado en 2021 entre o presidente de Impulsa Galicia, o entón conselleiro de Economía e Industria, o señor Conde —hoxe deputado no Congreso dos Deputados—, e o CEO de Altri; un documento que segue gardado baixo chave, un documento que o Goberno galego se nega a facer público.

Isto é moi grave, porque quen asina ese memorando non era un empresario privado, non, era un conselleiro da Xunta de Galicia, que representa —debería representar— o interese público, non o interese privado dunha macrocelulosa. E asinábao, ademais, como presidente desa sociedade Impulsa Galicia —e aquí hai que dicilo con claridade, por se non quedou claro—, e Impulsa non era unha sociedade privada; non, señorías, era unha sociedade controlada pola porta de atrás pola Xunta de Galicia. ¿Por que? Capital maioritario da Xunta de Galicia, control do consello de administración da Xunta de Galicia, control político das decisións que alí se tomaban, presidido polo conselleiro de Economía e Industria, señor Conde, e sucedido pola señora Lorenzana.

Por tanto, deixen de repetir esa escusa que ninguén cre, porque a sociedade Impulsa non é unha sociedade privada, era un instrumento do Goberno galego, un chiringuito para fuxir do control público sen pudor. E nese instrumento público de Impulsa asinou ese memorando coa multinacional, un memorando que seguimos sen coñecer, que a señora Lorenzana descoñecía —dixo— e, si, era a presidenta de Impulsa, mentres o señor Rueda coñece pero oculta. E di que precisa o consentimento de Altri para facelo público. Pois ¡pedir o consentimento! ¡Será por pedir, señorías!

Polo que a pregunta é inevitable: ¿que se prometeu nese documento? Eu vou lanzar posibles respostas ou sospeitas do que pode conter ese documento. ¿Prometeuse facilitar autorizacións administrativas? ¿Prometeuse rebaixar a protección ambiental na zona? ¿Prometeuse blindar con indemnizacións millonarias se o proxecto se denegaba, señorías? ¿Prometéuselle poñer a alfombra vermella ao proxecto Altri, señorías do PP? Porque, cando un goberno se nega a ensinar un documento durante anos, a sospeita é inevitable e a negativa convértese, evidentemente, en sospeita.

E temos a recente sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, unha sentenza que declara que a desprotección ambiental na serra do Careón, nunha zona vinculada ao proxecto, carecía de motivación suficiente. É dicir, que o Goberno galego rebaixou a protección ambiental sen xustificación técnica suficiente. E a pregunta volve ser inevitable: ¿fixérono para facilitar o proxecto de Altri? ¿Fixérono para cumprir os compromisos adquiridos nese memorando secreto? Desclasifiquen xa os papeis de Altri, señorías.

E agora o Goberno galego anuncia o arquivo do procedemento. Pero aquí o arquivo non resolve nada. O arquivo non é unha denegación de fondo do asunto, o arquivo non impide que o proxecto volva tramitarse no futuro, é simplemente poñer o proxecto na neveira. E a pregunta é: ¿esperando que? ¿Esperando a que pase o ciclo electoral do Goberno de España? Dubídoo moito, vendo a caída libre do señor Feijóo, desnortado, ese rumbo devorado por Vox. ¿Esperando a que baixe a contestación social, señorías? Porque Galicia merece unha



decisión clara, non unha manobra para gañar tempo. O que temos claro as socialistas de Galicia é que os tres «non» ao proxecto de Altri viñeron do Goberno socialista de España, señorías.

E, mentres isto ocorre, o Goberno galego ten a cara de acudir aos tribunais para pedir a información sobre as alegacións a un conflito na Comisión Europea sobre a prórroga da AP-9, á que nos condenou o Goberno de Aznar. ¡Hai que ter cara dura! Pero, ao mesmo tempo, manteñen pechado, baixo chave, o memorando que asinou o propio conselleiro cunha multinacional. Porque piden transparencia para os demais, pero opacidade absoluta para as decisións propias.

Por iso, pedimos unha comisión de investigación —e apoiaremos esta petición do BNG— para saber e poñer luz; para saber que compromiso asumiu a Xunta, que papel xogou a sociedade Impulsa —disolta e liquidada con nocturnidade e aleivosía—; por que se rebaixou a protección ambiental nunha zona afectada polo proxecto; e que relación directa existiu entre as decisións administrativas e os compromisos adquiridos pola empresa.

Porque isto, señorías, vai de algo serio: de transparencia institucional; vai de respecto ás regras do xogo; e vai de saber se o Goberno galego actuou a favor do interese público ou, pola contra, se estaba traballando para favorecer o interese privado dunha multinacional, porque iso ten un nome, e chámase posible tráfico de influencias.

E lémbreme moito ao *modus operandi* dese ministro flamante do PP, o señor Montoro —hoxe imputado por tráfico de influencias e organización criminal—, porque facía leis á medida para multinacionais como as empresas gasistas ou as empresas eléctricas e empresas de fondos de investimento. Porque o Goberno galego non é propietario da Administración autonómica; a Xunta non lles pertence, señorías, son só inquilinos temporais das institucións.

Se o señor Rueda segue negando a información, evidentemente, nós valoraremos acudir tamén aos tribunais, porque o dereito á información pública non é unha concesión do Goberno, é unha obriga legal.

E remato, señorías, porque aquí hai unha pregunta moi sinxela que o Partido Popular segue sen responder. Se todo foi transparente, se todo foi correcto, se todo se fixo conforme a lei, ¿por que non desclasifican o memorando secreto asinado con Altri? ¿Que hai nese documento que non poden explicar? O Goberno galego pide transparencia aos demais, mentres mantén pechado, baixo chave, o acordo que asinou con Altri. E iso, señorías, é absolutamente impresentable en termos de bo funcionamento democrático e en termos de transparencia. ¡Desclasifiquen Altri xa!

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos Couñago.



**JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO:** Grazas, presidente.

Señorías.

Señora Pontón, a súa obsesión co Partido Popular e con Alfonso Rueda levou a que vostede esquecese no seu alegato inicial en prol da paz quen está gobernando en España. Se ten vostede discrepancias coa política de defensa e coas decisións que se están tomando nesa materia, reclámelles vostede aos seus socios de goberno. *(Aplausos.)* «*Más de 20 aviones de guerra salieron desde España para atacar Irán*». «Non á guerra». *(Aplausos.)*

Señorías, debatemos —hoxe si debatemos, despois de que o PSOE anunciara a creación dunha comisión de investigación hai uns días— a sexta proposta de comisión de investigación en menos de dous anos de lexislatura. E quero felicitar a señora Pontón porque, coa de hoxe, alcanza as dezasete propostas de comisión de investigación dende a súa chegada ao liderado do BNG, hai unha década —non está mal, dezasete—. Dezasete propostas de investigación por cada un dos dezasete supostos e inventados escándalos que xustificaron dezasete campañas de difamación, dezasete oleadas de insultos e de mentiras e dezasete ameazas de ir ao xulgado que xamais se materializan en nada. Dezasete fracasos, en definitiva, de «Ana Pontón, Axencia de Investigación». *(Aplausos.)* Unha iniciativa concibida como o KGB galego, pero cunha folla de servizos máis propios da TIA de Mortadelo e Filemón. Ambas as axencias en realidade son igual de chapuceiras, aínda que debo de dicir que a súa ten moitísimo menos graza que a xenial creación de Ibáñez.

A escusa que xustifica a enésima tentativa de manchar o bo nome do Goberno baséase nunha sentenza contencioso-administrativa que estima en primeira instancia a nulidade dunha cartografía preliminar. Nin a sentenza é definitiva nin ten consecuencias prácticas sobre o proxecto Gama, xa que afecta un documento provisional utilizado como punto de partida dunha infraestrutura verde aínda inexistente.

Eu, señorías, pídolles encarecidamente que deixen de mentir e que deixen de manipular. A lei non impide implantar proxectos industriais nunha zona de amortecemento, senón que exige que para facelo se someta previamente a unha avaliación ambiental simplificada. O que deberían contarlles aos galegos, se realmente teñen interese en informalos, é que o proxecto da factoría Altri non foi sometido á tramitación ambiental simplificada porque o Goberno de Alfonso Rueda decidiu sometelo a unha avaliación ambiental ordinaria máis complexa, máis garantista e máis exixente que a que establece a propia lei. En consecuencia, e sexa cal sexa a decisión xudicial definitiva sobre esa cartografía provisional, sería absolutamente irrelevante aos efectos de instalar o proxecto, porque este xa foi sometido a un proceso de avaliación máis exixente; e aínda máis importante, señoría, porque, sen abastecemento eléctrico, ese proxecto, como calquera outro proxecto industrial en Lugo, é inviable. Polo tanto, señorías, non mintan máis aos galegos. *(Aplausos.)*

Hoxe veñen ao Parlamento de Galicia tentar poñer a guinda ao enorme pastel de bulos, de manipulacións, de insidias, de difamacións e de escandalosas contradicións que comezaron a cociñar nun momento moi concreto: a derrota electoral que sufriron vostedes o 28 de febreiro de 2024 e que supuxo a primeira maioría absoluta de Alfonso Rueda. Vostedes con-



correron a esas eleccións gritando «Altri si» e só cando viron rotas as súas expectativas mudaron ao «Altri non». Un cambio que non ten nada que ver nin co proxecto, nin co ecoloxismo nin coas conviccións políticas, senón cunha estratexia partidista de desgaste a un Goberno que lles gañou lexitimamente nas urnas. Resulta lamentable escoitar como se lles mente aos galegos con total impunidade. Pero, ¿como se atreven vostedes a soste aínda que descoñecían que o proxecto Altri era unha planta de elaboración de pasta de papel? (*O deputado Alberto Pazos Couñago amosa un documento.*) Iniciativa socialista datada antes das eleccións: «este proxecto supón a creación dunha planta para a elaboración de pasta soluble de papel cunha capacidade para producir 200.000 toneladas ao ano, que se integrará parcialmente na produción de fibras téxtiles de orixe forestal, concretamente *lyocell*, cunha capacidade inicial de 60.000 toneladas ao ano». (*Aplausos.*) ¿Como se atreven a mentirlles así aos galegos? ¿Como se atreven a dicir que nunca apoiaron o proxecto? Este era o expositivo, este era o acordo que aprobamos: «poñer á disposición da empresa promotora da planta de fibras téxtiles en Pallas de Rei o asesoramento técnico e económico para conseguir o financiamento necesario do proxecto e acudir ás convocatorias de PERTE establecidas polo Goberno de España». ¡E din que non estaban a favor! E, ¿saben que dixo o Bloque? «Si, pero na Mariña». Esa foi a única discrepancia que plantexou o seu grupo, señora Pontón. (*Aplausos.*)

Señorías, os galegos teñen o bo costume de confiar en forzas políticas que din o mesmo antes e despois das eleccións, e por iso vostedes levan dezasete anos na oposición. Como se van fiar de quen leva meses exixindo ilegalmente que se archive o proxecto de Altri e hoxe piden que se manteña vivo ilegalmente o expediente de Altri. É curioso. Vexo que non leu a súa propia iniciativa. Son plantexamentos propios das repúblicas bananeras que tanto admiran. Nunha administración democrática os expedientes tramítanse conforme o dereito, seguindo criterios obxectivos aplicados por funcionarios públicos con coñecemento técnico na materia. Eses mesmos funcionarios aos que levan vostedes meses faltando ao respecto.

Salvo que Altri atope unha alternativa viable para a subministración eléctrica, o proxecto Gama será arquivado. Pois a proposta do BNG é que a Xunta complete a tramitación dun expediente que se vai arquivar e que o Parlamento de Galicia investigue a tramitación dun proxecto industrial que non se vai instalar. ¡Brillante, señorías! Pero, ¿como non se lle ocorrera a ninguén? ¿Por que? Porque hai que darlles o capricho á señora Pontón e ao señor Besteiro —hoxe aquí ausente— de poder manter un pouco máis esta enorme mentira que fraguaron despois da súa derrota electoral. (*Aplausos.*) Señorías, exixen prolongar un expediente para poder prolongar a súa campaña de mentiras, do mesmo xeito que exixen constituír unha comisión de investigación para prolongar a súa campaña de difamacións. Acusan este Goberno de graves ilegalidades; pero non o fan nun xulgado, porque, sen a protección que lles proporciona o seu escano, o que queda en evidencia é a súa enorme covardía. Formulan aquí acusacións que non son capaces de trasladar a un escrito xurídico presentado ante un xulgado. Acúsannos de ocultar información e fano simplemente por cumprir a lei. Porque, señorías, tan ilegal é ocultar información pública sometida ao réxime de transparencia como facilitar información que afecta a terceiros e que non está sometida ao réxime da lei da transparencia. Así se lles explicou en cada ocasión en que pediron información á Xunta. Por certo, exactamente nos mesmos termos que se lles explica cada vez que vostedes piden información ao Goberno de España sobre empresas alleas ao sector público. Perante esa mesma resposta, vostedes en Galicia mon-



tan un grande escándalo e en Madrid susurran «si, bwana». Esa é a realidade do seu partido.

Señorías, pode discreparse lexitimamente sobre o carácter reservado dunha documentación, pero vostedes foron moito máis alá. Vostedes foron moito máis aló da lexitima discrepancia e hoxe deron mostra aquí, de novo, con acusacións gravísimas. A esquerda galega acusou este Goberno de ter un pacto oculto para conceder privilexios a unha empresa e acudiu aos tribunais para que ese suposto pacto se faga público. Mire, eu confío plenamente no criterio dos servizos xurídicos da Xunta, pero encantaríame que nesta ocasión concreta estivesen equivocados, encantaríame que o xulgado dixese que se pode facer pública esa documentación, simplemente para ter a oportunidade de acreditar todo o que levan vostedes mentido e para poder vir aquí pedirles unha vez máis a dimisión. Esa dimisión que vostedes non van presentar nunca porque son incapaces de aplicarse a si mesmos a vara de medir que permanentemente lles exixen aos demais. *(Aplausos.)* ¡É unha vergoña as acusacións que se fixeron hoxe aquí!

Miren, señorías, non mintan máis. O proxecto de Altri non se arquivará absolutamente por ningunha manifestación nin polas mentiras que vostedes verteron sobre el, senón pola decisión infame dun Goberno de España que deixou unha provincia enteira, a de Lugo, sen subministración eléctrica industrial porque lle importou máis unha batalla partidista que o futuro industrial de Lugo. E iso, señorías, vai quedar sobre as súas consciencias.

Remato xa, e quero facelo homenaxeando a Fernando Ónega, galego militante, periodista de raza, infatigable traballador polo entendemento e a concordia; en tempos, por certo, moito máis difíciles dos que hoxe vivimos. No seu recordo, e co máximo respecto, dígolles que podo prometer e prometo que este Goberno non renunciará a desenvolver ningún proxecto industrial que nos axude a construír unha Galicia máis próspera e con máis futuro. Podo prometer e prometo que este Goberno analizará cada un deses proxectos co máximo rigor legal e atendendo única e exclusivamente ao supremo interese de Galicia. Podo prometer e prometo que non permitiremos que se instale no noso país nin unha soa industria que incumpra a normativa ambiental ou poña en risco o futuro dos nosos sectores primarios. E podo prometer e prometo que seguiremos a desenvolver unha Galicia de todos e para todos e que o faremos aplicando o consello que nos deixou xente como o propio Fernando Ónega: «valentía, diálogo, sosego e xenerosidade». A ese labor quedan vostedes invitados, señorías. *(Aplausos.)*

**O PRESIDENTE:** Grazas.

En rolda de réplica, señora Pontón.

**ANA BELÉN PONTÓN MONDELO:** Bo día de novo.

Señor Couñago, se me permite, perdón, desculpe se o molestei. En todo caso, creo que o que lle debería molestar é que esta semana xa vimos cal é o valor da súa palabra; e, evidentemente, acabamos de comprobar que, lamentablemente, a súa palabra non vale nada. *(Aplausos.)* E, cando un perde o valor da súa palabra, perde toda a credibilidade.



É unha mágoa que hoxe neste pleno vostedes perdesen a oportunidade de poñerse do lado do que pensan a maioría dos galegos e das galegas, que non queren asistir impasibles ante outra guerra criminal e inxusta. ¿Por que non o din, señorías do Partido Popular? ¿Tanto lles custa despegarse un pouco das directrices do Partido Popular de Madrid e defender o sentido común e a dignidade humana e dicir «non á guerra» e despegarse das políticas imperialistas de Trump? *(Aplausos.)* ¿Por que non o fan, señorías do Partido Popular? *(Aplausos.)*

¡Veu o Partido Popular falar de mentiras! A verdade é que teñen unha cara de cemento armado; en xeral, pero xa máis falando dun proxecto como Altri, que é unha mentira de principio a fin. A primeira mentira, efectivamente, foi que vostedes enganaron este Parlamento e o conxunto da sociedade galega. Si, si, si, si, cando... Agora as PNL do Partido Popular son *el acto de fe del Partido Popular, su tabla de salvación. (Aplausos.) (Interrupcións.) (Murmurios.)* Si, si, é que eu son do BNG, non sei se o saben. É que están tan desesperados que caen no ridículo, de verdade. É que ata dá un pouco de pena ver isto no Parlamento galego. Xa que os galegos e galegas nos pagan un salario, polo menos fagan ben o seu traballo, cun pouquiño de rigor, de verdade, que dá un pouco de pena velos así, moita. É que, cando non hai argumentos, hai que recorrer ao ridículo. En fin, é portavoz dun grupo parlamentario que está no Goberno. ¡Por favor! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, eu dese tampouco; eu son dese. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**ANA BELÉN PONTÓN MONDELO:** Si. ¿Podo seguir ou o deputado quere intervir tamén? Esta é a democracia do PP: sempre interrompendo, sempre interrompendo, sempre. *(Aplausos.)* Si, pero non nos van calar. Porque, miren, a primeira mentira é esa biofábrica que vostedes tiveron gardada debaixo da alfombra ata que pasaron as eleccións. Porque voulles dicir o que cambiou a nosa posición: coñecer o proxecto, que se gardaron moi ben de publicalo no DOG despois das eleccións, que é onde se destapou a súa gran mentira coa que enganaron este Parlamento e o conxunto da sociedade. *(Aplausos.)*

Eu acredito na democracia e nun funcionamento honesto e transparente das institucións. E, ¿sabe que pasa nas repúblicas bananeiras? Que se cambian os documentos e os informes a beneficio dalgúñas empresas que van destruír ese territorio, que é o que fixeron vostedes con Altri. E non é que o diga o BNG, é que o di unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. ¡Díllelo unha sentenza! Cambiaron a protección dunha zona, eliminaron a protección dunha zona que, casualmente, era onde quería instalarse esa bomba ambiental de Altri. Se non tiña importancia, ¿por que o cambiaron? E non nos contestou. Se non tiña importancia e iso foi un criterio técnico, ¿onde están eses informes? ¿Por que non os remiten ao Parlamento? ¿Leu a sentenza? ¿Leuna, vostede que é tan rigoroso? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostede xa tivo o seu turno, deixe falar, por favor. É que isto nisto consiste a democracia: en que non só fale o Partido Popular, tamén falamos no BNG, pero cústalles. *(Aplausos.)* Iso é o que fan na TVG, pero aquí non o poden facer. Tranquilícese.

E logo está a terceira cuestión sobre a que non falamos claro: os papeis segredos de Altri. Eu escoiteino e vostede parece que sabe cal é o contido. *(Pronúncianse palabras que non se perci-*



ben.) Si, si, porque dixó aquí que oxalá o poidan facer público para que se vexan as mentiras que nós dicimos. Entón, vostede sabe o contido tamén. Todos vostedes o coñecen, pero no Parlamento non llo envían á oposición. (Aplausos.)

Miren, o BNG claro que denunciou os papeis secretos de Altri, e vostedes o que dicían era que nós mentiamos, que non existía ningún pacto secreto. ¡Claro que existía! O único que coñecemos é que hai unha nota informativa que di algo que é moi importante. Unha das cousas que di esa nota informativa é que a celebración do acordo definitivo depende da verificación dun conxunto de condicións. ¿Cales son esas condicións? ¿Por que llas ocultan á cidadanía galega? ¿Por que non fan público ese memorando que o presidente da Xunta —ausente vergoñentamente hoxe neste Parlamento— dixó que coñecía? Vostede, polas súas declaracións, tamén parece que o coñece. ¡Que gran mentira! ¿Que teñen que ocultar?

Hoxe van volver votar «non» a unha comisión de investigación, e fano porque, señorías do Partido Popular, vostedes saben que Altri é unha gran mentira e unha trapallada de principio a fin coa que puxeron a Xunta ao servizo dunha empresa portuguesa para que instalase aquí a empresa que non querían en Portugal. Este país ten dereito a saber por que o fixeron e a oposición ten dereito a controlar o que fai o Goberno. ¿Como que non podemos controlar un proxecto que se tramitou administrativamente na Xunta? É que o nivel de argumentación de hoxe o único que delata e que o seu «non»...

**O PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**ANA BELEN PONTÓN MONDELO:** ...demostra que Altri é unha gran mentira e que vostedes teñen moito que ocultar. Pero chegaremos ao final, custe o que custe, para coñecer a verdade do que vostedes artellaron con Altri en contra do pobo galego.

Grazas. (Aplausos prolongados.)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

### ***Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación***

Procedemos á votación.

Pechen as portas, por favor

Votamos.

*Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación, por petición das vinte e cinco deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións e decisións da Xunta de Galicia en relación co proxecto de macrocelulosa de Altri na Ulloa.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra 37.*

*O resultado da votación é negativo.*



*En consecuencia, queda rexeitada esta solicitude.*

**O PRESIDENTE:** Rematou aquí este punto. Pasamos ao punto segundo, que é o de comparencias.

### **Comparencia da conselleira de Política Social e Igualdade, por petición propia, para informar sobre os avances en materia de igualdade en Galicia**

**O PRESIDENTE:** Ten a palabra a conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García Martínez.

**A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez):** Moitas grazas, presidente.

Deputadas e deputados, moi bos días.

Comparezo hoxe por petición propia nesta Cámara para informar sobre os avances acadados en materia de igualdade. E fágoo, como xa é habitual, arredor da xornada do 8 de marzo, o Día Internacional das Mulleres; unha data que non é un día máis marcado no calendario, senón que é un recordatorio do necesario compromiso permanente que temos que ter todos e todas coa igualdade real.

Neste 2026, a ONU escolleu como lema «Dereitos. Xustiza. Acción. Para todas as mulleres e nenas», poñendo deste xeito o foco na necesaria igualdade de dereitos entre homes e mulleres, pero tamén na necesidade de xustiza para que eses dereitos realmente se cumpran, se exerzan e se disfruten.

O certo é que as mulleres somos máis da metade da poboación mundial e tamén somos a metade do seu potencial e da súa riqueza. E iso en Galicia témolo moi claro. Hoxe somos 1,4 millóns de mulleres e nenas que supoñemos xa o 51,8 por cento da poboación galega. E sempre fomos —e debemos seguir sendo— unha terra comprometida coa igualdade; unha terra de talento feminino; unha terra de mulleres que sostiveron as familias, as comunidades, a economía, moitas veces moitas delas dende o anonimato, especialmente no medio rural e no mar; (*Aplausos.*) unha terra de mulleres que abriron camiño e que hoxe seguen sendo exemplo de esforzo, de talento e de compromiso, e unha terra de mulleres que agora son líderes en todos os sectores: no rural, na ciencia, na cultura ou na empresa, axudando, deste xeito, a transformar Galicia.

O certo é que temos avanzado moito, pero tamén sabemos que a igualdade plena aínda non é unha realidade. Sabemos que aínda quedan hoxe desigualdades no ámbito laboral, na corresponsabilidade, no acceso ás oportunidades e, de forma especialmente grave, na violencia que aínda sofren as mulleres polo feito de selo. Por iso, dende as institucións, temos a responsabilidade de actuar, porque a igualdade non é unha opción nin é unha declaración de intencións; é unha prioridade política e debe ser a base de todas as accións de goberno.



E neste camiño cara á igualdade de xénero é vital contar con referentes. Tamén temos a responsabilidade de ofrecerlles ás nenas e aos nenos referentes femininos en todos os ámbitos para que o talento feminino se expanda cada vez máis por todos os lugares. Porque sabemos que as referentes axudan a romper estereotipos que aínda perviven na nosa sociedade, axudan a ampliar horizontes e a abrir a mirada e axudan a sacar confianza para poder avanzar. A igualdade tamén se constrúe dende a visibilidade, xa que facer visibles as mulleres é construír futuro. A visibilidade ten como obxectivo incentivar o talento e o potencial, o denominado «efecto espello»; é dicir, que as nenas e os nenos teñan referentes femininos nos que mirarse e que lles demostren que elas tamén poden ser capaces de conseguir todo aquilo que se propoñan, lembrando deste xeito o que nos dicía a matemática María Wonenburguer: con traballo e esforzo, pódese conseguir o que unha quere.

Por iso, neste 8-M, a Xunta puxo en marcha a campaña «Máis referentes, máis presentes» para lanzar «Presentes», a plataforma dixital coa maior comunidade de mulleres profesionais de Galicia e tamén de España e que, precisamente, dá visibilidade ao talento e á experiencia das mulleres profesionais de Galicia. O que queremos é impulsar que a voz e a experiencia das mulleres estea sempre presente en congresos, en debates, en medios de comunicación e en todos os espazos onde se toman decisións, liderando, innovando e transformando en todos os sectores: a ciencia, a cultura, a educación, a economía, o rural e o turismo.

A plataforma nace nestes momentos con máis de dúas mil mulleres profesionais, todas elas en áreas de coñecemento que xa quixeron formar parte desta comunidade. Neste proceso, contamos co apoio de máis de cen entidades profesionais, institucións e asociacións de Galicia. Como dicía, é unha gran comunidade de mulleres profesionais, entre as que hai profesionais das catro provincias galegas con diversidade de traxectorias profesionais, máis recoñecidas ou menos recoñecidas, pero, o máis importante: todas xuntas. Hai mulleres de cidades, de vilas, de aldeas do rural; mulleres que residen fóra de Galicia, como en Nova York ou Arxentina; mulleres de todos os sectores: da ciencia, da economía, da cultura, do medio ambiente, da política, do deporte, da saúde, da artesanía ou da educación, entre outros, e tamén hai máis de cen referentes históricos, algunhas recoñecidas e visibles, e outras que o son menos, moitas veces froito dunha inxustiza que pretendemos reparar.

Poñemos, polo tanto, as bases dun proxecto transversal e tamén dun proxecto duradeiro co que dar visibilidade á experiencia de todas as mulleres profesionais de Galicia, (*Aplausos*.) e apoiamos, como non podería ser doutro xeito, o talento e o emprego feminino a través dun gran proxecto que busca ir a máis. «Presentes» non soamente é unha plataforma dixital, senón que é un proxecto de presente e de futuro, un proxecto que fomenta novas oportunidades laborais, de formación, de diálogo e de asesoramento entre as mulleres, contribuíndo a construír unha sociedade máis igualitaria. «Presentes» é unha ferramenta integral para transformar a cultura dos eventos, porque non se limita a facilitar a presenza das mulleres nos paneis, senón que o proxecto inclúe tamén ferramentas para organizar eventos dende unha perspectiva de xénero, como a guía práctica que orienta sobre como deseñar actos máis igualitarios antes, durante e tamén — como non — despois do evento. Porque o talento existe; soamente hai que velo, recoñecelo e poñelo en primeiro plano. (*Aplausos*.)



E neste punto non me quero hoxe esquecer de todas as mulleres profesionais que participaron activamente nesta campaña. Son profesionais galegas de diferentes sectores, como o audiovisual, coa produtora Emma Lustres; a industria da metalurxia e tamén o sector social, coa empresaria e presidenta dunha ONG María Montalvo; a arte e o deseño, coa artista Carlota Pereiro; o sector tecnolóxico e STEM, coa experta en intelixencia artificial Alba Ameijide; o sector primario, con María Saco, bombeira forestal, ou un sector tan estratéxico en Galicia como é o sector da automoción, con Ana Paúl, enxeñeira e directora de Innovación. Todas elas teñen algo en común: son referentes, referentes que as nenas e as mozas precisamos. Grazas, polo tanto, hoxe, dende aquí, a todas elas e a todas as que forman parte de «Pre-sentes». (*Aplausos.*)

Porque, señorías, a igualdade de xénero ten que estar na base de todo, ten que ser o piar sobre o que descansan todas as actuacións da Xunta de Galicia, pero tamén das distintas administracións. Precisamente por iso, a igualdade de xénero é unha das prioridades do Goberno galego. Está en todas as nosas políticas: na igualdade laboral e na económica, na participación e no liderado feminino, na educación en igualdade, na necesaria conciliación e na corresponsabilidade, e na loita contra a violencia de xénero. Pero, como dicía, non quero ser conformista, non podo ser conformista. Somos conscientes de que aínda quedan desigualdades, pero non temos o panorama que a oposición soe debuxar. Sen pecar de optimista, o certo é que nas últimas estatísticas vemos xa algúns datos positivos. Doulles algún deles:

En Galicia nunca houbo tantas mulleres traballando como agora, coas afiliacións á Seguridade Social en niveis históricos. O salario medio das mulleres encadea once anos de subida en Galicia. Galicia rexistra a menor brecha salarial de xénero de toda a serie histórica, sendo menor que a estatal. A taxa de paro feminina baixa mes a mes en Galicia. Somos unha das comunidades con máis mulleres directivas de España, con un 41 por cento de postos directivos ocupados por mulleres. E, no que se refire ao emprego autónomo, con datos do mes de febreiro de 2026, a nosa comunidade continúa a amosar un comportamento máis igualitario que a media de España: en Galicia, o 40,75 por cento son mulleres, fronte ao 37,11 por cento no resto de España.

Pero, sen dúbida ningunha, aínda quedan moitos retos pendentes que afrontar, que superar e que reducir. As mulleres aínda seguen cobrando menos nalgúns postos, seguen dedicando máis tempo ás tarefas domésticas e seguen batendo con moitos teitos de cristal. Para reducir esta fenda —que cada vez é menor, pero segue existindo—, dende a Xunta de Galicia levamos anos tomando medidas. Por iso dende Galicia fomos pioneiros en apoiar a redución de xornada, para que cada vez máis homes a solicitasen. Investimos máis de 150 millóns de euros ao ano en conciliación e en corresponsabilidade. Contamos con programas específicos para mellorar a inserción laboral e a empregabilidade das mulleres. Impulsamos o emprendemento feminino a través do programa Emega, con máis de 32 millóns de euros investidos nos últimos anos, apoiando máis de 2.400 proxectos e xerando máis de 4.000 empregos, e agora, coa ollada posta no rural, en sectores masculinizados e nos movementos vitais nos que as dificultades son maiores para as mulleres, por exemplo, máis alá dos 55 anos. Ofrecemos liñas de apoio ás empresas para favorecer a presenza de mulleres en sectores e en postos masculinizados: 1,2 millóns de euros no ano 2026. Fomentamos a responsabilidade social e empresarial no tecido produtivo galego, e estamos ultimando —como xa avancei



nesta mesma Cámara na anterior sesión plenaria— a primeira estratexia de emprego feminino en sectores masculinizados de Galicia e de España.

Este ano destinaremos 54 millóns de euros á igualdade de xénero; un orzamento co que seguiremos apostando pola investigación en materia de xénero en todas as ramas do coñecemento, como co pioneiro programa Galicia Investiga Igualdade, co que en 2025 outorgamos dez axudas para a contratación de persoal investigador nas tres universidades galegas, impulsando deste xeito investigacións en calquera área de coñecemento, pero sempre con perspectiva de xénero. *(Aplausos.)*

Con este orzamento, abordaremos tamén importantes follas de ruta que marcarán a planificación en materia de igualdade —de feito, o terceiro documento estratéxico de Galicia para a conciliación e a corresponsabilidade e o IV Programa galego de muller e ciencia— e seguiremos afondando na sensibilización sobre a igualdade de xénero, especialmente na poboación máis nova. Farémolo aumentando as actividades no ámbito educativo; consolidando espazos de igualdade e puntos lila e arco iris nos festivais de maior influencia; tamén reforzando os centros Quérote+, que o ano pasado chegaron a máis de 23.000 mozos mediante talleres de promoción da igualdade; apostando sempre polos centros de información á muller, que atenden 17.000 mulleres ao ano e que reforzamos recentemente con catro recursos móbiles para atender especialmente o rural e os campus universitarios, que —como saben— son dous ámbitos onde detectamos que é máis necesario apoiar; consolidando tamén o apoio aos concellos, ás ANPA e ás entidades de iniciativa social, e apoiando as entidades que traballan na atención a mulleres e persoas LGTBI en situación de especial vulnerabilidade. *(Aplausos.)*

Señorías, sabemos que a igualdade de xénero non é só unha cuestión de xustiza social, senón que tamén é imprescindible para o progreso de toda a sociedade galega, polo que apostar por políticas e prácticas que fomenten unha distribución equitativa das responsabilidades é investir directamente na igualdade real, no benestar das familias e no fortalecemento do noso tecido social. Conciliar nunca debe ser un luxo; é un dereito fundamental e un paso imprescindible para construír unha sociedade na que mulleres e homes poidan desenvolverse plenamente sen cargas desiguais nin roles impostos polo xénero.

Isto en Galicia sabémolo moi ben. Por iso somos o goberno que máis políticas de conciliación fixo na historia da Comunidade galega. Impulsamos a gratuidade da etapa educativa 0-3, investindo, neste mesmo ano 2026, 68 millóns de euros de fondos propios e chegando xa a 32.000 familias de Galicia; apostamos directamente polo rural, deseñando unha rede completa de casas niño —100— e de casas do maior—160 nestes momentos—; investimos na conciliación nos períodos non lectivos, con 15.000 familias que se benefician cada ano do bono Concilia, e blindamos a nosa aposta pola corresponsabilidade, destinando 7,4 millóns de euros ao Plan Corresponsables para que concellos, entidades sociais e ANPA poidan programar actividades de conciliación pese á redución do apoio por parte do Goberno de España. En resumo, impulsamos medidas que buscan aumentar o impacto na participación laboral de todas as mulleres e que axudan a crear unha contorna máis xusta e máis equilibrada, unha contorna libre de discriminacións de xénero, situando sempre Galicia como pioneira, impulsando medidas que logo outras comunidades autónomas a nivel nacional imitan. *(Aplausos.)*



En definitiva, señorías, sabemos que a igualdade de xénero non só beneficia as mulleres; fortalece toda a sociedade galega. Por iso, avanzamos e avanzaremos sempre nun feminismo inclusivo, fuxindo dos belicismos e das loitas políticas. Considero que, neste 8 de marzo, todos e cada un dos días do ano debemos renovar o noso compromiso: o compromiso por apostar por unha educación que nomee as mulleres; o compromiso por dispoñer de espazos onde as nenas se sintan cada vez máis capaces, e o compromiso cunha sociedade onde medrar sen límites non sexa unha excepción, senón que sexa sempre a norma, conseguindo, polo tanto, paso a paso, que as nenas galegas non medren preguntándose se poden; que medren sabendo que poden e construíndo dende o presente un futuro en igualdade con máis referentes e sempre estando máis presentes. *(Aplausos.)*

Máis nada e moitas grazas.

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas.

Empezamos coa rolda dos distintos grupos parlamentarios. Ten en primeiro lugar a palabra a representante do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a señora Castro.

**PALOMA CASTRO REY:** Grazas, presidenta.

Bo día, conselleira.

Vostede falaba de que eramos o 51 por cento da poboación galega as mulleres, e a verdade é que é unha pena que, sendo o 51 por cento as mulleres, aínda en dereitos non esteamos no 50 por cento e que tampouco esteamos no 50 por cento en oportunidades.

Iniciaba vostede tamén a súa intervención falando de referentes femininos, e eu coincido. Coincido en que é necesario para as nosas nenas, para as nosas mozas, ter referentes femininos —bueno, para os nenos tamén, para toda a sociedade é positivo—, pero non só referentes actuais, como se refería vostede. Creo que tamén é importante e necesaria a memoria histórica con perspectiva de xénero para que tamén as mulleres actuais e as nenas e nenos coñezan todas aquelas mulleres que loitaron pola liberdade e pola democracia e que foron perseguidas e represaliadas no noso territorio. *(Aplausos.)* Vostedes sempre se negan a iso.

En relación con todos os aspectos que tocaba na súa intervención, a ver se me dá tempo nestes minutos a intentar tocar todos os paus; intentareino. Quero empezar polos CIM.

Quero empezar polos CIM porque, ao final, representan o refuxio e a esperanza de milleiros de mulleres. Creáronse, ademais, con esa vocación, coa vocación de centralizar a atención, entendendo que unha muller dunha zona rural debería ter o mesmo acceso á protección e ao asesoramento que outra que vivía nunha contorna urbana. Constituíse así unha rede durante todos estes anos nas diferentes parroquias, nos pobos grandes, medianos e pequenos, pero non evolucionaron como deberían, e por iso nós pedimos insistentemente que se modifique ese decreto do ano 2016 que os regula.



¿E por que digo isto? Pois, primeiro, porque son unhas desas competencias impropias que os concellos, os pobres, asumen cunha responsabilidade exemplar. É admirable que os nosos alcaldes e alcaldesas, a miúdo con orzamentos asfixiados, prioricen e sosteñan ás veces servizos tan esenciais, que merecerían —para o noso entender— unha maior estabilidade institucional, con orzamentos fixos e propios, máis aló de convocatorias de subvencións para pagar o persoal. Porque, na nosa opinión, o que sería desexable é a existencia dunha rede pública autonómica robusta, estable e estrutural, sen precariedade, sen provisionalidade e sen pesar, como sucede tantas veces, sobre as costas das entidades locais e das propias traballadoras.

Os CIM deberían ser —e non son— espazos multidisciplinares formados por persoal como psicólogas, avogadas, traballadoras sociais, asistentes ou axentes de igualdade, pero, na actualidade, ao final, debido ao escaso orzamento, en múltiples ocasións están carentes de todo ese persoal que necesitarían, teñen unha sobrecarga brutal de traballo e reducen moitas veces ese traballo ao acompañamento en casos de violencia de xénero, que, sen dúbida, é esencial e salva vidas, pero o obxectivo destes centros debería ser moito máis amplo e a tarefa cotiá debería ir moito máis aló, porque, ao final, o CIM é a primeira porta á que chama unha muller que pide axuda. Polo tanto, dende alí, deberían deseñarse políticas de igualdade para fomentar a corresponsabilidade e tamén para tecer rede nos diferentes territorios.

Non podemos aceptar o que está a suceder. O que pasa evidencia unha mala xestión ano tras ano, porque non existe unha rede pública que dea cobertura a todo o territorio galego, e iso —como dicía— demostra unha falta de planificación e de vontade política que provoca desigualdades e desequilibrios en relación cos dereitos das mulleres dependendo do lugar onde vivan. Así o di un informe da Fegamp: o 27 por cento dos concellos de Galicia aínda non dispoñen dun CIM e a maioría destes concellos que non dispoñen deles, ademais, son concellos rurais, dispersos, mal comunicados e con poboación envellecida, o que é aínda peor, porque tamén carecen doutros recursos que poderían ser un apoio. Isto evidencia —como dicía— esa desigualdade estrutural.

Ademais, a isto temos que sumar outro dato importante, que é o de Fademur, da última enquisa de percepción sobre a violencia de xénero. Di que seis de cada dez mulleres entrevistadas no rural coñece directamente algún caso de violencia de xénero, pero que só no 45 por cento deles existe denuncia, que o 74 por cento das participantes considera que no rural non existe suficiente información sobre a violencia de xénero e que o 76,77 por cento di que non consideran que estean igual de protexidas que as mulleres das contornas urbanas. Polo tanto, isto evidencia a mala cobertura e as carencias que aínda persisten.

Vostedes anunciaron os CIM móbiles, que consisten, en definitiva, en furgóns rotulados que dan visibilidade á Xunta, pero que non cremos que resolvan ese problema estrutural do que eu lle falaba. Un proxecto serio contra a violencia machista, especialmente no rural, onde non existen outro tipo de CIM, cremos que non pode funcionar así, e voulle dicir porque creo que non pode funcionar así.

Aínda que poidan existir eses furgóns a maiores, non poden substituír unha rede estrutural de CIM, porque non se pode deseñar un plan para os concellos sen contar cos concellos nin



co Observatorio Galego de Violencia de Xénero; porque unha vítima non vai entrar nun furgón rotulado aparcado nunha praza pública dun concello rural, e porque a axuda eficaz se basea na confianza e na proximidade, e non na exhibición, e un recurso puntual non xera nin a confianza nin a proximidade que isto require. Polo tanto, non cremos que sexa unha medida efectiva, senón unha medida que podería ser, en todo caso, de apoio a esa rede que lle reclamo.

En segundo lugar, en relación co Plan galego contra a trata, do que vostede non falou, levamos máis dun ano de atraso dende que caducou o plan anterior. O outro día levamos á Comisión, ao director xeral, a pregunta de que estaba a pasar con este plan, e díxonos que no mes de abril se ía presentar. Nós insistimos novamente a vostede, conselleira, como lle dixen o outro día ao director xeral, que teñan en conta nesta ocasión —como non fixeron a outra vez— as suxestións das asociacións da Rede galega contra a trata, porque son as que están a pé de rúa e saben perfectamente as necesidades destas mulleres.

Tamén lle pediamos ao director xeral que habilitase unha fórmula para que as vítimas de trata puidesen acceder ás axudas da orde do 10 de decembro do 2025, desa prestación periódica para mulleres vítimas de violencia, porque, no caso de mulleres estranxeiras, esta norma, esta orde, pon a condición de que teñen que ter residencia legal en España, e todos sabemos que a inmensa maioría das mulleres vítimas de trata están nunha situación administrativa irregular. Esta circunstancia, ademais, non é allea ao fenómeno das mafias da prostitución e da trata, senón que é unha consecuencia directa delas, porque se aproveitan desta vulnerabilidade de non ter papeis, da falta de alternativas e do medo á deportación. Polo tanto, este último requisito cremos que ten que ser revisado, porque, se non, quedan fóra destas axudas o 90 por cento das mulleres vítimas de trata: unha de cada catro, segundo a asociación Médicos del Mundo.

E pediámoslle ao director xeral que habilitase outro tipo de vinculación. Nós sabemos que se ten que acreditar a residencia en Galicia e a vinculación ao territorio, pero cremos que se podería acreditar doutra forma que non fose o permiso de residencia; cunha certificación, por exemplo, dunha asociación acreditada da Rede de trata, con suficiente solvencia, que acredite que esa muller reside en Galicia. Porque, se non, ao final, estas mulleres viven unha pescadilla que se morde a cola: non poden acceder a axudas, están fóra do sistema e, polo tanto, non pode saír do sistema prostitucional. Pero, como hoxe sabemos que isto é complicado a nivel legal e a nivel xurídico, o que queremos é que, namentres non se soluciona, si incrementen vostedes as subvencións dirixidas ás asociacións da Rede galega, porque elas neste momento están a suplir esa imposibilidade de acceder ás axudas. Polo tanto, necesitan máis subvención para programas específicos de axudas ás mulleres prostituídas nos que se planifique un itinerario transversal para elas, unha axuda periódica para a súa atención e integración sociolaboral.

Vostede falaba das mulleres referentes en Galicia, e o outro día dábanlle o Premio Empresarias de Galicia a unha amiga miña que, ademais de ter unha gran empresa froito do seu traballo, realiza un labor esencial, que é a formación e a dotación de emprego a mulleres que rescata da trata coa asociación APRAMP. Iso é un gran valor e iso ten que cubri-lo tamén a Administración; non podemos delegalo unicamente ao terceiro sector. E iso faise mediante



subvención e mediante as axudas ás empresas e ás asociacións que están no terreo e que axudan estas mulleres.

E, finalmente, contra a prostitución e contra a trata, necesitamos sensibilización social, porque non podemos vivir de costas á explotación sexual das mulleres. Temos que mudar a percepción sexual e social sobre a prostitución para transformar a aceptación que existe nun rexeitamento colectivo da sociedade. É increíble como a sociedade avanza en moitos aspectos e neste leva moitos anos estancada.

Gustárame tocar moitos outros aspectos nesta primeira quenda, pero, ao final, quedáronme moitísimos atrás e deixarei algún para a segunda. Quero falarlle tamén nestes poucos segundos que me quedan do apoio ás mulleres rurais e do mar, porque vostedes en moitas ocasións sacan peito pero, ao final, na práctica: dous anos sen o Estatuto, modificación da Lei de acompañamento da súa representación, e —o que é aínda peor—, temos en Galicia unha asociación formada por mulleres do mar, formada unicamente por mulleres, cos cargos directivos que son mulleres, e nin sequera as reciben dende a Consellería. Dende a Consellería do Mar, refírome, pero, como son vostedes un único Goberno, podería vostede darlle o toque a súa compañeira.

Necesitamos, ademais, un plan específico e pediámolo o outro día. Este ano son as eleccións das confrarías, e pediamos un plan específico para que se fomentase a participación das mulleres como candidatas nos procesos electorais que se van desenvolver neste ano 2026, con listas cremalleiras e mecanismos correctores —porque cremos que a inercia do sistema perpetúa esta exclusión que existe agora—, e con acompañamento ás candidaturas, porque son redes informais masculinizadas que, ao final, condicionan o acceso das mulleres aos cargos e, así, só forman parte neste momento o 15 por cento das mulleres no Consello de Pesca, por exemplo, e a maioría dos patróns maiores son homes tamén. Polo tanto, necesitamos que isto se reverta, e temos unha oportunidade neste ano, que son as eleccións ás confrarías e ás federacións do mar. Pero unha compañeira súa do Grupo Parlamentario Popular dixo que non é necesario, que non son necesarias cotas, que non son necesarias listas cremalleira, que o sistema se regula só. Pois xa vemos os datos tendo en conta que o sistema se regula só.

Falaba vostede tamén da rede de acompañamento a mulleres. E nós cremos que é esencial unha rede de acompañamento a mulleres que sofren violencia machista para que poidan estar protexidas en casos extremos en que teñan que abandonar os seus domicilios e os seus territorios. E preguntolle dende aquí: ¿que pasa...

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Ten que ir rematando, por favor.

**PALOMA CASTRO REY:** ...con esa vivenda para mulleres —si, xa remato— que, ademais, sofren outras problemáticas engadidas? Esa que se ía instalar no Porriño, que foi un fracaso —unicamente tres anuncios en rolda de prensa de Rueda e nada máis— e que vostede prometeu que ía trasladar a Santiago. ¿Que pasa con esa vivenda?

E tamén quería preguntarlle —e xa remato— que pasa coa vivenda para vítimas de violencia de Pontevedra, que leva dous anos parada e non sabemos de quen é a culpa, porque cada un



se bota a culpa dende unha administración á outra, e ao final non hai vivenda en Pontevedra para mulleres vítimas de violencia de xénero tampouco.

Nada máis polo de agora. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Grazas.

Antes de darlle a palabra á representante do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, á señora Presas, doulles a benvida aos alumnos e alumnas de quinto e sexto de Primaria do CEIP Milladoiro, de Malpica de Bergantiños. Benvidos ao Parlamento de Galicia.

**NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS:** Bo día.

Nun mundo en guerra, a igualdade non é posible. Por iso, hoxe as feministas denunciámos a hipocrisía de quen, ao mesmo tempo que asasina mulleres e nenas, di que o fai en nome dos dereitos das mulleres. (*Aplausos.*) Denunciámos alto e claro as consecuencias devastadoras dunha guerra que só ten unha razón, que só ten unha motivación, que é a avaricia imperialista dos Estados Unidos. (*Aplausos.*) Non no noso nome; guerras, nunca máis.

O feminismo non é a *performance* domesticada que lles gustaría a algunhas que fose. Por iso, este domingo as mobilizacións feministas do noso país —que hai que dicir que foron moitas e moi secundadas— levaban a demanda do pacifismo entre as súas reivindicacións, como sempre fixo o feminismo galego ao longo da historia, precisamente porque o 8-M é un día de loita; non é unha efeméride cosmética —ou non debería selo— para as institucións. É un día de loita, e vostede, señora conselleira, debería tomar nota, porque leva dous anos de lexislatura —dous anos no cargo, pero bastantes máis sentada no Consello da Xunta—, e —diciallo no pleno pasado e volvo insistir— as mulleres deste país necesitamos algo máis que propaganda e anuncios do seu goberno.

Hai quince días veu aquí ser interpelada, e basicamente repetiunos o anuncio do 8-M do ano pasado: un plan de emprego para os ámbitos masculinizados. Veu a este pleno despois do 8-M repetirnos o mesmo anuncio reseso e dicirnos que seguen traballando niso. Pregúntome se, de aquí a 2027, serán capaces en tres anos de sacar ese plan. (*Aplausos.*) Espero que, polo menos, teña medidas e orzamentos, non como os anteriores. (*Aplausos.*) Porque que teña vostede tempo ilimitado e que o único que veña aquí ofrecer sexa outra vez ese anuncio e falarnos da campaña institucional deste ano do Goberno galego, a verdade é que deixa o nivel bastante polo chan. Ás alturas de 2026, cos problemas de igualdade que hai no ámbito económico e noutros ámbitos para as mulleres galegas, a gran proposta do Partido Popular é sacar unha campaña en Pantone azul Partido Popular —non vaia ser que non aproveiten as campañas institucionais para as súas propias siglas— é un repositorio de mulleres talentosas do noso país. Efectivamente, hai moitas mulleres talentosas do noso país e está moi ben difundir as súas identidades, pero, a verdade, para un Goberno que ten capacidade lexislativa, que ten capacidade de orzar e que ten capacidade de facer máis políticas, é realmente algo bastante reducido.

E sabe vostede basicamente o que está presente neste 8-M. O que está presente neste 8-M basicamente é a incompetencia do Goberno do Partido Popular. Vén vostede falarnos aquí



de que sacan unha guía con esta campaña. Home, sacan unha guía despois de aprobar unha reforma da Lei de igualdade na que non incluían medidas para obrigar a máis persoas mulleres nos comités de dirección, (*Aplausos.*) despois de nin sequera o Consello da Xunta cumprir a paridade. (*Aplausos.*) ¡Manda truco, señora conselleira! (*Aplausos.*) En fin. (*Aplausos.*) Xa por non falar das emendas que tivo que facer na presentación da campaña, porque tamén ao longo da campaña sacaron unha imaxe en branco e negro coa que moitas mulleres se ofenderon porque recordaba ao franquismo. En fin, claramente nin unha soa campaña do Partido Popular na que non teñan que retirar algo, porque a súa incompetencia chega a ese punto. Realmente, o que se ve é que son vostedes un obstáculo á igualdade.

Pero, mire, este domingo foi o 8 de marzo. Hoxe é 10 de marzo, tamén Día da Loita da Clase Obreira no que recordamos a Amador e a Daniel e na que recordamos tamén as revoltas das mulleres de Narón de 1918, que anticiparon, con moito, a loita feminista ao longo do mundo.

E, mire, eu preguntome se vostede é consciente de cal é a situación no ámbito socioeconómico das mulleres galegas, porque veu aquí dar catro datos conformistas, como se non fose vostede a conselleira de Igualdade nun país no que as mulleres temos hoxe a fenda salarial máis alta en termos absolutos de toda a serie histórica, 4.706 euros. Preguntome se vostede é consciente, señora conselleira, de que as traballadoras galegas seguen ocupando maioritariamente traballos a tempo parcial; se é consciente de que temos máis temporalidade e máis parcialidade que no Estado; se é consciente de que a pensión media da muller galega é máis baixa que a do home, tamén en termos de comparación co Estado; se é consciente que a taxa de risco de pobreza feminina é maior que a dos homes en todos os tramos de idade, de que máis do 80 por cento das excedencias que se collen para coidar de nenos ou de maiores son ocupadas por mulleres etcétera. Porque non sei que é peor: que non sexa consciente ou que non faga nada para mudar esa realidade. E eu realmente estou convencida de que non é ignorancia o do Goberno do Partido Popular; que é consciente, que é unha folga de brazos caídos consciente, e que, polo tanto, son vostedes un obstáculo á igualdade.

E iso demóstrano os dous anos de lexislatura, nos que o balance basicamente é: promesas, promesas, promesas; cargarse a secretaria xeral de Igualdade; cando unha muller denuncia un agresor machista, poñerse do lado do machismo e non do lado das mulleres; privatizar os centros de crise 24 horas, e privatizar os CIM móbiles. Falou vostede —cun bonito aplauso do seu grupo— da situación das mulleres do rural e do mar. ¿Sabem que necesitan as mulleres do rural e do mar? Servizos públicos e CIM de proximidade, e non unha furgoneta cutre que pase de cando en cando polo seu concello. Iso é o que precisan, señora conselleira.

E, desde logo, se hai un ámbito que chama a atención da súa incapacidade de acción é o ámbito económico e laboral. ¿Reclaman vostedes, por exemplo, neste 8-M máis capacidade de inspección, máis recursos para iso? Non. ¿Trae vostede algunha medida, por exemplo, para implantar auditorías retributivas nas subcontratas que dependen da súa consellaría e que empregan milleiros de mulleres neste país en residencias, en centros de menores ou en ámbitos dos coidados? Non, nin unha soa proposta nese sentido. E iso é así porque singularmente a súa consellaría, xunto coa de Sanidade, son exemplos de precariedade das mulleres neste país e parte do problema.



Tampouco no ámbito económico e laboral fixo vostede ningunha proposta para aumentar o seguimento e a fiscalización do cumprimento da lei. Non en balde, votaron en contra de crear unha valedoría de igualdade, como propuxo o BNG. Claro que estamos vendo esta semana tamén que ao Partido Popular non lle gusta a figura de valedores e valedoras do pobo; só lle gusta crear organismos que aplaudan as súas políticas. Cando non é así, as demais e os demais son sospeitosos de desconfiar deles. ¿Sabe o que é iso, señora conselleira? Censura. Censura do pluralismo político deste país e tamén censura dos dereitos das mulleres. *(Aplausos.)* E así con todo. *(Aplausos.)*

E, mire, precisamente agora que nos acompañan nenos e nenas do ensino deste país, é evidente que para a igualdade o ensino é estratéxico. Tamén nese ámbito, ¿que fixeron vostedes? Suprimir a materia de Igualdade. Non hai un plan educativo de educación sexo-afectiva no noso país con seguimento, calendario e orzamento. Todo depende da voluntariedade deses profesores e profesoras que nos acompañan. ¡É que non cumpren coa Igualdade nin sequera co corpo docente! Mire, aí creo que nos acompañan algunha profesora. Eu son profesora, e, cando volva ao meu posto de traballo, a xente ten que saber que, hoxe, sendo máis do 70 por cento, non temos plan de igualdade e protocolo antiacoso, porque o seu Goberno incumpre a lei, porque tiña que estar feito no 2025 e non está feito.

Así é o Goberno do Partido Popular; un Goberno do Partido Popular que desprotexe as mulleres nos seus postos de traballo, como teñen desprotexido o ámbito do SAF. Co que pasou neste país, que tivemos que ver o asasinato dunha traballadora do SAF, ¿que fai o seu goberno? Non mellora o financiamento do SAF adecuadamente cun pacto co Partido Socialista que é unha vergonza no ámbito económico, non hai medidas reais para previr a violencia no ámbito do SAF. Non trouxo aquí unha soa mellora para o financiamento dos concellos, nin deste ámbito nin de ámbitos tan importantes como o dos CIM ou como o ámbito de aumentar realmente as prazas públicas para as escolas infantís.

Do que si tiveron tempo nestes días e nestas semanas —e vostede singularmente— foi de darlles leccións aos demais. Escoitamos o Partido Popular que, se nalgo é especialista, é en darlles leccións de feminismo aos demais. Eu escoitei o outro día na radio que falaba vostede de feminismo efectivo; o Partido Popular agora fala de feminismo efectivo. Eu preguntolle se é feminismo efectivo recortar neste orzamento, como fixeron vostedes, un millón de euros en materia de violencia machista. ¿É iso feminismo efectivo? ¿Feminismo efectivo é ter un plan de benestar laboral, conciliación e corresponsabilidade caducado e non ter previsto cando vai aprobar nin con que orzamento o novo? ¿É iso feminismo efectivo? ¿É feminismo efectivo levar dous anos para aprobar o novo Plan contra a trata, prometernos que ía ser en agosto e que agora sexa en abril? ¿Iso é feminismo efectivo? ¿É feminismo efectivo non ter vixente o novo plan Muller e Ciencia? ¿Iso é feminismo efectivo? Non, señora conselleira; iso o que é é ser cómplices do machismo e non facer o seu traballo. *(Aplausos.)*

E espero que lle agradeza ao BNG que mencionase eses plans, porque o outro día a interpe-lamos sobre o seu incumprimento. Se non, seguramente nin lle acordarían ao Partido Po-pular, porque para vostedes son papel mollado. E por iso tivemos hoxe unha iniciativa baleira: baleira de iniciativa política, baleira de propostas en firme, con repeticións de anun-cios do pasado e sen un só compromiso para avanzar en materia de igualdade. Señora con-



selleira, espero que na súa seguinte quenda, á diferenza do habitual —que é ir engadindo difamacións cara á oposición—, en lugar de facer un novo exercicio de covardía, faga un exercicio de rectificación e poña enriba da mesa propostas para que as mulleres deste país avancen. Porque avanzamos malia que son un obstáculo, pero máis avanzaríamos se o Goberno do Partido Popular se puxese dunha vez por todas do lado das mulleres deste país e do lado das reivindicacións do feminismo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas.

Quenda da representante do Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra a señora Arias.

**RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ:** Grazas, presidenta.

«España envía una fragata a Chipre junto al portaviones francés». «Non» á guerra. (*Aplausos.*)

Benvida, conselleira, a unha sesión máis a este Parlamento. Benvidos a todos os alumnos que hoxe nos están escoitando.

Señorías do Bloque Nacionalista Galego, do Partido Socialista, compañeiros do Grupo Popular, síntome hoxe moi agradecida de ter a oportunidade de estar aquí na tribuna, no contorno do 8-M, para falar das medidas lexislativas, económicas e programáticas que o meu partido, o Partido Popular, leva a cabo en Galicia a prol da igualdade real entre homes e mulleres, entre galegas e galegos. Como escoitabamos a conselleira, somos líderes e sentímonos orgullosos do conseguido, pero tamén sabemos que aínda temos eivas e seguimos traballando para superalas.

Conselleira, como muller, eu síntome moi orgullosa de que aos 32 anos, cando non tiña experiencia política e nin sequera era afiliada a ningún partido, desde o Partido Popular se me dese a oportunidade de liderar unha candidatura para ser a alcaldesa do meu pobo, de Sober, un pobo do rural, un pobo envellecido e un pobo que nese momento non tiña na súa corporación nin unha soa muller. (*Aplausos.*) Síntome moi orgullosa de pertencer a un partido que ten o maior número de alcaldesas mulleres en Galicia, trinta e unha, tantas como as do Bloque e do Partido Socialista xuntos, e que serán máis aínda logo das eleccións do ano que vén. Orgullosa de que a primeira presidenta do Congreso fose unha muller do Partido Popular, Luisa Fernanda Rudí, no ano 2000, e que houbese que esperar ata o 2016 para que outra muller, tamén do PP, volveuse ser presidenta do Congreso, neste caso a galega Ana Pastor. Síntome orgullosa de que a primeira e única muller presidenta do Senado fose tamén unha muller do Partido Popular, Esperanza Aguirre. E síntome orgullosísima de que a primeira muller española que formou parte da Comisión Europea, e, ademais, como vicepresidenta, fose outra muller do Partido Popular, Loyola de Palacio. (*Aplausos.*)

¿Como non imos estar orgullosas as mulleres do Partido Popular —orgullosísimas estamos, orgullosísimas— de pertencer a un partido que desde Galicia lidera as políticas de igualdade a nivel estatal? Somos pioneiros, xa desde o ano 1991, sendo, con Fraga na Xunta de Galicia,



a primeira comunidade que tiña un organismo específico para a muller, e tamén das primeiras comunidades que no ano 2004 tivemos unha lei propia de igualdade.

E seguimos sendo pioneiros. Galicia ten unha das leis máis avanzadas en igualdade, aprobada no ano 2023, iso si, sen os votos do Partido Socialista nin do Bloque Nacionalista Galego. E a Xunta traerá a este Parlamento, proximamente, a Lei de violencia dixital, a primeira de España; señorías da oposición, estamos esperando, esperaremos as súas aportacións e traballaremos para que se poida aprobar por unanimidade.

Somos líderes, somos referentes e estamos presentes. En Galicia nunca houbo tantas mulleres traballando. O salario medio das mulleres encadea once anos de subida. A taxa do paro está 2,5 puntos por debaixo da media estatal. Galicia rexistra a menor brecha salarial de xénero de toda a serie histórica desde o ano 1999 e é un punto menor que a estatal. Por primeira vez, obsérvase unha redución da fenda de xénero en pobreza e cada vez máis mulleres elixen carreiras profesionais máis técnicas. E sabemos que temos que seguir traballando, que hai moito por conseguir aínda.

Pero, señora Castro, vostede vén aquí pedirnos o segundo plan de trata, que xa imos traer, cando o seu Goberno, do Partido Socialista, leva anos incumprindo a promesa de ter unha lei de trata. (*Aplausos.*) ¿Para cando esa lei de trata?

Señorías, digámolo dunha vez, alto e claro, sen complexos: as pancartas da esquerda liderando as políticas de igualdade son só iso: pancartas, falacias e pura hipocrisía (*Aplausos.*). E non o dicimos desde o Partido Popular, que tamén, senón que o acaba de dicir a semana pasada Comisións Obreiras en Lugo, referíndose a un concello que leva vinte e sete anos gobernado polo Partido Socialista e polo Bloque Nacionalista Galego, máis de oito cunha muller á fronte e que aínda non ten un plan de igualdade. E miren, señorías, están sancionados, ademais, nese concello por non cumprir a normativa laboral das persoas que traballan coas mulleres vítimas. Esa é a política de pancarta do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista.

Esa política de pancarta, esa contradición permanente entre o que din do feminismo e o que fan, a súa confrontación, esa falta de exemplaridade, inflúe moito, moitísimo, en que desde o ano 2019 o apoio ao feminismo entre os mozos descendera en 13 puntos, pasando do 54 por cento ao 41 por cento.

Señores do Bloque Nacionalista Galego, señores do PSOE, non teñen que ir buscar culpables fóra; teñen que mirarse a vostedes mesmos. Non é que os mozos españois non sexan maioritariamente feministas, non é que a sociedade non sexa maioritariamente feminista, o que pasa é que lles están fallando referentes da esquerda. Pero é lóxico. Pensen vostedes como se pode sentir unha moza, un mozo, de Monforte, que ve como o seu alcalde ten unha querela do fiscal por presunto delito de acoso sexual e de abuso no exercicio da función pública e segue de alcalde, e segue alcalde cos votos do Partido Socialista. (*Aplausos.*) Ese señor presentouse o 8-M liderando as manifestacións a favor da igualdade. Pero ¿como poden sentirse as mulleres e os homes de Monforte con semellante desvergonza? ¿Que credibilidade pode ter o señor Besteiro, que primeiro dixo que as denuncias ao señor Tomé eran un bulo e logo dixo que xa o sabía desde había tempo? ¿Que credibi-



lidade pode ter o señor Besteiro, a súa número dous, mesmo a señora Castro, se a cabeza de lista agora en Monforte, que é socialista e que cobra o mesmo soldo que o alcalde, o día do 8-M púxose ao seu lado e fixo declaracións á TVG —esa que a vostedes lles gusta tanto— dicindo que apoiaba totalmente o señor Tomé? ¿Estes son os seus referentes? ¿De verdade vostedes cren que ese é o feminismo que pode convencer os mozos de que o feminismo é bo? (*Aplausos.*)

Miren, ¿que referente de igualdade é a señora Carmela López, presidenta da Deputación, que para ser presidenta colleu o voto dun presunto acosador sexual a quen o PSOE xa nin sequera lle puxo «presunto»? ¿Que referente pode ser? ¿Que referente pode ser esa señora que, mentres di que está en Burela sementando sementes pola igualdade, logo resulta que onte tivemos que pasar a vergonza as mulleres de ver o señor Tomé sentado na silla reservada para a deputación na presentación da Volta Ciclista feminina? (*Aplausos.*) Pero, ¡por favor!, ¿de verdade podemos seguir soportando tanto desprezo ao feminismo? Alguén lle terá que dicir á señora presidenta da deputación que sementar igualdade non é poñer plantiñas nos xardíns; sementar igualdade é non querer o voto dun acosador e non branquear a actitude dun presunto acosador. Iso é sementar igualdade. (*Aplausos.*)

Pero miren, o que lle importan ao PSOE e o que lle importan ao Bloque as cuestións de igualdade vémolos hoxe aquí; non está nin o señor Besteiro nin a señora Pontón.

Por certo, señora Pontón, gran referente en igualdade está feita, si señor, permitindo que na Deputación de Lugo a dignidade das mulleres se vendera por 500.000 euros, uns despachos e uns coches oficiais. Esa é a dignidade das mulleres para a señora Pontón e para o Bloque Nacionalista Galego. A mesma lideresa que, mentres fai iso, se sente ofendida con declaracións de, ¡por Deus, por Deus!, *ningún maltratador, ningún maltratador en las instituciones*, pero que non foi capaz de denunciar as acusacións machistas que tiveron sobre a nosa secretaria xeral ou sobre a nosa conselleira. (*Aplausos.*) ¿Que referente pode ser a señora Pontón para as mozas galegas?

Non, señorías, os mozos maioritariamente cren no feminismo; o que pasa é que non cren nesa esquerda que converteu o feminismo nun feminismo de pacotilla con fins partidistas e como arma unicamente de confrontación.

¿Onde estaba a señora Presas cando aquí quixemos traer unha declaración institucional condenando o asasinato de mulleres en Irán e dixo que non? As mulleres, señora Presas, teñen en Galicia o apoio da valedora. Claro que xa o teñen, non fai falta unha nova valedoría. O que é preciso é o consenso para elixir todos os seus membros e non as imposicións que pretende o Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*)

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Ten que ir rematando, señora Arias.

**RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ:** Piden melloras para o SAF desde o Bloque Nacionalista Galego, pero rexeitan o incremento do 50 por cento que dá, a maiores, a Xunta para o SAF, e rexéitano unicamente por sectarismo, porque o seu é a confrontación.



Remato xa, presidenta, simplemente agradecendo á conselleira a súa intervención, dándolle parabéns pola plataforma Presentes, porque, efectivamente, as mozas, os mozos galegos necesitan referentes en igualdade, referentes reais de mulleres que acompañan o seu discurso cos seus feitos, de políticas acompañadas de orzamento e que melloran o día a día das mulleres, que liman as brechas de xénero, políticas que buscan a unión de toda a sociedade e non a confrontación duns contra outros.

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas, señora Arias.

**RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ:** Grazas polas políticas de igualdade da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas.

Rolda de réplica para a señora conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García.

**A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez):** Moitas grazas, presidenta.

Moitas grazas, señora Castro, sinceramente, polo ton da súa intervención e tamén polo espírito construtivo.

Mire, para aclararlle algunha cousa que vostede comentou hoxe na tribuna. Nesta plataforma Presentes eu convídoa a que afonde máis neste proxecto, que, como ben sabe, nos levou moitísimo tempo, moitas semanas, incluso meses, poñer en marcha. Nesta plataforma Presentes, ademais das referentes actuais, contamos cunha sección dedicada a referentes históricos que ten un claro afán reparatorio, xa que no seu momento, como vostede dicía, non tiveron o recoñecemento que merecen. Mire, dígolle algún dos nomes que están na plataforma, como Ángela Ruiz Robles, Ángeles Alvariño, Coralía e Maruxa Fandiño —coñecidas como as Marías—, Manuela Barreiro, Irene González ou Maruxa Mallo.

Mire, falaba vostede tamén dos centros de información á muller. Eu comparto con vostede que son servizos fundamentais para Galicia, que son servizos moi necesarios, pero sobre todo que prestan unha atención moi sensible e moi delicada, imprescindible, para moitísimas mulleres da nosa comunidade en distintos concellos. Pero, sobre todo, como ben sabe tamén, na última convocatoria a Xunta de Galicia incrementou os fondos destinados a todos os centros de información á muller para continuar programando distintas actividades, incrementando tamén o número de mulleres que atenden, ao mesmo tempo que se incrementou o financiamento para os gastos de persoal. E tamén coa posta en marcha deses catro CIM móbiles, o que, por suposto, significa seguir avanzando en Galicia e seguir poñendo os recursos á disposición de todas as mulleres, principalmente no rural, onde antes non había estes centros de información á muller, que teñan a oportunidade e que contén co asesoramento que necesitan nos distintos concellos galegos e tamén nos campus universitarios, onde é necesario dar esa información a toda a xente moza. Para a señora Presas, os catro CIM móbiles son recursos cutres que non valen para nada, pero ben que lle gustou ao alcalde de Toques, cando foi o CIM móbil ao seu concello, *(Aplausos.)* señora Presas; ben que lle gustou ao alcalde e tamén as intervencións que fixo no seu concello, do Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*



Mire, señora Castro, falábame vostede tamén das casas que estamos a poñer en marcha no concello de Santiago de Compostela; esa casa que é pioneira e que vai ser única, non soamente en Galicia, senón tamén a nivel nacional, para mulleres que sofren algún tipo de abuso sexual. Dende logo, estamos nestes momentos procedendo á reforma dese inmovible e, neste mesmo ano 2026, xa estará en funcionamento esa casa destinada ás mulleres que sofren algún tipo de adicción. Con respecto á casa de Pontevedra, eu penso que lle pode dar máis información o alcalde Lores porque el mesmo non quixo que a Xunta de Galicia abrise ese recurso no concello de Pontevedra, ¡señoras feministas do Bloque Nacionalista Galego! (*Aplausos.*)

Señora Castro e señora Presas, vostedes preguntábanme por ese Plan galego contra a trata. Dende logo, vostedes preguntan á Xunta de Galicia como vai ese Plan galego contra a trata, pero non demandan ao Goberno de España o cumprimento da lei e que elabore esa lei, que é necesaria. Co Executivo central, vostedes —como sempre— están moi caladiños, pois o Goberno de España segue sen sacar adiante a Lei de trata que prometeu hai máis dun ano e da cal non hai absolutamente ningún avance nin ningunha información ás distintas comunidades autónomas. Unha lei, por certo, que permitiría ofrecer unha mellor atención; unha atención máis coordinada, pero, sobre todo, unha resposta áxil das distintas administracións, que é o que necesitan todas esas mulleres: unha resposta áxil das distintas administracións. Pero o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, con Pedro Sánchez, sempre están chitón.

Como dicía: a Xunta de Galicia, o Goberno galego, está elaborando este II Plan galego contra a explotación sexual e a trata, pero, ademais, estou facendo da man cos distintos membros da Rede Galega de Entidades contra a Trata e, ademais, vai contar cun 35 por cento máis de orzamento. Dende logo, as vítimas de trata están amparadas na Lei galega de violencia de xénero, que lles ofrece a mesma protección e as mesmas garantías de maneira que contan, señoras deputadas, con todos os recursos específicos destinados á súa protección integral.

Lamento sinceramente o ton crispado e o ton combativo do Bloque Nacionalista Galego, da señora Presas; lamento que o Bloque Nacionalista Galego, unha vez máis, —e xa non me estraña— utilice o 8 de marzo como unha loita ou unha competición entre partidos políticos para ver quen é máis feminista. (*Aplausos.*) Sobre todo, vostedes utilizan o 8 de marzo para lanzar ataques que nada teñen que ver nestes momentos coa defensa da igualdade de xénero.

Mire, eu quero lembrar —e creo que nunca está demais— que o feminismo, señoras deputadas do Bloque Nacionalista Galego, non é propiedade de ninguén; non é propiedade de ningún partido político porque isto non vai de bandos...; isto non vai de partidos políticos...; isto non é unha guerra..., senón que isto debe ser todo o contrario: isto debe ser consenso, debe ser apertura e debe ser inclusión de todas e de todos. En resumo, isto non ten nada que ver co que vostedes queren pintar.

Mire, señorías do Bloque Nacionalista Galego, eu non sei o que non lles gusta e o que lles molesta da nova campaña da Xunta de Galicia, polo 8 de marzo, que lanzou a plataforma Presentes na cal estamos todas as mulleres que traballamos en Galicia e que queremos ser referentes para as xeracións máis novas. Miren, déixenme que lles diga unha cousa: o que



non son referentes son eses carteis machistas da CIG, que ninguén do Bloque Nacionalista Galego se atreveu a condenar en ningún momento, senón que aínda, no día de hoxe, seguen todos caladiños mirando cara abaixo; (*Aplausos.*)(*Murmurios.*) o que non son referentes son os ataques á sede do Partido Popular, onde traballan moitísimas mulleres, e porque o 25 de novembro traballan tamén moitos xornalistas a pé de rúa... —iso si que non é referente—; non é referente a lei do só si é si, que permitiu a excarceración de centos e centos de delinquentes en España; non é referente a solicitude dunha «bomba na cona» por parte dun cargo do Bloque Nacionalista Galego (*Murmurios.*) a unha deputada do Partido Popular de Galicia; (*Aplausos.*)— ¡¡sii, claro que sii, sii!!— non son referentes os ataques do portavoz de Porto do Son a unha compañeira do Bloque Nacionalista Galego, que contou co silencio cómplice do aparato do partido; non son referentes no caso Tomé, que xa está na Fiscalía, por acoso sexual, pero continúa contando co apoio do Partido Socialista e coa complicidade do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas; non son referentes as amigas Jéssica, Andrea ou Anaís, de Ábalos e Koldo; non son referentes os casos de abuso da Policía Nacional nin o impropio paternalismo do ministro Marlaska, chamando «niña» e «inmadura» á portavoz do Partido Popular no Senado; nin é referente a inclusión nas listas electorais do Bloque Nacionalista Galego dunha persoa condenada por abuso sexual a unha menor. Non son referentes, non o son. (*Aplausos.*)

Miren, señores e señoras deputados —como ben saben e como ben acaban de escoitar—, hai unha longa, unha longuíssima lista de exemplos, que eu non dou rematado hoxe, é que inflúen desgraciadamente, directamente, na sociedade galega, pero, sobre todo, inflúen directamente na poboación máis nova, nos máis xoves de toda Galicia.

Miren, señorías, o feminismo institucional non pode quedar reducido a campañas, a consignas ou a lexislación simbólica, senón que require de exemplaridade, desa exemplaridade de que vostedes carecen; require de transparencia; e require de responsabilidade política. Miren, ¿vostedes danse conta de que, con todos eses malos exemplos, teñen un efecto significativo e negativo na percepción da mocidade sobre a igualdade?; ¿que se traduce nunha banalización de certos comportamentos ou nunha menor sensibilidade con respecto á igualdade?

Miren, señorías, estamos nunha Galicia que é referente, nunha Galicia que está chea de referentes; vivimos nunha Galicia que non é a Galicia que vostedes queren pintar: esa Galicia do «non», esa Galicia en negro, esa Galicia ás escuras e chea de antorchas. Vivimos nunha Galicia na cal as mulleres avanza con paso firme cara a esa igualdade de oportunidades; vivimos nunha Galicia en que as mulleres profesionais teñen, cada vez, máis peso e máis presenza —por fortuna— no mundo empresarial; vivimos nunha Galicia na cal se poñen en marcha, cada vez, máis proxectos impulsados por mulleres; (*Aplausos.*) ¡nesa Galicia e na que vivimos!, señoras deputadas. Vivimos nunha Galicia en que as nenas saben, dende ben pequenas, que poden ser o que elas queiran, sen ningún tipo de límite; e vivimos nunha Galicia na cal, cada vez, hai máis axudas e máis recursos para a conciliación e para a corresponsabilidade. Esa é a Galicia na cal vivimos.

Polo tanto, hoxe lamento, unha vez máis, que se intente botar por terra unhas medidas que o único que pretenden —e o que busca a Xunta de Galicia— é dar máis visibilidade ás mu-



lleres profesionais galegas, aínda que os coroneis da CIG boicoteen os actos nos cales se recoñecen o esforzo e a traxectoria de todas estas (*Aplausos.*) mulleres profesionais, como na cidade da Coruña. (*Aplausos.*) As medidas da Xunta de Galicia o único que pretenden é que as mulleres teñan, cada vez, maior presenza, que se eliminen barreiras que aínda existen na nosa sociedade; o único que pretenden é dar ao talento feminino todo o lugar que merece.

Polo tanto, teñan por seguro, señores e señoras deputadas, que nós imos continuar —queiran ou non— traballando nesta senda, con maior responsabilidade, con maior compromiso, con maior ilusión —se cabe—, e respondendo —aínda que a vostedes non lles importe— con axilidade e con solucións aos retos que aínda quedan por diante.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas.

Continuamos coa voceira do Grupo Socialista, a señora Castro.

**PALOMA CASTRO REY:** Grazas, presidenta.

Señora Arias, eu xa llo dixen en moitas ocasións, e repítolle que ten que deixar vostede de informarse en programas fascistas de escaso rigor, ou, mellor dito, de ausencia de rigor informativo e de ausencia de contraste. Ten que deixar tamén de mentir porque o Concello de Lugo ten catro plans de igualdade aprobados; (*Aplausos.*) entón, infórmese un pouquiño mellor e deixe de mentir tamén. E deixen de mentir e de manipular porque hoxe traio unha proposición non de lei ao final deste día, na que falamos da manipulación; e a manipulación foi clara cando vostedes manipularon a foto da presidenta da Deputación de Lugo. (*Aplausos.*) Pois deixen tamén de mentir. É moi mal exemplo tamén para a xuventude, iso de manipular fotografías.

E tamén lle digo que deixe tamén de ler todo o que trae vostede escrito, porque, se non, sabería que o señor Besteiro xustificou a súa ausencia neste pleno por enfermidade. (*Aplausos.*)

E tamén lle digo que a vostede lle sorprende, xa que dixo: «¡Nunca as mulleres galegas traballaron tanto!»; pero ¿en que Galicia vive vostede se as mulleres galegas levamos traballando moito, moito, moito, durante toda a historia, levando as rendas de toda a familia, a caza, o fogar, a terra e os animais? (*Aplausos.*) O que pasa é que as mulleres galegas agora traballan e teñen recoñecidos os dereitos laborais e as prestacións á Seguridade Social, grazas a leis socialistas (*Aplausos.*) que vostedes non aprobaron; iso é o que pasa. (*Aplausos.*)

E falaba tamén vostede de que eu non podía pedir axudas e subvencións para as asociacións que axudan ás vítimas de trata. ¡Claro que podo, porque son unha deputada do Parlamento de Galicia! Entón pido ao Goberno galego que mellore esas subvencións para axudar as mulleres que forman parte dese sistema prostitucional; para que axuden esas asociacións para que poidan axudar esas mulleres. E tamén lle digo que, se estivese en Madrid, pediría ao Goberno que aprobase a Lei de trata, como están a facer as miñas compañeiras de Madrid. Porque eu pido o mesmo e pido o beneficio para estas mulleres, sexa



aquí, sexa en Madrid ou sexa onde sexa. Non teño unha dobre vara de medir, como ten vostede.

E despois tamén é fundamental aprobar leis. É fundamental aprobar leis que equiparen dereitos, pero tamén é fundamental ter unha vontade política de ferro para aplicalas porque, hoxe, estamos a vivir situacións que ata a Constitución palidece con algúns pactos políticos do seu partido. Ademais, a igualdade real non só está nas leis, senón que tamén está nos convenios colectivos que se negocian; tamén está na repartición xusta das tarefas dos coidados nos fogares; está na mirada libre de prexuízo cando debemos educar as nosas novas xeracións de galegos e galegas, porque todo é política e todas e todos somos axentes políticos, coas nosas accións e tamén coas nosas omisións.

E a igualdade, como case todo o bo que nos trouxo a nosa democracia, corre un risco enorme de retroceder nestes tempos tan convulsos: tempos de guerras unilaterais, testosterónicas e feminicidas. Vímolos en Palestina. As mulleres somos as peores paradas cando hai unha guerra porque, ademais da violencia física e da violencia psicolóxica que supoñen as guerras, nós temos que padecer a violencia sexual. E vímolos en Palestina, onde 33.000 mulleres e nenas faleceron baixo as bombas de Netanyahu; e vímolos tamén en Ucraína, onde outras 5.000 mulleres pagaron coa súa vida o imperialismo rancio de Putin; e vímolos en Irán, onde Donald Trump e Netanyahu iniciaron unha ofensiva, bombardeando unha escola de nenas, 140 persoas. Un detestable crime co que se iniciou unha guerra de consecuencias aínda imprevisibles, sen esquecermos, ademais, do maltrato ás mulleres iranianas polo propio Goberno, simbolizado nunha muller, como é Mahsa Amini, unha moza de 22 anos a quen a policía da moral, dos Aiatolás, matou literalmente a paus por non levar ben posto o veo islámico. Por todas elas, nós debemos loitar porque estamos nunha situación privilexiada e non facer ningún tipo de distinción. *(Aplausos.)*

Neste negocio xenocida perpetrado por ese trío masculino detestable —sempre di a miña nai: «Se as mulleres gobernásemos o mundo, outro galo cantaríaa»—, formado por Trump, Netanyahu e Putin, permítanme repetir alto e claro tamén: ¡non á guerra! «Non á guerra» é tamén un orgullo persoal por representar un partido que respalda un Goberno capaz de alzar a voz mentres os outros calan; calan e baixan a cabeza covardemente neste mundo, que estamos a ver que é un mundo covarde. Pode que non o fagan os tribunais, pero que ninguén teña dúbida de que a historia os xulgará a todos. Se vostede di «non á guerra», pois acepte a lectura dese manifesto conxunto para que o Parlamento de Galicia represente a vontade do pobo galego, que di ao unísono «non á guerra», como demostraron esas enquisas que se fixeron a pasada semana. Non basta unicamente con palabras baleiras.

Eu dígolle tamén que non agocho a cabeza; non agocho a cabeza e son consciente de que, nos últimos meses e semanas, coñecemos comportamentos machistas desprezables por parte de dirixentes de partidos políticos, de alcaldes —tamén do Partido Popular—, de presidentes de deputacións e de ata comisarios e altos mandos policiais, pero a reacción social foi inmediata —e así debe ser—. E a esa rabia e condena colectiva eu quero agarrarme porque ninguén pode responder pola conduta individual dun terceiro, senón quen a leva a cabo unicamente, pero, dende as institucións, os partidos políticos e os postos de representación que



ostentamos, si que podemos sinalalos, e rexeitar e condenar estas condutas, e nunca respaldalos —que é o que pensa facer vostede—; é o que fai o meu partido. Non pode dicir vostede o mesmo, señora Arias.

Hai poucos días tamén coñecemos unha enquisa terrible sobre o avance do machismo entre a poboación máis nova...,

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Ten que ir rematando.

**PALOMA CASTRO REY:** ...e, por iso, eu insístolle á conselleira na necesidade de educación sexual —e xa remato—, dentro de toda a etapa de formación obrigatoria.

Xa se aprobou neste Parlamento hai dous anos, pero vostedes, nese mandato por unanimidade, non o quixeron implantar. Insistiremos ata a saciedade porque, ao final, a mocidade é o noso futuro e, se queremos un futuro sen violencia machista, se queremos un futuro no cal os mozos e as mozas se relacionen en igualdade e saiban xestionar as súas relacións persoais dende unha perspectiva de igualdade, necesitamos educalos. Non podemos deixar que sexan as redes e que sexa a pornografía as que eduquen os nosos fillos.

Polo tanto, señora conselleira, creo que é unha demanda urxente. Necesitamos construír un futuro en igualdade, porque, se non, mentres as mulleres non sexamos unhas cidadáns de primeira e miremos aos ollos...

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas, señora Castro.

**PALOMA CASTRO REY:** ...os homes en pé de igualdade, non poderemos ter unha democracia plena.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

**NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS:** ¡O que hai que oír! Vaia retroceso ter que vir a esta Cámara escoitalle a outra muller que lamente, literalmente, «o meu ton crispado e reivindicativo». ¡Cantas veces nos dixeron iso ás mulleres en política moitos homes aos que lles molestaba a nosa presenza e a nosa intervención! (*Aplausos.*) Non estou crispada, señora conselleira; son sempre combativa e, por suposto, sempre reivindicativa porque non nos puxeron aquí os galegos e galegas ás mulleres e homes do BNG para ser conformistas (*Aplausos.*) cun Goberno que é cómplice da desigualdade e cómplice do machismo. Ímolo dicir —claro que si— con todo o combate e con toda a contundencia que sexan necesarias.

Ademais, manipulan tanto vostedes a realidade que vén aquí e di literalmente que o BNG vén aquí «lanzar ataques»... Mire, ¿sabe o que lle molesta, señora conselleira? Que o BNG vén aquí co que non ten vostede, que son argumentos e propostas, argumentos e propostas, (*Aplausos.*) argumentos e propostas. Por iso o BNG é a alternativa política deste país e por iso



lle teñen tanto medo ao BNG, que están instalados na estratexia da caricatura e de querer asociarnos á violencia. (*Aplausos.*) Espóiler: non lles vai funcionar. Sigán así, que seguirá medrando o apoio ao BNG.

Tamén presumen do que carecen. Ía dicir aquilo, outra vez, de que sempre vai falar da merda o máis cagado, pero como non se pode usar o refraneiro popular nesta Cámara, vou intentar explicárllelo doutra maneira. Veñen vostedes aquí dicir que no BNG «atacamos o Partido Popular» e «atacamos as mulleres» e «non somos exemplo de feminismo». Miren, quen non son exemplo, desde logo, son vostedes, que basean a súa argumentación en atacar (*Aplausos.*) a única portavoz muller deste Parlamento. É a súa grande argumentación —é a súa grande argumentación—. Literalmente a voceira do Partido Popular dedicou media intervención a iso... (*Aplausos.*) Que digan vostedes que a estratexia do BNG é a de alporizar, cando estamos na mesma semana en que o Partido Popular está negociando recortes en igualdade con Vox en Estremadura —¡máis!—; na mesma semana en que tivemos que ver unha edil do Partido Popular censurando unha obra de teatro feminista e na mesma semana en que a voceira do Partido Popular nos dedicou esas gloriosas palabras de «esterco moral de corruptos, puteros e acosadores sexuais». ¿Pero quen insulta a quen?, ¿quen ataca a quen neste país? Están vostedes botados a monte (*Aplausos.*) e iso non tapa que son un obstáculo á igualdade. Ten unha oportunidade vostede hoxe de desautorizala, pero vexo que está disposta a superala. (*Aplausos*) Tamén teño que agradecerlle que, por unha vez, o fai cando aínda temos algo de opción á réplica; algo mellorou neste debate; teño que recoñecerllo.

Teñen que cambiar vostedes de estratexia e ir máis alá da súa covardía e de vitimizarse e teñen que mirarse un pouco no espello. Veu vostede dicir aquí, primeiro, unha sarta de falsidades que xa foron desmentidas, unha e outra vez, nesta Cámara, como, por exemplo, que vostede, que lle pagaba un salario e que non actuou como máxima responsable de Política Social e Igualdade, sabendo que tiña un condenado asalariado na súa consellaría, con outros problemas nun centro de menores... veu aquí outra vez intentar difamar con esa cuestión, señora conselleira, que é absolutamente lamentable, e non imos entrar aí. (*Aplausos.*) Segundo, vostede, que estivo sentada catro meses —¡catro meses!— a carón dun denunciado por agresión sexual, vén darlle leccións aquí a quen exixiu a dimisión desde o minuto un, como facemos con calquera, sexa da sigla que sexa. O BNG sempre reclama apoio ás vítimas e actuación inmediata; (*Aplausos.*) iso é o que fai o BNG. E non sei se alguén do Partido Popular —e menos do Partido Popular de Lugo— pode vir aquí dar leccións e pedir máis representantes mulleres nas filas políticas, cando en Lugo teñen ¡doce deputados homes provinciais, de doce! (*Aplausos.*) Non debía haber unha soa concelleira en todo Lugo á que o Partido Popular quixese dar espazo de participación. (*Murmurios.*) E así é: manipulan incluso ata a representación política. (*Aplausos.*)

Mire, eu estou moi orgullosa das alcaldesas do BNG. Temos que avanzar e temos que ter máis mulleres alcaldesas —e niso estamos traballando—, pero, de momento, non imos mal. O 37 por cento das alcaldías do BNG son de mulleres e vostedes están aínda no 19,5 por cento. Xa que teñen máis representación política —de momento—, aprovéitena para dar máis espazo de traballo ás mulleres. De momento, non van vostedes moi ben para poder presumir.



Teño que concluír por falta de tempo. Simplemente quería rematar cunha cuestión: falaban vostedes de referentes e sinalaban mulleres na súa campaña, da nosa historia e do noso presente —que está ben—, pero é absolutamente insuficiente. Fano para tapar as súas carencias, que son intapables, e, singularmente, as da súa consellaría, que —insisto— é a protagonista da principal precarización —xunto con Sanidade— das mulleres que dependen dunha Administración pública neste país. E nega coa cabeza —e nega coa cabeza—, cando sabe vostede perfectamente o que pasou neste inicio de ano coas traballadoras das casas niño. Cóntollo eu, se non o sabe: cobraron a día 29 de xaneiro; estiveron un mes sen cobrar e sen saber se o seu proxecto ía adiante. E, por certo, cobraron unhas horas despois de que o BNG rexistrase unha iniciativa ao respecto. Esa é a foto das súas vergoñas...

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Ten que ir rematando, señora Presas.

**NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS:** ...que non son capaces vostedes de tapar. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Polo tanto, desde o BNG, mentres vostedes sigan instalados na súa estratexia de dismantelar pinga a pinga os servizos públicos deste país e de non dar avances en igualdade, estaremos á fronte e estaremos do lado do feminismo galego, que saíu ás rúas este domingo —por suposto—, e sempre en ton combativo e reivindicativo, porque os problemas que afectan máis da metade das persoas deste país...

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Ten que rematar, señora Presas.

**NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS:** ...desde logo, non son para tomar á lixeira.

A nós non nos puxeron aquí os galegos e galegas para facerlles a ola mentres van en contra dos dereitos das mulleres.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas.

Na quenda do Grupo Parlamentario Popular, a señora Arias.

**RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ:** Grazas, presidenta.

Por certo, (*A deputada Raquel Arias Rodríguez sinala a presidenta María Elena Candia López.*) unha muller referente: a primeira presidenta da Deputación de Lugo. (*Aplausos.*)(*Murmurios.*)

Miren, esta tarde, señorías, remataremos esta sesión falando de bulos, de desinformación e da súa influencia negativa no feminismo. E eu vou facer espóiler: xa lles anuncio que esta tarde iniciarei a miña intervención incidindo en que o principal bulo é que a esquerda é feminista. (*Aplausos.*) Así empezarei, porque o BNG e o PSOE son a maior fonte de desinformación sobre o feminismo, o maior bulo e a maior fraude.



Señora Castro, claro que as leis hai que aprobalas e cumprilas; díganllelo vostedes aos enfermos da ELA. Outras hai que facelas, como a da trata, e outras sería moitísimo mellor que nunca as fixesen, como a lei do só si é si, que deixou na rúa centos de violadores e acosadores e que rebaixou a pena a 1.450 —e aí pararon de contar— ou como a Lei trans.

O que din vostedes é, dende o seu feminismo, «protexer as mulleres vítimas», e resulta que 5.000 mulleres estiveron totalmente desprotexidas e en perigo de morte porque as pulseiras que lles puxeron (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) compráronas *low cost* e non funcionaron; (*Aplausos.*) sabían que non funcionaban e non fixeron nada. (*Aplausos.*) ¡Deixen de falar de feminismo!

O Goberno de Sánchez dixo querer abolir a prostitución, pero os nomes de todo o contorno de Sánchez —Ábalos, Koldo, Tito Berni...— vincularanse para sempre ao consumo de prostitución —¡iso si!—, pagada cos impostos de todos os españois, ¡que para iso nolos soben ata centos de veces no que vai de lexislatura!; (*Aplausos.*) nomes, como o de Paco Salazar, ao que as mulleres que traballaban con el na Moncloa lle tiñan que aguantar os seus problemas coa cremalleira, un día si e outro tamén; ou como o do DAO, o máximo responsable da Policía, que nos tiña que protexer as mulleres dos acosadores e que resultou ser el mesmo un presunto maltratador; ou non esquezamos, por suposto —incido—, a desvergoña do señor Tomé, no bochornoso pacto da Deputación de Lugo. ¡Contou co voto do Bloque e do Partido Socialista! Señora Presas, (*Aplausos.*) ¡¿como que vostedes non queren saber nada dos maltratadores, se lles piden o voto para manter os seus postos, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) para manter as súas sillas, para manter os seus coches? ¡Cincocentos mil euros! (*Aplausos.*) ¿Como que vostedes non queren saber nada?; ¿como que o PSOE non quere saber nada de maltratadores *si los defiende tanto* das súas presuntas vítimas? ¿Por que manteñen o alcalde de Monforte no seu posto, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) se nin sequera necesitan o seu voto para ter un novo alcalde?; ¿que fan manténdoo alí? Por certo, señora Castro, mire: (*A deputada Raquel Arias Rodríguez amosa unha fotografía na que sinala diferentes persoas.*) o representante da Deputación da Coruña, o presidente da Deputación de Pontevedra, o presidente da Deputación de Ourense e este señor..., ¿que fai aquí? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*) Que eu saiba chámase Tomé. ¡En fin...! (*Murmurios.*)

Señora Castro, señora Presas, deixen de indignarse e actúen: ¡fóra os presuntos maltratadores das institucións!; fóra da Deputación de Lugo e fóra do Concello de Monforte. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*A presidenta, María Elena Candia López, pide silencio.*)

Mire, Bloque e socialistas exixen continuamente medidas para a igualdade, por exemplo, medidas de conciliación —e iso está moi ben; nós tamén—. O que pasa é que cando logo en Madrid nos sacan os cartos para a conciliación, o Bloque e o PSOE calan; pasou co Plan Corresponsables. O Bloque e o PSOE piden máis prazas de escolas infantís insistentemente; logo calan, cando o PSOE —Sánchez— non cumpre o seu compromiso de cofinanciar esas prazas de escolas infantís, igual que calaron cando a CIG atacou a conselleira. Falan de desinformación nas redes, pero o BNG cala cando un dos seus usa as redes para atacar a nosa secretaria xeral —xa se dixo—.

Dende hai oito anos temos un Goberno en Madrid a que segue cegamente o BNG, que di que si a todo o que Madrid propón; que entendeu o traballo a prol da igualdade como un xogo



duns contra outros, nos que uns gañan e os outros perden, e aí estamos onde estamos. Porque, señorías, a igualdade ten que ser un xogo en equipo no que todos gañemos. Por iso, conselleira, quero felicitala; non pola intervención de hoxe —que tamén—, senón polo feminismo inclusivo e transversal da Xunta de Galicia. Un Goberno que ten estratexia —como quedou claro aquí—, que ten orzamento e que ten traballo; e que, a pesar de que aínda queda moito por facer, pon en evidencia que o camiño é o adecuado.

Señorías, señora conselleira, en Galicia cremos na igualdade que transforma a vida das mulleres, non nunha igualdade de pancarta que dura o que dura unha manifestación. A igualdade real, que se constrúe con políticas públicas, con recursos...

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Ten que ir rematando, señora Arias.

**RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ:** ...con conciliación, con oportunidades laborais e con medidas contra a violencia de xénero. Esa é a igualdade da Xunta de Galicia, unha igualdade que non se proclama; que se practica. Un feminismo inclusivo e transversal. Parabéns, conselleira, por facelo posible. *(Aplausos.)*

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas.

Rolda de dúplica. Señora conselleira.

**A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez):** Moitas grazas, presidenta.

Señorías, dende a Xunta de Galicia reafirmamos o noso firme compromiso coa igualdade de xénero como un principio fundamental para o benestar de todos os galegos e as galegas. Por iso, continuaremos traballando os 365 días do ano no deseño de políticas públicas, no fortalecemento dos dereitos, na visibilización das mulleres profesionais galegas, de mulleres que son referentes e que merecen estar presentes.

Miren, a realidade é que o ano 2026 volverá ser un ano marcado por importantes avances en materia de igualdade en Galicia, entre os que hoxe me gustaría destacar o impulso á incorporación de mulleres aos ámbitos empresariais que tradicionalmente foron ocupados por homes; o reforzo e o apoio ao emprendemento feminino, poñendo o foco no ámbito rural e nos proxectos liderados por mulleres de máis de 55 anos; a través dese apoio á investigación en materia de xénero, coa continuidade do programa Galicia Investiga Igualdade, e coa nosa firme aposta por que cada vez sexan máis as mulleres que elixan carreiras profesionais máis técnicas, as denominadas STEM. Todo isto xunto a ese necesario reforzo das medidas de conciliación e da corresponsabilidade. Polo tanto, traballamos e traballaremos sempre para cambiar o paradigma e para mudar a sociedade e así poder avanzar.

Mire, señora Castro, dicía vostede que a Constitución palidece. ¿Sabe vostede como palidece a Constitución? A Constitución palidece con eses pactos políticos con Otegui, que é o líder dun partido condenado —non sei que lles provoca tanta risa— por pertenza a unha banda



armada, que é a ETA. *(Aplausos.)* ¡Que é a ETA! A ETA, que non hai tantos anos asasinaba cargos do Partido Socialista. *¿Quién te ha visto y quién te ve, Partido Socialista?*

E mire, señora Presas, a vostedes moito lles gusta lanzar bulos, encántalles lanzar bulos. Todas as persoas que traballan nas casas niño —que puxeron en marcha esas casas niño— percibiron a finais de xaneiro as subvencións de todo o ano 2026, de xaneiro a decembro. Señora Presas, de xaneiro a decembro, por anticipado. *(Aplausos.)*

Miren, señorías, a Xunta de Galicia vai continuar traballando sempre pola igualdade de mulleres e homes. Cada vez imos dedicar máis recursos, imos poñer en marcha novas iniciativas e estando a carón de todas aquelas mulleres que o necesiten. Neste avance tamén precisamos do compromiso e da colaboración de todas as administracións, pero tamén sería desexable a colaboración de todas as cores políticas, sen excepción; de toda a sociedade galega, sen enfrontamentos, sen liortas, sen pancartas. Polo tanto, apostando —como dicíamos— por mulleres profesionais galegas, mulleres que son referentes e mulleres polas que imos traballar sempre para que sexan presentes.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas.

Continuamos coa orde do día, co apartado de mocións.

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Rosana Pérez Fernández, sobre a caída da produtividade marisqueira nas rías galegas, singularmente no que atinxe aos bivalvos na ría de Muros e Noia**

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia.

*(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Paloma Castro Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de modificación.*

*Proponse unha nova redacción para a parte resolutiva da iniciativa, que terá o seguinte contido:*

*<<O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:*

*1. Aprobar de forma urxente unha liña extraordinaria de axudas destinada ao sector marisqueiro afectado polos episodios de choivas intensas no ano 2026, que inclúa, entre outras, as seguintes medidas:*

*a) Compensación pola perda de ingresos das persoas profesionais do marisqueo, tanto a pé como a flote, e bateeiros, derivada da diminución da produción e da mortalidade do recurso marisqueiro.*



b) *Programas de rexeneración dos bancos marisqueiros afectados, destinados á recuperación dos recursos e á restauración da capacidade produtiva das zonas marisqueiras.*

c) *Axudas para a adquisición de semente de marisco, co fin de favorecer a repoboación das áreas afectadas e acelerar a recuperación dos bancos.*

d) *Apoio económico ás confrarías de pescadores e ás agrupacións marisqueiras, co obxectivo de garantir o mantemento da súa actividade e das funcións de xestión, control e conservación dos recursos.*

2. *Elaborar un protocolo de actuación para o baleirado dos encoros que afecten a bancos marisqueiros. Un protocolo que teña en conta as mareas, que contemple a posibilidade de desaugues progresivos, que estableza sistemas de comunicación con antelación suficiente e que garanta a información ás confrarías e aos concellos afectados.»)*

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Para defendela, ten a palabra a señora Pérez.

**ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ:** Grazas, presidenta.

Señorías, moi bo día a todas e a todos.

Estaba pensando, mentres escoitabamos a conselleira de Política Social, que ten que ser realmente triste —desde logo, é patético, pero ademais triste— falando dun tema tan importantísimo como é o tema da igualdade —ou da falta de igualdade das mulleres neste país— ter que recorrer a unha banda terrorista que xa hai máis de dez anos que non existe. ¡Realmente é patético! (Aplausos.)

Igual que son patéticos os argumentos que se nos deron aquí hai quince días por parte da conselleira do Mar cando debatíamos a interpelación presentada polo Grupo Parlamentario do BNG. Hai quince días nese pleno constatábamos dúas cousas, fundamentalmente: primeiro, que a conselleira non foi quen —non é quen— de responder ás nosas preguntas; e, segundo, que non foi quen —non é quen— de propoñer absolutamente nada que permita sequera intuír un mínimo de interese por revertir unha situación de perda de produtividade nas rías galegas que a propia Consellaría, por acción e por omisión, converteu xa en crónica. A conselleira naquel momento non foi quen de valorar a gravidade da situación do sector marisqueiro, do sector pesqueiro e do sector mexilloeiro despois dos últimos e continuados temporais. Tampouco foi quen de avanzar ningunha medida —ningunha medida— para, no inmediato, facer fronte ás gravísimas consecuencias que xa están a ter estes temporais no sector do mar.

E o que é máis grave aínda que todo isto que acabo de dicir é que tampouco puido ou tampouco quixo —que pode ser— falarnos nin dunha soa medida estrutural, de ningunha soa medida a fondo, sería, para comezar a revertir esa situación de perda de produtividade que os datos veñen constatando dende hai máis de quince anos. Non é que o constaten despois dos temporais deste inverno, nin dos temporais do 2023, nin do 2021; a perda de produtividade véñse constatando en datos oficiais da propia Consellería do Mar dende hai quince anos. Pois no día de hoxe, 2026, a conselleira non foi quen nin de enunciarnos unha soa medida



para comezar a recuperar este sector. É dicir, a Consellería do Mar, que á vista dos datos de perda de miles de toneladas de produción — máis de dezasete toneladas só na ría de Muros e Noia— e dun bo número de postos de traballo, en vez de Consellería do Mar debería chamarse «Consellería en Contra do Mar». A Consellería en Contra do Mar que segue sen recoñecer no día de hoxe que todo o que está a pasar ten a súa orixe non nos temporais deste inverno nin do anterior, senón que ten a súa orixe no modelo que abandeira o Partido Popular desde o ano 2009.

A conselleira do Mar tentou aquí outra vez no último pleno tapar a súa ineptitude e a súa inacción cos episodios de choivas e de temporais continuados poñendo escusas; poñendo escusas, sen máis, porque tradicionalmente nos últimos anos non veñen facendo máis que poñer escusas. E a escusa perfecta volveu ser, efectivamente, os últimos temporais continuados, aos que ela lles chama «tren de borrascas». Pois ben, foi —como digo— a escusa perfecta para seguir adiante con ese modelo que levan a cabo desde o Partido Popular e desde o Goberno da Xunta de Galicia, que non é outro que a eliminación da explotación colectiva dos recursos mariños en Galiza para poñelos e para centralos cada vez máis en menos mans.

De aí tamén a política orzamentaria da Consellería en contra do Mar, onde se ve con claridade o incremento ano tras ano dos recursos orzamentarios en favor das grandes empresas. Só neste ano, máis de trinta millóns de euros dedicados á creación de empresas de acuicultura —máis de trinta millóns de euros—. Por certo, grandes empresas que xa teñen beneficios por si mesmas sen necesitar dos cartos de todos, dos cartos públicos. Tamén, os orzamentos que se disparan en propaganda, en feiras: máis de catorce millóns de euros neste ano. É que restan —que isto é o máis grave— todos eses millóns, restan orzamentos e restan recursos para dedicarse á investigación. Hai que lembrar aquí tamén que o Plan galego de investigación pasou de 6,1 a 4,9 millóns de euros neste ano; é dicir, diminuíu. E cantidades que restan para a protección e o potenciamento do sector extractivo.

E, como fan sempre, a conselleira anunciounos aquí na súa intervención un plan. Pero o plan que nos anunciou non é un plan calquera; é, nada máis e nada menos, que un plan específico —que pode servir para unha cousa ou pode servir para outra—. Un plan específico. Un plan que consiste en catro partes —segundo a propia conselleira— que son: para empezar, recompilar a información que realizou o Intecmar —é dicir, se xa ten a información hai que recompilala—; en segundo lugar, cando se recompila a información que ten o Intecmar, determinarase se a baixada da salinidade foi moderada ou severa —isto é así de serio—; e, cando se determine se a perda de salinidade foi moderada ou severa, entramos na terceira fase, que sería revisar os bancos no terreo e valorar o seu estado. Que debe ser a fase na que estamos agora, porque durante quince días e desde o último pleno non vimos máis que fotografías da propia conselleira do Mar e das súas directoras xerais precisamente paseándose polos bancos marisqueiros deste país. Non sabemos se avaliaron algo ou só foron rirse do sector marisqueiro deste país precisamente para lle dicir que tiñan un plan específico. E, por último, despois de que pase ou de que acabe esa xira fotográfica, téñennos reservado nese plan específico unha última parte que é —atención— coordinarse coas entidades titulares das autorizacións e aí si —e leo textualmente— «ver que medidas se levan a cabo».



¡É realmente escandaloso! Nin unha palabra sobre as medidas sociais que se necesitan e que se van adoptar en favor das mariscadoras e dos mariñeiros que levan semanas sen traballar. Nin unha palabra sobre medidas extraordinarias —nin unha—, nin unha palabra sobre as medidas e a planificación que se podería propoñer desde a Consellería do Mar ao Ministerio de Pesca despois de que o Consello de Ministros acordase o 10 de febreiro declarar a Galiza como zona de emerxencia polas continuas borrascas que causaron. E, claro, vannos dicir que non lle poden propoñer nada ao Ministerio porque aínda estaban recompilando os datos. Eu xa lle dixen á conselleira —e vólvoo repetir aquí—: que lle pregunten ao seu colega do Partido Popular andaluz como fixo, que datos mandou, cunha frota que é o 15 por cento da frota galega, para que xa o 17 de febreiro o propio Goberno do Estado anunciase...

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Remate, señora Pérez.

**ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ:** ...que xa había medidas para Andalucía.

Remato, presidenta. A nós parécenos que os datos, as imaxes que vimos estes días e as declaracións de mariñeiros e mariscadoras e mexilloeiras son tan clamorosas que é un escándalo que o Partido Popular pois siga sen poñer os medios orzamentarios para elaborar un plan a medio e longo prazo.

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas.

**ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ:** Por iso nós propoñemos unha serie de medidas: por un lado a petición de medidas extraordinarias ao Estado, evidentemente programando e planificando esas medidas; e, por outro lado, que a propia Consellería, xa que ten as competencias exclusivas, poña en marcha medidas orzamentarias e medidas sociais extraordinarias...

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Ten que rematar, señora Pérez.

**ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ:** ...para mellorar ou para paliar os efectos de toda esta situación.

De momento, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista, señora Castro.

**PALOMA CASTRO REY:** Grazas, presidenta.

Nós somos conscientes tamén —estivemos no territorio— da situación que se está a vivir e das incidencias meteorolóxicas que tivemos a principios deste ano e todas as consecuencias que provocaron, os danos nos concellos, tanto danos materiais como danos ao sector primario. En concreto no litoral, tamén en primeira liña, vimos todo ese problema que se provocou pola diminución da salinidade derivada das choivas. Graves perdas económicas para todo este sector do mar, que están a xerar tanto aos profesionais do marisqueo a pé, como os da flote, así como as confrarías ou incluso os bateiros teñan un novo golpe. Un novo



golpe que se suma aos que levan recibindo nos últimos anos e que están a provocar unha redución drástica da produción e dos ingresos deste sector. Eles xa tiveran un duro golpe, como dicía, no ano 2023, que xerou unha situación dramática e un prognóstico, ademais, dos técnicos dunha recuperación natural que duraría anos. E agora novamente volven recibir outro outra situación similar que volve repetirse w que agrava aínda máis a situación. E, como sempre dicimos cando debatemos sobre este tema en comisión, sabemos que iso non se debe única de forma puntual á consecuencia destas choivas, senón que é un problema multifactorial, débese a unha combinación de factores: factores climáticos extremos, contaminación e tamén anos de pasividade institucional por parte da Xunta de Galicia.

A produción caeu a mínimos históricos e miles de profesionais levan meses reclamando traballar con normalidade, e non poden. Mentres, a Xunta ao que se limita é a anunciar plans de estudos, promesas de rexeneración, pero que nunca ao final chegan a aplicarse con eficiencia. Porque é claro e hai que dicilo: a política da Xunta en relación con este sector é insuficiente e tardía; falta de planificación, control ambiental e vontade real de escoitar o sector.

Mentres tanto, continúan en Galicia as verteduras ás rías, os incumprimentos das normas de saneamento, a destrución dos hábitats costeiros e a chegada masiva de marisco de importación que afunde os prezos do produto galego. E, ante esta situación, o que dende o Partido Socialista levamos tempo reclamando é que a Xunta pase dos plans, pase da investigación e dos estudos á acción, porque unicamente se quedan nesa primeira fase, e tamén a adopción de medidas extraordinarias para apoiar o sector. A Comunidade Autónoma de Galicia, ao amparo do seu artigo 27.15 do Estatuto de autonomía, ten competencia exclusiva, ademais, en materia de marisqueo e de cultivos mariños. E, se non a queren, que convoquen a mesa de transferencias e que dean a competencia ao Estado; pero, se a teñen, aplíquena, que eu entendo que a teñen que ter, ademais. Pero tamén ten competencias polo que establece a Lei do ano 2007 de subvencións de Galicia e do 2008 de pesca de Galicia, e pode aprobar en virtude destas leis medidas de apoio e liñas de subvencións destinadas a paliar situacións excepcionais. Polo tanto, repito: a pesca e o marisqueo en augas interiores, o marisqueo a pé e a acuicultura son competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, hai determinadas leis, como a de subvencións ou a de pesca de Galicia, que permiten ao Goberno galego aprobar medidas extraordinarias de apoio cando existen circunstancias excepcionais que afectan o sector. É dicir, a Xunta ten competencia, ten instrumentos xurídicos e ten capacidade para activar axudas. Polo tanto, non hai escusa.

Falaban vostedes do Goberno de España, e tamén é importante falar do rigor das diferentes administracións e de como se posicionan ante as diferentes situacións que xorden. O Goberno de España actuou con rapidez, con rigor e conforme os criterios técnicos que rexen a protección civil e a resposta ante emerxencias cando se provocaron as borrascas de principios de ano. Pola contra, o Goberno galego limitouse a enviar un SMS informando da situación de alerta aos concellos. Os temporais tiveron un impacto moi desigual no conxunto do territorio e houbo avaliacións oficiais da sinistralidade que demostraron que provincias andaluzas e estremeñas concentraron a maior parte dos danos, tanto en infraestruturas agrarias e explotacións agrícolas como acuícolas. E o Goberno galego aínda está a facer as avaliacións, e iso foi o que, polo menos, anunciou. Mentres outras comunidades autónomas



enviaron os informes de avaliación para recibir as correspondentes axudas, nós aínda, como dicía Aznar, «*estamos trabajando en ello*». Entón esta é unha razón que acredita que neste momento aínda non dispoñamos das mesmas: non hai informes técnicos que avalan, e do resto das comunidades autónomas, pois si.

Tamén hai que dicir que as comunidades autónomas, incluída Galicia, teñen ferramentas propias, competencias e recursos para activar axudas urxentes —repito— ante danos sectoriais. Por iso é importante ter claro isto. O Goberno de España actúa sempre onde os danos son maiores, de acordo cos informes técnicos que determinan a urxencia e a magnitude da resposta necesaria, pero actúa en plena coordinación coas comunidades autónomas. En Galicia levamos tempo dedicándonos a confrontar, no canto de coordinar. O Goberno ten que actuar con proporcionalidade e responsabilidade e destinando cada instrumento onde alí máis se necesite.

Polo tanto, creo que non ten sentido trasladar agora, con base en todo o que acabo de dicir, a responsabilidade ao Goberno. Non entendo por que o BNG se contaxiou dese espírito de partido, dese mantra do Partido Popular, de demandar todo para arriba, para o Estado, e non asumir responsabilidades, porque creo que é o que corresponde neste momento é que a Xunta de Galicia exerza as súas competencias e active medidas necesarias para apoiar o sector marisqueiro. Vou referirme ás palabras do presidente Rueda de onte despois do Consello da Xunta, que se comprometeu ás —leo literalmente— «axudas que sexan necesarias para o sector marisqueiro». «A Xunta estará á altura», dixo. Pois iso é o que esperamos e iso é o que pedimos: que a Xunta estea á altura.

Por iso nós presentamos esta emenda na que pedimos unha liña extraordinaria de axudas ao sector marisqueiro que inclúa cinco medidas que entendemos fundamentais. A primeira, unha compensación pola perda de ingresos para as persoas mariscadoras, tanto a pé como a flote, e bateiros afectados pola caída de produción. O segundo, programas de rexeneración dos bancos marisqueiros, indispensables para recuperar a capacidade produtiva das zonas afectadas. Terceiro, axudas para a adquisición de semente, que permite acelerar a repoboación e a recuperación. Ademais, falando co sector, necesitamos que sexa de especie que resista, porque estamos nunha situación, debido ás inxerencias e ao cambio climático, en que unicamente saen para arriba as especies resistentes; e ao mellor habería que poboar con máis sementes de especies resistentes os diferentes bancos marisqueiros. E, finalmente, as axudas por paralización temporal da actividade para aqueles casos nos que as condicións ambientais e o estado dos bancos impidan desenvolver a actividade con normalidade. E despois tamén pedimos outra cousa que xa levamos á comisión varias veces e da que sempre a Xunta leva moitos anos votando en contra, que é un protocolo de actuación para o baleirado dos encoros. Porque a desalinidade non se provoca unicamente polas choivas puntuais, senón que é tamén pola apertura deses encoros sen ningún tipo de regra e sen ningún tipo de consenso nin aviso previo ao sector. Polo tanto, nós cremos que esta auga acumulada debe xestionarse de forma axeitada. Por iso nese sentido vai a última das nosas emendas. Non estamos a impedir a xestión dos encoros nin a cuestionar a súa existencia, senón que estamos a falar de facer as cousas mellor, con criterio, tendo en conta as consecuencias reais de determinadas decisións que teñen consecuencias sobre a ría e sobre milleiros de persoas que viven do mar.



Polo tanto, en definitiva —e xa finalizo— cremos que esta situación require unha resposta decidida das administracións públicas e particularmente da Administración que ten as competencias directas neste tema, que é a Xunta de Galicia. Por iso pedimos que a Xunta pase por fin da teoría á acción e utilice as súas competencias e os seus instrumentos para poñer en marcha canto antes estas axudas extraordinarias, respondendo con responsabilidade á situación que está a vivir o sector do mar.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, señor Fidalgo.

**MIGUEL FIDALGO IGLESIAS:** Grazas, señora presidenta.

Moi bo día.

No último pleno a conselleira do Mar deu conta da situación do marisqueo na ría de Muros e Noia, expuxo o impacto das recentes choivas intensas e detallou as medidas que está a aplicar a Xunta para avaliar o dano real nos bancos marisqueiros, aínda que algunha non se enterase. Por iso quero comezar lamentando profundamente o ton e o contido da intervención da deputada do BNG. Porque, señora Pérez, non todo vale en política, porque no último pleno, e hoxe de novo, vostede cruzou unha liña que non debería cruzarse nunca: a de cuestionar a entrega, a responsabilidade e o compromiso dos que si están a traballar sen descanso polo sector do mar e dunha conselleira que dá a cara cada día; non só aquí no Parlamento, senón onde verdadeiramente hai que dala: cos profesionais, coas confrarías, coas mariscadoras, coa xente do mar, coas botas postas e sobre o terreo. *(O deputado Miguel Fidalgo Iglesias amosa dúas fotografías.)* Mire, señora Pérez: visitando os bancos marisqueiros para comprobar persoalmente o estado dos recursos. Non foi pasear pola praia; foi comprobar o estado dos bancos marisqueiros. *(Aplausos.)*

Vostede, señora Pérez, ten unha teima coa conselleira do Mar. A verdade é que di que se ri, pero creo que vostedes son os que se rin do sector, porque veñen a esta Cámara repartir carnés de valentía, pero ata agora non os escoitamos reclamar en Madrid exencións das cotas á Seguridade Social ou un plan de axudas extraordinarias como os que si habilitaron para Extremadura e Andalucía. Debe ser que hai eleccións en Andalucía proximamente. *(Aplausos.)* ¡Bravos aquí e mansos en Madrid! Iso non é valentía, señora Pérez; chámase oportunismo.

Vostede pinta unha Xunta ausente, unha conselleira desaparecida e fai ver que todo o que pasa nas rías é culpa da Administración autonómica. Pois ben, imos falar de datos, de cronoloxía e de traballo feito, porque o que non imos permitir é que se constrúa un relato falso á custa de quen si está a traballar sen descanso polo mar galego. Lémbrolles, señorías, que o punto de partida da situación de moitos bancos marisqueiros de toda Galicia, incluído Muros-Noia, é o inverno de 2023 e 2024, cando morreu arredor do 90 por cento do marisco que había neles. Dous anos enteiros nos que desde a Consellería do Mar non se parou de tra-



ballar. Dous anos nos que, mentres vostedes viñan aquí facer discursos catastrofistas, a Xunta estaba no territorio, estaba co sector poñendo cartos, poñendo técnicos e poñendo medidas enriba da mesa. *(Aplausos.)* E, claro, froito dese esforzo continuado, en outono de 2025 as mostraxes ditaminaron que a grande maioría dos bancos estaban en vías de recuperación. Iso non cae do ceo; iso é o resultado do traballo conxunto dos técnicos do sector e dun esforzo investidor moi importante da Xunta de Galicia. Que a vostede non lle interese contalo é comprensible politicamente, pero é inaceptable moralmente. *(Aplausos.)* Naquela crise de 2023, e vou lembralo, foi a Xunta a única administración que despregou medidas de apoio ao sector; a única, señora Pérez.

E ¿cal é a situación agora? Desde o 6 de xaneiro a precipitación media acumulada foi arredor do dobre do habitual, todo o mundo o sabe. Toda esa auga doce provocou unha baixada moi acusada da salinidade nas rías, suficiente, segundo o CIMA, para desencadear episodios de mortalidade severa. ¿Tamén lle vai botar a culpa á conselleira de que chova, señora Pérez?, ¿tamén lla vai votar? Pois non a ten. E fronte a iso, ¿que fixo a Consellería do Mar? Exactamente o que ten que facer un goberno serio: prever, planificar e actuar. Cando empezou o tren de borrascas, púxose en marcha un plan de actuación específico ante eventos de baixa salinidade estruturado en catro fases —ao que se referiu a señora Pérez porque lle facía graza— activado automaticamente con precipitacións intensas. ¿Que é o que vostede critica? ¿Que se traballe con datos técnicos e non con estimacións ao chou?, ¿que haxa un protocolo serio en vez de improvisación? ¿Iso é o que vostede critica?

E cando vostede di que a conselleira non aparece tamén volve faltar á verdade, volve mentir. Xa llo dixen: houbo —por poñer un só exemplo— ata seis xuntanzas coa Confraría de Noia en apenas 24 días. Tamén houbo unha única reunión convocada polo Concello de Noia, onde, por certo, non se concretou ningún compromiso de axuda do Goberno central, nin un só. Iso é o que a vostede lle dá vergoña aquí contar.

Nós reunímonos para traballar; non para ir facer a foto. Unha foto fíxoa o subdelegado do Goberno, que vai, fai a foto e marcha sen levar un só compromiso de Madrid. *(Aplausos.)* Mentres tanto, a Xunta é a que está a facer mostraxes, banco a banco; é a que está a preparar un plan de recuperación para aplicar en canto remate o diagnóstico, e é a que pon recursos propios diante dunha emerxencia que non provocou.

E, por riba diso, a conselleira do Mar ten en marcha un plan de actuación do marisqueo ata o 2031 da man do sector; proxectos de produción de semente, como Partvib, co que se porá en funcionamento o *hatchery* do Vicedo; estudos coas universidades para mellorar a protección social das mariscadoras, e mesmo a creación dun xemelgo dixital na ría de Arousa para anticiparse a fenómenos extremos. *(Aplausos.)* Iso é ter unha folla de ruta, señora Pérez, e non vivir permanentemente do conflito, que é o que fai o Bloque «Negacionista» Galego.

E vou rematando. A Xunta vai continuar co seguimento intensivo da situación, coas inspeccións dos bancos, coa coordinación coas confrarías e coa preparación das avaliacións de mortalidade. O plan de actuación ante eventos de baixa salinidade non é teoría; é unha ferramenta que xa está en marcha nas rías afectadas, con fases definidas, con protocolos



científicos e con medidas concretas. E, do mesmo xeito que cando remataron as borrascas a Consellería do Mar tiña listo o protocolo para baixar á praia, non teñan dúbida de que, en canto se dispoña dun diagnóstico completo dos bancos, estará preparado o plan de recuperación e as medidas de apoio para aplicar de inmediato.

E remato, señorías. O que nos trae hoxe o BNG é unha desas iniciativas batiburrillo ás que nos teñen acostumados; un texto que mestura ideas razoables con trampas políticas, un cóctel no que o que menos importa é recoñecer o inmenso esforzo que está a facer Galicia para defender o seu marisqueo. Por iso propoñemos unha transacción e solicitamos a votación por puntos.

Pero ímoslle ser moi claros, señora Pérez. O que non imos consentir é que se use a angustia dos mariscadores e das mariscadoras para montar un relato falso contra a Xunta, mentres se pasa de puntillas polo que lle corresponde facer ao Goberno do Estado. O Goberno galego vai seguir facendo o que ten que facer: un diagnóstico serio, plans de recuperación sen demoras, coordinación co sector e exixencia tamén ao Estado de que cumpra con Galicia; non só con Andalucía e Estremadura. Vostedes poden seguir buscando titulares; nós seguiremos buscando solucións. A Xunta estará á altura.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo autor da moción, señora Pérez Fernández.

**ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Antes de nada, señora Castro, o BNG non lle vai a aceptar a súa emenda, porque di vostede que o BNG asumiu o papel do PP e que só lle pide medidas ao Estado. Iso é que non leu a proposta que fixemos de moción. E, en todo caso, ¿cal é a súa solución? ¿Que, despois de que o Acordo do Consello de Ministros do 10 de febreiro decida declarar Galiza como zona de emerxencia, nos botemos a durmir e non lle presentemos ningunha proposta de medidas extraordinarias ao Goberno? Pois nós iso non o imos facer. Quen están asumindo o papel do PP son vostedes, porque nos presentan unha emenda onde eliminan de raíz todas as peticións ao Estado e deixan só as da Xunta, que é o mesmo que fai o PP cando eliminan todas as da Xunta e deixan só as do Estado. Polo tanto, non lle podemos aceptar a emenda.

Segunda cuestión, señor Fidalgo. Nós, e eu en particular, non temos —para que lle quede claro a vostede e á propia conselleira— absolutamente ningunha teima coa conselleira do Mar, ningunha. Nós co que temos teima —e xa o debera ter claro a estas alturas— é coa política de acoso e derribo ao sector do mar que vén levando a cabo a consellaría en contra do mar, que é a que preside a señora Villaverde neste momento. (*Aplausos.*)

E fala vostede de que non van consentir que o BNG faga un relato falso das cousas, un relato a respecto de que a Consellería non fai nada etcétera, etcétera. Pero, mire quen fai o relato falso. Claro, vostedes, evidentemente; desde sempre, non é de agora. Porque, mire, ¿que é



máis falso que dicir, como vostede dixo agora aquí —case textualmente llo vou citar—, que o punto de partida da situación actual foron os temporais do 2023? ¿Como se atreve, señor Fidalgo, a dicir que o punto de partida da situación actual foron os temporais do 2023 cando ten vostede a páxina web da Consellería de Pesca, onde pode ver que os datos de perda de produtividade das rías galegas proceden de quince anos antes? ¿Como se atreve a dicir que somos nós os que temos un relato falso e que nós non lle reclamamos medidas ao Estado se presentamos unha moción onde a maioría das medidas, precisamente ao abeiro desa decisión do Consello de Ministros do 10 de febreiro, son precisamente para propoñerlle ao Estado? ¿Quen mente?, ¿quen é o que ten o relato falso?

Igual que teñen un relato absolutamente falso e —xa llo dixen antes— absolutamente patético cando vostedes se autoproclaman o partido da pesca. Xa llelo dixen máis veces: vostedes son o partido que está a destruír a pesca (*Aplausos.*) se dedican 30 millóns de euros para a creación de empresas de acuicultura e diminúen a cantidade de 6 a 4,9 millóns en investigación para o sector extractivo e para as rías galegas. O relato pódese avalar con datos e, desde logo, o seu, o do Partido Popular e o da Consellería do Mar, non pode ser máis falso, pero xa non é de agora.

Pretenden vostedes gravitar todo o problema, absolutamente todo o problema, sobre os temporais e sobre o cambio climático. Desde logo, señor Fidalgo, a nós parécenos que é imposible agochar tanta desidia e tanto abuso que vén dende a Consellería do Mar por acción e por omisión detrás do rótulo de que todo isto é culpa do cambio climático, cando vostedes se negaron a recoñecer ese cambio climático durante anos e cando hoxe seguen sen tomar nin unha soa medida —non para eliminar o cambio climático, que non poden, igual que non poden facer que deixe de chover— precisamente para facerlle fronte ás consecuencias dese cambio climático.

**O PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ:** Remato, presidente.

En definitiva, propoñemos unha serie de medidas —¡señor Fidalgo, é que, textualmente, as citou!—: a inmediata exención das cotas da Seguridade Social para as persoas, empresas e confrarías de pescadores; a cobertura social para todos os afectados; a disposición de créditos para armadores e autónomos; a planificación dun plan de medidas con orzamentos para a súa execución, e que a propia Consellería complementa todos eses fondos.

**O PRESIDENTE:** Grazas.

**ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ:** Se a vostede lle parece que estas non son medidas e se inventa a escusa....

**O PRESIDENTE:** Grazas.

**ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ:** ...de que nós falseamos o relato para votar en contra, pois alá vostedes, porque xa non enganan a ninguén. (*Aplausos.*)

**O PRESIDENTE:** Grazas. Moitas grazas.



Están con nós, e saudámoslos, os alumnos de terceiro e cuarto da ESO do Colexio Vista alegre de Vigo cos seus profesores. Benvidos ao Parlamento.

### ***Alteración da orde do día***

Continuamos. Comunico unhas alteracións da orde do día que foron aprobadas o outro día na Xunta de Portavoces e que consisten en que agora imos substanciar a moción que figura no punto número 3, e despois debateríamos dúas proposicións non de lei, para continuar á tarde coa moción que falta e proceder ás votacións.

Entón, agora, polo tanto, é o debate da moción que figura no punto 3.3.

### **Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre o grao de eficacia das políticas do Goberno galego dirixidas a corrir a desigualdade socioeconómica das mulleres en Galicia**

**O PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Perdón, é unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista. ¿Dixen BNG? Entón confundínme; o BNG é o autor da moción. Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Paloma Castro Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir un novo punto 5, que terá o seguinte contido:*

*<<5. Elaborar e aprobar unha guía específica para fomentar a incorporación da perspectiva de xénero na contratación pública da Xunta de Galicia e do conxunto do seu sector público, co obxectivo de facilitar a inclusión de criterios de igualdade e de cláusulas sociais nos pregos de licitación, especialmente nos contratos de servizos e obras, de conformidade co previsto na Lei 9/2017 de contratos do sector público.>>)*

**O PRESIDENTE:** Para formular a moción, ten a palabra a señora Presas.

**NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos de novo.

Señorías, a mañá de hoxe comezou falando de igualdade e falando do 8 de marzo. Ocupar os espazos de debate é importante, pero máis importante que os discursos son os recursos, tal e como reclamaba o feminismo galego este domingo, berrando aquilo de «menos discursos e máis recursos».



Lamentablemente, vimos unha comparecencia baleira de contido, baleira de propostas, baleira de iniciativa política e chea de demagogia. Mais esta iniciativa vai do contrario. Vai de actuar, vai de medidas concretas e vai de avanzar en materia de dereitos. Fronte aos anuncios de plans que quedan en papel mollado do Goberno do Partido Popular, hoxe pedimos nesta moción catro cuestións moi concretas que teñen que ver con desenvolver e cumprir os plans do Goberno galego e tamén con abordar a precariedade das mulleres nas subcontratas da Xunta.

Hoxe, este contexto de rearmamento do machismo e de ataques ao feminismo fai necesario insistir no evidente: fronte ao relato imperante da igualdade conseguida, as mulleres en Galiza seguimos sen vivir en igualdade. A desigualdade existe e persiste, moi especialmente no ámbito socioeconómico, cun impacto acumulado da crise financeira, cun enorme impacto da pandemia, o impacto da concatenación tamén de crises de prezos, e o contexto de belicismo que estamos vivindo, cuxas consecuencias sabemos perfectamente que van recaer máis nas clases populares e, singularmente, nas mulleres.

E nisto chove sobre mollado, porque a todo este contexto hai que sumar anos de políticas neoliberais da Xunta de Galiza e tamén a ineficacia para cambiar desigualdades estruturais das políticas do Goberno do Estado. O resultado é claro. Hoxe, a situación socioeconómica da muller galega defínese cunha soa palabra: discriminación; especialmente no acceso ao emprego, nas condicións laborais e tamén na remuneración. Algúns indicadores melloran —é certo—, mais iso ben explicado sempre polo empeoramento das condicións masculinas, e non realmente porque avancemos de forma rápida e suficiente.

Un exemplo evidente é a fenda salarial. En Galiza non deixou de medrar até o ano 2022 e, malia unha lixeira mellora porcentual, hoxe é, en termos absolutos, a fenda salarial máis alta da nosa historia: 4.706 euros de fenda salarial que non mereceu nin unha soa reflexión por parte da conselleira de Política Social e Igualdade. Ademais, segundo os datos da Axencia Tributaria, o salario medio anual das mulleres galegas está por debaixo da media estatal, e non só cobramos menos, senón que ocupamos máis aqueles empregos máis precarios e os tramos salariais máis baixos.

Se falamos de precariedade, tamén temos que dicir que outro indicador significativo é a temporalidade. Tampouco mereceu unha soa reflexión, por parte da máxima responsable de Igualdade, que en Galiza a temporalidade sexa superior á media do Estado. Aquí hai que facer un alto e preguntarse cales son as principais fontes de emprego precario no noso país.

Temos unha economía cada vez máis terciarizada. Sabémolo perfectamente porque a única política industrial do Goberno galego é espolio, espolio e máis espolio, como vimos tamén hoxe pola mañá. Temos un goberno especialista tamén en precarizar as mulleres nos servizos públicos, o segundo gran foco de precariedade do noso país de forma directa ou indirecta, sobre todo a través de contratas da Xunta. A Xunta é responsable, en última instancia, da contratación e das condicións laborais de milleiros de mulleres no noso país e non pode poñer unha venda nos ollos sen mirar cales son esas condicións de traballo.



Por iso, hoxe abordamos as necesidades desas mulleres, que son quen máis o precisan. Hoxe pola mañá, escoitamos unha oda a grandes mulleres de éxito, mais botamos en falta un recoñecemento da conselleira de Política Social e Igualdade a aquelas mulleres que, coa súa precariedade, están sostendo os servizos públicos. Escoitamos aquí aquilo de «*si te esfuerzas puedes conseguir lo que quieras*», pero quen ten que esforzarse para crear condicións de traballo dignas é a propia Xunta de Galiza. Por iso, hoxe pedimos dúas cousas moi claves para mellorar substancialmente a vida das traballadoras.

A primeira é que na xestión desta subcontratación si haxa realmente cláusulas de igualdade e non sexan un simple titular. Dixémolo cando se debateu a Lei de igualdade e seguímolo dicindo: hai que avanzar na concreción desas cláusulas de igualdade —por certo, o BNG trouxo unha lei a este Parlamento e foi vetada polo Partido Popular— e hai que avanzar en que estas sexan reais, e non un accesorio. Polo tanto, reclamamos que haxa unha mesa específica de traballo no Consello Económico e Social na que se avalíe e se faga o seguimento destas cláusulas de igualdade e das súas incorporacións.

A segunda, moi clara, é que as subcontratas parciais non sexan un subterfuxio de grandes empresas que contratan por esa vía menos de cincuenta traballadoras e traballadores para así poder evadir cuestións ás que xa obriga a lei, como as auditorías retributivas. O que pedimos é o compromiso da Xunta e que incorpore a existencia de auditorías retributivas para así ver, por exemplo —como temos traído a este Parlamento—, como acabar coa fenda salarial en ámbitos, como o da limpeza, que sabemos que están profundamente feminizados e nos que, aínda así, hai unha enorme fenda salarial, mesmo en contratas que dependen directamente da Xunta, como os edificios públicos.

Pedimos, polo tanto, estas dúas propostas de mínimos: que haxa un programa de auditorías retributivas nestas subcontratas da Xunta e que haxa unha mesa de traballo para as cláusulas sociais no ámbito do Consello Económico e Social. Desde logo, hai moito máis por facer e, desde as administracións públicas, non podemos atender a desigualdade como se fose unha praga inevitable.

Pola contra, hai que facerse unha pregunta fundamental: ¿están sendo efectivas as políticas públicas?, ¿están sendo efectivos os plans de igualdade no ámbito da conciliación, no ámbito laboral, no ámbito da ciencia e noutros ámbitos? Evidentemente, esta é unha pregunta que non se contesta soa. Hai que avaliar os plans para ver se iso se pode verificar ou non, e iso é algo que a Xunta de Galiza non fixo. Na interpelación anterior desmontamos aquí, claramente, como o Plan de igualdade e benestar, caducado no 2025, nin tivo a avaliación intermedia do seu período nin se sabe nada da súa avaliación final. Hoxe, conseguimos algo, claro. O outro día, xa ironicamente, diciámoslle á señora conselleira que a ver se collía ideas para algún anuncio, e falou a futuro destes plan. Mais non temos calendario, non temos proposta de orzamento e non sabemos se vai ter indicadores de seguimento.

Isto que digo do Plan galego de benestar laboral e conciliación podemos dicilo tamén do programa galego Muller e Ciencia. Rematado o prazo, non se coñece a avaliación e non temos perspectiva de futuro. Pasa o mesmo co Plan galego de loita contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual. Dous anos levamos pedindo neste Parlamento —¡dous



anos!— que se faga o novo plan. Anunciárono primeiro para uns meses vista, en 2025; despois, ía estar no verán de 2025, e agora, dinnos que estará en abril. A ver que din en abril. É unha incompetencia absolutamente intolerable.

O resumo é: anuncios, anuncios e máis anuncios. Queda moi bonito aprobar un plan sen calendario e sen indicadores de seguimento, queda moi bonito dicir que se vai avaliar e, despois, non facelo. Mais iso é un lastre para as mulleres deste país, iso é un lastre para a reputación das institucións e, desde logo, hoxe a Xunta debe asumir responsabilidades políticas. Pedimos iso e que presente estes tres plans vinculados a indicadores de seguimento obxectivos, como os que reclama o Consello de Contas, incorporando o esencial: o orzamento, un calendario e, desde logo, que haxa unha avaliación rigorosa.

Insistimos desde o BNG, como demandaba o feminismo galego esta fin de semana, en que necesitamos menos discursos e máis recursos. Hai que escoitar as rúas e o mandato este domingo foi claro: fronte á guerra, paz; fronte ao machismo, feminismo, e fronte á propaganda, medidas reais que nos fagan avanzar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Do Grupo Parlamentario Socialista, a señora Castro.

**PALOMA CASTRO REY:** Grazas, presidente.

Benvidos todos os mozos e todas as mozas que nos acompañan hoxe no pleno.

A verdade é que —dicíao a voceira do BNG en relación coas políticas de igualdade da Xunta— creo que o 8 de marzo non é un día para centrar unicamente a loita feminista, pero si é importante facer unha fiscalización de todas as políticas que se desenvolven e que son necesarias os 365 días do ano. Nisto, o Partido Popular falla estrepitosamente.

Falaba deses dous plans; dese Plan de benestar laboral e dese plan Muller e Ciencia. Estes dous plans son un exemplo claro de que para o Partido Popular a política de igualdade é un slogan. É un slogan porque, despois de anos de anuncios e compromisos, non temos ningún tipo de resultado de ningún dos dous plans, e non só diso, senón tampouco da lexislación que aproba. Falo agora da Lei 5/2021, de impulso demográfico. Esta é unha lei na que a Xunta se comprometeu a incrementar o investimento en políticas de familia. Falaba a Lei dun «mínimo do cincuenta por cento sobre o aumento porcentual do gasto non financeiro dos orzamentos». Esta premisa era unha oportunidade para poder reforzar os servizos públicos que fan posible a conciliación, pero quedou, como sempre, no papel.

Se temos en conta o contido do primeiro plan ao que se refire á iniciativa, o Plan de benestar laboral, conciliación e corresponsabilidade, os datos son claros: no ano 2021, Galicia situaba a taxa de actividade feminina no 48,3 por cento, a case 9 puntos da taxa masculina. Ademais, o chamado «teito de vidro» seguía sendo unha realidade: só o 32 por cento dos cargos de



dirección ou xerencia os ocupaban mulleres. Pero se avanzamos ata agora, a cousa non cambiou: no ano 2025, a taxa de actividade feminina segue varios puntos por debaixo da masculina. Informes recentes, como o Women in Business 2025, evidencian un retroceso dos postos directivos das mulleres en Galicia ata o 36,8 por cento. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se falamos de recursos públicos, tamén, porque aquí é onde a Xunta falla claramente, nas políticas dos coidados de persoas maiores e dependentes. En Galicia, hai 22.000 prazas residenciais, das que 17.000 son de titularidade privada —o 77 por cento— e só unhas 4.800 están en centros de titularidade pública. Mentres, as diferentes entidades alertan de que serían necesarias decenas de miles de prazas máis para atender a demanda actual. Fallamos tamén no Servizo de Axuda ao Fogar, porque o recente acordo de 16 euros por hora en 2026 é claramente insuficiente, cando o custo do servizo supera os 22, 23 ou 25 euros á hora nalgúns concellos. Tamén falla na conciliación das familias. Mentres centos de familias quedan sen praza pública nas escolas infantís, a Xunta devolveu ao Estado 22 millóns de euros de fondos europeos que permitirían crear 3.000 novas prazas. ¿Por que? ¿Porque non as necesitaba! É dicir, menos recursos públicos, máis dificultades para conciliar e, como sempre, máis carga para as mulleres, que somos as que asumimos os coidados.

Non é casualidade, entón, que máis do 94 por cento das persoas inactivas que deixan de traballar para coidar menores ou dependentes sigan a ser mulleres. Por iso, é inevitable preguntar ao Goberno galego que foi deste plan, que foi das metas que prometía, como aumentou a corresponsabilidade dos homes grazas ás medidas que constaban neste plan ou como se fortaleceron realmente os servizos públicos. O Plan, ademais, exixía unhas avaliacións que, no día de hoxe, aínda non coñecemos e aínda non se produciron.

Se falamos dese programa galego Muller e Ciencia, pasa o mesmo. Vemos ao redor de 45 millóns de euros, máis de 50 medidas e o obxectivo de incrementar a presenza das mulleres en investigación, ¿e tradúcese en avances reais? Non, non se traduce. Chegados a 2026, as mulleres somos maioría nos estudos de grao, onde representamos o 57 por cento da matrícula. Tamén o somos nos másters, o 60 por cento, e o nos programas de doutoramento, o 70 por cento, pero chegamos á cúspide e despois, ¿que pasa? Pasa que unicamente somos o 25 por cento de catedráticas. Ese é o teito de cristal que temos as mulleres. Non sabemos tampouco cantas medidas levaron a cabo deste plan. O problema é que estes plans da Xunta de Galicia, en definitiva, teñen un carácter máis declarativo que efectivo, e os datos así o demostran.

Fala tamén esta iniciativa doutros asuntos, como é o Plan galego contra a trata, do que falamos anteriormente —por iso non me vou repetir—, e das cláusulas de igualdade na Administración pública, en vista da falta de desenvolvemento da aplicación desta Lei de igualdade e de auditorías na contratación pública. Pois ben, nós cremos que a contratación pública é unha ferramenta fundamental, unha das ferramentas máis poderosas que ten a Administración para transformar a realidade social. Non se trata só de adquirir bens ou contratar servizos, senón tamén de decidir que valores se promoven con diñeiro público. Por iso, resulta difícil comprender que nas licitacións da Xunta —pero xa non só da Xunta, tamén das súas consellarías e do conxunto do sector público autonómico— non se estea a aproveitar todo o potencial da contratación pública social con perspectiva de xénero. Esta cuestión cobra especial relevancia cando estamos a falar de determinados ámbitos que



están especialmente feminizados. Falamos da limpeza, dos coidados, dos servizos sociais e das externalizacións no eido dos servizos sociais, que son case en todos. Precisamente é nestes sectores onde as políticas públicas si que poden contribuír a mellorar as condicións laborais das mulleres, promover unha igualdade real entre as mulleres e os homes e tamén avanzar cara a unha organización do traballo máis xusta.

Ademais, isto ten unha base legal. A propia Lei 9/2017, de contratos do sector público, establece que «a través dos criterios de adxudicación e das condicións dos contratos», se poden «incorporar consideracións sociais e de igualdade». Entre elas, por exemplo, está a valoración das empresas que conteñen plans de igualdade, obrigatorio nalgunhas —nas de máis de cincuenta traballadores—, así como medidas de conciliación, corresponsabilidade, redución ou adaptación da xornada por razóns dos coidados, entre outras moitas cousas. Tamén existe outra vía plenamente recoñecida pola normativa, que é introducir condicións especiais de execución nos contratos; é dicir, establecer que, unha vez adxudicados os contratos, as empresas deban aplicar determinadas medidas vinculadas coa igualdade, a conciliación ou a corresponsabilidade no marco da prestación do servizo.

Porén, a realidade é que a Xunta non está a facer uso das posibilidades que, real e legalmente, ten. As razóns parecen claras: por unha banda —e non o podemos negar—, hai unha evidente falta de conciencia feminista á hora de entender a contratación pública por parte da Xunta de Galicia, e, por outra, tamén será o temor a que a inclusión destes criterios poida parar as licitacións. Con todo, ademais, a doutrina xurídica maioritaria considera que, sempre que garde relación, se pode incorporar a perspectiva de xénero á contratación pública.

Por iso, entendemos que é necesario dar un paso adiante. Nós plantexamos como engádega unha emenda para aprobar unha guía específica que impulse e facilite a incorporación da perspectiva de xénero na contratación pública, aplicable a todas as licitacións e, de maneira especial, aos contratos de obras e servizos. Este é un instrumento que cremos que é útil e garantista, que dá seguridade aos órganos de contratación e que pode converter a igualdade nun criterio real e efectivo das políticas públicas, porque —como dicía— dende o público, se pode cambiar o mundo cunha boa xestión. Cunha xestión con perspectiva feminista, facemos que a igualdade avance. Se, ao final, unicamente redactamos as cousas nun papel e non as cubrimos, seguimos sen avanzar e seguimos paralizados.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Popular. Señora Pérez López.

**NOELIA PÉREZ LÓPEZ:** Bo día.

Grazas, presidente.

Señorías, cada unha veu aquí falar do seu libro. Señora Presas, o Bloque Nacionalista Galego ten moitos problemas, pero ten dous problemas políticos moi serios: o primeiro, a incohe-



rencia, e, o segundo, unha forma totalmente irresponsable de facer política. (*Aplausos.*) Porque, mire, unha pode vir aquí e equivocarse, pode vir discrepar, pero a forma máis irresponsable que hai de facer política é ignorar e manipular a realidade para poder seguir repetindo e intentando colarlles aos galegos o seu relato ideolóxico. Esa é a forma máis irresponsable de facer política, e iso foi o que veu facer hoxe aquí con esta moción e o que fixo o pleno pasado coa interpelación á conselleira. Vostede trae un discurso preparado: «anuncios, anuncios e anuncios» —repetiuno ata en seis ocasións—. Pero, claro, atopouse cunha conselleira que lle respondeu con medidas, con medidas e con medidas, que demostran que en Galicia, señoría, hai políticas estruturais en materia de igualdade sostidas no tempo. E atopouse, por parte da conselleira, con datos, datos e datos —que eu non lle vou repetir porque, total, non lles fan caso ningún—, que avalan que Galicia está entre as comunidades con mellores recursos para a protección e tamén para a inclusión laboral das mulleres nestes momentos. (*Aplausos.*) ¿E cal foi a súa reacción? ¿Cal foi a súa reacción, señora Presas? Seguir con «anuncios, anuncios e anuncios»; non quixo escoitar absolutamente nada do que lle estaban dicindo. Polo tanto, o problema non é do Goberno galego, que lles está a facilitar toda a información, senón que o problema é do Bloque Negacionista Galego, que, cando a realidade non lle encaixa no seu discurso prefiren ignorala; negar os datos, negar os avances e negar todo o que non encaixe no seu discurso ideolóxico.

E cando un decide ignorar a realidade para sostener un relato, pasan cousas como esta moción, unha falsidade máis do Bloque Nacionalista Galego. Miren, dúas supostas responsabilidades políticas e catro grandes problemas, que non existe ningunha desas cousas. Ao final, o que traen hoxe non é máis que catro coellos que o Bloque Nacionalista Galego intenta sacar do sombreiro para ver se algún sae correndo e distrae o suficiente. Iso é o que viñeron facer aquí hoxe; e así non falamos dos temas dos que ao Bloque non lle interesa falar, señora Presas. Miren, non lles interesa falar e vostedes teñen moito que ocultar, por exemplo, nalgo especialmente incómodo nun día coma hoxe, o 8M. Porque, mentres aquí veñen dar leccións de feminismo, o Bloque segue sostendo e apoiando no Goberno da Deputación de Lugo un cargo acusado por acoso sexual. ¿Ata cando, señorías do BNG? ¿Ata cando? (*Aplausos.*)

E, cando un non ten argumentos —e non os teñen, viñeron falar do seu libro— ou cando un ten moito que agochar —e teñen moito que agochar—, o que lles queda é recorrer ao teatro, e por iso a moción de hoxe. Mire, colleron catro temas distintos, metéronos nun folio, puxéronlles un título e así nos atopamos hoxe con catro números de ilusionismo político do BNG. Nin demoras, señora Presas, nin falta de xestión. Todo isto é falso, por moitas veces que o repita nesta Cámara. E, se o que buscan é espectáculo, alá vostedes, pero a cidadanía galega, e especialmente as mulleres galegas, non están para números de maxia; están para políticas públicas serias, que é o que está a facer nestes momentos o Goberno da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*)

Miren, primeira xenialidade do Bloque Nacionalista Galego hoxe —feita para o titular, a primeira xenialidade, non para solucionarlles nada ás mulleres—: responsabilidades políticas por supostas demoras no segundo plan de benestar laboral e no programa Muller e Ciencia. «Demoras». Pasaron dous meses desde a finalización do plan. (*Murmurios.*) Dous meses non é un problema estrutural, eu creo que é tempo máis que razoable para facer un traballo serio. Mire, dixo vostede antes que era mestra, eu non sei se, cando remata o curso escolar,



as notas vostede as entrega o mesmo día que fan o último exame; eu supoño que non, que as corrixen, que se reúnen, que validan os resultados e que despois publican as notas. Pois mire, imaxínese avaliar un plan de tres anos. O sentidiño de todos os galegos dinos que, cando remata un plan, o responsable non é improvisar un informe o día seguinte para com-  
pracer o BNG. O responsable é facer ben o traballo: recoller datos, comprobalos, cruzar in-  
dicadores e analizar os resultados para ver que se pode mellorar e que impacto tivo antes de  
presentar a renovación. Iso é o que está a facer nestes momentos o Goberno galego. As pré-  
sas, señora Presas, poden servirlle para o seu discurso, pero non serven para facer as cousas  
ben. Están caendo demasiadas veces na tentación de exixir inmediatez para ganar un titular,  
e despois pásanlles cousas como o que lles pasou coa Lei do só si é si, que é preciso recordar  
hoxe, porque onte saíron coa man esquerda levantar unha pancarta, pero coa man dereita  
están a sacar agresores do cárcere á rúa.

Gobernar eu entendo que a vostedes lles custe saber o que é, porque non tiveron moitas  
oportunidades nin as van ter, pero tanto gobernar como avaliar políticas públicas non con-  
siste en correr; consiste en facer as cousas con rigor para que os cidadáns poidan confiar  
nos resultados. Esa é unha das razóns polas que os cidadáns galegos, elección tras elección,  
voven confiar no Partido Popular e non o fan no Bloque Nacionalista Galego: pola transpa-  
rencia e polo rigor deste Goberno, señorías. *(Aplausos.)*

E respecto ao segundo plan galego contra a explotación sexual e a trata, hai máis dun mes  
que o director xeral se reuniu coa Rede Galega de Entidades contra a Trata para abordar os  
últimos detalles antes desa publicación. Vostedes sábeno, saben que se está a facer da man  
da Rede. Polo tanto, a resposta é moi simple. Decía esta mañá a señora Pontón: «por favor,  
xa que os galegos lles están pagando un salario, polo menos, fagan ben o seu traballo, cun  
pouquiño de rigor». Fágalle caso á señora Pontón esta mañá. Eu engadiríalle que deberían  
ler e escoitar, porque iso non fai dano; culturiza e, sobre todo, é un bo antídoto para non vir  
aquí facer o ridículo e pedir cousas que o Goberno galego xa ten pechadas. *(Pronúncianse pa-  
labras que non se perciben.)* Si, xa as ten pechadas desde hai meses.

Pero falan de responsabilidade, e eu preguntolles quen vai asumir a responsabilidade de se-  
guir apoiando o Goberno da Deputación de Lugo no que está o señor Tomé ou quen vai asu-  
mir a responsabilidade polo que lles están facendo a todas as mulleres neste país desde o  
Goberno presidido polo señor Sánchez, co apoio cómplice do Bloque Nacionalista Galego, en  
relación con esa lei integral para abolir a prostitución que prometeron no ano 2018, señorías.  
E 2.900 días despois, nin reforma do Código Penal, nin ampliar o delito de proxenetismo,  
nin recuperar a terceira locativa. Promesas incumpridas tras promesas incumpridas. ¿Quen  
vai asumir responsabilidades? ¿O señor Besteiro? ¿A señora Pontón? ¿O señor Rego? ¿Ou vai  
ser vostede, señora Presas, a que se vai sacrificar por todos eles? Mire, debería caerlles aos  
34 a cara de vergoña. *(Murmurios.)*

Pero se chegamos ao punto tres e catro da petición de hoxe do Bloque Nacionalista Galego  
en relación coa contratación pública, ademais de estar xa lexislado, cumprindo, e de estar o  
Goberno galego ultimando unha estratexia de contratación que se presentará proximamente  
—fágame caso ao que eu lle digo para non volver cometer o ridículo de hoxe—,  
*(Aplausos.)* neste punto, o espectáculo do Bloque de hoxe xa entra na fase de repetición do



número. ¿Sabem por que? Porque estea truco xa o vimos hai dous anos: *(A deputada Noelia Pérez López amosa un titular de prensa.) «El Bloque propone incluir por ley cláusulas de igualdad en los contratos públicos y pide una auditoría de concesiones»*. Un 8M calquera de hai dous anos. Aquí estaban nove artistas que están hoxe sentadas aquí neste salón de plenos. Eu déixolles... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señora, vostede non está no diálogo, entón eu pediríalle que estivese calada. Eu déixolle a foto. Se quere saber se está, voulle deixar a foto ao presidente para saber se vostede estaba ese día.

O que trouxeron hoxe ao final é unha moción requeitada, sacada do conxelador da heme-roteca e servida neste pleno, señora Presas, aos galegos e ás galegas coma se fose o prato do día. Isto explica moito do momento político que está a vivir o Bloque Nacionalista Galego, explica moito de que o seu discurso está xa completamente esgotado. Porque mire —e remato xa, señorías—, o que vostedes defenden non é feminismo. *(Murmurios.)* O feminismo non é dividir as mulleres. *(A deputada Olalla Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Señora Rodil, ¿quere participar no debate? Pois, se non lle gusta como o fai a súa compañeira, a seguinte vez saia vostede; pero, se non, de momento estea calada. *(Murmurios.)* Mire —reitero—, o que vostedes fan non é feminismo. *(Murmurios.)* O que vostedes defenden non é feminismo, señorías; o feminismo non é dividir as mulleres, que é o que están a facer vostedes, nin telas secuestradas dentro dunha sede porque pensan diferente, nin atacar a secretaria xeral doutro partido, nin atacar unha conselleira, nin ir manifestarse diante da casa dunha conselleira, nin un disco raiado que vén aquí repetir sempre a mesma canción, como fan vostedes. O verdadeiro feminismo é o que é capaz de ofrecer respostas novas...

**O PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**NOELIA PÉREZ LÓPEZ:** ...aos problemas que teñen as mulleres, aos problemas reais das mulleres cada día. E iso é o que está a facer o Goberno galego nestes momentos e esta bancada da dereita.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo autor da moción. Señora Presas.

**NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS:** Señora Pérez, falar do seu libro viría vostede. Viría vostede aquí, que, nunha falta de respecto ao grupo líder da oposición, non se tomou a mínima molestia en facer o que nós facemos, que son propostas e argumentos. A iso veu o BNG, a defender esta moción. Puideron vostedes presentar algunha iniciativa para falar de propostas de igualdade e decidiron non facelo neste pleno; e que viñese a súa conselleira, efectivamente, facer un espectáculo lamentable de anuncio, anuncio e anuncio. *(Aplausos.)* Vólvollo repetir: nin unha soa proposta concreta, nin unha soa proposta nova. *(Aplausos.)*

Vostede pode intentar ofender; non ofende quen quere, senón quen pode. Eu estou moi orgullosa da miña intervención aquí e das nosas propostas políticas, e os meus compa-



ñeiros e compañeiras tamén. Peor exercicio de ridículo é vir aquí cun argumentario precociñado que se sabe que é falso e, total, para que logo che movan desde Bande a silla. *(Aplausos.)* Vólvollo repetir, fixo vostede aquí un exercicio de cinismo e posverdade absoluto. *(Aplausos.)* Ou sexa, Plan de igualdade caducado no 2025, señora Pérez. Pero ¿onde esta avaliación intermedia? Páxina 63, a avaliación intermedia, que tiña que estar feita na metade do plan e a finais de 2024 ¿onde está? ¿Que a están, elaborando, xunto con ese plan de emprego en profesións masculinizadas que levan tres anos anunciando? ¿Está aí? Deixouse ese detalle. Porque eu si lin este plan, si fixen o meu traballo, a diferenza de vostede. ¿Que me está contando de ultimar o Plan galego contra a trata? ¡Que levamos dous anos pedindo o novo plan! Pedindo un novo plan. ¡Dous anos caducado, señora Pérez! ¡Un pouco de respecto! E o Plan galego de muller e ciencia pode argumentar vostede que acaba de rematar, pero sabe perfectamente que estiveron máis de catro anos anteriormente sen ter un plan de igualdade na ciencia. Por algo desconfiamos. Polo tanto, estes son plans sen fiscalizar, medidas sen axudar as mulleres galegas. Claro que nos reafirmamos nesta iniciativa.

E das cláusulas de igualdade, ¿que me conta vostede de propostas políticas anteriores do BNG? É que trouxemos unha lei específica aquí, a diferenza do seu Goberno. O BNG fai leis e vostedes o que fan é recortar servizos. *(Aplausos.)* É a diferenza. E votaron en contra. Presentamos emendas na Lei de igualdade e dicían que era demasiado. *(Aplausos.)* Presentamos proposicións non de lei, din que é pouco. *(Aplausos.)* Presentamos unha lei, din que é moito. *(Aplausos.)* ¡Aclárense vostedes! Están cocidos na salsa da rabia pola impotencia de que aquí traemos argumentos e propostas.

E —xa para rematar—, esta é a proba do algodón, catro propostas concretas: non queren avaliar os seus plans, non queren traer os novos plans con calendario e orzamento, non queren avaliar as cláusulas de igualdade fracasadas da súa lei espellismo e non queren tampouco ter unha mesa de traballo no Consello Económico e Social porque lles dá alerxia o Consello Económico e Social e a pluralidade política e sindical deste país. Pois presenten unha emenda e pidan que se faga no Consello das Mulleres, por exemplo.

Pero mire —xa para rematar—, o único partido que sabe aquí algo de apoiar acosadores e de apoiar denunciados —e moi especialmente nas deputacións— é o Partido Popular. Polo tanto, é vostede quen debería sentir vergonza e ridículo ao vir aquí a este estrado, tendo en conta ademais o historial do Partido Popular de Ourense nestas cuestións e todo o que escoitamos neses audios. *(Aplausos.)* Leccións de feminismo do Partido Popular, señora Pérez, cero; leccións de avaliación de políticas públicas do Partido Popular, cero. *(Aplausos.)* E voollo repetir todas as veces que cumpra: anuncios, anuncios, anuncios; é máis —corríxome—, é que hoxe nin sequera foron capaces de pensar un anuncio novo.

**O PRESIDENTE:** ¿Sobre a emenda?

**NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS:** Perdón, agradecemos a proposición do Partido Socialista e aceptamos a emenda. *(Aplausos.)*

**O PRESIDENTE:** ¿Acéptaa? Vale. Grazas.



Tal como comentei, debatemos agora a seguinte proposición non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que desenvolva unha estratexia integral para a atención á saúde das mulleres**

**O PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Elena Espinosa Mangana, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*No enunciado do punto 3 da parte resolutiva da iniciativa, logo de «...atención sanitaria.», débese engadir: «...e mellorando o diagnóstico de enfermidades infradiagnosticadas.»*

*Emenda de adición.*

*No punto 3 da parte resolutiva da iniciativa débese engadir unha nova letra c) bis, que terá o seguinte contido:*

*«c) bis. Saúde mental con enfoque de xénero.»)*

**O PRESIDENTE:** Para defender a proposición non de lei, ten a palabra a señora Prado.

**MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES:** Grazas, presidente.

Hai unha frase achacada a varios autores que di que a primeira vítima dunha guerra é a verdade, mais o imperialismo non precisa xa chegar ás guerras, senón que a imposición do seu relato vénlle xa de atrás; téñenos durante anos. Xustificaron os seus massacres en cuestións humanitarias, en cambiar sistemas políticos, nos dereitos humanos, en calquera cuestión menos na verdade. E a verdade é que no pasado e no presente o único obxectivo do imperialismo é o massacre do que faga falta, dos pobos, para o saqueo, para o seu beneficio, para sacar e apoderarse dos seus recursos naturais, do que faga falta, en beneficio única e exclusivamente do imperialismo e das súas elites. *(Aplausos.)* Polo tanto, «non á guerra», «imperialismo nunca máis».

E hoxe o BNG vén aquí falar dunha cuestión que ás veces parece estraña, porque todos somos conscientes das desigualdades que sufrimos as mulleres en moitos campos, empezando polo laboral, polo salarial, mais hai campos nos que non son tan evidentes; un deles é a situación da desigualdade no campo da atención á saúde das mulleres.

Dixo a muller negra norteamericana Maya Angelou que non hai peor agonía que levar con nós unha historia que non foi contada. Fago referencia a esta frase porque resume o que mi-



lleiros de mulleres galegas padecen todos os días cando acoden a un centro de saúde, cando acoden a un centro hospitalario.

Por iso hoxe queremos falar desta realidade, unha realidade incómoda; unha realidade incómoda porque non se trata de casos illados, non se trata de casos puntuais, senón que se trata dun patrón sistémico de actuación que afecta a saúde e, polo tanto, a dignidade e a calidade de vida das mulleres.

E para entender o que pasa hai que ir á orixe do problema, e a orixe do problema é que historicamente a investigación médica excluíu as mulleres desa investigación, excluíu as mulleres do porqué das doenzas, excluíu as mulleres da investigación dos fármacos, e os ensaios clínicos fixéronos maioritariamente en homes e, polo tanto, asumindo os resultados en homes como os estándares aplicables a *tutti quanti*, sexan mulleres ou homes.

E as consecuencias pois témolas aí. As mulleres reaccionamos de forma distinta diante dos fármacos, porque temos un sistema inmunolóxico diferente, un sistema hormonal diferente, un sistema inflamatorio diferente. Polo tanto, un fármaco deseñado para o corpo dun home, dende logo, nin cura do mesmo xeito nin actúa no mesmo tempo, nin se elimina do corpo no mesmo tempo; consecuencia diso, afecta e compromete a saúde nosa.

Temos unha realidade —que o dixen antes— incómoda e que empeza por un patrón que é o diagnóstico tardío, despois do tema da investigación. E un diagnóstico tardío non é unha excepción en Galiza, é un patrón que se repite enfermidade tras enfermidade, e vou facer referencia a tres xa moi coñecidas pero nas que eu creo que hai que seguir insistindo, porque non se ten avanzado practicamente nada na práctica.

Acordos unánimes neste Parlamento respecto da fibromialxia, respecto da endometriose, respecto da covid persistente, pero logo na realidade practicamente nada se ten avanzado. E a realidade de hoxe é que a endometriose, por exemplo, afecta unha de cada dez mulleres. Polo tanto, máis de 60.000 galegas padecen, sofren esta doenza. E ¿cal é a realidade? Que o tempo medio diagnóstico segue sendo de oito anos. Esa é a realidade; que unha muller desde que empeza a ter molestias, desde que empeza a ir ao sistema sanitario, pasa por todo un calvario ata que ten un diagnóstico; e o problema é que, cando ten ese diagnóstico, a maioría das veces queda no diagnóstico e no mellor dos casos prescribense anticonceptivos, pouco máis. E por iso moitas mulleres —quero citar, especialmente, a Asociación querENDO— denuncian que nos tachan de hipersensibles e que invisibilizan totalmente esa doenza.

Podemos falar da fibromialxia, que tampouco escapa a esta realidade. Periplos de tres, cinco, ata sete anos, para obter un diagnóstico, e, como di unha doente, o máis importante para chegar a ese diagnóstico sería que, primeiro, o sistema sanitario, empezando polos profesionais, aceptaran que é unha doenza recoñecida pola Organización Mundial da Saúde e que non é un invento das mulleres nin é unha cuestión psicolóxica.

E podemos falar da covid persistente. Tivemos unha pandemia, creáronse escasas unidades, moi infradotadas, pero chegou o ano 2023, o ano 2024, e o Partido Popular, na Xunta de Galiza, decidiu que xa non eran necesarias esas unidades e foinas pechando; a



última, a de Ourense, que era a que estaba minimamente dotada. E ¿cal é o drama? O drama é que a estimación é que en Galiza poden ser entre 80.000 e 115.000 as persoas afectadas de covid persistente, maioritariamente mulleres. E o problema é que só están cuantificadas 385, das máis de 100.000 estimadas. E, polo tanto, iso significa miles de mulleres invisibilizadas para o sistema, sen acceso ao tratamento, sen baixas laborais e sen resposta.

Podemos seguir, que o problema non é soamente o atraso no diagnóstico, senón que, cando tes un diagnóstico, en moitos casos, pois saes, como dixen antes, cunha receita. Podemos falar de que determinadas patoloxías se manifestan de diferente forma entre homes e mulleres. Xa sabemos do infarto agudo de miocardio. Ensínasenos de sempre aos profesionais que se manifesta con dor aguda no peito, con radiación ao brazo, pero nas mulleres iso non é sempre así ou maioritariamente non é así, e maniféstase con fatiga extrema, dor de costas, náuseas, falta de aire, e, polo tanto, as mulleres non sabemos que iso pode ser un infarto agudo de miocardio e, polo tanto, non acadamos a pedir axuda médica; e moitos dos profesionais tampouco saben que iso pode ser un infarto agudo de miocardio e, polo tanto, moitas veces sáese da consulta cun ansiolítico para que esa falta de aire, esa dor, esa ansiedade poida mitigarse, co cal o diagnóstico chega tarde e en moitos casos non chega a tempo.

Outra consecuencia é que a prescrición de psicofármacos en Galiza é tremendamente reveladora desta situación de desigualdade. A igual diagnóstico, idade e uso dos servizos sanitarios, as mulleres galegas teñen o 50 por cento máis de probabilidades de recibir un ansiolítico ou un antidepresivo que os homes, o 50 por cento máis de posibilidades. E esta diferenza obsérvase xa desde os 14 anos; logo é especialmente sangrante a partir dos 50 e os 65, nese tramo de idade, pero maniféstase a partir dos 14 anos; estamos á cabeza, só nos supera Asturias.

Podemos falar da fenda socioeconómica e territorial. En Galiza, 271.000 mulleres en risco de pobreza ou exclusión social, o 80 por cento das mulleres teñen dificultades para chegar a fin de mes. E iso ¿que significa? Que as mulleres con traballo precario, con xornada parcial, con cargas familiares, teñen máis dificultade para acudir ás consultas, para seguir tratamentos ou para coidar de nós mesmas. E isto o sistema sanitario non pode ignoralo, pero na realidade si o ignora.

E isto tamén se traduce, a falta de atención á saúde das mulleres, no déficit de matronas e no déficit e na inequidade territorial. En Galiza hai unha matrona por cada 8.300 mulleres, e moi desigualmente repartidas polo territorio. Por exemplo, hai sitios en que unha matrona se encarga de seis concellos no noso país, ou, se non, son as mulleres as que teñen que ir, que desprazarse a outros concellos a centros de saúde. Iso ¿en que se traduce? Nun mal seguimento...

**O PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES:** ... —vou rematando— e moitas veces en que desistan de solicitar esa atención á saúde efectiva.



Polo tanto, o que solicitamos hoxe, señorías, deputados e deputadas, é a creación dunha Unidade de Muller e Saúde; unha Unidade de Muller e Saúde que coordine, impulse e faga seguimento desta realidade para poñerlle solución e dotar de recursos.

**O PRESIDENTE:** Grazas.

**MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES:** Espero o apoio maioritario a esta iniciativa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Espinosa.

**MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA:** Bos días, presidente.

Bos días a todas e a todos.

As mulleres dan vida, a guerra destrúea. «Non á guerra». *(Aplausos.)*

As mulleres representan case a metade da poboación mundial. Porén, a saúde feminina apenas capta arredor do 6 por cento do investimento privado en saúde. Esta realidade pon de manifesto que a saúde das mulleres continúa estando claramente infradotada en relación coa súa importancia para o benestar da poboación e para o desenvolvemento económico e social. Moitas das enfermidades que afectan de maneira específica as mulleres ou que requiren enfoques diferenciados seguen recibindo unha atención limitada no ámbito da investigación, da innovación e de investimento sanitario.

Durante décadas a fragmentación dos datos, os nesgos históricos na investigación biomédica, a escasa presenza de mulleres en postos de responsabilidade e toma de decisións, así como a falta de aliñamento nos incentivos dentro do sistema sanitario, contribuíron a ocultar a verdadeira dimensión da saúde das mulleres. Aínda que nos últimos tempos, como di esta iniciativa, se produciron algúns avances no estudo diferenciado de homes e mulleres en medicina, en moitos ámbitos o progreso segue a ser insuficiente.

Segundo a Organización Mundial da Saúde, as desigualdades en saúde son aquelas diferenzas que, ademais de existiren, se consideran innecesarias, evitables e inxustas. No ámbito sanitario existen diferenzas derivadas de factores biolóxicos e xenéticos que non poden considerarse inxustas, pero existen outras nas que inflúen de maneira determinante factores culturais, estereotipos e roles de xénero marcados pola sociedade. Estas desigualdades si son inxustas e, polo tanto, deben ser corrixidas desde as políticas públicas.

As desigualdades na saúde prodúcense, en moitos casos, por concepcións androxénicas e por unha invisibilización dos problemas que estas provocan na saúde física e mental das mulleres. A sanidade, aínda hoxe, poderíamos dicir que é un mundo androcéntrico. E o Goberno de España, desde o Observatorio da Saúde das Mulleres, creado no ano 2004 e reactivado no ano 2019, leva traballando moitos anos e traballa na elaboración de liñas de



actuación comúns para combater a discriminación das desigualdades en saúde por razón de xénero, analizando e promovendo a inclusión de xénero nas políticas públicas e en concreto nos sistemas de saúde.

E este Observatorio de Saúde das Mulleres centrouse en transversalizar as políticas de saúde, atender á violencia contra as mulleres no ámbito sanitario, promover a vida sexual e reprodutiva e facilitar a formación nestas materias no conxunto do Sistema nacional de saúde.

¿E por que comento isto? Porque se entrásemos a desenvolver cada un dos eixos ou políticas descritas anteriormente atopariámonos con certo paralelismo con esta iniciativa. E esta iniciativa pon sobre a mesa unha serie de accións para seguir avanzando en igualdade.

Poderíamos preguntarnos: ¿é plausible considerar a saúde como fenómeno á marxe da sociedade? ¿Atópase a saúde exenta das diferenzas e das desigualdades? Non fai falta pensar moito para dicir que non. Pero non só a saúde, senón tamén a investigación e a innovación, que deben incorporar a igualdade como eixo central. E o noso grupo non só llo trasladou a este Parlamento, senón tamén a outras institucións e foros. Basta recordar algunhas iniciativas que situamos xa no ano 2017.

Por tanto, non debe quedar ningunha dúbida ao noso apoio a esta iniciativa, que pretendemos perfeccionar un pouco coa nosa emenda, engadindo por exemplo a saúde mental con enfoque de xénero. Porque desde o noso punto de vista débense levar a cabo programas de saúde mental que integren factores de desigualdade, que afectan especialmente as mulleres, como a violencia de xénero, a sobrecarga dos coidados, a precariedade laboral, etc., etc.; e tamén engadimos a mellora no diagnóstico de enfermidades infradiagnosticadas.

Pero queremos reiterar que esta proposición pide algo xusto. E falemos un pouquiño da historia.

As mulleres estaban excluídas dos gremios artesanais e deixábanas fóra de calquera profesión. E a construción da clínica realizouse entre homes universitarios e exerceuse entre homes médicos e cirurxiáns barbeiros, sen esquecer a caza de bruxas pola que moitas mulleres foron asasinadas polo poder inquisidor (matronas, curandeiras, etc.). Non obstante, as mulleres estiveron sempre preto da medicina, entendida esta como o coidado e a curación da vida humana. Con todo, estiveron afastadas dos lugares de poder e do coñecemento formal da saúde e da enfermidade ata hai un século.

Así, os coñecementos médicos e un construto androcéntrico, como xa dixen, constituíuse entre os homes e para os homes e quedando a experiencia feminina á marxe.

A ciencia médica non tivo en conta as diferenzas entre homes e mulleres á hora de enfermarse, salvo no relacionado coa reprodución. É máis, chegou a crer que o corpo da muller era un corpo masculino imperfecto. Así foi a historia. Pero hai que avanzar.

E xa, para ir rematando, aínda que ao Partido Popular non lle guste falar do Bipartito, hoxe temos que facelo. O Goberno de Emilio Pérez Touriño, no ano 2007, elaborou o coñecido



como Plan integral da saúde da muller, un plan que tiña unha perspectiva a longo prazo, pero o Partido Popular, no ano 2009, fixo que este plan morrese. ¡Cantos anos levamos perdidos!

Por iso, hoxe é máis necesario e imprescindible que nunca avanzar en personalizar o enfoque da atención médica e promover mellores resultados na saúde xeral. Porque non só hai enfermidades que afrontan desafíos específicos, senón que a detección temperá e a promoción de hábitos saudables deben adaptarse ás particularidades de cada xénero para mellorar a calidade de vida ao longo dos anos. E engadir o dereito das mulleres a unha atención sanitaria de calidade, eficaz e baseada na equidade, require incorporar de maneira real e efectiva a perspectiva de xénero nas políticas de saúde pública.

Desde o noso grupo tamén esperamos que esta iniciativa poida ser hoxe aprobada por unanimidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

**MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ:** Bos días a todos.

Moitas grazas, presidente.

*Veinticuatro aviones de combate salieron de España para atacar Irán, mientras Sánchez presumía del «no a la guerra». Treinta y cinco movimientos vinculados a la guerra en las dos bases navales son origen o escala de aparatos que actúan en Oriente Próximo.*

Señorías, imos debater hoxe unha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, que, se algo demostra, é unha constante que xa coñecemos ben nesta Cámara: a súa tendencia a utilizar cuestións sensíbeis, como a saúde das mulleres, non para mellorar realmente o sistema sanitario nin para mellorar a saúde das mulleres, senón para facer política partidista. (*Aplausos.*)

Repiten ano a ano a mesma iniciativa, sen modificar unha soa coma, como se non se puxeran en marcha novas medidas, novos programas e novos servizos para mellorar a saúde das mulleres en Galicia. E iso, señorías, simplemente non é certo.

Vostedes volven insistir na creación dunha suposta Unidade da Muller e Saúde dentro da Consellería de Sanidade, como se a saúde das mulleres fose un ámbito illado. A saúde das mulleres, señorías, non é unha especialidade illada, é unha cuestión transversal; afecta a todas as disciplinas médicas, desde atención primaria, xinecoloxía, cardioloxía, saúde mental, reumatoloxía ou endocrinoloxía, entre outras. Por iso é importante dicir, con claridade, que a promoción da saúde da muller debe de entenderse como unha liña de traballo transversal, non constreñida a unha única unidade, senón dotando todos os eidos e especialidades



de ferramentas que beneficien a saúde das mulleres, tendo en conta sempre as súas características, as nosas características específicas. *(Aplausos.)*

E precisamente por iso a forma responsable de abordala non é crear novas estruturas burocráticas, senón integrar a perspectiva de xénero nos protocolos, na formación dos profesionais, na investigación e nos programas asistenciais que xa existen no noso sistema sanitario.

Esa é precisamente a liña na que desde hai anos traballa o Sergas. Mentres vostedes repiten a mesma proposta ano a ano, o sistema sanitario galego segue avanzando con medidas concretas e medidas aplicables. Mesmo neste Parlamento aprobamos no ano 2023 unha proposición para impulsar unha guía de acompañamento á muller nas cesáreas e favorecer o contacto pel a pel tamén nestas situacións. E aí está unha medida concreta, útil e centrada na humanización da asistencia obstétrica.

E ese mesmo ano impulsouse tamén a Guía de abordaxe das disfuncións do solo pélvico feminino en atención primaria, que mellorou a capacidade diagnóstica e asistencial dos profesionais. E recórdolles que desde o Partido Popular se impulsaron iniciativas parlamentarias e mesmo no programa electoral medidas útiles para a saúde das mulleres.

E o importante destas medidas non é que quedaran no papel, é que son medidas que se están executando. Hoxe en Galicia o papel das matronas en atención primaria está reforzado, ampliáronse as súas competencias en ámbitos como a preparación ao parto, a lactación, o posparto ou a atención ao solo pelviano. E tamén se está desenvolvendo o programa Atencións á saúde menstrual, liderado polas propias matronas do Sergas, un programa que permite detectar de forma precoz patoloxías como a endometriose ou a osteoporose e mellorar a información e o acompañamento das mulleres en etapas como a puberdade ou a menopausa.

E no ámbito da prevención, señorías, Galicia conta con programas consolidados de cribado de cancro de mama e de cervix, e tamén coa vacinación fronte ao virus do papiloma humano. Pero, ademais, Galicia e o Goberno Rueda deu un paso máis. E está en marcha un proxecto piloto para detectar a predisposición xenética ao cancro de mama en mulleres de entre 45 e 50 anos, que permitirá avanzar cara a unha prevención máis personalizada desta enfermidade.

E outro exemplo do compromiso coa saúde reprodutiva das mulleres é o Plan galego de reprodución humana asistida, ampliando ata os 45 anos a idade límite para acceder a estes tratamentos na sanidade pública galega. E, grazas a este plan, Galicia conta cunha das carteras de servizos máis amplas de España neste ámbito.

E no ámbito formativo, que ten moita importancia, estanse dando pasos importantes. No ano 2025 desenvóléronse once accións formativas relacionadas coa saúde sexual e reprodutiva da muller, que suman máis de 290 horas de formación para profesionais sanitarios: cursos sobre saúde menstrual, asesoramento anticonceptivo, solo pélvico ou saúde perinatal, que permiten mellorar a capacidade diagnóstica e asistencial no noso sistema sanitario.



E, ademais, o Sergas conta xa cunha guía específica para profesionais que aborda diferentes enfermidades con perspectiva de xénero, analizando, entre outras, as particularidades de enfermidades cardiovasculares, respiratorias, psicolóxicas e reumatolóxicas nas mulleres.

Señorías, a clave non está en crear novos departamentos administrativos; a clave está en dotar os profesionais das ferramentas, da formación e dos protocolos necesarios para mellorar o diagnóstico e o tratamento.

Se falamos da investigación, pois convén poñer datos enriba da mesa. Entre os anos 2017 e 2021 autorizáronse en Galicia 1.099 ensaios clínicos. Destes 1.099 ensaios clínicos, 54 deles estaban dirixidos exclusivamente ás mulleres, fronte aos 29 dirixidos exclusivamente a homes.

E no ámbito da violencia de xénero Galicia conta cun protocolo sanitario específico de actuación e cos centros de crise para vítimas de violencia sexual abertos as vinte e catro horas en cada área sanitaria, que ofrecen atención psicolóxica, sexual e xurídica complementaria aos servizos de urxencias.

E estase traballando nunha guía específica para mellorar a atención ás mulleres con discapacidade vítimas de violencia de xénero.

Señorías do BNG, saiban que, mentres que vostedes traen cada ano a mesma iniciativa, practicamente sen cambiar nada, o sistema sanitario galego segue avanzando, con medidas concretas, con programas reais e con servizos que melloran a saúde das mulleres. Porque a saúde das mulleres non se mellora facendo discursos ideolóxicos, mellórase reforzando a atención primaria, coas dificultades que todos coñecemos, formando os profesionais, desenvolvendo programas de prevención, mellorando a investigación e ampliando os servizos asistenciais. E iso é exactamente o que se está a facer desde a Xunta de Galicia.

Por todo isto, non podemos apoiar a súa iniciativa.

E remato xa, señorías.

Resulta difícil escoitar hoxe leccións sobre a saúde das mulleres a quen mira para outro lado ante casos como os de José Tomé, en Monforte, investigado por presunto acoso sexual, con denuncia admitida xa na Fiscalía. E tamén ten certo valor político que o Partido Socialista presente emendas pedindo máis atención á saúde mental das mulleres, mentres ao mesmo tempo branquea a quen está acusado de acosalas.

Porque, señorías, a pregunta que hoxe lles facemos é evidente, e agardo, señora Prado, que vostede nola responda na segunda quenda que ten: ¿onde está a saúde mental das vítimas cando vostedes protexen presuntos acosadores? ¿E onde está a saúde mental das vítimas mentres respaldan leis como a do só si é si, que provocan rebaixas de condenas a agresores sexuais, revitimizándoas? *(Aplausos.)*

Eu agardo, señora Prado, que teña a ben respondernos a estas dúas cuestións tan importantes.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*



**O PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Prado.

**MARÍA MONSERRAT PRADO CORES:** Grazas, presidente.

Antes de máis, quero agradecer ao Partido Socialista o apoio favorable a esta iniciativa; imos aceptar a emenda proposta, porque mellora aí un par de aspectos á proposta que facemos.

E ben, pois eu lamento... Decía antes que en calquera guerra a primeira vítima é a verdade, ¿non?, e este Parlamento, a verdade tamén está sistematicamente sendo vítima do Partido Popular, coas súas mentiras, cos seus bulos, coa súa terxiversación, coa súa non aceptación da realidade e coa súa negación da realidade. Non aceptar, neste Parlamento, que as mulleres sufrimos desigualdade na atención sanitaria por cuestión estrutural e de xénero, e non poñer medidas para aceptalo é, efectivamente, (*Aplausos.*) —é efectivamente— crear ou intentar crear un relato totalmente fraudulento —un relato totalmente fraudulento—. (*Aplausos.*)

Desde logo, no BNG imos traer a este Parlamento, as veces que faga falta, a situación de desigualdade e de nesgos de xénero sobre as mulleres do noso país, en tanto haxa miles de galegas invisíbeis para o sistema sanitario, sen acceso aos tratamentos, sen baixas laborais, sen resposta, por esa invisibilización e por esa falta de recursos e de medidas reais, que non estean exclusivamente no papel.

Quero lembrar ao Partido Popular que, no ano 2015, se aprobou, por primeira vez neste Parlamento, apoiar as demandas das mulleres con endometriose. Estamos no ano 2026, é dicir, once anos despois, e practicamente só hai unhas guías e algo colgado en Internet, practicamente non hai nada máis. Ese é o compromiso do Partido Popular coas mulleres, e podémolo levar a outras cuestións (*Aplausos.*)—podémolo levar a outras cuestións—. (*Aplausos.*)

Polo tanto, desde o BNG traemos aquí unha iniciativa que pretende sacar da invisibilidade a relación sanitaria das mulleres. Unha sociedade non pode aceptar que un diagnóstico para a endometriose tarde entre oito e dez anos; a sociedade galega non pode aceptar que sexan catro, cinco ou sete anos o tempo que teña que transcorrer para que unha muller consiga un diagnóstico de fibromialxia; non se pode aceptar que, ante a estimación de 100.000 persoas, hipermaioritariamente mulleres, que teñen covid persistente en Galiza, o Partido Popular elimine absolutamente todas as unidades de atención a estas persoas, quedando totalmente desatendidas; a sociedade galega non pode aceptar que ás galegas se nos prescriba un cincuenta por cento máis de psicofármacos ou antidepressivos que aos homes; a sociedade galega non pode aceptar que só haxa unha matrona por cada 8.300 mulleres; non pode aceptar que haxa unha matrona para atender as mulleres de seis concellos. Non podemos aceptar todas estas situacións porque a saúde da mulleres non é soamente unha cuestión das mulleres, senón que ten que ser unha cuestión de toda a sociedade; por iso pedimos a creación dunha Unidade de Muller e Saúde que coordine, que impulse e que poña medidas reais encima da mesa, porque sen este plan integral as mulleres seguiremos deambulando polo sistema sanitario sen que se nos dea unha solución, e, polo tanto, sufriremos de incompreensión, de dor, de incerteza e de medo.



Non pedimos nada extraordinario; non pedimos absolutamente ningún privilexio. O que pedimos é igualdade real. Pedimos que, cando unha muller entre nun centro de saúde con dor, sexa escoitada; pedimos que, cando unha muller describa os seus síntomas, sexan investigados e non minimizados; pedimos que unha muller do rural teña os mesmos dereitos na atención que unha muller dos ámbitos urbanos ou periurbanos; pedimos que a saúde afectivo-sexual sexa unha prioridade, e non soamente unha ocorrencia ou un organigrama nun papel; pedimos, en definitiva, que o Sistema sanitario galego estea á altura das mulleres ás cales ten que servir e, polo tanto, poña medidas reais, como son as unidades multidisciplinares para a covid persistente, para a endometriose ou para a fibromialxia...

**O PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES:** ...pedimos que as doenzas, que se presentan en diferente medida e de diferente xeito nas mulleres, como poden ser o infarto agudo de miocardio, pero tamén o autismo ou as doenzas autoinmunes, sexan investigadas e tratadas como...

**O PRESIDENTE:** Grazas.

**MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES:** ...merecemos.

Polo tanto, o único que pedimos con esta iniciativa é igualdade de trato —igualdade de trato—.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

### *Alteración da orde do día*

**O PRESIDENTE:** Vou facer un anuncio dun cambio que ten a súa importancia e, por iso, quero comunicar, porque pode supoñer que se adianten as votacións.

Imos reiniciar a sesión da tarde ás dezaseis horas. Xa se faláron os portavoces. Comezaremos coa Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista, que figura no punto 4.4 e, despois, continuaríamos coa moción do Grupo Parlamentario Mixto, que é a que quedou un pouco descolgada no horario de hoxe á mañá.

Entón, bueno, isto que o saiban porque hai aí un cambio importante.

E agora continuamos.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co sistema de actuación salarial do persoal empregado público**

**O PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.



Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Iago Tabarés.

**IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** Grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, quero lembrar que hoxe é día 10 de marzo, Día da Clase Obreira Galega, día que conmemora o asasinato pola policía franquista de Amador e de Daniel, dous traballadores vítimas dunha brutal e criminal represión sindical. E un día como hoxe, debe levarnos a unha reflexión: os dereitos democráticos, os dereitos sociais e os dereitos sindicais dos que desfrutamos foron conquistados polo sacrificio e polo traballo de moita xente; xente que mesmo pagou coa súa vida para que agora dispoñamos deses dereitos. E por iso é moi importante evitar calquera tipo de involución; é moi importante defendelo, en primeiro lugar, por lealdade con esas persoas que nos precederon, e, en segundo lugar, porque calquera retroceso e calquera involución é e será moi difícil de recuperar.

Esta iniciativa que debatemos no día de hoxe, xorde dunha iniciativa popular; unha iniciativa popular avalada por máis de cinco mil cincocentas sinaturas promovidas pola CIG-Administración pública. CIG-Administración pública, CIG, que é o sindicato máis representativo neste país, que ten máis representatividade; unha condición que lle outorga o ser maioritario en moitos sectores e subsectores, por exemplo, na Administración pública neste país. *(O deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro diríxese á tribuna das convidadas e convidados.)* Quero dar un saúdo á presenza da representación sindical da entidade promotora desta iniciativa popular.

Nesta iniciativa solicítase —solicitamos— un pronunciamento deste Parlamento para demandar ao Goberno do Estado a presentación, con carácter inmediato, dunha proposta lexislativa que estableza unha cláusula de garantía salarial que supoña o mantemento do poder adquisitivo de todas as traballadoras públicas; un poder adquisitivo que as traballadoras públicas veñen perdendo nos últimos anos, case poderíamos dicir que dende as últimas décadas e en concreto dende a última década do século pasado, polas sucesivas decisións dos diferentes gobernos do Estado; unha perda de poder adquisitivo que hoxe, e polo baixo, poderíamos cifrar nun vinte por cento. O certo é que non foi só, e non foi sequera o primeiro o Goberno socialista de Rodríguez Zapatero, con ese recorte dun cinco por cento de media para todo o persoal público; un recorte que, despois, foi seguido por unha conxelación sucesiva dos gobernos de Mariano Rajoy e do seu equipo económico —deste equipo económico estamos a referir, en concreto, ao imputado señor Montoro—. Pois ben, non foron sequera os primeiros, pois xa a mediados do século pasado, no ano 1994, o Goberno de Felipe González acordara esa conxelación salarial que, despois, tamén foi mantida e tamén agravada polo propio José María Aznar, de quen nestes días nos estamos a acordar tristemente moito.

O que podemos facer é unha pequena reflexión: cada medida de recorte e cada medida de conxelación de dereitos laborais das traballadoras públicas do Partido Socialista foron seguidas dun recorte e dunha conxelación aínda maior —mantendo o anterior, mais aínda maior— dos gobernos do Partido Popular. E por iso a necesidade desta medida lexislativa, para que os salarios do persoal empregado público se actualicen automaticamente en función do incremento real do IPC; que non teñan que ser negociadas, cada ano, e que poidan ser adoptadas ou non, aceptadas ou non, polos gobernos de turno, senón que sexa unha actualización automática e polo mandato legal.



Esta actuación automática —como se di no texto da Proposición de lei— é independente e complementaria de calquera incremento salarial que se poida acordar nunha negociación colectiva e, xa que logo, non substitúe a negociación colectiva, senón que, simplemente, o que se establece é unha garantía mínima que se vai cumprir sempre e que, de ser o caso, se poida ver mellorado polos acordos aos cales se poidan chegar dentro do que é a negociación colectiva.

Falamos de condicións salariais mínimas, evitando máis perdas futuras de poder adquisitivo; mais tamén falamos de seguridade e de previsibilidade nas administracións públicas, é dicir, que cada concello, que cada comunidade autónoma e que o Estado poidan saber anticipadamente, ao planificar os orzamentos, os custos que vai implicar o mantemento da estrutura funcional das súas traballadoras.

Mais sobre todo falamos da defensa dos servizos públicos; estamos a falar de servizos públicos. Cando defendemos os salarios e as condicións laborais das empregadas públicas non estamos defendendo intereses —ou como algúns interesadamente e ideoloxicamente pretenden— de privilexios de caste e de privilexios corporativos; estamos defendendo e definindo o modelo de sociedade que queremos; estamos defendendo o dereito de toda a cidadanía galega a percibir servizos públicos de calidade. Isto non é só un problema individual das persoas traballadoras, senón que é un problema colectivo porque afecta directamente a calidade dos servizos públicos que recibimos a cidadanía galega.

Cando falamos de traballadoras públicas, estamos a falar de persoal do ensino; estamos a falar do persoal sanitario; de traballadoras e traballadores dos servizos sociais; da seguridade; de extinción incendios ou de emerxencias; de traballadoras públicas de moitos sectores e categorías diversas que, cada día, sosteñen coa súa dedicación os servizos que esta sociedade precisa para poder funcionar. Se non existen unhas condicións salariais e laborais dignas, ¿que é o que acontece? Pois acontece o que xa estamos sufrindo; acontece que non poderemos reter talento na función pública; que as profesionais sanitarias, docentes ou investigadoras terán que facer o que xa están facendo, é dicir, emigrar; ou terán que facer o que xa están facendo, é dicir, irse á empresa pública cunha evidente deterioración do que é o funcionamento dos servizos públicos, o que é o funcionamento do estado de benestar.

E, ¿quen será quen máis sufran as consecuencias desta deterioración dos servizos públicos? Fundamentalmente, a poboación máis vulnerable. A poboación que non pode ver satisfeitos os seus servizos básicos máis elementais para poder vivir dese sacrosanto mercado. O mercado non lle vai facilitar aquelas necesidades básicas que debemos ou que debe outorgar, dende a nosa visión, o sector público.

E en Galiza sufriremos este problema con especial intensidade. En Galiza sabemos que en moitos sectores, por exemplo, no sector sanitario, existe un problema de remuda xeracional. Pois ben, tamén dependerá que poida existir esa remuda, esa renovación xeracional, esa substitución de moitos facultativos —que xa se sabe que se van xubilar en breve—, das condicións laborais e das condicións salariais que se poidan dar dende o sector público.

E por último, e xa para rematar, permítanme expresar outro aspecto que entendemos que non é menor, polo que é importante que sexa este Parlamento de Galiza o primeiro que re-



coñeza e o primeiro que reclame ese dereito á garantía salarial. É unha manifestación de que este Estado non só é plurinacional, non só é plurilingüe, senón que tamén é plurisindical, algo que, dende o Goberno do Estado, se está a negar sistematicamente no chamado, eh... (Pausa.) (Murmurios.) «diálogo social», ¡grazas!

Efectivamente, (Aplausos.) no diálogo social estanse a excluír a realidade sindical de Euskal Herria e estase a obviar a realidade sindical de Galiza; é dicir, a composición plurisindical e plurinacional tamén deste Estado. Nas negociacións que houbo para parir ese Real decreto 14/2025, a realidade sindical de Galiza e de Euskal Herria, unha vez máis, non estivo presente. E por iso, non só, fundamentalmente, polo mantemento dos servizos públicos, senón para o recoñecemento desta realidade plurinacional e plurisindical, é moi importante que este Parlamento de Galiza sexa o primeiro en facer esta reclamación polo benestar da cidadanía.

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor López Font.

**CARLOS LÓPEZ FONT:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Non é unha reclamación de hai vinte anos, é unha exixencia de sempre; hoxe máis que nunca: non á guerra. (Aplausos.)

Durante anos, os empregados públicos sufriron recortes e perda de dereitos. Hoxe, grazas ao diálogo entre o Goberno e os sindicatos, avánzase no camiño contrario: recuperar poder adquisitivo, reforzar o emprego público e modernizar as nosas administracións. Cómpre lembrar: houbo un tempo —non hai tanto— no cal aos empregados públicos conxelábanlles o salario, recortábanlles dereitos e sinalábanlles como un problema. Ese tempo coincidía casualmente con gobernos do Partido Popular.

Fronte a esa política de recortes, hoxe hai un Goberno que se senta a negociar cos representantes dos traballadores públicos e alcanza acordos que dignifican o emprego público. O acordo alcanzado entre o Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública e os sindicatos máis representativos da Administración —UXT, CSIF e Comisións Obreiras— garante unha mellora progresiva da retribución de máis de tres millóns de empregadas e empregados públicos en toda España; un acordo que contempla incrementos salariais para o período 2025-2028 e que busca asegurar o poder adquisitivo de quen traballa ao servizo da cidadanía; un acordo, con ámbito temporal —como dicía— 2025-2028, que demostra con feitos cal é a diferenza entre dúas formas de entender a política: a que recorta e a que negocia, a que enfrenta os traballadores coas institucións e a que aposta polo diálogo social. Este pacto establece subidas salariais —do 2,5 por cento, no ano 2025; do 2 por cento, no ano 2026; do 4,5 por cento, no ano 2027; e do 2 por cento no ano 2028— consolidables e



acompañadas de medidas para mellorar a carreira profesional, a formación dixital e a modernización da Administración.

Non estamos a falar só de números, estamos a falar de recoñecer o traballo de quen sostén a sanidade, a educación, a xustiza, os servizos sociais e a Administración que atende, cada día, a cidadanía. Este acordo demostra, ademais, que o diálogo social funciona, e, fronte a quen prefire o conflito permanente e o bloqueo, aquí temos un exemplo de responsabilidade institucional: Goberno e sindicatos sentados nunha mesa negociando, buscando solucións e pensando no interese xeral; este acordo demostra que, cando goberna o Goberno de España, liderado por Pedro Sánchez, se aposta polo diálogo social e por reforzar o público, pois é xa o terceiro acordo asinado con sindicatos dende o ano 2018, que acumula unha subida salarial de ao redor do trinta por cento.

E isto, señorías, tamén ten impacto en Galicia: miles de empregados públicos galegos, persoal da Administración xeral do Estado e traballadores de organismos públicos e da Administración autonómica benefíciense dun marco estatal que mellora as súas condicións laborais e salariais; por iso cremos que este acordo marca tamén nun camiño que debería inspirar a Xunta de Galicia: o camiño do diálogo cos representantes dos traballadores, o camiño da negociación e o camiño da mellora das condicións do emprego público. Dignificar o traballo dos empregados públicos non é un gasto, é un investimento en mellores servizos públicos. *(Aplausos.)*

Cando melloran as condicións de quen traballa na Administración, mellora a atención á cidadanía, mellora a calidade dos servizos e fortalécese a confianza nas institucións. E en Galicia, isto ten unha importancia especial porque miles de traballadores e traballadoras da Xunta —da sanidade pública, da educación e da Administración local— benefíciense tamén deste marco estatal que garante a estabilidade e a mellora das súas condicións. Falamos de profesionais que están nos nosos centros de saúde, nos nosos hospitais, nas escolas, nos xulgados, nos servizos sociais ou nas oficinas administrativas que atenden a cidadanía; persoas que sosteñen o estado do benestar e que, durante anos, fixeron o seu traballo, mesmo nos momentos máis difíciles.

Defender os empregados públicos non é defender un colectivo concreto, é defender a calidade dos servizos públicos e o benestar de toda a cidadanía. Por iso, dende o Grupo Socialista, queremos trasladar unha mensaxe clara: seguiremos apostando polo diálogo social, polo fortalecemento do sector público e por recoñecer o traballo de quen fai posible que as nosas institucións funcionen cada día porque, cando coidamos a quen serve a cidadanía, estamos a coidar tamén a cidadanía mesma.

A negociación colectiva na Administración pública non é un luxo nin unha formalidade, é a garantía de que quen traballa ao servizo de todas e todos poden facelo en condicións dignas, con seguridade e con voz nas decisións que os afectan directamente; é o mecanismo que nos permite equilibrar eficiencia e benestar, produtividade e xustiza social. Dende o noso grupo parlamentario, reivindicamos que os procesos de negociación deben ser transparentes, participativos e respectuosos, cun obxectivo claro, que é construír acordos que melloren a vida laboral dos nosos traballadores e traballadoras e, ao mesmo tempo, que



fortalezan a capacidade da Administración para responder ás necesidades da cidadanía galega. É necesario lembrar que unha Administración que escoita e negocia é unha Administración máis próxima, máis eficaz e máis democrática. E non falamos só de salarios e complementos, senón de igualdade, de conciliación, de formación, de promoción interna e de condicións de traballo seguras. Cada acordo alcanzado mediante a negociación colectiva tradúcese directamente en mellor servizo público, en mellores hospitais, escolas, oficinas e servizos sociais.

O noso compromiso como socialistas é claro: defender e fortalecer os espazos de diálogo social na Administración pública galega porque entendemos que a política laboral non é un campo de enfrontamento, senón de construción colectiva. Nesta Cámara traballaremos para que a negociación colectiva non se perciba como un trámite, senón como unha estratexia de progreso social e de modernización do público.

Señorías, o futuro de Galicia constrúese tamén dentro das nosas institucións con respecto, con diálogo e con xustiza social. Fortalecer a negociación colectiva non é só unha cuestión de dereitos laborais, é un investimento na calidade dos servizos públicos e, polo tanto, na calidade de vida da nosa cidadanía.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Casares.

**JUAN MANUEL CASARES GÁNDARA:** Bos días.

Señor Tabarés, a calidade do meu traballo como funcionario radica nunha cousa máis importante do que vostede falou; radica na seguridade de que non vou sufrir nin *mobbing*, nin acoso polas miñas ideas políticas, nin sindicais, como si me aconteceu mentres vostedes gobernaron, (*Aplausos.*) coa Consellería —daquela— do Medo no rural e a súa versión ourensá de Medo, en Cartelle. (*Aplausos.*) Aí radica a calidade do meu traballo.

Señor Font, nunca deixe vostede de crer, por favor; mentres tanto, 24 avións de combate saíron da España de Sánchez para atacar o Irán. ¡Non á guerra! (*Aplausos.*) Señorías do BNG e do antigo PSdeG, despois de escoitalos deume por reescribir certos versos de Sabina: «fáltanme algunhas verdades, sóbranme cen mentiras».

Señorías, á medida que o tempo pasa, os acontecementos flúen e fican rexistrados para aqueles quen han de vir tras de nós. Deste xeito, sempre paseniño, o pasado bota corpo no presente e prepárase para proxectarse no futuro. Por iso, hoxe estamos a escribir os textos que ateigarán de leccións os libros de mañá. Un tempo que se erixe sempre no xuíz da historia porque coloca cadaquén no seu sitio. Esta verdade materialízase, cada día, amparada por aquel que ten a seguridade e que ten a paciencia suficiente para gardar os acontecementos, por quen espera os días necesarios para que falen os feitos cando as palabras e o seu poder esmorecesen.



Por tal motivo, arestora, lembramos uns feitos que teñen nome propio: José Luis Rodríguez Zapatero, un persoeiro peculiar cuxa poeira de onte ensinoulle o camiño lameiro sanchista que padecemos hoxe; un gurú da picaresca socialista, de quen sabemos hoxe que de Bambi transmitiu en comisionista. Lembramos feitos —dicía— que, despois de anos de falsos talentos, de cellas encurvadas, de portadas en revistas *chahis* e de mentiras repetidas, derivaron na evidencia que subsiste baril fronte ás mentiras que se contan. Zapatero foi realmente quen abriu a veda contra os empregados públicos en 2010. *(Aplausos.)* ¡Velaí, pois, a primeira verdade desta historia! *(Aplausos.)*

Esa medida traumática contra os funcionarios rachou co principio de estabilidade retributiva e substanciou o recorte dun 5 por cento de media —a min tocoume un 7,3 por cento—, acompañado, por certo, da primeira conxelación das pensións despois de 25 anos de suba garantida por lei; unha redución da base salarial de cálculo que derivou nunha dinámica perversa de perda do poder adquisitivo, que o sindicato CSIF, por certo, cuantifica hoxe nunha perda do 20 por cento.

Señorías, un Partido Popular con sentido de Estado e de altura histórica foi o que rescatou o conxunto dos españois —¡si!—, pactando co desgobierno socialista as ferramentas de garantía económica que nos permitisen saír da lea en que nos metera o negacionista da crise. Reitero, o Partido Popular foi o que salvou a situación; o partido do «si» é «si» cando está en xogo a estabilidade do conxunto e cando se poñen en perigo os soños, as ilusións e os proxectos de vida das persoas. *(Aplausos.)* ¡Velaí, señorías da esquerda, a segunda verdade desta historia! *(Aplausos.)*

Grazas ao pacto, a reforma do artigo 135 da Constitución estableceu o principio de estabilidade orzamentaria, ao tempo que limitou o déficit estrutural das administracións, axustándoo ás marxes da Unión Europea; un mandado debido ao mandado constitucional desenvolvido na Lei orgánica 2/2012, cuxo artigo 12, por certo, establece unha ferramenta que limita o crecemento de gasto das administracións a unha taxa sostible a medio prazo, ligándoa sempre ao crecemento do PIB; é a chamada regra de gasto. Ademais, o artigo 4 establece o principio de sustentabilidade financeira, isto é: «as actuacións das administracións garantirán sempre a capacidade para financiar os compromisos de gasto, presentes e futuros, dentro dos límites de déficit e de débeda pública establecidos pola normativa europea». Como as retribucións do persoal público forman parte do gasto computable, o seu incremento ligado ao IPC traería canda si problemas importantes no cumprimento legal, máxime se o IPC sofre variacións superiores ás taxas de referencia do crecemento do PIB.

Asemade, estes incrementos retributivos teñen carácter estrutural e consolidable; xa que logo, deben acompañarse dun ingreso equivalente dos ingresos, para non xerar así un desequilibrio que impida cumprir os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Velaí a terceira verdade desta historia.

Por todo iso, a actualización das retribucións públicas debe avaliarse sempre dentro dos límites das regras fiscais e non ligarse automaticamente á evolución do IPC. En consecuencia, e por responsabilidade, non imos apoiar esta iniciativa.



Señorías, para min quedan por expoñer aínda dúas verdades máis que van implícitas no texto desta PNL. En primeiro lugar, admite a incapacidade política dun BNG que hoxe pide ao Goberno galego que lle cubra as vergoñas (*Aplausos.*) e o axude a agochar o desprezo sistemático que sofre por parte do seu amigo Sánchez. Lembremos tamén que o señor Néstor Rego presentou no Congreso varias iniciativas sobre esta materia e sempre recibiu unha resposta negativa do Goberno amigo. Sánchez, iso si, mentres lle sinalaba ao Rego do «non», ao BNG, pactaba coas centrais sindicais unha suba salarial para os empregados públicos do 11 por cento ata 2028 sen ligala ao IPC, un acordo das condicións, por certo, aprobadas despois do Congreso co voto favorable do Partido Popular.

En segundo e derradeiro lugar, esta PNL expresa o recoñecemento nacionalista ao traballo serio, rigoroso e eficiente do Goberno galego ao pedir a súa axuda, un goberno que non só aproba os orzamentos en tempo e forma senón que anunciou no propio Consello do 12 de xaneiro que ía aboar esa mesma semana tanto o incremento do 2,5 por cento correspondente ao 2025 como o 1,5 por cento de 2026.

E remato xa.

Señorías do BNG e do antigo PSdeG, velaí as cousas, que son o que son e poucas veces o que semellan. Velaí as verdades que faltaban nesta historia. Só lles pido que corrixan vostedes, por favor, as mentiras que contan.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Iago Tabarés.

**IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** Con cariño, Casares, pero a verdade é que... ¡eh! Mire, fas referencia ao Bipartito. Non sei se toda a situación do Bipartito levou a que, contra a alguén do Bipartito —penso que non— se iniciaran no xulgado do penal algún tipo de dilixencias. ¿Podes ti dicir o mesmo? ¿Podes ti dicir o mesmo, (*Aplausos.*) que cando estabas de responsable de traballadores non pasaches polo xulgado de instrución por cuestións relacionadas cos teus subordinados? (*Aplausos.*) Velaí a diferenza, e non quero seguir.

E, despois, ¿por que traemos esta iniciativa?, esta iniciativa que vén respaldada por 5.500 sinaturas, por máis de 5.500 sinaturas. Iso é porque o asumimos, o asumimos dunha entidade, dunha organización sindical maioritaria neste país promotora, como é a CIG-Administración pública.

Pero, ademais —e iso si—, eu non o digo con vergoña, pero con algo de mágoa, porque a temos que traer aquí porque non temos competencias para tomar esa decisión, que iso é unha norma básica do Estado e por iso temos que traela aquí. Se non fora unha lei básica do Estado, poderíamos decidilo neste Parlamento de Galiza, pero para iso non temos competencia, algo que por certo non lle importa, e iso si que é unha mágoa, que non poidamos decidir nós sobre os empregados públicos de Galiza; iso si que é unha mágoa (*Aplausos.*) para o Bloque Nacionalista Galego e, polo que vexo, tamén para as empregadas públicas.



E miren, tanto uns coma outros, a verdade é que asistimos, unha vez máis, a ese espectáculo de quen recortou máis os dereitos salariais neste caso das traballadoras públicas. Pois a verdade é que non prepararon moi ben a lección, porque foron uns e foron outros. Pero —repto— non foi o primeiro Zapatero; xa Felipe González —se conta como socialista— en 1994 conxelara os dereitos salariais dos traballadores. E, despois, ¿que fixo Aznar? Pois manter esa conxelación e incluso incumprir un pacto sindical —diso de que tanto falan—, incumprir ese pacto sindical en 1997. Efectivamente, despois veu Zapatero no 2010, que recortou o 5 por cento e despois Aznar conservou ese recorte; é máis, recortou aínda máis se era posible, e era posible porque había por aí unhas pagas extras. Por tanto, uns e outros, mal cos traballadores públicos, aos que agora parece que defenden —ben, defenden depende do día—.

E ese pacto, señor Font, desde logo moi transparente non foi, foi bastante escuro, e desde logo —insisto, porque penso que non é unha cuestión menor— deixando fóra a maioría sindical de Euskal Herria e a maioría sindical de Galiza, que non é unha cuestión menor. (*Aplausos.*)

Pero ese pacto non vai recuperar nada nin o pretende. O que pretendía ese pacto —digo eu que o pretendía— era o mantemento do poder adquisitivo, pero non sei como conseguen iso cando en 2025 ese incremento salarial era dun 2,5 por cento e o IPC real foi do 2,7 por cento. Por tanto, nin recuperan nada e si seguen perdendo.

E unha pregunta, por iso da guerra imperialista a que nos someten os amigos destes señores da dereita: ¿cren que o IPC vai ser do 1,5 por cento? ¿Ou incluso, con ese 0,5 por cento adicional, dun 2 por cento? Non, vai ser superior. Por tanto, as traballadoras públicas non só non van recuperar poder adquisitivo, senón que, por ese marabilloso e excluínte pacto, van seguir perdendo poder adquisitivo.

Pero a cuestión de fondo —por iso insistía no final da miña intervención— é se lles importa. ¿Impórtalles realmente o funcionamento dos servizos públicos, o funcionamento dos servizos públicos que van dirixidos ás persoas máis vulnerables? Iso é o que van votar, ¡eh!; non van votar beneficiar unha clase privilexiada, van votar polos servizos públicos, por se continúa ese sistema de privatización da sanidade, por se continúa ese sistema de mercantilización dos servizos sociais ou incluso coa seguridade pública. Iso é o que votan, non votan uns privilexios salariais dos traballadores públicos, votan polos servizos públicos.

E xa lles anticipo: eu entendo que esta iniciativa non é o bálsamo de Fierabrás, non arregla todo; simplemente ten que partir de: ¿queremos administración pública?, ¿queremos servizos públicos de calidade? ¿Si ou non? E isto será unha medida, si, será unha medida, pero outra medida seguirá por incrementar os cadros de persoal.

**O PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** E outra medida será por evitar a temporalidade, que neste país segue sendo do 22 por cento, superior ao 22 por cento, lonxe dese 8 por cento que nos marcan desde Europa. E outra será seguir recoñecendo a carreira profesional e non ocupando por comisións de servizos e libre designación os postos clave neste país.



Pero, en definitiva, non falamos só de salarios, non falamos só de función pública; do que estamos falando é de servizos públicos e de igualdade. Voten en conciencia. (Aplausos.)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Suspéndese a sesión ata as dezaseis horas.

Boa tarde.

*Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e oito minutos da tarde e retómase ás catro e un minuto.*

**O PRESIDENTE:** Boa tarde.

Reanudamos a sesión, tal como se acordou, coa seguinte proposición non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. Socialista, por iniciativa das deputadas Lara Méndez López e María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as medidas que debe pór en marcha a Xunta de Galicia para a defensa do sector primario galego afectado polo acordo comercial entre a Unión Europea e Mercosur**

**O PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Secundino Fernández Fernández, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:*

*<<O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:*

- 1. Amosar a oposición ao acordo UE-Mercosur polas graves repercusións ao sector agrogandeiro galego e as consumidoras e consumidores galegos.*
- 2. Apoiar as mobilizacións nas que se rexeita o acordo UE-Mercosur e se denuncian as consecuencias nefastas para o agro e os consumidores galegos.>>)*

**O PRESIDENTE:** Para formular a proposición, ten a palabra a señora Lara Méndez.

**LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Grazas, presidente.

Moi boas tardes a todos e a todas.



Temos que iniciar pois recordando que os acordos internacionais os fai a Unión Europea, non os fan os países membro, e, polo tanto, hai que conciliar distintas necesidades dos distintos países, e que, ademais, neste acordo lévase traballando moitos anos. O fácil sería enarbora-la a bandeira do «non», sería cómodo, sen custo político e, ademais, sen ter que traballar.

Dende o Partido Socialista alonxámonos das mensaxes negacionistas, de debates estériles, de debates interesados e de quedarnos coa queixa ou de instaurar o medo. Dende o Partido Socialista optamos por ser propositivos e por traballar para acadar un acordo que lle dea garantías ao noso sector primario, sobre todo nun contexto de dificultade e cunha situación xeopolítica moi difícil. Non quedamos coa queixa, nós somos propositivos. É máis doado —como dicía— non facer propostas, pero, para facer unha política cómoda e sen traballo, pois mellor quedamos na casa.

E os países que conforman ou forman parte do Mercosur, do outro lado do Atlántico, non se puxeron agora a producir como tolos, producir carne, leite, viño, aceite, porque se abra un mercado. O mercado que se abre co acordo vai en dúas direccións. Os países do outro lado do Atlántico tamén están preocupados polo que poida implicar a entrada do acordo, pola entrada de produtos da Unión Europea, que en moitos casos teñen mellor calidade e poden ser máis competitivos en Suramérica. Pero tamén entenden que, neste contexto político, se abre unha oportunidade para ambos os continentes, sobre todo tendo en conta a política arancelaria de Estados Unidos e os vaivéns de Trump.

A modo de exemplo, con este acordo hai unha baixada de aranceis, no caso do viño, arredor dun 10 por cento, o cal beneficia o sector vitivinícola galego; e países como a Arxentina tamén ven con recelo o acordo neste sector. No caso do sector da carne, que pode ser dos máis ameazados no noso país, prodúcense seis millóns de toneladas ao ano, pero o que se vai importar pasa de 200.000 toneladas a 290.000, ou sexa, que o incremento das entradas das importacións é por debaixo das 100.000 toneladas.

Pero entendemos os medos que poida haber dun lado e do outro e compartimos as preocupacións que poida ter o sector. De aí a importancia do que recolle o acordo: cláusulas espello en temas medioambientais e sanitarios e cláusulas de salvagarda, con esa porcentaxe do 5 por cento tanto no volume das importacións como nos prezos. E trátase dun acordo bilateral, que é recíproco, que hai que aplicar en ambas as dúas direccións.

E gustaríame recordar aquí o que xa teño comentado nalgunha ocasión, estas tres situacións, tres escenarios que se dan.

Por unha banda, as importacións. O principal risco non é tanto o volume das importacións senón a calidade das mesmas, e, polo tanto, as importacións están limitadas, e a previsión, polos continxentes arancelarios, e xa temos dado eses datos que permiten contextualizar o alcance real das importacións; no caso de vacún de carne, 1,5; no sector das aves, 1,3; e, no caso do porcino, esta apenas supón o 0,1 de entradas. E, polo tanto, as cifras deixan claro que non é un problema cuantitativo, senón cualitativo.



E de aí a importancia de activar as medidas de salvagarda para non provocar distorsións no mercado, vía presión á baixa dos prezos marxinais dos produtos agrarios ou da xestión estrita transparente das cotas de importación, así como dos controis efectivos en fronteira e correspondencia real cos estándares europeos no ámbito sanitario e ambiental e de benestar animal.

Ese segundo escenario é dependente da dependencia estrutural que temos das importacións para a alimentación do noso gando, porque o gando come, e come todos os días, e ese alimento en moitos casos pois é de importación. No caso do porcino ou das aves, estamos a falar de que depende o 100 por cento da importación; no caso do vacún de leite, arredor do 40 por cento; e, se falamos de vacún de carne, este redúcese a un 26 por cento, polo que precisamos das importacións para poder alimentar o noso gando.

E, despois, hai ese terceiro escenario, que é reforzar a demanda interna como piar estabilizador do sector, fomentando o produto de proximidade e apostando pola diferenciación de calidade, a orixe, a trazabilidade e a sustentabilidade. E aí a Xunta de Galicia, dentro das súas competencias, ten moito que dicir pero ten moito que facer.

Entre elas, unha defensa sen fisuras e sen paliativos do novo marco financeiro plurianual, tamén da PAC. E pedímoslle ao señor Rueda que vaia a Bruxelas facer algo máis que teatrillo, que vaia defender os intereses dos galegos e das galegas, que vaia defender o noso sector primario. Porque xa aló polo ano 1986 o PP —daquela era Alianza Popular, co señor Fraga á cabeza—, ante a entrada na Comunidade Económica Europea, falaba de invasión de produtos, de que ía haber unha invasión de produtos e que nos ían afundir os europeos; isto dicíase xa por parte do Partido Popular no ano 1986.

E hoxe pois volven sementar o medo, e, á parte, hoxe cunha dobre cara, porque polo menos o señor Fraga dixo abertamente o que pensada e cal era a súa posición. Neste caso, en Bruxelas din unha cousa, en Madrid din o mesmo que en Bruxelas, incluso aquí din o mesmo que en Madrid e que en Bruxelas, pero, cando saen á rúa a facer a foto cos gandeiros e coas gandeiras, din outra cousa totalmente distinta, xerando pois incertezas e medos.

O PP e o BNG teñen que deixar de infundir o medo como arma política; isto non se trata dunha barra libre para todos. Ambos os partidos saben perfectamente que este acordo non elimina controis, non suprime estándares e non deixa desprotexido o noso rural. Trátase dun acordo con cotas limitadas, con cláusulas de salvagarda, con protección ás denominacións de orixe, con exixencias fitosanitarias e sanitarias, con mecanismos de seguimento e avaliación.

As cláusulas pódense interpoñer en vinte e un días, e a resposta ten que ser de cinco días hábiles. Polo tanto, unha vez que algún país poida detectar esta baixada de prezos ou o incremento de importacións, pódense habilitar en vinte e un días, cunha resposta en cinco días, e despois hai catro meses de máximo para dar resolución; e as medidas poden permanecer durante catro anos.

Por iso nós aquí pedímoslle á Xunta de Galicia que non quede impasiva, que actúe, que actúe no ámbito das súas competencias, e por iso pedímoslle que defenda activamente unha apli-



cación responsable do acordo Mercosur; instar a activación áxil das cláusulas de salvagarda e dos instrumentos previstos na política agraria común; impulsar medidas de reforzo da demanda interna da produción galega —que pode facer moito neste campo— mediante políticas de promoción, apoio ás figuras de calidade diferenciada, mellora de información ao consumidor sobre a orixe dos produtos e integración das producións galegas nas compras públicas alimentarias dentro do marco legal vixente; desenvolver medidas de acompañamento específicas para o sector primario galego orientadas á estabilización dos mercados, ao apoio da renda das explotacións en situación de crise e ao reforzo da posición negociadora das persoas produtoras na cadea alimentaria. E pedímoslle, por último, apostar por unha estratexia de fortalecemento da base produtiva agraria galega, incluíndo o incremento de superficie agraria útil e a mellora da autonomía alimentaria, como elementos claves para reducir a vulnerabilidade fronte a escenarios internacionais e incertezas.

Polo tanto, pedímoslles a todos os grupos, e, sobre todo, á Xunta de Galicia, ao Partido Popular, que actúe dentro do marco das súas competencias, que ten moito traballo que facer e deberían xa de estar facendo este traballo e non alentando o medo nas rúas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Fernández Fernández.

**SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Presidente.

Señorías.

Lembrar que a posición do BNG é contraria ao acordo do Mercosur e é unha posición clara e rotunda e, por suposto, tamén unha posición de apoio a todas as mobilizacións nas que se rexeita este acordo e se denuncian as consecuencias nefastas para o agro e os consumidores e consumidoras galegas. (*Aplausos.*) Unha posición contraria que se fundamenta en dous motivos principais.

O primeiro, que estamos ante un acordo que prexudica enormemente as explotacións e as producións agrarias galegas. Os produtos do Mercosur poñerán en perigo os produtores galegos, que non poderán competir con estes monstros da produción agropecuaria. Por poñer un exemplo, Brasil produce 11 millóns de toneladas de carne de vacún, que significan o dobre da produción de toda a Unión Europea ou cento vinte veces máis que a produción de Galicia e que vai poder ser exportada a esta parte do mundo sen ningún tipo de arancel. No caso da apicultura, só a Arxentina produce máis que toda a Unión Europea, trinta veces máis que os apicultores galegos. Polo tanto, este acordo permitirá a entrada dunha enorme volume de produtos procedentes doutro lado do Atlántico para abastecer o noso mercado, beneficiando unicamente as grandes multinacionais agroindustriais.

En segundo lugar, este tratado traerá consigo un grave problema para as consumidoras e os consumidores. Hai que destacar que os cultivos e a cría de gando son realizados en condi-



cións moi diferentes, pois permítese o uso de pesticidas, hormonas e antibióticos que están prohibidos na Unión Europea. Esta situación vai dar como resultado que entrarán no mercado europeo, e, por suposto, no galego, producións, xa sexa en fresco ou como produtos transformados, que non cumprirán os estándares europeos.

En definitiva, para o BNG resulta incomprendible que se impulsen macroacordos comerciais que provocan o empobrecemento e a desaparición de pequenas e medianas explotacións e a entrada de produtos alimenticios sen garantías que prexudican os consumidores. En resumo, prácticas completamente contrarias á descarbonización, á recuperación da biodiversidade natural, á soberanía alimentaria e ao consumo de produtos de proximidade, o que chamamos quilómetro cero.

Señorías, ante isto, dende o BNG presentamos unha emenda de substitución que vai na dirección de rexeitar o Mercosur, o acordo Unión Europea-Mercosur, e que di, máis ou menos textualmente: mostrar a oposición ao acordo da Unión Europea-Mercosur polas graves repercusións ao sector agrogandeiro e ás consumidoras e consumidores galegos e apoiar as mobilizacións nas que se rexeita o acordo e se denuncian as súas nefastas consecuencias.

Señorías, ¿saben o que indica esta iniciativa do Grupo Socialista? ¿Saben que indica esta proposición, que coincide máis ou menos coas propostas mostradas polo Partido Popular e os dirixentes da Xunta de Galiza? Pois o que indica esta proposta, señorías, é o recoñecemento por parte do Grupo Socialista da grave afección que vai traer este nefasto acordo do Mercosur ao sector agrogandeiro e aos consumidores e consumidoras galegas. Nesta iniciativa recoñecen que este acordo vai afectar Galiza e, polo tanto, é negativo para as mulleres e homes galegos. Señorías, voulles ler un pequeno parágrafo da iniciativa do Grupo Socialista. Di: «A aplicación deste acordo suscita preocupacións fundadas en distintos sectores produtivos, especialmente na gandaría, debido ás diferenzas existentes nos estándares de produción, sanitarios, ambientais e de benestar animal entre a Unión Europea e os países do Mercosur».

Agora voulles indicar as declaracións feitas polo presidentiño da Xunta, o señor Rueda, na súa visita á Unión Europea, ao comisario de Agricultura, a pasada semana. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Unha visita para expresar o *si, Bwana* á Comisión Europea dende a súa mentalidade de colonizado. Unha visita para facerlle un boicot á portavoz nacional do BNG, Ana Pontón, que así lle expresara ao comisario da Agricultura a opinión contraria de Galiza a este nefasto acordo co Mercosur. Así son vostedes de democráticos, señorías do Partido Popular. Vostedes non soportan unha visión contraria á súa; non toleran que haxa unha visión centrada en Galiza, orgullosa do noso e que defende este país e as súas xentes por encima de calquera cousa. (*Aplausos.*) Non soportan que esta visión sexa a do BNG. Un PP que ten unha visión de Galiza dependente, sucursalista e colonizada. Unha visión pequeniña da nosa terra e as súas xentes. Rueda non pode soportar que se vexa claramente que o BNG fai o que el non fai, que é defender o sector agrogandeiro galego, ameazado polo acordo do Mercosur. Señorías, Rueda dixo: «Quixemos volver insistir na necesidade dunha estrita observación de todas as cláusulas de salvagarda e as garantías que aseguren que a agricultura e a gandaría non van sufrir ningún tipo de prexuízo». Vostedes, señorías socialistas, na súa iniciativa recoñecen por escrito as preocupacións do sector e din que son fundadas, que hai que activar salvagardas e medidas correctoras e que lle demandan á Xunta



protección para o sector agrario galego. Se vostedes, o seu presidente, o presidente da Xunta, avalado por vostedes, señorías do PP, fai unha viaxe a Bruxelas para que haxa cláusulas de salvagarda e garantías para os nosos produtos, entón, ante iso, señorías do PP e señorías do PSOE, se recoñecen publicamente os graves problemas que vai traer para o sector agrogandeiro e para as consumidoras e consumidores galegas o acordo da Unión Europea-Mercosur, ¿por que votaron ata tres veces neste Parlamento a favor do acordo? *(Aplausos.)* ¿Por que votaron no Parlamento Europeo a favor do acordo da Unión Europea-Mercosur? ¿Por que queren instalar esta bomba de relojería no medio rural galego? ¿Por que menosprezan deste xeito o sector agrario galego? ¿Por que non lles importan as consumidoras e consumidores galegos? ¿Por que votan en contra dos intereses de Galiza en relación co acordo da Unión Europea e Mercosur? ¿Que reciben por prexudicar as mulleres e homes galegos que viven do sector agrario galego? ¿Que contrapartidas teñen vostedes por prexudicar as consumidoras e consumidores galegos? En definitiva, ¿que lles dan a cambio de vender o noso país? Están vostedes recoñecendo o nefasto que vai ser para Galiza o acordo do Mercosur e seguen votando a favor. ¿Por que, señorías do Partido Popular e señorías do PSOE? Deberían aplicar esta posición contraria aos intereses das mulleres e homes do rural e de Galiza.

Señorías, se queren defender realmente o noso agro, as nosas produtoras e produtores, os consumidores e consumidoras, déixense de caralladas, déixense de tratar por parvos a todo o mundo, déixense de comedias, señorías do Partido Popular e do PSOE. Vostedes saben perfectamente que todo o que están dicindo é unha cortina de fume para tapar a súa responsabilidade nesta estocada que lle están intentando meter e dar ao sector agrario galego. O único que teñen que facer para defendelo é votar en contra deste acordo nos parlamentos e nas institucións onde se debata, comezando por aceptar a emenda que lles presentamos e votar aquí no Parlamento galego, mostrando unha opinión rotunda, alta e clara; un voto «non» ao acordo da Unión Europea e o Mercosur. E, cando se debata no Parlamento galego ou no Parlamento Europeo, votar do mesmo xeito. Déixense de tanta farsa para xustificar o inxustificable. Déixense de fume para tapar as súas responsabilidades. Déixense de vender Galiza, señorías do Partido Popular e do PSOE.

E, xa para rematar, xa que estamos falando dunha Unión Europea que é moi dada ás armas e pouco aos gandeiros e aos agricultores: ¡non á guerra! ¡Imperialismo, nunca máis!

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)* *(Murmurios.)*

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Non vexo eu tan pequeno o presidente da Xunta, máis ben vexo que ten un tipo máis elevado, eh. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Digo eu, eh. *(Protestas.)* *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, é unha percepción, por non entrar noutra cuestión, eh. Vale.

Grupo Parlamentario Popular, señor Viso.

**MIGUEL ÁNGEL VISO DIÉGUEZ:** Grazas, presidente.



Señorías, hai iniciativas parlamentarias que o que pretenden, como sempre, é disimular responsabilidades, e iso é o que trae hoxe aquí o Partido Socialista.

Señor Secundino, permítame que faga unha aclaración: se o señor Rueda é «presidentíño» gañando con maioría absoluta, ¿como serán os que levan vinte anos na oposición? (*Aplausos.*)(*Risos.*) Pero vemos que temos o tiro errado. Resulta sorprendente que o partido que negociou este acordo en Bruxelas, o partido que malgoverna España, o partido que ten voz directa nas institucións europeas, é dicir, na Comisión Europea ou no Consello, veña pedirlle á Xunta, señora Lara, que faga, e sobre todo que faga o que xa está facendo. E iso, señorías, non é política responsable. Iso é a política de tirar a pedra e esconder a man.

A verdade é que hoxe viamos que hai unha escena dobre, porque mentres o Partido Socialista tira a pedra e esconde a man, o BNG vai un paso máis aló: tira a pedra, esconde a man e culpa o de enfrente, algo ao que nos ten habituados. Señorías do BNG, primeiro lanzan acusacións en Bruxelas sen unha soa proba e despois buscan responsables onde non os hai. E, mentres, aquí vostedes, señorías do Partido Socialista, presentan iniciativas cheas de cálculos políticos. O presidente da Xunta estaba en Bruxelas facendo o que hai que facer: defender os intereses do sector primario galego onde realmente se toman as decisións. A semana pasada o presidente Alfonso Rueda e a conselleira de Medio Rural mantiveron un encontro co Comisario Europeo de Agricultura e Alimentación; e non para facer declaracións grandilocuentes e moito menos teatrillo, señora Lara, senón para trasladar con claridade tres exixencias moi concretas —tome nota, señor Secundino—. Primeiro: o cumprimento estrito das cláusulas de salvagarda. Ou non o leu ben ou non me entende, porque xa o levo repetido moito, moitas veces en pleno e en comisión. Segundo: reforzo dos controis en orixe e en fronteira, para garantir que quen venda en Europa cumpre exactamente as mesmas normas que os produtores europeos. E terceiro, e non menos importante —tranquila, señoría—: manter intactos os fondos da Política agraria común, o seu modelo e o apoio ao sector. E aquí convén lembrar algo importante. Os propios datos da Comisión Europea —e aí si coincidimos coa señora Lara, que cando empezou a súa intervención estábame sorprendendo porque iamos de acordo, ata que, loxicamente, exixiu á Xunta o que ten que facer— indican que os continxentes previstos para produtos cárnicos representan unha porcentaxe limitada do mercado europeo; falamos de ao redor dese 1,4 por cento, señor Secundino. Por suposto, non estamos ante esa avalancha da que vostede falou aquí, nin moito menos. Pero iso non significa que non haxa riscos, por suposto. Porque o verdadeiro problema non é o volume; o verdadeiro problema é a competencia desleal, señorías. E non o dicimos nós. Esta mesma semana os 27 Estados membros deron luz verde a un regulamento para activar salvagardas agrícolas con máis rapidez se as importacións ameazan os produtores europeos. Señorías, se un produtor europeo ten que cumprir normas ambientais, sanitarias e de benestar animal —por suposto, que cada vez son máis exixentes e, por suposto, como é lóxico, téñense que cumprir— non pode competir con produtos que non teñan esas mesmas obrigas. Iso é o que defendemos nós sempre. E iso foi exactamente o que trasladou a Xunta en Bruxelas. Insisto, primeiro o agro, logo o mercado; comercio si, pero coas mesmas regras para todos.

Pero, mentres a Xunta fala con Europa e cos representantes do sector, o Partido Socialista trae aquí unha PNL que basicamente consiste en pedirlle á Xunta que faga o que xa leva se-



manas facendo. Ademais, por suposto, a Xunta asumiu medidas concretas coa declaración conxunta coas organizacións agrarias Asaga e Unións Agrarias. Tamén se falou do Observatorio de Prezos; tamén se falou da promoción interna da produción galega e, por suposto, o impulso á autonomía alimentaria de explotacións, cun obxectivo de reducir dependencia de insumos exteriores e estabilizar mercados.

Señorías, nese acordo que se firmou nós poderíamos facer unha pregunta, señorías do Partido Socialista: ¿vostedes poden confirmar que pode obrigar o Goberno Sánchez a cumprir isto que se firmou? (*O deputado Miguel Ángel Viso Diéguez amosa un documento.*) Aquí firmouno Asaga e Unións Agrarias. Señora Lara, pódeme responder vostede na súa intervención. Este acordo, que foi asinado cos sindicatos, contempla dúas peticións moi explícitas para instancias europeas e para o Goberno central. Entre elas, a demanda dun plan reforzado e verificable de controis en fronteira e auditorías en orixe, para o que resulta imprescindible que tanto a Unión Europea como o Ministerio de Agricultura, señora Lara, se comprometan en serio con esta cuestión e creen plans de control de fronteiras específicos.

Por suposto, é un traballo rigoroso, coordinado, proactivo, que pon de manifesto que dende a Xunta de Galicia defendemos con feitos o noso sector primario. Anticipámonos mesmo ao Goberno central en medidas concretas de protección e de promoción, señorías. Tamén se van reforzar os controis sobre as importacións dentro das competencias autonómicas, para o cal, señorías, onte mesmo se reunía o director xeral da PAC, de Control da Cadea Alimentaria, o director xeral de Comercio e Consumo, xunto con membros tamén da Consellería de Sanidade. ¿Para que? Para establecer unha comisión interdepartamental para tratar estes temas. Iso é o que é traballar facendo. (*Aplausos.*)

Tamén se reforzarán as estratexias de comercialización exterior, de promoción interna dos produtos, como todo iso se fixo cando falamos da carne de vacún. A Xunta está a preparar un plan reforzado de control sobre os produtos importados dentro das súas competencias; a Xunta xa está a impulsar un observatorio de prezos para detectar distorsión no mercado; a Xunta xa está a traballar en medidas para aumentar a autonomía alimentaria das explotacións, reforzando a súa base territorial. Polo tanto, señorías, isto todo resúmese en que vostedes chegan tarde. E, á parte, hai outro detalle que tamén teríamos que analizar —e non deixa de ter a súa ironía—, porque nesta proposición o Partido Socialista di estar preocupado pola dependencia exterior das materias primas para a alimentación animal. Señorías, precisamente unha das cousas que favorece o sector gandeiro galego neste acordo é a entrada de millo ou de solla sen aranceis, o que loxicamente abarataría os custos de alimentación animal.

Miren, señorías, aquí nós temos que falar claro: o campo galego non precisa deses informes orais que se fan en Madrid. O campo galego precisa de decisións claras e políticas serias que o defendan e o protexan, e iso é exactamente o que está a facer a Xunta. Porque, mentres vostedes contan contos, a Xunta conta resultados, controis, observatorios, medidas que funcionan para o agro etcétera etcétera. Nós estamos falando coas institucións europeas, traballando coas organizacións agrarias, preparando instrumentos de control e de seguimento e, sobre todo, defendendo algo moi simple, señorías: que os produtores galegos poidan competir en igualdade de condicións. Repito: Galicia non ten medo a competir; o que Galicia non



acepta é competir con desvantaxe. E por iso, señorías, non imos apoiar esta iniciativa, non porque non compartamos a preocupación polo sector primario —señorías, tal cal, compartimos a preocupación—, pero non podemos compartir o que di esta PNL.

Por suposto, non imos apoiala porque é unha iniciativa que chega tarde —como case todo o que nos trae o Partido Socialista—, que duplica as medidas xa en marcha e que pretende desprazar responsabilidades que corresponden a outros niveis de goberno. Se realmente queren defender o sector, señorías do Partido Socialista, teñen unha oportunidade moi clara: señora Lara, falen en Madrid con ese mal Goberno de España e exíxanlle que reforce os controis na fronteira, exíxanlle que defenda con firmeza as cláusulas e exíxanlle que garanta unha PAC forte e sen recortes, porque esa, señoría, é a súa responsabilidade. E, mentres tanto, dende Galicia seguiremos facendo o que sabemos facer e o que nos corresponde: defender os nosos agricultores e gandeiros, traballar co sector e facer valer a voz de Galicia en Europa, sen ruído, sen escenificacións e sen informes orais.

E remato xa, presidente, lembrando que a Xunta segue traballando cos produtores, coas organizacións e con Europa, sen perder a esperanza de que nalgún momento ese mal Goberno de España escoite a voz dos galegos, para garantir que producir aquí siga sendo viable, rendible e sobre todo respectado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

**ARMANDO OJEA BOUZO:** Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Vou empezar facendo unha pequena observación que non ten que ver co tema. En galego, sufixo pode significar tanto algo pequeno como algo ao que se ten cariño; ou sexa, pode ser «presidentiño», «o meu presidentiño querido». Quere dicir, o profesor Xaquín Lorenzo, que me deu clase, explicounos un día que cando un galego dicía «miña casiña» non se refería exactamente a que fora unha casa pequena, era unha casa á que lle tiña cariño.

Eu non sei o que lle pasaría a algún dirixente do Partido Popular se a algún dos seus alcaldes lle chamaran «minialcalde», «microalcalde», «alcaldiño», «nanoalcalde» nalgún momento, como se lle chamou ao alcalde de Ourense, e nunca oín a ninguén protestar por esa falta de respecto.

E, ben, indo ao tema, a nosa posición como partido acerca do pacto co Mercosur pois ten unha relevancia nula, porque non temos absolutamente ningunha capacidade de influencia en Europa para botalo para atrás nin para defendelo. Entón, sendo pragmáticos e sendo realistas, o que entendemos é que o pacto co Mercosur é un feito consumado, despois de máis de dúas décadas de negociacións; estamos na Unión Europea para as duras e para as madu-



ras, do mesmo xeito que estamos na OTAN para as duras e para as maduras, como se está poñendo de manifesto.

E, entón, como hoxe entendemos que é *un fait accompli* —como din os franceses—, un feito consumado, non ten sentido agora, segundo o noso punto de vista, plantexalo neses termos. O que si que temos é que facernos eco do que son as verdadeiras reivindicacións dos gandeiros e dos agricultores galegos, sobre todo dos ourensáns, cos que temos falado e cuxas reivindicacións coñecemos. Eles son os primeiros, polo menos cos que nós falamos, en non estar en contra da libre competencia; eles entenden que a competencia é boa, así en termos xenéricos, sobre todo para os consumidores finais, e o que pretenden que non suceda é do que tamén xa se falou: unha competencia desleal que os coloque nunha situación competitiva pésima.

Hai promesas de controis, tanto alá na orixe como nas entradas das fronteiras, esas cláusulas de salvagarda. A cuestión está en se un se pode fiar realmente diso ou non, porque xa sabemos do complicado que son as accións de control en todos os ámbitos, e sobre todo xa non digamos nalgúns dos países aos que nos referimos.

Está o tema da diferente lexislación en moitos aspectos —lexislación ambiental, lexislacións comerciais—, á parte de que a lexislación nalgún deses países pode ser moito máis permisiva que na Unión Europea, por exemplo, en termos de aspectos fitosanitarios e outros. A cuestión está tamén neses países que mecanismos hai de control nesas propias leis. Incluso aínda no caso de que as normativas fosen máis ou menos semellantes neses países como en Europa, está a cuestión de se realmente neses países os sistemas de control para facelas cumprir son igual de garantistas que en Europa, que tampouco é que sexan tampouco o mellor que hai.

Quere dicir que todo iso que se nos promete de cláusulas de salvagarda, o Observatorio de Prezos para detectar distorsións dos mercados e evitar o control de certos monopolios ou oligopolios nalgúns produtos, a verdade é que é realmente difícil de crer que se poida chegar a controlar.

Entón, esas son precisamente as preocupacións dos agricultores e dos gandeiros da provincia de Ourense, e imaxino que de xeito semellante as de todos os galegos. E por iso levan semanas e incluso meses xa mobilizándose e tratando de falar coas administracións, tanto coa Xunta como co Goberno central, para garantir realmente un *fair play* económico, unha competencia leal.

No sentido da calidade, os nosos gandeiros téñeno claro: Galicia ten probablemente a mellor materia prima ou das mellores materias primas neste ámbito do mundo, tanto en produtos agrícolas como en produtos gandeiros; é coñecido por todo o mundo que en Galicia a materia prima alimentaria é da mellor do mundo.

Hai moitos anos dicíame un reputado gastrónomo que Galicia non desenvolvera unha gastronomía moi sofisticada precisamente porque a calidade da comida era tal que non precisaba de moita ornamentación gastronómica para que fose rica e para que fose boa; era, como digo, un razoamento que facía un gastrónomo, ou sexa, tampouco é que entenda moito diso



pero ben. Entón, claro, os nosos gandeiros non teñen problema no tema da calidade, pero, claro, si efectivamente no tema das diferentes normativas, por exemplo laborais —no caso dos obreiros que se vexan obrigados a contratar—, a fitosanitaria, de control de prezos, etc., etc. —intervencionismos diversos que pode haber—.

E despois está a outra cuestión. Nesas empresas pode haber monopolios ou oligopolios que teñan unha capacidade de competir noutro ámbito, que é o ámbito publicitario. Nós sabemos perfectamente que non sempre o consumidor se decide pola mellor calidade, porque existen outros nesgos doutro tipo que fan que ás veces o consumidor, en base a determinadas campañas máis ou menos manipuladoras da opinión da xente, prefira comer cousas de peor calidade, e esa capacidade téñena algunhas empresas grandes. Tamén se di que ese tratado favorece moito máis as empresas procesadoras que as empresas produtoras deses produtos.

Entón, efectivamente, o tratado do Mercosur está aí, ímolo considerar como un feito —sendo realistas e pragmáticos— que está aí; e loxicamente o que temos é que instar tanto a Xunta de Galicia como o Goberno central, cada un no ámbito das súas competencias, para que esas cláusulas de salvagarda, eses controis, eses observatorios de prezos, e todo iso que din —ben, das palabras non me queixo, como dicía o outro— realmente se cumpran.

Loxicamente, hai que estar vixiantes. Os primeiros que van estar vixilantes son os propios afectados, que é o sector. Eu a verdade, neste caso concreto, inclínome máis para as posicións un pouco pesimistas do BNG. No PSOE parece que, porque ao principio tampouco tiña a cousa moi clara, agora vén a señora Lara defendéndoo; ao mellor viuse na tesitura de ter que defender esa cuestión ao mellor máis alá do que a ela persoalmente lle gustaría facelo, sobre todo sendo dunha provincia gandeira como é.

Para nós —xa digo— Deus nos libre dun «xa foi» —como din os galegos—. Quere dicir que o pacto de Mercosur está aí. Estamos na Unión Europea para o bo e para o malo, temos que apechugar. E, sinxelamente, queda que tanto o Goberno central como o Goberno da Xunta apliquen todos os mecanismos de control e todas as inspeccións para que non se produza o que temen os nosos gandeiros, que é que se vexan obrigados nun tempo máis ou menos —oxalá non sexa así— ao mellor a pechar as súas explotacións ou a cambiar de tal. Que non sexa así está totalmente en mans do Goberno da Xunta e do Goberno central.

Nada máis, grazas.

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Lara Méndez.

**LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Señor Ojea, lamento que non me preste moita atención cando falo, porque a postura do Partido Socialista estivo clara desde un principio. Nós sempre dixemos que este acordo era unha oportunidade, sempre estivemos a favor deste acordo e sempre puxemos enriba da mesa os medos que xera este propio acordo. E seguirei despois con iso.



E agora respóstolle xa ao señor Fernández con respecto á emenda. Non a imos aceptar porque a emenda é a proposición que xa trouxeron a pleno e á comisión e xa votamos en contra da mesma.

E lévolle escoitado tamén, tanto aquí en pleno como en comisión, ese dato onde fai referencia a eses 11 millóns de toneladas que produce Brasil. Eu non sei se o traslada coa intención de seguir xerando medo e dicir que eses 11 millóns de toneladas se van exportar todas e que os máis de 200 millóns de habitantes brasileiros van deixar de comer, (*Aplausos.*) porque iso é xogar cos datos e iso é xerar medo.

E nós —como dixemos— non imos ir á postura fácil, porque o fácil, o cómodo, o rendible electoralmente —que non o rendible para o sector— pois é dicir que «non». Porque —xa digo— é fácil, é cómodo e é rendible. E non lle vou recordar aquí o que xa lle recordei nalgún pleno ou nalgunha comisión, a postura que tivo o BNG co tema das cotas lácteas: primeiro, rechazo total, e, despois, apoio total, incluso manifestación en Bruxelas para pedir que non as retiraran. Polo tanto, o tempo dá e quita razóns e a hemeroteca está aí.

E si —reitero—, hai preocupacións fundadas, si, si que as hai, temos ese recelo. E tamén compartimos a preocupación do sector, porque, se non houbera esas preocupacións fundadas, non necesitaríamos cláusulas espello para que non entren os produtos que non deben de entrar coas mínimas garantías sanitarias e medioambientais. (*Aplausos.*) É que, se non houbera preocupacións fundadas, non necesitaríamos cláusulas salvagardas, como si solicitamos en Europa desde o Partido Socialista que se implantaran esas cláusulas salvagardas, que ademais se teñen que interpoñer en vinte e un días con resposta en cinco días hábiles, e despois resolución cun prazo máximo de catro meses, e que poden permanecer esas cláusulas salvagardas durante catro anos se a ocasión así o precisa.

Polo tanto, se estamos establecendo todas esas cuestións para previr que non haxa unha descompetencia desleal, pois, evidentemente, claro que hai preocupacións fundadas. Pero este acordo é unha oportunidade e as oportunidades hai que aproveitelas, e máxime nun estado de contexto xeopolítico moi moi duro.

E, señor Viso, xa están facendo, xa están realizando, xa están cumprindo coas cláusulas, xa están reforzando os controis en orixe, xa están mantendo intactos os fondos da PAC —a súa proposta, ¡eh!, a proposta do PP—. (*Murmurios.*) Incluso dixo: «véñennos pedir aquí o que vimos facendo dende hai semanas». Pois, ¡home!, se nós pedimos, entre outras cousas —xa non vou entrar no tema do Mercosur—, apoio ás figuras de calidade diferenciada, mellora da información aos consumidores, apoio á estabilización dos mercados, apoio ás vendas das explotacións, posición negociadora para persoas produtoras alimentarias, incremento da superficie agraria útil, maior autonomía alimentaria, elementos clave para a vulnerabilidade e potenciar os produtos, ¿levan semanas traballando niso? ¿E que leván facendo os dezasete anos anteriores? (*Aplausos.*) Levan semanas traballando niso, ¿que fixeron os dezasete anos anteriores, señor Viso? (*Aplausos.*) Porque incluso —é certo— agora fala do Observatorio de Prezos, o Observatorio de Prezos que saíron anunciando o mes pasado —febreiro, o 11, aínda non hai un mes—. Menos mal que esta iniciativa xa está rexistrada desde xaneiro. Se foi a iniciativa o motivo que os puxo a traballar, benvida a iniciativa,



aínda que agora voten que non. Así que fagan o seu traballo, señor Viso, e respalden realmente un sector que o necesita, e moito, nestas políticas e en moitas máis.

Moitas grazas. (Aplausos.)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Volvemos á moción que quedou no medio

**Moción do G. P. Mixto, por iniciativa do deputado Armando Ojea Bouzo, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de prevención, xestión e recuperación forestal fronte aos incendios**

**O PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da súa deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta moción.*

*Emenda de modificación.*

*Proponse unha nova redacción para o punto 1 da parte resolutiva da iniciativa, que terá o seguinte contido:*

*«1. Elaborar e presentar no prazo máximo de tres meses un plan de choque específico para a provincia de Ourense, que priorice a creación de discontinuidades rurais, a xestión da biomasa e a ordenación do monte, integrándose nos Plans de Prevención de Distrito (PLADID) actualizados e incorporando un mapa actualizado de combustibles e establecendo un calendario obrigatorio de planificación anticipada que garanta que as actuacións preventivas financiadas con fondos públicos estean planificadas e executadas antes do inicio da tempada de alto risco de incendios.»*

*Proponse unha nova redacción para o punto 4 da iniciativa, que terá o seguinte contido:*

*«4. Implantar un servizo público único, profesional, estable e plenamente equipado de prevención e extinción de incendios forestais en Galicia, dependente da Xunta de Galicia, que garanta a planificación e execución continuada das tarefas de prevención durante todo o ano e unha resposta operativa eficaz fronte aos incendios forestais, superando o actual modelo fragmentado baseado nas brigadas municipais temporais, así como pór en marcha dun programa galego de formación cidadá en materia de autoprotección e prevención forestal.»*

*Emenda de adición.*

*No punto 2 da iniciativa débese engadir in fine o seguinte texto:*

*«Esta dotación deberá ir acompañada da obriga de publicar un informe semestral de execución que especifique o crédito consignado e executado, as actuacións realizadas e a súa distribución territorial por distritos forestais e concellos.»*



*Débese engadir un novo punto 7, que terá o seguinte contido:*

*<<7. Proceder á revisión e actualización inmediata dos Plans de Defensa contra Incendios Forestais de Distrito (PLADID) dos 19 distritos forestais de Galicia e aprobar os Plans de Ordenación de Recursos Forestais (PORF), garantindo unha verdadeira planificación territorial orientada á redución do risco de incendios e á adaptación aos novos escenarios de incendios de alta intensidade.>>*

*Débese engadir un novo punto 8, que terá o seguinte contido:*

*<<8. Garantir o cumprimento estrito dos prazos de aprobación e publicación do Pladiga e habilitar mecanismos reais de participación (incluíndo a convocatoria dos órganos sectoriais correspondentes).>>*

*Débese engadir un novo punto 9, que terá o seguinte contido:*

*<<9. Dar conta ao Parlamento de Galicia dun informe de seguimento das axudas extraordinarias derivadas dos lumes de 2025, con especificación dos expedientes presentados, resoltos e pendentes, importes concedidos e pagos e prazos de resolución, desagregados por provincias e concellos.>>*

**O PRESIDENTE:** Para formular a moción, ten a palabra o señor Ojea.

**ARMANDO OJEA BOUZO:** Grazas de novo, presidente.

A moción —como todos vostedes saben— adoita ser unha continuación do tema dunha interpelación previa. No último pleno interpelamos a señora conselleira acerca deste tema e a verdade é que as explicacións que nos deu non nos deixaron completamente tranquilos nin moito menos, porque, en termos xerais, o que detectamos foi unha especie de desexo de continuidade practicamente en relación co que se levaba facendo no ámbito da prevención e extinción de incendios forestais, e iso xa sabemos que tivo as consecuencias que tivo no verán pasado. Entón, como dicía alguén, non esperes que algo cambie se se segue facendo o mesmo.

Estamos practicamente —como xa dicía o outro día— na metade do período entre agosto de 2025 e agosto de 2026, e debemos avaliar fundamentalmente dúas cousas. Por un lado, en que medida se levan paliado os negativos efectos dos incendios do verán pasado, sobre todo, no noso caso da provincia de Ourense, e a outra cuestión sería analizar como se está procedendo para tratar de evitar que se repita o próximo verán.

Entón, diferenciando eses dous aspectos de abordaxe da cuestión, temos, por un lado, que a señora conselleira dixo o outro día na prensa que, das 130.000 hectáreas ardidadas —segundo os datos do Copernicus son 171.000, pero ímonos ceñir a ese dato das 130.000 hectáreas ardidadas—, se levan restauradas 6.300. Basicamente non é a cousa para botar cohetes, porque, se se queimaron 130.000 e levan restauradas 6.300, señora conselleira, a verdade é que non se está traballando todo o ben que se debía estar traballando.

Loxicamente, a restauración nunca é completa nin moitísimo menos, porque, claro, pode ser unha restauración aparente incluso visualmente, pero os expertos dinnos que realmente



o que é a restauración real do chan, das características xeolóxicas do chan, e a recuperación total no caso ecolóxico tarda —algúns expertos falan— incluso centos de anos. E, desde logo, a recuperación económica e social tamén non é dun ano para outro nin moito menos. Quere dicir que cando falan de restauración e de recuperación hai que tomalo con esa salvedade. Ao mellor, é unha restauración case aparente, podemos dicir.

Pero, en todo caso, é unha proporción ínfima en comparación co que leva ardido. Tampouco esquezamos que realmente as afectacións dos incendios non son soamente da superficie ardiada forestal ou agrícola e nalgúns casos, incluso, de zonas poboadas, senón que tamén hai outras afectacións, como son os moitos quilómetros de vías de diferentes titularidades que se viron afectadas etcétera.

Quero dicir con isto que hai unha cuestión de base moi importante, e é que non se lle prestou desde un primeiro momento a suficiente atención a este tema e as suficientes ganas de soluciónalo, mesmo xa desde a óptica orzamentaria. A Consellería do Medio Rural, despois de todo o que pasou no verán do 2025, incrementou o seu orzamento un 0,9 por cento, que non é nin a suba do IPC. Iso quere dicir que non había, xa de base... Se se destina a mesma cantidade ou, desde o punto de vista adquisitivo, incluso menos, quere dicir que non se quere de verdade —digamos— abordar o problema de xeito serio. E isto nós interpretamos que é porque —témolo dito moitas veces— o Goberno ten unha especie de punto cego en relación coa provincia de Ourense. Xa vimos recentemente, incluso, nunha das comisións o Grupo Parlamentario Popular pedíndolle ao Goberno de xeito explícito —utilizando a palabra «prioridade»— que priorizase as accións do litoral. Entón, que o Grupo Parlamentario Popular, no que están varios parlamentarios designados pola provincia de Ourense, vote a favor nunha comisión de que se prioricen as actividades e os investimentos no litoral, así textualmente, quere dicir que hai unha cuestión de base, e é que non se quere realmente abordar esta cuestión.

Dicía o outro día un titular de prensa: «*Decenas de millones de euros para las ayudas del sector mar-industria*». Parécenos moi ben; parécenos moi ben que se axude o sector mar-industria. Pero, claro, eu non vin ningún titular que rezase máis ou menos nesta orde de magnitude. «*Decenas de millones de euros para la protección de la renta de armadores durante las paradas biológicas*», para renovación de barcos auxiliares de acuicultura, para depuradoras, para conserveiras, para frota de baixura, cerco, arrastre e marisqueo. Hai algunhas incluso para empresas privadas: 66.400 euros para unha tal —eu non teño nada en contra das empresas privadas, pero isto aparecía nos medios de comunicación— Hermanos Soage S.L; 50.000 para outra empresa, Playa de Rueta, ou algo así; 26.700 á empresa Govifish S.L.

Paréceme moi ben, pero estas cifras non aparecen nas axudas ás explotacións agrícolas, gandeiras e forestais que se viron afectadas na provincia de Ourense. Porque eu vexo por aquí, por exemplo, unha media de 10.000 euros de axuda ás explotacións agrícolas gandeiras e forestais; un total de 7.500.000 euros repartidos entre 700 beneficiarios, segundo, os datos da propia Consellería. Non se chega a estas cifras. E logo sempre se fala dos beneficiarios que a solicitaron. *Si quieren algo, que lo pidan*. Nunha cuestión que debería ser proactiva por parte da Xunta de axudar a esas empresas aínda que non o pidan, sempre din: *¡No, de los solicitantes...!* No caso concreto dos concellos, mire: 5 millóns de euros entre 46 concellos que



o solicitaron. Tocan a pouco máis de 100.000 euros por concello. ¿A vostedes parécenlles realmente unhas cifras que reflectan que o Goberno da Xunta ten verdadeiro interese proactivo en axudar estas empresas agrícolas e gandeiras da provincia de Ourense?

Hoxe sae o señor Rueda —que me parece tamén moi ben— dicindo que vai habilitar axudas e que vai facer todo o posible por axudar as empresas que se vexan afectadas pola guerra de Irán. Bueno, está dicindo o señor Trump que igual acaba pronto, pero a paz é moito máis que a ausencia de guerra, e a *pax romana* pois, ás veces, tampouco é paz de verdade. Pero ben, sen meterme niso, paréceme moi ben que o señor Rueda se preocupe polas empresas galegas que poidan verse afectadas pola guerra; perfecto. Pero está esa outra guerra, que é a guerra contra o lume —tampouco quero frivolar coa palabra guerra—, coa que no verán pasado ata vivimos unha especie de circunstancias case bélicas. Ata incluso desde o punto de vista dos medios de comunicación, as imaxes eran estremecedoras.

Entón, a nós dános a impresión de que non hai unha verdadeira actitude por parte da Xunta de Galicia de recuperar realmente a provincia de Ourense...

¿Como vou de tempo, presidente?, ¿xa me pasei? (*O presidente pronuncia palabras que non se perciben.*) Xa me pasei. Pois vou seguir na segunda intervención, porque a min non me gusta pasarme do tempo.

Grazas.

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Pasácheste pouco, eh.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Dacosta.

**MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA:** Grazas, presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

Imos empezar polo fundamental: Ourense non pode volver ser quen pague as consecuencias dun modelo forestal que leva anos demostrando que non funciona, señorías do Partido Popular.

E digo isto porque detrás desta moción hai unha realidade dura, moi concreta: os incendios de agosto de 2025, os de 2022 e os de 2017, ano tras ano, golpearon con especial virulencia a provincia de Ourense, a miña provincia. Só este verán, un 80 por cento da superficie queimada en Galicia era de Ourense, afectando, obviamente, explotacións agrarias e gandeiras, viñedos, vivendas e aldeas, e obrigando a desaloxos, con danos persoais, ambientais, sociais e económicos de enorme magnitude.

Polo tanto, si; si que hai que falar de recuperación e de apoio ás persoas e comarcas afectadas. Pero tamén hai que dicir que non abonda con actuar cando o lume xa fixo dano, porque



o problema de fondo, do que levamos falado unha e outra vez neste Parlamento por iniciativa deste grupo parlamentario, é que Galicia segue chegando tarde, sempre tarde, á prevención. E é unha consecuencia dun modelo forestal totalmente esgotado impulsado durante anos polo Partido Popular, que non quixo —e isto é unha política consciente— introducir cambios estruturais que os expertos e tamén este grupo parlamentario levamos tempo reclamando.

Xa manifestamos en intervencións anteriores, en interpelacións, mocións e proposicións non de lei, tanto en Pleno como en Comisión, que estamos ante incendios máis intensos, máis rápidos, moi perigosos e difíciles de extinguir, agravados por ese cambio climático que vostedes, ás veces, obvian e tamén polo abandono do rural e esa acumulación de biomasa, por esa continuidade forestal.

E, ante esta realidade, señorías, o modelo da Xunta de Galicia segue sendo reactivo, centrado na extinción, e non na prevención estrutural. Iso —como dicía hoxe— levámolo reclamando dende hai anos, cando xa advertiamos de que o Pladiga chegaba tarde. Hoxe estamos en marzo; a prevención tiña que estar obviamente xa comezada, e o Pladiga segue sen ser aprobado.

A moción fala dun plan de choque para Ourense, con discontinuidades rurais e innovación tecnolóxica. As discontinuidades e a paisaxe en mosaico están ben, pero o que non está ben é este abandono e que, ano tras ano, se infraexecuten as partidas orzamentarias en prevención. O que fai falla é unha política estable para que teñamos esa paisaxe mosaico, eses cortalumes verdes, a silvicultura preventiva todo o ano, a recuperación da actividade agrogandeira e forestal e unha planificación por distrito. Só temos dezanove distritos, pero nin así.

E isto enlaza co núcleo do problema: Galicia segue sen plans de ordenación de recursos forestais. Seguimos traballando con instrumentos de planificación territorial claramente desactualizados. Os plans de distrito datan de 2008 —feitos polo Bipartito—, e vostedes non fan nada. Isto non é un simple atraso; é unha evidencia dunha política forestal que leva anos funcionando sen planificación.

A moción pide tamén unha partida extraordinaria nos orzamentos de 2026 para a recuperación integral destas zonas en Ourense. E nós non temos problema ningún en apoiar esta dotación, porque xa a pedimos en sede parlamentaria, pero hai que poñer o foco en canto se executa tamén desas partidas. E cando falamos do rural, do monte e de Ourense, a falta de execución é un patrón que segue o Partido Popular. *(Aplausos.)*

Esa infraexecución tradúcese en consecuencias reais: en actuacións preventivas que non se realizan, que non chegan; en pistas que non se están a arranxar; en cortalumes que non se fan; en convenios que non se activan, e en combustible que se segue acumulando día tras día. Por iso reclamamos orzamento, pero reclamamos execución dese orzamento e transparencia; transparencia desagregada por distrito, concellos e parroquias. E miro o portavoz do Partido Popular porque levamos moito tempo —non mire cara a atrás— reclamando unha documentación, que é da prevención por distritos que se realizou no ano 2025 e en anos anteriores; esas obras preventivas que o Partido Popular, o Goberno galego, se nega a facilitar a este grupo parlamentario.



A moción fala de revisar axudas e incrementar contías. Si, si, as contías téñense que aumentar e as axudas teñen que chegar cando fai falta, porque, se falamos de axudas de emerxencia —e aquí refírome ás axudas derivadas dos incendios deste verán para explotacións agrícolas, gandeiras e apícolas, incluídas liñas para a reposición de medios de produción e para a alimentación complementaria—, estamos a falar de custos inmediatos. Como dicía antes a miña compañeira Lara Méndez, o gando come todos os días, e moitas liñas destas axudas están sen resolver. De feito, o venres falaremos deste tema na comisión que se celebra, a Comisión 7ª. Estamos en marzo, e están expedientes sen resolver e estes cartos sen chegar; non sei que ten que dicir o Partido Popular. Por iso, cando a Xunta fala de millóns, como falaba o outro día a conselleira do Medio Rural, o Grupo Parlamentario Socialista só pide unha cousa: ensinen esas resolucións, ensinen eses pagamentos, ensinen os listados por distritos, concellos e parroquias.

Ademais, en relación co punto 4, que fala do modelo de extinción e tamén da formación, pois estamos de acordo, porque a Xunta sostén un modelo baseado en contratacións temporais, como son as brigadas municipais. E vólvoo repetir: mentres a Xunta fala de prevención, o que realmente fixo foi descargar nos concellos un modelo precario, fragmentado e claramente insuficiente para afrontar os incendios deste século.

En relación co punto quinto, o mando único, si que é certo que existe. O problema non é o mando; o problema é como se están a coordinar os efectivos —como dicía— coas brigadas. Non poden traballar traballadores e traballadoras durante só tres meses, empezando en xullo, para facer prevención. Isto é papel mollado.

¿E o plan de repoboación do interior? Pois este punto, o último punto, fala dun plan de repoboamento do interior para combater ese círculo entre incendios e despoboamento, que é certo, é así. Aquí estamos totalmente de acordo no diagnóstico: despoboamento e incendios retroaliméntanse. A situación require para Ourense concretamente un plan integral de rehabilitación do rural, que tamén solicitou o Grupo Parlamentario Socialista e do que votou en contra o Partido Popular —que sorpresa—. ¿E que pedimos? Servizos básicos, emprego e actividade produtiva, apoio á agricultura e á gandaría, silvicultura sostible, mobilidade de terras —que non están a facer; moito anuncio, propaganda, e nada máis— e política de fixación de poboación con investimento executado. Vostedes botan literalmente a xente do rural galego.

O PSdeG no quere caer en debates que sexan superficiais, pero esta moción trae medidas que poden ser razoables. Nós presentamos unha emenda para complementar estas peticións. Porque lle vou facer unha pregunta, a ver se o portavoz do Partido Popular, que despois vai intervir, contesta: ¿vai cambiar a Xunta de Galicia o modelo forestal galego, o modelo forestal do Partido Popular fracasado?, ¿vaino cambiar? Porque non nos chega con dous ceses na Consellería do Medio Rural; precisamos dun cambio na política forestal, precisamos que deixen a improvisación, a infraexecución, a falta de transparencia e a propaganda. Non abonda con prometer despois do lume; hai que previr antes —non o fan—, hai que planificar antes —non o realizan—, hai que executar e hai que render contas. E, sobre todo, Ourense merece máis que propaganda, merece máis que titulares, máis que visitas da conselleira ou de Rueda despois dos incendios; merece unha política forestal seria con prevención estrutural.



Porque lles digo unha cousa: estamos en marzo, e o Plan de prevención, sen aprobar. Este ano choveu moitísimo, e o que vai acontecer este verán se as condicións meteorolóxicas son adversas, como o ano pasado, pode ser...

**O PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA:** ...moi perigoso para todos e para todas.

Nada máis. (*Aplausos.*)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Valcárcel.

**MONTSERRAT VALCÁRCCEL ARMESTO:** Grazas, presidente.

Señorías, falamos hoxe da que foi a peor vaga de lumes de toda a historia de Galiza, dun verán de 2025 que quedou gravado a lume na memoria de todos e, moi especialmente, na memoria de Ourense. Non estamos ante un episodio desgraciado máis; estamos ante a evidencia dun modelo fracasado. Porque o problema non é que falten avións en agosto; o problema é que falta política forestal os doce meses do ano. E, cando se vive sen política forestal, o resultado é que arde todo. E ninguén, absolutamente ninguén no Goberno do PP, asumiu a responsabilidade política, máis alá dunha cúpula de Medio Rural que marchou en decembro en silencio mentres a conselleira veu aquí dicirnos que todo se fixo ben.

Quero empezar recoñecendo unha cousa, que é que na moción de Democracia Ourenzana hai un diagnóstico que compartimos: Ourense foi o epicentro desta crise, co seu agro, cos seus viñedos, cos seus montes, coas explotacións gandeiras e as vivendas golpeadas. As axudas chegaron tarde e mal e resultaron claramente insuficientes para que moitas familias e sectores produtivos puidesen reconstruír a súa vida con dignidade. Ourense non pode quedar atrás nin na recuperación nin na planificación do futuro. Nisto coincidimos, pero o que non compartimos é que a resposta se limite a un novo plan de choque, a unha nova partida extraordinaria para tapar a ferida, mentres se mantén intacto o modelo que nos trouxo ata aquí. Porque se algo quedou claro neste verán de 2025 é que non fallou a heroica entrega das brigadas, nin dos bombeiros, nin da xente que se xogou a vida nas aldeas; o que fallou claramente foi a Xunta. Chegouse ao verán coa pólvora posta: faixas sen limpar a tempo, maleza ata as portas das casas, traballos de prevención que non se executaron cando tocaba.

Levamos anos desde o BNG advertindo de que non podes ter un territorio hiperfragmentado cunha chea de combustible fino abandonado e pensar que con dous decretos en xuño e catro roldas de prensa en agosto estás protexendo a poboación. E, por riba, cando a vaga de lumes estala, a resposta do PP é volver anunciar máis helicópteros, máis bases. Señorías, isto pode dar boas fotos en agosto, pero non é unha política forestal; iso é márketing. Un monte abandonado cheo de continuidade de combustible é pólvora en tempo de cambio climático.



A realidade é que non hai unha aposta seria pola xestión conxunta, pola multifuncionalidade, por ese mosaico agrario forestal que rompe a continuidade do lume. A Xunta presume de convocatorias e de cifras, pero non nos ofrece en ningún momento unha estratexia de país. Un día fálanos de agrupacións forestais, outro día cóntanos o das faixas secundarias, pero non hai un proxecto integral que diga o que queremos facer cos montes de Galiza nas próximas décadas. O resultado é que son as brigadas as que pagan o prezo dun modelo que non decidiron.

E todo iso dáse nun contexto que o empeora todo. Co cambio climático, os veráns son máis longos, máis secos e máis quentes, co cal as xanelas de risco se alongaron. Xa non falamos só de agosto; falamos de campañas que comezan en xuño e que rematan en setembro ou outubro, con incendios máis rápidos, máis intensos, máis difíciles de apagar. O que vivimos en 2025 non foi unha excepción irrepitible; foi un aviso moi serio da nova normalidade se non mudamos o rumbo.

O BNG comparte a preocupación de fondo que expresaba o señor Ojea. Compartimos a necesidade de plans específicos para as comarcas máis afectadas; compartimos a exigencia de mellorar as axudas, de reforzar os recursos e de afinar a coordinación entre administracións. Non imos nós votar en contra de medidas que poidan supor máis protección e máis investimento real para as persoas e para os territorios golpeados polo lume, pero queremos ser moi claras sobre todo en dúas cousas.

A primeira é dirixida á Xunta. Ningunha moción borra a súa responsabilidade. Aquí non estamos ante un problema de falta de ideas da oposición; estamos ante un problema de falta de vontade política do PP para asumir que o modelo forestal galego non funciona. O que hai é que mudalo de raíz. Non abonda con aceptar un plan de choque para Ourense se despois se mantén un orzamento continuista e un modelo de monte que nos vai levar á seguinte vaga de lumes.

E a segunda, dirixida á Democracia Ourensana. Galiza non se arranxa con base en plans especiais illados, non abonda con pedir máis diñeiro para Ourense se non se cuestiona o modelo de país que está detrás, se non se discute que modelo de monte queremos, que papel lle damos ao rural. Non hai saída ourensá para un problema que é profundamente galego.

Desde o BNG, levamos anos defendendo unha alternativa de país. En primeiro lugar, defendemos unha prevención de verdade, os 365 días do ano: execución real das faixas de protección arredor das aldeas, rozas en tempo e forma, priorizando onde vive a xente e onde hai máis risco. En segundo lugar, un novo modelo de monte: un mosaico agrario forestal; a recuperación de soutos, viñedos e terras agrarias, e o apoio ás comunidades de montes e á gandería extensiva como barreiras naturais contra o lume. E, en terceiro lugar, un operativo dignificado: persoal con condicións estables e dignas, formación para incendios de sexta xeración, un mando único e coordinación real entre a Xunta, as deputacións e os concellos. Non se pode pedir heroísmo permanente a quen non se lle dá nin folgos nin medios.

E aquí é onde quero ser especialmente clara co Partido Popular. No verán de 2025 Galiza sufriu a peor vaga de incendios da súa historia, con máis de 130.000 hectáreas calcinadas e



megaincendios como o de Larouco, o maior do que hai rexistro, arrasando comarcas enteiras. Iso non funciona, non foi unha desgraza inevitábel nin un castigo divino; foi a consecuencia directa dun modelo do PP que deixa o monte abandonado todo o ano e que só se acorda del para sacar avións na foto de agosto.

Por iso, hoxe a pregunta non é cantos helicópteros máis van contratar; a pregunta é canto tempo máis vai pasar para que o Partido Popular governe de verdade como se o cambio climático non fose unha nota a pé de páxina, que é o que eles consideran, e como se o noso rural fose material desbotable. Porque, mentres vostedes se parapetan en roldas de prensa, quen perde a casa, quen perde a explotación, quen perde o monte comunal non son as súas siglas; é toda a xente de Galiza.

En definitiva, non queremos un país que viva enlazando emerxencias, enlazando lumes sen tocar o que hai no medio: o modelo de uso do solo, a política forestal, a política agraria, a política do rural. Queremos un rural vivo, con xente, con actividade económica, con monte coidado, con futuro. E iso exige un cambio profundo na maneira de gobernar.

Remato. O que está en xogo non é só unha campaña de lumes máis ou menos afortunada; é o futuro do noso territorio, da nosa economía, da saúde da xente, da vida no rural. Se a Xunta do PP segue sen mudar o rumbo, se segue sen unha verdadeira política forestal, a seguinte vaga de incendios non será só unha desgraza ambiental; será tamén unha inmensa responsabilidade política da que non van poder fuxir.

O BNG estará, como sempre, ao lado das persoas afectadas, do rural, das brigadas, dun modelo de país que non resigne Galiza a arder cada verán. Onde non vai estar nunca é do lado dun PP que converteu a catástrofe en rutina de goberno.

**O PRESIDENTE:** Grazas.

**MONTSERRAT VALCÁRCEL ARMESTO:** Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O PRESIDENTE:** Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Rodríguez Conde.

**ÁNGEL RODRÍGUEZ CONDE:** Grazas, presidente.

Boas tardes, deputados e deputadas.

Despois de escoitar as tres formacións políticas hoxe aquí representadas, vénme á mente o que os profesionais dos incendios forestais denominamos «triángulo do lume», un modelo que representa os tres elementos necesarios para iniciar unha combustión; é dicir, un incendio forestal. Neste triángulo temos, por unha parte, *(O deputado Ángel Rodríguez Conde amosa un documento.)* o combustible, que é o que arde; por outra, o oxíxeno, que é o comburente, e, posteriormente, tamén a calor, que é a enerxía de activación. Vanme permitir, señorías, un símil con este triángulo do lume que acabo de expoñer, que é o triángulo do lume político. *(O deputado Ángel Rodríguez Conde amosa un documento.)* Si, o triángulo do lume político. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Fun asignando os distintos lados aos distintos grupos.



A Democracia Ourensana asigneille o do oxíxeno. ¿Por que, Señor Ojea? Porque pretende dar oxíxeno unicamente a unha provincia porque é a súa prioridade, Ourense. Para nós, é toda Galicia, claramente tamén a provincia de Ourense. *(Aplausos.)* Desde o Goberno da Xunta de Galicia tense unha prioridade moi clara: coidar os nosos montes, protexer os espazos naturais e estar ao lado das persoas que viven e traballan no rural galego. Lévase anos prestando atención especial á súa provincia, unha provincia que por desgraza sofre con máis intensidade a ameaza dos lumes. Este verán a resposta estivo á altura das circunstancias e todos, todos os implicados deron o mellor de si mesmos nun contexto especialmente moi, moi complexo. Pero somos conscientes de que cada campaña deixa aprendizaxes —claro que si— e de que temos marxe de mellora, que é cara a onde hai que ir.

Xa temos un lado dese triángulo que expoñía, que era o oxíxeno, Democracia Ourensana. *(O deputado Ángel Rodríguez Conde amosa un documento.)* Agora, o combustible, a prevención. Aí designei o Partido Socialista, que sempre nos vén falar de prevención ao Partido Popular, ao PP, ao partido da prevención: o PP. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Precisamente este goberno volveu incrementar de maneira clara os recursos destinados á prevención e tamén á extinción. Nos orzamentos do ano 2026, superáronse os 116 millóns de euros, dos cales algo máis de 75 millóns irán destinados á prevención, máis do 50 por cento con respecto ao ano pasado. A política da Xunta de Galicia é moi clara: un monte coidado e produtivo é un monte que arde menos. Por iso estamos a reforzar a prevención estrutural —da que antes se falaba aquí—, que fai máis seguro o territorio, e as políticas forestais, que dan un valor engadido a ese propio territorio. Nesa liña, e no ámbito da prevención estrutural, cobra especial importancia a xestión da biomasa nas franxas secundarias, que constitúe unha das ferramentas máis eficaces para protexer os núcleos de poboación, tal e como quedou de manifesto nesta pasada campaña.

Somos conscientes de que moitos concellos e propietarios necesitan e precisan apoio para cumprir coas súas obrigas, e por iso reforzouse o novo convenio con medidas moi concretas: duplicouse o investimento ata 25 millóns de euros anuais; reforzouse o apoio aos concellos de menos de 10.000 habitantes, facilitando a execución subsidiaria nas zonas de risco cando os titulares non actúan, reducindo tempos e burocracia; ampliouse de forma importante o número de parroquias priorizadas, coa limpeza de vías municipais e a creación de franxas naturais de protección con subministro de especies axeitadas, e tamén se mellorou a asistencia técnica aos concellos para revisar ou elaborar os seus plans municipais de prevención. Todas estas son actuacións claves para crear espazos seguros na contorna das vivendas.

Tamén é prevención as políticas forestais que dan valor ao territorio, e poñemos un exemplo: a nova liña de axudas de reforestación produtiva, dotada con 8,4 millóns de euros para 2026 e o 2027. Ao mesmo tempo, resolvéronse xa axudas específicas de prevención de danos por incendios e desastres naturais por case 5,4 millóns para 283 entidades beneficiarias, centradas no control da biomasa para reducir a carga de combustible no monte da que tanto falamos aquí.

Outra das claves é a coordinación entre administracións. Como lles dixen xa anteriormente, o Goberno galego segue reforzando ese convenio para a xestión da biomasa e protección local, pero se hai un exemplo de colaboración interadministrativa que funciona, señor Ojea,



é o da Deputación de Ourense. Ao abeiro dos convenios asinados con ela, entregáronse doce tractores con rozadoira ás mancomunidades do Ribeiro, Terras de Celanova, Carballiño e Verín; puxéronse en marcha dezaseis brigadas temporais que traballaron seis meses dende abril ata outubro; dotouse as entidades locais de maquinaria hidrostática polivalente, e formouse e seguírase formando o persoal no Centro de Loita contra o Lume de Toén. Este convenio aspira a ser un modelo replicable coas demais deputacións, porque traballar xuntos, señorías, fortalece a capacidade de prevención e protección do territorio.

Temos xa, deste xeito, dous lados do triángulo: *(O deputado Ángel Rodríguez Conde amosa un documento e sinalao.)* un e dous. E, como non, o Bloque Nacionalista Galego vai na zona da calor. É un partido que tenta quentar continuamente todas as situacións dunha maneira artificial é exaxerada, na procura desesperada de conseguir votos, que nunca lles chegan, *(Aplausos.)* que nunca lles chegan. E, ¿quen arrefría esta calor, señorías? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Quen? Non. O dispositivo de incendios que temos na Xunta de Galicia, un dispositivo que hoxe é máis amplo e profesional que nunca en medios humanos, materiais ou en formación. Hai que recordar que vostedes tiñan as brigadas tres meses e que neste ano 2026, cando este goberno fixo unha promesa, cumpriuna; é real. Este ano xa un terzo do persoal traballará nove meses, e outros dous terzos, todo o ano. *(Aplausos.)* ¡A diferenza entre uns e outros! *(Murmurios.)*

Nos orzamentos do ano 2026, chegaremos ata algo máis de 40 millóns de euros destinados á extinción. Actualmente o dispositivo galego conta con novas bases de unidades operativas, BUO, e medios técnicos avanzados que aumentan a eficacia pero, sobre todo, a seguridade das intervencións, e irase mellorando. Destacan a nova base aérea de Lalín, no centro de Galicia, con capacidade para seis helicópteros; un novo aeródromo en Valga, e melloras nas bases de Campiño e Antela. Ademais, o operativo contará con dous avións máis de carga en terra, chegando a 8, e con 22 medios aéreos propios; máis de 30 sumando os do Estado.

Pero, por certo, señorías do Partido Socialista, estamos a esperar as noticias sobre o reforzamento dos medios do Estado — cousa rara —, porque seguen sendo os mesmos que os da última década. Declaramos a emerxencia climática nos medios de comunicación, e seguimos esperando reaccións e investimentos do Estado na dita emerxencia.

Por seguir, tendo rematado xa este triángulo do lume político que non me cansarei de mostrar — e os meus compañeiros xa o teñen —, *(O deputado Ángel Rodríguez Conde amosa un documento.)* *(Risos.)* teño que dicir que os gobernos do Partido Popular, aínda que lles doía, hai anos que levan traballando nestes tres lados, *(Murmurios.)* señorías, ¡nestes tres lados!, pero de forma distinta a como traballaban vostedes, dunha maneira construtiva e real, sabendo que queda moito por facer.

Para ir rematando, señor Ojea, volvo dicirlle que a súa prioridade é Ourense; a nosa, toda Galicia, incluído claramente a provincia de Ourense. Todas estas medidas que levo dicindo e citando teñen un efecto directo en Ourense, ademais de ser a provincia perceptora da maioría destas axudas: 2 millóns de euros para a base de medios aéreos de Antela, 900.000 euros para o BUO de Bande, 225.000 euros para reformar outras bases..., é dicir, máis de 3 millóns; 6,5 para os convenios con entidades locais; 1,5 millóns de investimento no sector vitivinícola



da Ribeira Sacra; máis de 8 millóns para a modernización do regadío da Limia, e un longo etcétera. Os orzamentos do ano 2026 responden as necesidades de Ourense, incluíndo as axudas aos afectados polos incendios, chegando en tempo e forma con contías importantes —ata 200.000 euros por persoa—, e soamente no caso de Medio Rural, sen contabilizar o resto das axudas que mobilizou a Xunta de Galicia.

Cada medida conta, e o Goberno da Xunta de Galicia conta con Ourense. Nós tamén.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O PRESIDENTE:** Moitas grazas.

Grupo autor da moción, señor Ojea.

**ARMANDO OJEA BOUZO:** Grazas, presidente.

Bueno, eu vou empezar agradecéndolle ao señor portavoz do Partido Popular dúas cousas. Primeiro, que o triángulo que debuxou sexa un triángulo equilátero, que nos dá a mesma proporción (*Risos.*) aos tres partidos da oposición, o cal é xenial. Se iso supón que temos a mesma visibilidade mediática os tres, por min encantado. E o segundo, que me asignase o oxíxeno. Pois mire, a fórmula química do oxíxeno é —xa sabe— «O»... Bueno, «O» é o oxíxeno atómico, porque vostede sabe que o oxíxeno na natureza ten dous átomos, ¿non?: «O<sub>2</sub>». En todo caso, parécese moito a «OU», que é o símbolo de Ourense. Entón, grazas tamén por darnos ese símbolo. (*Murmurios.*)

Nós pensamos que é importante un plan de choque porque, tal e como dixeron, se se levan restaurado 6.300 hectáreas e arderon, segundo o cómputo da Xunta, 130.000, loxicamente hai que tomar unhas medidas excepcionais no que queda de tempo. Nos orzamentos, loxicamente, entendemos que hai que facer unha modificación de crédito para reasignar unha gran cantidade de diñeiro para conseguir este obxectivo, e loxicamente tamén hai que adaptar —como dicíamos aquí— os recursos humanos. O outro día dicíame un experto que o 40 por cento dos incendios de Galicia está habitualmente en Ourense. Pois o lóxico sería que a reasignación de brigadas tamén fose semellante; o 40 por cento das brigadas —véñeno reclamando os expertos— debería estar na provincia de Ourense. Onde, por experiencia empírica, máis se sabe que vai arder é onde vai haber que reasignar efectivos, cousa que non se fai. Dicíame un experto que no distrito XIV, Verín-Viana, algunha vez ardeu máis que na Coruña e Lugo xuntos, nas provincias xuntas. Logo está o do mando único que dixemos etcétera.

Mire, despois dicía: ¿que confianza podemos ter en que se estea facendo de cara ao verán que vén o que debe facerse? Xa dixeron o outro día que imos ver, que imos esperar a ver o resultado, aínda que non pinta nada ben a cousa, porque, de entrada, xa nin presentaron o Pladiga. De entrada, o Pladiga, que, por lei, debía estar presentado xa antes de que acabase o ano pasado, está sen presentar. Pois mira, é síntoma de como vai indo a cousa por alí.

Eu agradezo tamén o apoio implícito que sobreentendín no Partido Socialista e no partido do BNG. Loxicamente as súas visións do problema poden dar lugar a outras mocións ou a



outras cuestións que se poden tratar en Pleno ou en Comisión, o cal ten unha vantaxe: que, polo menos, se siga falando do tema dos incendios e que, polo menos, se siga falando, polo tanto, da provincia de Ourense.

A partida orzamentaria de Medio Rural ten que medrar de todos os xeitos, porque, mire, están aparecendo novas cuestións. Seguindo na provincia de Ourense, as inundacións que se están producindo alí están facendo agora que, por exemplo, os nitratos que ata agora fluían de xeito máis ou menos..., bueno, non como van fluír agora que hai inundación, porque había determinados depósitos de nitratos que ían aos acuíferos. Pero é que agora anegouse a lagoa de Antela. O problema que xa saben vostedes do Limia e das cianobacterias, e da sentenza xudicial e todo iso vai haber que tratalo agora aínda con máis motivo, porque, respecto das inundacións —xa que falou da Deputación—, xa lles están tamén dicindo desde a Deputación de Ourense que vai haber que incrementar as axudas. Sobre o problema dos xabarís, saen hoxe falando os cazadores de que non se pode fiar todo ao labor... Xa dicía o outro día nunha comisión que teñen que tomarse outras medidas. É dicir, Medio Rural ten que incrementar o seu orzamento en moita cantidade por todos os motivos que acabamos de dicir: máis persoal, máis recursos, maiores axudas —insuficientes totalmente—. Se establecemos as comparacións con outras comunidades autónomas, quedamos tamén xa curtos. E ten que facerlles caso, desde logo, ás recomendacións dos expertos.

Non imos aceptar a cousa do Partido Socialista, e non porque non nos pareza ben. Xa dicía, traten de apoiar a cuestión tal e como foi plantexada, e leven ás sucesivas comisións ou aos sucesivos plenos as cuestións relacionadas cos incendios de Galicia e de Ourense como as vexan vostedes. Nós tamén as apoiaremos, e así...

**O PRESIDENTE:** Sobre a emenda, señor Ojea.

**ARMANDO OJEA BOUZO:** Acabo de dicir que non a acepto. Pero ánimoa a que siga traballando nesa liña, porque apoiaremos a cuestión.

**O PRESIDENTE:** Grazas.

### ***Votación das mocións***

Rematado o debate desta moción, procedemos á votación das mocións.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Rosana Pérez.

Non se aceptou a emenda do Grupo Parlamentario Socialista, e pediu o PP a votación por puntos.

*(A deputada Rosana Pérez Fernández pide o uso da palabra.)*



Si. Déanlle voz ao escano da señora Pérez Fernández.

**ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ:** A proposta do PSOE inicialmente era de substitución do noso texto resolutivo e foi o que anunciamos nós que rexeitabamos, pero finalmente o PSOE propón o seu texto íntegro como engádega do noso, e aceptámolo.

**O PRESIDENTE:** ¿Acéptalla como engádega?

**ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ:** Si. E pasaría a ser os puntos cinco e seis do noso texto.

**O PRESIDENTE:** ¿E acepta a votación por puntos?

**ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ:** Non.

**O PRESIDENTE:** Ah, vale. (Risos.) (Murmurios.) Bueno, pois nada. Pois, entón, como xa coñecen esa transacción, votamos.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Rosana Pérez Fernández, sobre a caída da produtividade marisqueira nas rías galegas, singularmente no que atinxe aos bivalvos na ría de Muros e Noia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado o texto transaccionado desta moción.*

**O PRESIDENTE:** Votamos a do Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa de don Armando Ojea.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

*Votación da Moción do G. P. Mixto, por iniciativa do deputado Armando Ojea Bouzo, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de prevención, xestión e recuperación forestal fronte aos incendios.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*



**O PRESIDENTE:** E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista que se acepta.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre o grao de eficacia das políticas do Goberno galego dirixidas a corraxir a desigualdade socioeconómica das mulleres en Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado o texto transaccionado desta moción.*

**O PRESIDENTE:** Remataron aquí as votacións.

Continuamos co punto cuarto da orde do día, as proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Roberto Rodríguez Martínez e nove deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co proxecto denominado Variante oeste de Caldas de Reis e acceso do porto de Vilagarcía á AP-9**

**O PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paloma Castro Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:*

*<<O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que recupere o proxecto da VG-47, que o actualice e que retome a súa tramitación de inmediato por ser unha infraestrutura que permite conectar o Porto de Vilagarcía coa AP-9 sen duplicar vías innecesarias, recuperando o corredor Curro-Baión e garantindo un acceso directo ao porto por Meis.>>*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Luís Bará Torres, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*



*Emenda de adición.*

*Débense engadir na parte resolutiva dous novos puntos co seguinte texto:*

*<<3. Promover unha proposta de ronda oeste de Caldas que conecte a N640 coa N550 para desconxestionar o centro urbano e que teña un tratamento brando, de avenida integrada na contorna, con tráfico calmado e con un itinerario peonil e ciclista paralelo.*

*4. Avaliar as seguintes propostas para mellorar a mobilidade e a conectividade entre a N 550, a N 640, o Porto de Vilagarcía e os parques empresariais da contorna:*

*-Ampliación do nó de Carracedo para posibilitar a conexión nos dous sentidos entre a N 550 e a AP9, xunto coa supresión da peaxe da autoestrada.*

*-Rematar a construción da autovía entre Curro (AP 9 e autovía do Salnés) e Baión (N 640).>>*

**O PRESIDENTE:** Para a defensa da proposición non de lei, ten a palabra a señora Prado.

**PAULA PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

En primeiro lugar, quero saudar os veciños e veciñas das parroquias de Caldas, os concelleiros e compañeiros, e o noso portavoz e exdeputado Fernando Pérez, que esta tarde nos acompañan na tribuna.

Hoxe estamos aquí para exixirle unha vez máis ao Goberno de Pedro Sánchez e ao Ministerio de Óscar Puente que deixen de mangonear os galegos co seu modelo *low cost* de infraestruturas para Galicia. Estamos aquí porque o pasado martes, cando estabamos deseñando a orde do día deste pleno, o Partido Popular de Galicia introduciu nesta orde do día unha proposición non de lei para exixir a inmediata paralización do proxecto da variante oeste que o Goberno de Pedro Sánchez lle impuxo aos veciños de Caldas.

É un trazado que ninguén lles pediu e que conta coa desaprobación dos veciños, que vos tedes nunca escoitaron. Esta iniciativa faise eco das reiteradas reclamacións dunha veciñanza que o Goberno de España nunca quixo atender e moito menos escoitar. É unha iniciativa que xorde de estar cos veciños, de escoitalos e de atendelos. Dende o Partido Popular de Galicia —acompañados polos veciños de Caldas—, pedímoslle ao Goberno de España que anule de xeito inmediato o actual proxecto da variante, porque dana os municipios afectados, e que redacte un novo estudo informativo para a construción dunha nova variante arredor das estradas nacionais —a N-640 e a N-550—, excluindo o acceso ao porto de Vilagarcía.

E cal é a nosa sorpresa que, ao día seguinte de introducir na orde do día esta iniciativa, o correspondente das malas noticias do Partido Socialista en Galicia, o señor Besteiro, presentouse en Caldas e reuniuse co alcalde e cos concelleiros do PSOE. Iso si, cos veciños, non.



(Aplausos.) O señor Besteiro... (Murmurios.) Non sei que lles fai tanta graza, failles graza. Rinse dos veciños, alá vostedes. O señor Besteiro escondeuse despois de anos ninguneándoos.

En fin, no Partido Popular de Galicia estamos aquí despois dunha longa reivindicación na que si escoitamos e dialogamos cos veciños, que dixeron «non» a unha variante exterior que ía ser unha completa desfeita para a zona. Nós non pedimos nin máis nin menos que o que se acordou no Pleno por unanimidade, e, si, cos seus votos, do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista. Pedimos paralizar de inmediato o proxecto que nos queren impoñer desde Madrid e que non ten en conta os graves prexuízos que lle vai causar a Caldas, a Portas e aos seus veciños.

¿Que fixeron vostedes ata agora? Reaccionan unicamente cando o Partido Popular de Galicia trae esta iniciativa ao Pleno. Por iso, sorprendémonos cando vemos a estampa do señor Besteiro erixido en representante do Goberno de Sánchez unha vez máis, e teñen moi pouca vergonza de mandar o emisario do portador das malas noticias e promesas incumpridas polo sanchismo aos veciños. Non se enganen e, sobre todo, non enganen os galegos. Vostedes teñen para Galicia un modelo de infraestruturas patrocinado por un ministerio e un goberno á deriva; un modelo que dende o Partido Popular de Galicia exiximos que acabe xa, empezando, neste caso, pola anulación inmediata e efectiva do trazado proposto para a variante oeste en Caldas de Reis. (Aplausos.)

Queremos, señorías, que esa promesa que foi vender o señor Besteiro non sexa fume. Queremos velo publicado no *Boletín Oficial do Estado*, porque xa sabemos en que quedan as promesas do señor Besteiro. Xa sabemos que o señor Besteiro é o que nos trae a Galicia o contido patrocinado do Goberno de España. Ata lle deu un bico a un tren, e miren en que acabou a cousa: nun caos ferroviario nunca vivido antes en España nin en Galicia. (Aplausos.)

Pregúntome que fan mentres critican a teórica falta de mantemento das estradas competencia da Xunta de Galicia e reclaman proxectos da Xunta. ¿Vostedes, mentres, que fan?, ¿que fan polos veciños de Caldas? Pois dígolle eu: impoñerlles trazados que non queren, e nin sequera ser quen de manter en bo estado as estradas que discorren por ese concello. Dende Galicia, vimos reclamando un compromiso firme no mantemento das infraestruturas estatais, un mantemento máis urxente que nunca. Pola contra, o Goberno da Xunta de Galicia investirá ata o 2029 184 millóns de euros neste eido, e neste 2026 acada unha cifra récord para a conservación das estradas: 71,6 millóns de euros, un 43 por cento máis que no ano 2023.

O PSdeG, en lugar de adoptar compromisos que non lle corresponden, podería preocuparse, señorías, polo estado dos firmes da N-640 e a N-550. (A deputada Paula Prado del Río amosa unha fotografía.) Así é como están esas estradas, señorías. O Partido Socialista de Galicia perdeu a oportunidade para reclamarlle ao seu goberno que acometa con urxencia traballos de mantemento que, sen dúbida, son necesarios, xa que poñen en risco todos os condutores que circulan por esas vías. O trazado que vostedes plantexaban supoñía derrubamento de casas, perda de negocios, perda de fincas de cultivo, e perda de conexión entre as parroquias; en fin, acabar co xeito de vida para moitos veciños e veciñas. Dende o Partido Popular de Galicia queremos variante oeste, si, pero non a que nos enviaron dende Madrid. Queremos



a variante oeste proposta pola veciñanza, apoiada polo Partido Popular e —lémbrolles outra vez, señorías— apoiada tamén no Pleno polo Bloque Nacionalista Galego e polo Partido Socialista. Foi por unanimidade, tamén na Deputación de Pontevedra.

Pero a realidade é que a proposta do trazado hoxe segue vixente. Ata agora, non serviron de nada as máis de cinco mil alegacións presentadas ao seu devastador proxecto, unha mobilización masiva de máis de dúas mil persoas nas rúas contra este proxecto ou os acordos unánimes en diferentes plenos para paralizar a iniciativa. A pregunta é: ¿onde estaban vostedes cando toda esta xente se manifestaba? Pois vostedes non aparecían, nin moito menos o Ministerio. Foron vostedes moi lentos para atender as súas demandas, pero —iso si— foron moi rapidiños o outro día. Foi alí o señor Besteiro, anunciou que o proxecto xa estaba arquivado, que non ía haber a variante, e, cando marchou, os operarios do Ministerio foron retirar as pancartas, foron retirar as cruces, e aquí non pasou nada. ¡Ao máis puro estilo de goberno autoritario! (*Aplausos.*)

Pero, miren, señorías, vostedes poden tapar as protestas, vostedes poden tapar as pancartas —iso si, as que non son súas, (*Aplausos.*) porque lles gustan moito pero cando non se refiren a vostedes—, pero o que non poden tapar é a mentira e o fume. Mentres non se publique no *Boletín Oficial do Estado*, señorías, seguiremos descrendo nesa paralización que foi anunciar a pasada semana alí o señor Besteiro. Rían, rían. Nós pedimos nesta iniciativa exactamente o mesmo que cando a rexistramos e que cando a incluímos neste pleno, xa que nada ten cambiado dende a visita do señor Besteiro a Caldas a semana pasada.

E, miren, é o mesmo señor Besteiro que en campaña facía un vídeo parado alí, collendo un ticket da AP-9, e dicía aquilo de «isto, con nós, vai rematar». (*A deputada Paula Prado del Río amosa un documento.*) Aquela promesa da gratuidade da AP-9 —que non é que aínda non se consegue; é que cada ano sobe o prezo da AP-9— (*Aplausos.*) é o mesmo compromiso que dixo o Bloque Nacionalista Galego que lle ía arrancar en Madrid a Pedro Sánchez, a quen fixo presidente. Pero, bueno, isto de momento non o conseguiron. Teñen conseguidas outras cousas que se inventan, pero nesta din: imos conseguilo. Non sabemos cando, porque, señorías, vostedes son moi bravos en Galicia e moi mansos en Madrid. (*Aplausos.*)

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Ten que ir rematando, señora Prado.

**PAULA PRADO DEL RÍO:** ¿Fixeron presidente a Pedro Sánchez a cambio de que? De nada. (*Aplausos.*) Vostedes teñen cero peso no Goberno de España, teñen cero peso para conseguir cousas para Galicia.

Nós hoxe, dende o PPdeG, pedimos o mesmo que pedimos sempre: a parálise do actual proxecto da variante oeste, que sexa unha realidade. Porque os veciños non queren promesas; os veciños queren certezaas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas.



Quenda do Grupo Parlamentario Socialista, señora Castro.

**PALOMA CASTRO REY:** Grazas, presidenta.

Señora Prado, vostede non se entera, está máis perdida... (*Murmurios.*) Pregunto primeiro: ¿vostede saben onde está Caldas? Porque é que ata dubido eu se vostede sabe onde está Caldas. (*Aplausos.*) Porque saudou os veciños, algúns concelleiros do PP e esqueceuse de saudar o alcalde e os concelleiros do Goberno, que tamén están aí arriba. Bastante maleducada, ademais de perdida, está vostede. (*Aplausos.*)

E tamén lle digo que está perdida porque ten vostede que pasar a vergoña de traer aquí unha proposición non de lei sobre esta variante oeste de Caldas que, sinceramente, chega tarde. Síntoo, chega tarde. ¿E unicamente por que? Porque a vostede dálle igual a variante de Caldas. Vostede unicamente obedece o mandato do Partido Popular de Madrid da señora Ayuso de intentar desprestixiar o Goberno de Sánchez, que é o único que lle importa. (*Murmurios.*) Ese «*cada uno que haga lo que pueda*» de José María Aznar. Pois ben, *cada uno que haga lo que pueda*, pero vostede ao seu facer chega tarde nesta ocasión. Porque o Goberno de España xa tomou a decisión de paralizar o actual proxecto. ¿Atendendo a que? Pois precisamente a todo o traballo que fixemos os socialistas dende os diferentes ámbitos, tanto aquí como en Madrid. ¿Por que? Porque escoitamos a xente, escoitamos as asociacións. E o Ministerio vai paralizar o proxecto actual, como dixo o outro día o noso secretario xeral, José Ramón Gómez Besteiro, que, por certo, non se reuniu unicamente co alcalde, senón tamén coas asociacións. Por iso está vostede bastante perdida, señora Prado. E o Ministerio vai paralizar o proxecto actual e abrir un novo proceso para reformulalo. Esa é a realidade.

E isto non aconteceu, como lle dicía, por casualidade. Aconteceu porque houbo un diálogo coa veciñanza, coas plataformas e co alcalde de Caldas, o señor Jacobo Pérez, que leva meses defendendo unha solución mellor para o seu territorio. (*Aplausos.*) E esa é a diferenza entre nós e vostedes: que, mentres o alcalde socialista de Caldas defende que considera prexudicial un proxecto para a súa veciñanza ante o Goberno do Estado, aínda que sexa da súa cor política, os concelleiros de Caldas e os deputados do Partido Popular e os concelleiros do Partido Popular de Caldas dan ás costas á veciñanza con algo como é o recorte á comunidade educativa do CEIP San Clemente, que votaron aquí en contra e non fixeron nada para que repuxesen todos os profesores que recortou a Xunta de Galicia. Esa é a diferenza entre nós e vostedes.

E plataformas, por certo, que nós apoiamos dende o principio, porque entendiamos que este proxecto —que ía afectar moitas vivendas, fragmentar parroquias e afectar tamén empresas e moitos empregos— non era beneficioso e non tiña un beneficio comparado co impacto que supoñía. E, ante esta situación, o Goberno de España tomou esa decisión responsable: paralizar o proxecto e abrir a porta para reformulalo, cunha nova planificación que permita desviar o tráfico da N-640 ao redor de Caldas dunha maneira menos lesiva para a veciñanza do seu territorio. Porque o desvío do tráfico desa N-640 é positivo, pero non desa forma. E mañá mércores —informo, porque como está vostede bastante perdida...— o delegado do Goberno manterá unha reunión coas plataformas para concretar os seguintes pasos que se van dar. ¿E isto que significa? Pois gobernar, señorías do Partido Popular, escoitar, dialogar



e rectificar cando é necesario, o que vostedes non fan. E o Partido Popular nunca estivo. Nunca estivo, porque non estiveron nunca ao lado da veciñanza cando máis o necesitaba. Non estiveron nas reunións, non estiveron no diálogo co Ministerio —cousa que podería facer dende o Goberno galego o presidente Rueda e non o fixo— e non estiveron nunca buscando solucións. ¿E agora que vén? Pois o ruído e a oportunidade política agora aparecen. Aparecen agora para facer oposición ao Goberno de España e para intentar converter nun problema territorial unha campaña de desprestixio de Pedro Sánchez. ¿Como se chama iso? Oportunismo político, que é o único que teñen vostedes.

Pero, mentres vostedes ían a Caldas facer campaña, outros estabamos traballando para dar solucións reais. Porque vostede, dígollo eu, —sigo insistindo— está moi despistada. Fala das pancartas, fala da recollida de firmas... Pero ¿quen apoiou desde un principio as pancartas, quen apoiou as mobilizacións e quen apoiou a recollida de firmas? ¡O alcalde de Caldas e todo o Grupo Socialista de Caldas e da provincia de Pontevedra! (*Aplausos.*) Polo tanto, deixen de enturbiar. Agora que o proxecto está paralizado toca abrir un novo proceso de diálogo. Colaboren con alternativas coherentes.

Ademais, hai que falar claro tamén disto. Se lle importase o territorio non terían metido unha infraestrutura clave, que depende directamente da Xunta de Galicia, unha década paralizada nun caixón. E refírome á autovía alternativa, a PO-531 e a VG-4.7. Un proxecto que se aprobou no ano 2008, que comezou a executarse no ano 2011 e que o Goberno de Núñez Feijóo paralizou en 2012, e ata o de agora. Porque, dende entón, os proxectos caducaron, pero nin se actualizaron. Seguen nun caixón eses proxectos. Unha infraestrutura que si que permitiría conectar o porto de Vilagarcía coa AP-9 sen duplicar vías innecesarias, recuperando ese corredor Curro-Baión e garantindo un acceso directo por Meis. É dicir, mellor mobilidade, máis competitividade para o porto e moito menos impacto no territorio. Pero non, iso non o pide o Partido Popular, porque, como o ten que facer a Xunta, iso non importa, ¿non? E por iso os socialistas rexistramos esta emenda. Rexistramos esta emenda que si solucionaría o problema de conectividade existente e que, se non a aceptan, imos insistir traendo unha batería de iniciativas exixindo á Xunta que recupere este proxecto da VG-4.7, o actualice e retome a súa tramitación de inmediato.

Porque, se algo hoxe queda claro, é que os socialistas escoitamos; que escoitamos e que actuamos. Paralizamos a variante oeste para abrir un proxecto dialogado. E agora tócalle traballar ao señor Rueda; un traballo coa súa comarca recuperando esa VG-4.7 e deixando de bloquear unha infraestrutura estratéxica para ese territorio. Porque, señorías do Partido Popular, mentres uns escoitamos e resolvemos problemas, outros levan anos paralizando proxectos e negándolle oportunidades a esta comarca.

Ademais vostede, señora Prado, non se preocupe, que o ridículo non só o fixo vostede, tamén o fixo o señor Pazos. Máis ridículo que acudir o día despois e decidir montar unha pequena escenificación alí en Caldas xusto cando o problema xa estaba resolto pensabamos que non o podía ninguén superar, pero hoxe superouno vostede aquí. O pasado xoves, cando vimos o portavoz do PP desprazarse ata alí. A verdade é que é bastante cómico chegar tarde a todos os sitios e intentar apropiarse dun debate cando xa está encamiñado. Teñen que espabilar,



xa están contaxiándose da tendencia esa de Madrid de chegar tarde a todos os lados, esa tendencia do señor Feijóo.

E, mentres vostedes estaban facendo fotos e intentando alarmar a veciñanza, outros estábamos falando coas plataformas e traballando co Goberno para buscar unha solución real. Por iso, ademais, eu recomendaríalle unha cousa ao Partido Popular —e xa conclúo—: que non perda tanta enerxía en Caldas, porque a historia política deste concello está bastante clara, e despois de case 47 anos das primeiras eleccións municipais, Caldas xa demostrou sobradamente que é un concello profundamente socialista. (*Murmurios.*) Polo tanto, deixen de enturbiar, deixen de marear. E, ademais, non só é un concello historicamente socialista, senón que o seguirá sendo, porque hai canteira e relevo. E así o demostrou o alcalde Jacobo Pérez, que estivo ao lado da veciñanza, que soubo escoitar e foi capaz de loitar polos intereses dos seus veciños e conseguir que se paralizase ese proxecto.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas.

Quenda do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES:** Para comezar, queremos enviar un saúdo e un recoñecemento de gratitude, en nome do BNG, para a veciñanza de Caldas e tamén de Portas, que foi, coa súa mobilización exemplar, quen conseguiu parar este proxecto, que é un proxecto absolutamente aberrante e disparatado.

Claro, agora asistimos aquí ao espectáculo un tanto bochornoso duns e outros intentando poñerse medallas, pero o mérito de todo o que se conseguiu é da xente, (*Aplausos.*) que se mobilizou, que se organizou, que fixo as reunións, que lle dedicou horas, que recolleu alegacións, que fixo asembleas, que encheu as estradas de motivos de protesta para chamar a atención. Ese é o verdadeiro traballo que hai que recoñecer aquí e non poñerse medallas que non corresponden.

En todo caso, nós queremos darlle unha calorosa —porque somos a xente da calor, como se dixo antes— benvida ao Partido Popular á protesta e á manifestación. Parece que vostedes agora descubriron o valor da protesta e da pancarta. Deberían practicar moito máis a pancarta, a mobilización e a manifestación e non poñerse, como fan habitualmente, do lado dos poderosos; porque vostedes póñense sempre do lado dos poderosos; sexan Altri, sexa Trump, sexa Netanyahu ou os abusóns de turno.

Este proxecto desta variante de Caldas, que debería conectar a N-640 —é dicir, esa estrada que atravesa en diagonal Galiza desde Vilagarcía ata a Mariña— e a N-550, que é a estrada norte sur de Santiago a Pontevedra, pois leva practicamente vinte anos proxectándose e aínda non se fixo realidade. Houbo un primeiro proxecto alá polo 2007, agora no ano 2023 o Goberno central, o Ministerio de Transportes de Óscar Puente —por certo, non de Óscar López—, licitou este estudo informativo. E vemos que presentan unha alternativa escollida que é absolutamente delirante, aberrante e tremendamente destrutiva, que custou nada



menos, por certo, que 600.000 euros. 600.000 euros que se lle pagaron a Eptisa, que é a mesma consultora de cabeceira tamén da AP-9 e do Partido Popular, como sabemos.

Pois ben, ¿por que o BNG rexeita esta alternativa presentada polo Goberno central? Por tres motivos principais. O primeiro é que supón un descoñecemento absoluto da realidade porque, se vostedes viron o trazado, é absolutamente disparatado. Intenta facer unha escabe-china auténtica atravesando núcleos de poboación, dividindo núcleos de poboación, tirando casas e facendo unha auténtica desfeita arredor de todo o territorio entre o límite de Vilagarcía e Vilanova con Caldas, ata o contorno sur do casco urbano de Caldas. En segundo lugar, rexeitamos esta proposta pola absoluta falta de diálogo. Porque vostedes agora presumen uns e outros de diálogo, pero por parte do Goberno central non houbo en ningún momento diálogo, negociación e buscar acordos coa xente, senón que presentaron unha alternativa que encontrou o rexeitamento unánime, maioritario e masivo de toda a xente, tanto de Caldas como de Portas. E, en terceiro lugar, polo custo desproporcionado. É que vostedes plantexan unha alternativa ao Goberno central que supón un custo de investimento enorme e que vai crear máis problemas dos que pretende resolver. Polo tanto, un auténtico disparate.

E desde o BNG estamos convencidos de que hai solucións máis lóxicas e máis razoables. E por iso presentamos as nosas emendas, que son emendas construtivas para incorporar, para engadir á proposta que nos trae aquí o Partido Popular. A primeira proposta que traemos é aproveitar algo do que se poida aproveitar do estudo informativo para propoñer unha ronda urbana, que ten un trazado bastante asumible, cos cambios que haxa que facer, que conecte a 640 coa N-550 e que permita, cunha estrada de borde tipo avenida cun tratamento brando e sen barreiras, como está previsto tamén nesta parte do estudo informativo, e que permita, cun tráfico calmado, desviar o tráfico desde a 640 á parte sur de Caldas na 550, evitando o gran problema do que ninguén falou aquí. Non sei se pasaron vostedes habitualmente polo núcleo urbano de Caldas, que está inzado —depende tamén dos días e das horas do día— de tráfico pesado, de tráfico de camións, que é absolutamente insoportable e que é algo que hai que resolver con urxencia, porque é insufrible. Este é o grande problema que temos que resolver e pódese facer con esta ronda urbana.

E despois resolver o problema máis de fondo, que é a conexión do porto de Vilagarcía coa AP-9 e tamén unha vía de borde, máis externa, de toda esta zona, que se pode resolver con dúas propostas que nós tamén incluimos na nosa emenda. A primeira é liberar de peaxe o treito entre Carracedo, na zona norte de Caldas, e a propia Caldas, o enlace de Caldas, facendo unha reforma dese nó de Carracedo de maneira que poida ser un nó de dobre entrada e saída; non como está agora, que so é de saída indo dende Pontevedra e de entrada vindo desde Pontecesures ou desde Valga. Iso sería bastante asumible, non tería un gran custo e permitiría resolver unha parte importante deste tráfico de paso que agora está atravesando Caldas.

E ademais disto, efectivamente, estudar a viabilidade, a construción desa autovía A-47 que no seu día aprobou a Xunta de Galiza, que curiosamente empezouse a planificar no 2008 e empezouse a construír en 2011. Hai feitos dous quilómetros desde este gran nó de Curro, na Autovía do Salnés, un tramo de dous quilómetros que acaba en ningunha parte. ¿E saben vostedes canto se investiu neste tramo de dous quilómetros? Dígoo para os bos xestores.



13,5 millóns de euros en dous quilómetros dunha autovía que nunca se utilizou. ¿Son vostedes os bos xestores? O partido do dispendio, do malgasto, do despilfarro. (*Aplausos.*) O Partido Popular, que tirou literalmente os cartos ao lixo, porque esta obra leva paralizada desde o ano 2012. Unha auténtica vergoña.

E veñen vostedes poñerse medallas. Desde logo... Nós o que lles dicimos é que o Goberno é o Goberno e o partido é o partido. E os anuncios das obras téñenos que facer os gobernos, non os representantes do partido, porque se non iso é unha auténtica fraude, é unha estafa. E criticámolo fágano uns ou fágano outros, non temos ningún problema con iso.

O que queremos repetir unha vez máis é que o mérito de que se paralizase este aberrante proxecto é da xente. Esa mobilización exemplar que botou abaixo esa proposta. E iso é unha boa noticia, porque demostra que a mobilización social coa implicación da xente pode cambiar as cousas; como conseguimos con Altri, por certo, tamén.

Pero, ollo, o problema importante, o problema de fondo, está sen resolver. O problema de fondo é que hai que sacar ese tráfico pesado do medio das rúas de Caldas. E para iso o BNG trae aquí hoxe propostas construtivas e propostas en positivo que agardamos que acepten.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas, señor Bará.

¿Voceiro do Grupo Parlamentario Mixto? Renuncia á súa quenda de intervención.

Ten entón novamente a palabra a autora da proposición non de lei, a señora Prado del Río.

**PAULA PRADO DEL RÍO:** Grazas, presidenta.

Ben, sacou aquí a Ayuso, a Aznar, a Feijóo. O que non nos sacou, señora Castro, é a publicación no *Boletín Oficial do Estado* de que se paraliza esa variante. E iso non o teñen, señorías, iso non o teñen. (*Aplausos.*)

Eu alégrome de que mañá se reúnan co delegado do Goberno, espero que para non mentirlles máis aos veciños e veciñas. Claro, e di que por que non vai o señor Rueda. Home, é que non deixan nin sequera ir aos representantes dos grupos municipais, nin ao Bloque nin ao Partido Popular, como para ir o señor Rueda. Mire, señora Castro, ¿a que lle teñen medo? ¿Por que non deixan ir os representantes da cidadanía?

E, claro, é que vostede vén aquí falar de facer o ridículo. Home, a que parece que hai tempo que non vai por Caldas é vostede, porque Caldas xa é azul. Xa é azul, ¿sabe? (*Aplausos.*) Temos seis concelleiros e vostedes cinco. Temos máis do 47 por cento dos votos e vostedes o 35,7 por cento. Señora Castro, hai tempo que Caldas non é socialista, aínda que teña un alcalde socialista. (*Aplausos.*) Os veciños e veciñas de Caldas votan maioritariamente o Partido Popular. Por algo será, señora Castro.



E mire, ¿como é iso de que estiveron cos veciños dende o primeiro momento? ¿Vostede sabe que a alegación masiva que presentou o Partido Socialista non lla firmaron os veciños? ¿Sabe cal firmaron? A que plantexaba o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Popular. Esa si que a firmaron. Porque ¿que pedían vostedes na súa alegación? Pedían pagarlles máis cartos pero, iso si, non renunciar á variante, que era o que querían os veciños. E iso é o que traemos hoxe aquí a esta iniciativa, o que se votou no Concello de Caldas e o que se votou na Deputación de Pontevedra.

Señor Bará, vostede vén aquí cun montón de debuxos e de variantes e de traxectos e de proxectos, pero, mire: fale cos seus concelleiros en Caldas, fale cos seus compañeiros da Deputación de Pontevedra. O proxecto que queren os veciños é o que nós traemos hoxe aquí, é o que se votou por unanimidade tanto no Concello como na Deputación. Vostede pode traer aquí e pintar todo o que queira, pero iso non é o que queren os veciños, señorías.

Mire, señora Castro, claro que... Véxoos moi preocupados co que inviste o Goberno galego en Caldas. Pois voulles recordar algúns proxectos que impulsou a Xunta alí: a ampliación do IES... Si, si, falaba vostede da educación, voulle falar da educación. (*Murmurios.*) Agora toca escoitar, agora toca escoitar. Mire, a ampliación do IES Aquis Celenis, máis de cinco millóns de euros, a segunda obra de maior contía en 2025 en toda a provincia de Pontevedra. A ampliación do comedor do colexio Alfonso VII e a reforma integral do CEIP San Clemente, ese que lle preocupa tanto. ¿Sabe canto? 600.000 euros, señora Castro. Os tres centros públicos de Caldas de Reis executando obras de mellora de forma simultánea. (*Aplausos.*) O proxecto dun novo centro de saúde de máis de sete millóns de euros; que, por certo, está pendente de que o Concello cumpra cos seus compromisos. Xa que está aquí o alcalde, pois eu pídolle, señor alcalde, que cumpra cos compromisos para que poida ser unha realidade o centro de saúde de Caldas. As concentracións parcelarias de Saiar, Godos e Bemil, con importantes investimentos. Medidas de apoio á Asociación de Comerciantes de Caldas. A reforma integral dos edificios dos xulgados. E moitas outras.

Miren, señorías, hoxe estamos aquí...

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Ten que ir rematando, señora Prado.

**PAULA PRADO DEL RÍO:** ...para pedir que se fagan... (*Murmurios.*)

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Silencio.

**PAULA PRADO DEL RÍO:** ...as cousas como queren os veciños; non como quere nin o Bloque nin o PSOE nin o PP, como queren os veciños. Neste caso o Partido Popular está poñendo voz neste hemiciclo aos veciños e veciñas de Caldas de Reis. E agardamos...

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** ¿As emendas?

**PAULA PRADO DEL RÍO:** Sobre as emendas. Pois mire, sobre as emendas a verdade é que que o Partido Socialista diga que vai eliminar un proxecto para o que supostamente ten orzamento o Goberno de España... E di que o vai a anular, pero que o faga a Xunta e que faga



outra cousa. Pois, home, non. Se queren que a Xunta faga cousas alí xa lle acabo de dicir unhas cantas. Faremos moitas máis, seguro que fan falta moitas cousas en Caldas, pero vos-  
tedes asuman un novo proxecto para a variante de Caldas...

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas.

**PAULA PRADO DEL RÍO:** ...e nós aí estaremos, sempre que estean de acordo os veciños e veciñas de Caldas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte proposición non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Rubén Lorenzo Gómez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que teña en conta as reclamacións de Galicia para as seguintes fases de elaboración da planificación ata 2030 da rede de transporte de enerxía eléctrica**

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** A esta proposición non de lei presentáronse as seguintes emendas: unha do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, e outra do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña.

*(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Iglesias Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:*

*«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:*

*1. Apoiar a proposta de nova planificación de infraestruturas eléctricas 2025- 2030, que reforza a rede eléctrica en Galicia, incrementa de maneira significativa a capacidade para novos consumos industriais maduros co obxecto de apoiar a transición enerxética, promove o almacenamento enerxético e a conexión da eólica mariña. Na nova planificación dúplícase a capacidade adicional do sistema eléctrico galego respecto do pico de demanda rexistrado en 2024, e incorpórase arredor dun centenar de novas posicións e melloras nunha trintena de subestacións eléctricas.*

*2. Adoptar as medidas necesarias para promover a implantación de novas iniciativas industriais sostibles en Galicia, así como impulsar os proxectos industriais estratéxicos (PIES) declarados, que deben contar coa licenza social do territorio no que se van a implantar.*



3. Ditar unha resolución denegatoria do proxecto industrial de Altri en Palas de Rei, impedindo a súa reapertura futura.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Xosé Manuel Golpe Acuña, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débesse engadir un novo parágrafo na parte resolutiva, co seguinte texto:

«Así mesmo, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a demandar do MITECO a urxente solución para o nó de transición enerxética das Pontes, tendo en conta que actualmente non existe nin capacidade de evacuación nin de acceso á rede de transporte, polo que se precisa dar unha resposta urxente a esta débeda que o Estado ten coa Zona de Transición Xusta da Pontes.»)

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Para defender a proposición non de lei, ten a palabra o señor Lorenzo.

**RUBÉN LORENZO GÓMEZ:** Grazas, presidenta.

Señorías, hoxe tratamos un asunto que debería ser unha prioridade de Estado: a planificación da rede de transporte eléctrica. E digo «debería» porque, unha vez máis, Galicia está condenada a chegar tarde, porque o Goberno central chega tarde e chega mal.

O proceso de planificación 2025-2030 comezou en decembro do ano 2023. Estamos en 2026 e seguimos sen a planificación aprobada. Tres anos de atrasos, de improvisacións e de parches. Tres anos nos que a industria galega e o Goberno galego levan pedindo capacidade de conexión e tres anos nos que o Goberno de Pedro Sánchez responde con silencio ou con migallas. Porque as modificacións aplicadas á planificación 2021-2026 tampouco serviron de nada. A segunda delas, a raíz do apagamento do 28 de abril, incluíu 65 actuacións e só dúas viñan para Galicia. Dúas actuacións que nin aumentan a capacidade industrial nin a renovable, simplemente corrixen erros que nunca deberon existir. Polo tanto, podemos concluír que o que fai o Goberno de España con Galicia non é planificación; é abandono. (Aplausos.)

Mentres tanto, o Goberno central presume de transición ecolóxica, de renovables, de hidróxeno verde e ata presume de repotenciación eólica. Iso si, logo de recorrela ao Constitucional cando a promovemos dende Galicia. Decía que o Goberno presume de discurso sostible, pero a realidade é que non está poñendo a rede necesaria para que nada diso sexa posible. E eu pregunto: ¿Que pasaría en Galicia se mañá se producise o desbloqueo xudicial do sector eólico? ¿Que pasaría con eses 6.300 millóns de euros en investimento industrial se deixasen de estar paralizados? ¿Quen sería o responsable de que non se puidesen evacuar eses 3.000 megavatios que o sector eólico ten sobre a mesa á espera dese desbloqueo? Miren, señorías, segundo a Axencia Internacional da Enerxía hai que investir 0,7 euros en redes por cada euro en renovables. España só inviste 0,45. E así non hai transición enerxética que funcione, así non hai industria que se poida instalar e así non hai territorio que poida competir. (Aplausos.)



Pero a discriminación a Galicia non é só cuantitativa, tamén é cualitativa. A proposta de planificación asigna a Galicia 367 millóns de euros, o 2,8 do total estatal. Ollo, pero se descontamos actuacións herdadas ou xa executadas, o investimento real para Galicia é de 215 millóns, é dicir, o 1,6 por cento do total. Pero é que no período 2015-2020 Galicia recibía un 6,7 por cento. Agora estannos a outorgar menos da cuarta parte. Dende logo, señorías, calquera que se diga que defende os intereses de Galicia non pode tragar con este ninguneo. (Aplausos.) E, vendo a emenda socialista da señora Iglesias, queda claro quen traga aquí. A situación é a todas luces inxustificable, máis aínda tendo en conta que isto ocorre mentres que Galicia achega un 8,8 por cento da xeración eléctrica do país e ata o 29 por cento de toda a hidráulica estatal. Señorías, isto non é un desaxuste administrativo nin un mal cálculo; isto é unha decisión política consciente. E, fronte a esa decisión, este Parlamento debe falar con voz firme. Galicia non acepta esta discriminación e Galicia reclama a súa rectificación inmediata.

Aquí quero ser moi claro: o que está a facer o Goberno de España coa provincia de Lugo é unha irresponsabilidade histórica, señorías. (O deputado Rubén Lorenzo Gómez amosa un mapa.) Fíxense, este é o mapa da planificación actual. Se se fixan, o oeste e o centro de Lugo non teñen nin unha subestación de transporte; ningunha, absolutamente ningunha. Iso significa que calquera proxecto industrial que queira instalarse alí, por moi estratéxico que sexa, non pode conectarse; aínda incluso calquera proxecto que tivese esa nova licenza que se inventou a letrada, a señora Iglesias, a «licenza social». Incluso se tivese esa licenza, señora Iglesias —que nos ten pendentes aínda de explicar de que se trata— non podería conectarse en Lugo. Significa incluso que proxectos de hidróxeno verde de centros de datos, de industria agroalimentaria ou forestal quedan directamente excluídos da provincia de Lugo. Significa que a provincia de Lugo queda totalmente desconectada. E, señorías, unha provincia totalmente desconectada é unha provincia condenada.

E, para que quede claro ese nivel de desatención, traio datos. Galicia solicitou máis de 8.000 megavatios de nova capacidade de demanda. O Goberno só concede 1.899, é dicir, o 23,7 por cento. Polo tanto, o Goberno só atende unha de cada catro necesidades reais de Galicia. O outro 76 por cento, sen resposta. E sen resposta queda tamén, señorías, o futuro industrial da provincia de Lugo. E o máis grave —jo máis grave!— é que hai quen fachendea de parar o proxecto de Altri mentres aplaude que o Goberno deixe a provincia de Lugo literalmente fóra de xogo. (Aplausos.) Con tal de colgar esa medalla de cartón e tombar un proxecto, o portavoz do PSdeG nesta Cámara —lucense— é capaz de desconectar toda a provincia e condenala a non ter industria de ningún tipo durante a próxima década. Para el vaia esa medalla de cartón e tamén para quen lle aplauden. Iso si, a medalla de cartón teraa el mentres que non lla arranque das mans a portavoz do BNG—ausente—, que para iso si que compiten. Compiten para iso, pero non para que Galicia avance.

Vostedes van pasar á historia por traballar para deixar Lugo ás escuras, e non por falta de potencia, señorías, senón por falta de responsabilidade. Aquí é onde entramos no que realmente doe. O PSdeG non só non protesta, senón que xustifica esta discriminación. Non hai máis que ver, insisto, a súa emenda, señorías. Cada vez que o Goberno central nos recorta, o PSdeG cala; cada vez que o Goberno central nos discrimina, o PSdeG cala; e agora que o Goberno central desconecta Lugo, o PSdeG non só cala, senón que, encima, aínda saca peito



desta situación. Isto é porque, para o PSdeG, antes que Galicia, está Pedro Sánchez; antes que o seu país, está o seu partido; e antes que a coherencia co discurso, están os sillóns. Isto, señorías, é totalmente inaceptable. *(Aplausos.)*

Mentres, o BNG presume de defender Galicia, arrógase ser a voz do país e presume de ser o muro contra os agravios a Galicia. O problema é que o BNG cala onde realmente debería alzar a voz, que non é neste Parlamento. Calan porque sosteñen o Goberno socialista de Madrid; calan porque non queren incomodar o socio; calan porque, cando hai que escoller entre Galicia e Sánchez, vostedes tamén escollen a Sánchez; e calan tamén porque, cando hai que escoller entre sillóns e oposición, xa saben o que vostedes escollen, ¿verdade?

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Ten que ir rematando, señor Lorenzo.

**RUBÉN LORENZO GÓMEZ:** Mentres vostedes calan —vou rematando, presidenta—, Lugo queda sen subestación. Mentres que vostedes calan, a Galicia asígnaselle un pírrico 1,6 por cento do investimento.

Hoxe nós non pedimos nada extraordinario, pedimos o que é xusto: un investimento acorde á nosa xeración eléctrica, capacidade para atraer industria e crear emprego, unha rede que permita evacuar renovables e desenvolver bombeos reversibles, un mecanismo áxil para conectar proxectos estratéxicos e, sobre todo, que ningunha —¡absolutamente ningunha!— parte de Galicia quede atrás. Galicia non pode permitirse outros dez anos de discriminación e non pode permitirse...

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas.

**RUBÉN LORENZO GÓMEZ:** ...perder oportunidades industriais. Mentres uns calan, nós falamos; mentres uns obedecen, nós defendemos; e, mentres uns miran para Madrid, nós miramos para Galicia e por Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas.

Na quenda do Grupo Parlamentario Socialista, a señora Iglesias.

**PATRICIA IGLESIAS REY:** Grazas, presidenta.

Boas tardes a todos e a todas.

Vou empezar desmontando o relato e o bulo que o Partido Popular de Galicia intenta instalar neste debate: Galicia non se desenchufa e Lugo non se desenchufa. O que se desenchufa é un proxecto concreto, señor Lorenzo: Altri. Ese «non» veu da man do Goberno de España e iso hai que dicírllelo tamén, alto e claro, a todos os galegos e as galegas. Era un proxecto contaminante, inviable e sen encaixe no modelo industrial sustentable que necesita Galicia. *(Aplausos.)* Deixa en evidencia algo que cada vez é máis claro: o problema non é a nova pla-



nificación enerxética que se está a tramitar, que responde á seguridade da rede, aos modelos industriais maduros, non especulativos, á entrada de renovables, ao almacenamento enerxético... O problema é que Galicia non ten unha política industrial recoñecible e está sumida nun caos eólico pola falta de planificación e pola ausencia dunha política de transición enerxética en dezasete anos que leva o Goberno do PP na Xunta de Galicia. Esa é a realidade.

Logo está esa confrontación por sistema. ¡Todo é culpa de Pedro Sánchez! Xa llo dixen, señor Lorenzo, estamos aquí no Parlamento de Galicia. Supoño que estará facendo puntos, ao mellor, para ir ao Congreso dos Deputados. ¿Ese é o sillón do que fala? Despois está a incoherencia da conselleira de Economía e Industria, a señora Lorenzana. Cando foi a Madrid, o pasado 23 de setembro, reuniuse co secretario de Estado de enerxía e saíu dicindo que estaba razoablemente satisfeita coa nova planificación —¡encantada, contenta!—, pero, cando volveu a Galicia, de repente a planificación converteuse nun fracaso que condenaba Lugo ata o 2030 sen proxectos industriais. Entón, eu pregúntome: ¿con que señora Lorenzana temos que quedar? ¿Quedamos coa que vai a Madrid e está satisfeita ou coa que chega a Galicia e, de novo, monta a campaña de confrontación por sistema? ¿Que pasou polo medio? ¿Realmente, chamárona desde San Caetano, ou ben desde Génova 13, porque foi demasiado branda, señor Lorenzo? A contradición é tan evidente que xa nin sequera intentan disimulara.

Logo, e direino tantas veces como sexa necesario, Galicia non se desenchufa, que quede claro; sobre todo porque a planificación non prexudica Galicia, reforza Galicia. A realidade é a seguinte na nova planificación: dúplícase practicamente a capacidade do sistema eléctrico galego para novos consumos industriais maduros —¡maduros, non especulativos!— nas zonas de transición xusta para o almacenamento enerxético e para a conexión da eólica mariña. Incorpóranse na nova planificación arredor dun centenar de novas posicións e mellora nunha trintena de subestacións eléctricas para garantir, precisamente, a seguridade da subministración.

Ademais, a planificación vixente xa foi adaptada para incorporar novos proxectos estratégicos, como a nova infraestrutura Novo Vigo. Falamos de 72 millóns de euros na modificación substancial da planificación vixente, necesaria para conectar o proxecto de Stellantis. ¡Tamén hai reforzos en Lugo! Hai reforzos en Lugo, señor Lorenzo: en Xove, en Boimente ou en Ludrio. ¿Eses concellos non pertencen a Lugo? ¿Non pertencen a Lugo, señor Lorenzo? ¿Non serven esas infraestruturas para atraer industria? (*O deputado Rubén Lorenzo Gómez amosa un documento cun mapa de Galicia desde a súa bancada.*) ¿Ou o único que lles interesa é manter vivo o relato vitimista de confrontación, por sistema, pola súa falta de política industrial e enerxética no noso país?

Porque voulle dicir cal é a realidade: os dezaioito PIE, os proxectos industriais estratégicos, declarados polo Consello da Xunta están todos en estado crítico. Están metidos na UCI, señor Lorenzo. A realidade é demoledora. ¿Dos dezaioito declarados, cantos foron executados? Ningún, señor Lorenzo, ¡ningún! Todos parados, todos convertidos nun exercicio de propaganda institucional, que niso a Xunta é un ás. Señorías do PP, non escondan o seu fracaso absoluto en política industrial detrás dunha crítica á nova planificación enerxética, porque se lles ve moito o plumero. Confrontar por sistema —¡confrontar por sistema!— E facer oposición á oposición.



Voulle dicir quen está realmente investindo en Lugo, porque datos matan relato. Lembremos que tamén o Goberno galego, na última fiscalización do Consello de Contas do Fondo de Compensación Interterritorial, deu cero euros —¡cero euros!— para a provincia de Lugo. Falamos, precisamente, dun fondo pensado para favorecer a cohesión territorial entre territorios. Dígolle máis: segundo os datos de investimento público do Goberno de España, ¿sabe canto investiu o Goberno de España na provincia de Lugo, señor Lorenzo? Investiu 294 millóns de euros. ¡294 millóns de euros! Dígolle, ademais, proxectos empresariais concretos: Norvento Enerxía, con 28 millóns para innovación industrial; Aluminio Español, con máis de 26 millóns de euros para a industria electrointensiva; Ignis, con 15 millóns de euros en proxectos enerxéticos; Grupo Lence, con 4 millóns para a modernización industrial; e Tableros Hispanos, con case 8 millóns para a mellora produtiva. Podería seguir, señor Lorenzo, porque estes son datos, rigorosidade. O investimento é iso: apostar polo tecido produtivo en Lugo. Non son discursos, non son propaganda; é investimento real. ¿E o Goberno galego? Nada de nada. Iso si que é unha irresponsabilidade histórica do Goberno galego do PP.

Logo está tamén, e quero poñelo aquí de manifesto, o aeródromo de drons de Rozas. Mentres isto ocorre, 294 millóns de euros investidos polo Goberno de España na provincia de Lugo —iso son datos— está ese aeródromo de drons, que ía ser o gran polo tecnolóxico de Galicia. Leva investidos millóns e millóns de euros públicos, eu xa perdín a conta. A pregunta é moi sinxela: ¿cantas empresas tecnolóxicas se instalaron en Rozas, señor Lorenzo? ¿Cantos proxectos industriais consolidados existen alí? ¿Cantos empregos estables se xeraron alí? Pregunto porque a sensación que ten a provincia de Lugo, en Rozas, é que hai moito diñeiro público enterrado baixo terra pola Xunta de Galicia e poucos resultados enriba da mesa. De novo, temos anuncios da conselleira: «cambio de guión: imos converter Rozas cara a defensa e a seguridade». Eu preguntome: ¿quedará de novo só en anuncios, como todo o que fai o Goberno galego?

Sobre o caso Altri —¡o caso Altri, o proxecto estrela do señor Rueda!— seguimos sen coñecer o memorando secreto asinado polo conselleiro de Economía e Industria e o CEO de Altri. Ese que di a conselleira que non coñecía, pese a ser a presidenta da sociedade Impulsa, e o señor Rueda di que o coñece, pero que non o vai facer público. Pois, evidentemente, a pregunta —como dixen hoxe á mañá— é inevitable: ¿puxéronlle a alfombra vermella ao proxecto de Altri? O arquivo non é a denegación definitiva do proxecto, é gañar tempo, ¡gañar tempo! Por iso, as preguntas son inevitables. A ver se me pode responder na súa réplica final: ¿van denegar definitivamente o proxecto de Altri? ¿Van restaurar, plenamente, a protección ambiental na serra do Careón? ¿Van desclasificar o memorando de Altri, señor Lorenzo? ¿Van denegar a declaración ambiental estratéxica ou a concesión de augas, pendente tamén na Xunta de Galicia, ou van seguir instalados na ambigüidade permanente?

Por tanto, e xa remato, respecto de Galicia quero ser clara: o primeiro é que Galicia non se desenchufa nesta planificación. O contrario é mentir con bulos e falacias. O que se desenchufa é o único proxecto industrial que defendía o señor Rueda, presidente da Xunta de Galicia, o proxecto Altri, e grazas ao Goberno de España. ¡Grazas ao Goberno de España! Os dezaioito PIE anunciados e declarados polo Consello da Xunta están todos na UCI, sen executar, señor Lorenzo. Esa é a realidade. A nova planificación eléctrica reforza Galicia para a transición xusta, para proxectos industriais maduros, para o almacenamento enerxético,



para a conexión da eólica mariña e para a seguridade da subministración. Máis de cen reforzos e melloras en trinta subestacións eléctricas. Mentres o Goberno de España inviste case trescentos millóns de euros no tecido produtivo de Lugo, o Goberno galego segue sen ofrecer unha soa estratexia industrial...

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Ten que ir rematando, señora Iglesias.

**PATRICIA IGLESIAS REY:** ...para a provincia. Isto, señorías, é o verdadeiro problema: a falta de planificación industrial e de transición ecolóxica no noso país.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas.

Na quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Golpe Acuña.

**JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA:** Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Resulta, cando menos, curioso que o Partido Popular traia hoxe unha iniciativa na que se pide que outros fagan e na que se demanda a outro goberno que actúe en materia enerxética. Na nosa visión, o que se debería solicitar e o que se debería pedir é soberanía. É importante isto da soberanía. É importante isto de poder tomar decisións por nós mesmas, e non só no campo da enerxía. De feito, para un goberno, isto debería ser un dos seus principais motivos, porque, se non exercemos esa soberanía, o espolio dos nosos recursos enerxéticos dá lugar á desigualdade e dá lugar á pobreza. Permítanme recordarlles a enquisa da EAPN. Esta di que no 2025, un quince por cento da poboación no noso país está en risco de vulnerabilidade enerxética. Son unhas trescentas mil persoas nun país excedente de enerxía, un país que non deixa de ser unha colonia enerxética.

Este colonialismo enerxético que Galiza vén de sufrir dende hai máis dun século e que hoxe o Partido Popular pon aí de relevo —de soslaio, no seu ton de vítima— nesta demanda é algo que Galiza comparte con outros territorios do mundo e con outras nacións da Terra. Trátase de nacións que ven como o imperialismo utiliza calquera escusa —chámense armas de destrución masiva, chámese narcotráfico ou chámese ameaza nuclear— para inventar guerras, co único obxectivo de apoderarse dos recursos estratéxicos, nomeadamente de petróleo e de gas. Por esta especie de simbiose que presenta Galiza como colonia enerxética con estes estados que son atacados polo imperialismo do petróleo ianqui, coido que é de xustiza dicir dende este estrado, máis unha vez, un rotundo «non á guerra» e «imperialismo, nunca máis». (*Aplausos.*)

Seguindo a falar de soberanía, cómpre sinalar que a planificación da rede eléctrica é unha competencia exclusiva do Estado. Está recollido na Lei do sector eléctrico 24/2013. O Goberno reserva para si todas as funcións de definición da rede e de planificación da rede, reservándolles ás comunidades autónomas un papel consultivo: a emisión de informes, a participa-



ción en trámites de audiencia e pouco máis alá. Neste punto, permítanme lembrarlles que a comezos da presente lexislatura —creo que foi no segundo período de sesións, se mal non recordo—, o Bloque Nacionalista Galego levou unha iniciativa á Comisión de Industria e Enerxía solicitando, entre outras cousas, a transferencia das competencias en planificación das redes enerxéticas de gas e de electricidade. Lembro, perfectamente, que o Partido Popular votou «non» a esta iniciativa e lembro perfectamente o comentario dun portavoz do Partido Popular que me dicía «¡Pero home! ¿Como pides iso da planificación, co lío que é? ¡Que planifiquen en Madrid!»». E así, temos un Goberno que non ten poder de decisión sobre os investimentos que se deben facer na rede de transporte eléctrico e, polo que se ve, tam-pouco quere telos. Limitábase a mandar recados de Madrid, como esta iniciativa que traen hoxe a este Parlamento.

O Partido Popular vén hoxe á Cámara chorar porque Galiza recibe pouco investimento, un 2,8 por cento, e porque non temos un crecemento na rede; confundindo tamén, ou igno-rando, o que é o crecemento vexetativo dunha rede. É dicir, non podemos estar todos os anos investindo o mesmo, se non acabaremos cada un de nós cun poste eléctrico no noso xardín. O crecemento ten que ser de acordo á demanda e sostible. Sen ánimo de gobernar na súa casa, permítanme utilizar un argumento que vostedes nos repiten a nós moitas veces. Así, cómpre lembrarlles que o Partido Popular ten no Goberno do Estado, no Congreso do Estado, trece deputadas e deputados galegos. Utilicen esa oposición de número para levar alí esas demandas. Voulles dar un lema para que poidan levar de regalo esta tarde: fagan algo en Madrid e deixen de chorar aquí. *(Aplausos.)*

Hai, ademais, un silencio nesta proposición que non podemos deixar pasar. O Partido Po-pular menciona de pasada, de esguello, que o proceso de formación pública ao que hai que someter esta planificación enerxética inclúe o estudo ambiental estratéxico na planificación. Menciónao e despois pasa del. Nós cremos que o expediente ambiental estratéxico, loxica-mente, non é un trámite menor. Non é cubrir un formulario, senón que é, ou debería ser, o corazón do proceso. É o instrumento que predetermina e determina por onde poden e por onde non poden transcorrer as liñas e as redes; o que establece as alternativas viables; o que analiza os impactos acumulativos sobre os ecosistemas; e as medidas que han de protexer os espazos da Rede Natura 2000, as zonas de especial protección para aves, ríos e montes. Montes que foron, e están sendo, o escenario de conflitos sociais moi serios, precisamente por culpa de infraestruturas enerxéticas mal planificadas. Tamén cómpre lembrar, por ené-sima vez, que temos pendente ampliar a Rede Natura 2000. Sempre é bo lembrar isto, porque a falta de definición dos espazos protexidos tamén provocan incerteza e inseguridade.

Aquí, no noso país, sabemos ben o que significa que a enerxía se planifique sen mirar o te-rritorio. Sabémolo nos concellos que recibiron parques eólicos sen participación real das co-munidades e sabémolo nas terras que foron cruzadas por tendidos sen alternativa estudada. Agora, o Partido Popular preséntanos unha proposición que pide desenvolver e acelerar a rede de transporte eléctrico, pero non di nin unha palabra de como se vai facer e de se iso se vai facer de forma compatible co territorio, con garantías e con que controis.

O BNG considera que calquera demanda é lexítima. Ademais do investimento eléctrico para Galiza, debe ir acompañada dunha exixencia igual de firme. Debe exixir que ese investimento



se faga con planificación ambiental rigorosa, con participación real dos concellos e das comunidades afectadas e que aproveite, antes de nada, unha infraestrutura xa existente. Isto é porque unha maneira clara de poder contar cunha infraestrutura do transporte de enerxía eléctrica é reforzar o que xa temos antes de abrir novos corredores e novas autoestradas. Aquí é onde aparecen de novo as dúas zonas de transición xusta, as zonas das Pontes e Meirama, porque son precisamente estes lugares onde isto é posible. Xa existe rede e hai posibilidade de establecer chan industrial, xa hai infraestrutura. É a opción mentalmente intelixente e é a opción industrialmente máis xusta ou, se non, debería selo. Debería ser esta a opción escollida.

Xa que falamos destes dous concellos, non debemos esquecer o deixamento co que o Estado central está tratando estas dúas zonas de transición xusta. Agora ben, en Cerceda o concurso de transición vai avanzando —avanza só na parte do concurso de xeración— e non vemos na planificación nin un só megawatt relativo á demanda. Onde si está o destrozo feito, dende logo, é nas Pontes, como xa dixemos aquí máis dunha vez. A subestación, pertencente á antiga central de carbón, foi declarada por Rede Eléctrica como non ampliable e sen capacidade de evacuación e de xeración. A remolque desta realidade, ás modificacións da planificación 2021–2026 incorpórase un novo equipamento, unha nova subestación: a subestación de Maciñeira, que se vai conectar á liña de Boimente e que, á súa vez, depende tamén da subestación de Naraío. É dicir, no ano 2026, cinco anos despois de pechar a central térmica, hai cero megawatts de capacidade, tanto de evacuación como de conexión. E un parche de deseño. O parche de deseño é a subestación de Maciñeira, unha infraestrutura que vai depender doutra infraestrutura, a subministración de Naraío. ¡Oh, sorpresa! Está planificada no ano 2011. ¡Pois si que toman con calma o Partido Popular e o PSOE o tema da transición enerxética! Levan catorce anos para unha infraestrutura que, segundo reza agora na planificación enerxética, é clave para garantir o acceso á rede de toda a comarca de Ferrolterra.

Non quero acabar a intervención sen citar algo que, señor Lorenzo, me parece dunha impericia parlamentaria supina, que é o de ligar o proxecto de Altri á desconexión eléctrica. Tamén me choca bastante que a señora Iglesias entrase ao trapo nese asunto. Eu quero recordarlles que o proxecto de Greenfiber tiña solicitada unha conexión de cen megawatts na liña de Pallas de Rei. Tamén lles quero lembrar que estaba plantexada, á parte da descarbonización, esta fábrica. Unha das patas nas que se baseaba para acudir a ese PERTE da descarbonización é que contaba cun grupo de xeración con biomasa de cento cincuenta megawatts; é dicir, era enerxeticamente sostible. Entón, a falacia está construída. É unha falacia, en termos estritamente filosóficos, *ad verecundiam*. É dicir, atribúese vostede a facultade de explicarnos que non se vai montar a fábrica por culpa do Goberno central ao non darlle a conexión e, á vez, estanos dicindo que a fábrica é sustentable porque non necesita conexión. ¿Onde está aquí o...? (O deputado José Manuel Golpe Acuña fai xestos de balanza.) Se non o entendeu, despois fágolle un debuxo, non se preocupe. (Risos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Ten que ir rematando.

**JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA:** O BNG defenderá sempre que a enerxía en Galiza sexa para Galiza, que os recursos no seu territorio sirvan para o benestar da nosa xente e que non ha-



berá planificación enerxética xusta sen a soberanía do noso país. Por iso, deixámolo claro hoxe: non nos conformamos coas migallas nin do 1 por cento nin do 2,8 por cento. Queremos o cento por cento do compromiso con Galiza.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas.

Ten novamente a palabra o autor da proposición, o señor Lorenzo.

**RUBÉN LORENZO GÓMEZ:** Grazas, presidenta.

¡Señor Golpe, que mal lle queda ese papel de «malote» que lle pediron que fixese, eh! (*Risos.*) De verdade, non lle pega absolutamente nada, nada. (*Aplausos.*) ¡Co ben que iamos vostede e mais eu! (*Murmurios.*) Alguén lle debeu de dar un toque: «a este rapaz de Carballo hai que intentar metelo en cintura porque, se non, vainos xerar un problema a futuro». (*Risos.*) (*Balbordo.*) (*Aplausos.*) ¡Si si! ¡Rían, rían! A ver quen ri o último. ¡A ver quen ri o último!

¡Señora Iglesias, menudo papelón! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Xa di moito que non estean presentes escoitando este debate ningún dos seus dous deputados de Lugo. Iso xa di moito. Ás veces non fan falta palabras. (*Balbordo.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Perdón? ¡Ah! ¡Benvida, señora Lara! Agora xa está. Creo que xa perdeu o máis importante pero vai escoitar igual. ¿Sabe con que conselleira Lorenzana temos que quedar, señora Iglesias? Coa conselleira que defende os intereses de Galicia alá onde vai e, sobre todo, coa que defende os intereses de Galicia co seu traballo no día a día no Goberno da Xunta. ¡Con esa temos que quedar! (*Aplausos.*)

Direille unha cousa tamén: quen trae aquí a Vox, a Ayuso, a Feijóo, a Sánchez e incluso a Franco constantemente son vostedes, ¡todo o tempo! ¿Que me vén dicir vostede de que estou facendo campaña para que? ¡Son vostedes os que están traendo, constantemente, Madrid a este estrado! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Digo eu que teremos que falar de Sánchez, porque ese que vostedes bautizaron agora como o «superheroe da democracia» é o presidente do Goberno central, ¿non? ¿E a planificación do transporte da enerxía de quen depende? Se escoitou atentamente o señor Golpe xa sabe vostede de quen depende, pero quedou claro que vostede veu aquí falar de todo menos de planificación enerxética. ¡Por algo será!

A desconexión da provincia de Lugo non é un problema local, é un problema estrutural para Galicia, que tamén arrastra zonas de tremenda potencialidade industrial, como son Curtis e Teixeira. Cando Lugo queda sen subestación, cando Lugo queda sen mallado e cando Lugo queda sen capacidade, Curtis e Teixeira quedan «en antena». Quedar «en antena» significa que chega o cable pero non chega a capacidade. Hai enchufe na parede, pero non hai electricidade detrás. Así é imposible instalar industria, atraer proxectos e crear emprego. Mentres pasa isto, eu insisto, hai quen fachendea de parar Altri, como se fose o gran logro político do século XXI. O señor Besteiro, número un por Lugo, presume de tombar un proxecto, aínda que iso supoña desconectar toda a provincia e condenala a non ter industria de ningún tipo



durante a próxima década. Iso si que é, señorías, deixar Lugo ás escuras; e, insisto, non por falta de potencia, senón por falta de responsabilidade política.

Xa me vou pronunciar sobre as emendas. Señora Iglesias, entenderá que a súa emenda temos que rexeitala rotundamente. Porque veñen aquí, con toda a tranquilidade, pedirnos que apoiemos unha planificación que deixa Galicia co 1,6 por cento real do investimento estatal e que só atende, como lle dicía, unha de cada catro necesidades reais da nosa comunidade. Pretende que traguemos, pretende que calemos e, enriba, pretende que aplaudamos o agravio. Non imos apoiar unha emenda que pretende vestir de éxito o que é unha discriminación evidente para Galicia. Non imos apoiar unha emenda que pide que aceptemos o que nos dan, como se Galicia tivese que agradecer migallas.

Sobre a emenda do BNG —vostede non falou moito da súa emenda, señor Golpe—, esta trata sobre o nó das Pontes e vostede sabe que nós sempre apoiaremos esa reivindicación, porque é razoable e necesaria. Ímola apoiar. Pero tamén é necesario, señor Golpe, dicir que non abonda con pedilo aquí se logo en Madrid se sostén o Goberno que provoca esta situación. Se vostedes despois apoian ese «superheroe» é imposible que saian as súas demandas adiante.

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Ten que ir rematando, señor Lorenzo.

**RUBÉN LORENZO GÓMEZ:** A coherencia, señor Golpe, tamén conta.

Xa remato, presidenta. Galicia non pode aceptar quedar desconectada por intereses partidistas. Lugo non pode quedar atrás, Curtis e Teixeiro non poden quedar en antena e As Pontes non pode perder 455 megawatts, mentres...

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas.

**RUBÉN LORENZO GÓMEZ:** ...nos din que gañamos. Nós imos seguir defendendo Galicia enteira con datos, con rigor e sen calar ante ninguén, porque Galicia merece moito máis do que está recibindo do Goberno central.

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Entendo que aceptou, entón, a emenda do BNG.

**RUBÉN LORENZO GÓMEZ:** Aceptamos a emenda do BNG e rexeitamos, por suposto, a do Partido Socialista. *(Aplausos.)*

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moi ben. Moitas grazas.

Continuamos coas proposicións non de lei e damos a última da orde do día desta tarde.

**Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, sobre as accións que debe impulsar a Xunta de Galicia ante o crecemento da desinformación sobre as mulleres e dos discursos de odio por razón de xénero**

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** A esta iniciativa presentouse unha emenda do Bloque Nacionalista Galego.



*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir un novo punto na parte resolutiva, co seguinte texto:*

*«4. Recuperar a oferta da materia de Igualdade de xénero eliminada no curso 2023-24.»)*

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Para defendela, ten a palabra a señora Castro.

**PALOMA CASTRO REY:** Grazas, presidenta.

Rematamos o pleno de hoxe co que poderíamos chamar un palíndromo, porque rematamos co avance das políticas de igualdade e foi así como comezamos tamén o pleno.

O que intentamos hoxe con esta iniciativa nós, os socialistas, é que a Xunta de Galicia, no exercicio das súas competencias, tanto en materia educativa como de igualdade, asuma un papel activo fronte á desinformación e aos discursos de odio contra as mulleres; por exemplo, a través de políticas públicas que reforzan o pensamento crítico e a igualdade real.

Todos sabemos que as redes sociais son xa imprescindibles na nosa vida, no noso día a día. Son a forma na que nos comunicamos, na que accedemos á información e incluso a forma coa que nos evadimos ou ocupamos o noso tempo de espera ou parte do noso tempo de descanso, ata o punto de que as mesmas poden influír no comportamento social ou na tendencia colectiva. Non podemos loitar contra isto, pero si é necesario que, ante esta realidade, tomemos conciencia. Exemplos podemos atopar moitos: dende un vestido que se fai viral e se esgota en horas en todo o mundo ata un alimento —o pistacho, a cúrcuma, o xenxibre..— que incrementa en cuestión de días as súas vendas. Os exemplos que acabo de dicir son inocuos, pero, por desgraza, outros contidos non o son. A proliferación de contidos falsos e manipulados no ámbito dixital está a constituír unha ameaza crecente para a igualdade entre mulleres e homes e para a calidade democrática tamén, promovendo o racismo, a homofobia ou o antifeminismo.

Diversos estudos, ademais, teñen evidenciado que unha parte significativa da desinformación en Internet constrúe relatos que prexudican a imaxe das mulleres, cuestionan as políticas de igualdade e desacreditan o feminismo. O impacto das *fake news* con discursos de xénero, así como a escaseza de desmentidos fronte a este tipo de contidos, favorece a creación deses ciberguetos antifeministas. Pola súa banda, plataformas de verificación e organismos europeos sinalan que estes bulos teñen maioritariamente unha finalidade ideolóxica, poñendo en risco valores democráticos. Se temos en conta tamén os datos, o 70 por cento das denuncias en canles especializadas corresponden a violencia dixital contra as mulleres, o 80 por cento das mozas entre 16 e 24 anos sufriron acoso nas redes sociais e unha de cada cinco nenas na Unión Europea sufriu un abuso sexual en liña.



Neste ecosistema, a chamada «manosfera» é un espazo virtual onde se normaliza o odio ás mulleres e onde proliferan comunidades como os incel, os PUA ou determinados foros e *influencers* abertamente antifeministas que adoitan levar a cabo insultos como «Charos», «feminazis», «todas putas»... Forman parte dun repertorio habitual que pretende ridiculizar e disciplinar quen levante a voz. A través de centos de vídeos e contidos virais difúndese, ademais, un discurso patriarcal sobre como deben comportarse homes e mulleres para alcanzar a denominada «mellor versión». Pode padecer inocente, mesmo trivial, pero detrás desta estética amable agóchase a idealización do pasado. Modelos de masculinidade dominante e feminidade submisiva que se presentan como aspiracionais. Son narrativas profundamente políticas, vinculadas á ultradereita neoliberal, non hai dúbida, construíndo un concepto de home de alto valor sobre estereotipos sexistas: ao home, resérvanlle o espazo público, o recoñecemento de poder; en cambio, a muller é relegada ao ámbito privado, avaliada pola súa capacidade de agradar, servir e coidar. Ou as tendencias como as *trad wives*, que acumulan centos de millóns de visualizacións, tamén baixo esa estética aparentemente inocente; vestidos longos, delantais, receitas caseiras e consellos domésticos onde se agocha unha mensaxe clara: arranxarse para o marido, dedicarse ao fogar e celebrar sen complexos o patriarcado e a dominación masculina.

Tras máis dun século de loitas feministas o que se pretende claramente é volver atrás, que as mulleres renuncian á súa autonomía, á súa liberdade e á súa independencia para volver a depender dun home que a sosteña. Pero é que o perigo é maior, porque na maioría destes contidos case o 40 por cento das usuarias e usuarios —por exemplo, redes como TikTok— teñen entre 12 e 24 anos, unha etapa crucial na construción da súa identidade persoal. E a repetición constante deste modelo reforza e endurece estes roles de xénero, facendo pasar por naturais ou desexables esquemas que xa criamos superados. Ante esta situación, creo que é necesario que dende as diferentes institucións —neste caso dirixímonos ao Goberno galego e á Xunta de Galicia— se asuma un papel activo fronte a esa desinformación e discursos de odio contra as mulleres. Creemos que a Xunta ten que actuar e por iso hoxe presentamos aquí esta iniciativa, para poñer en marcha unha estratexia educativa para a prevención da desinformación e dos discursos de odio por razón de xénero, dirixidos especialmente á infancia e á mocidade, que son as persoas que máis asumen estes contidos, aínda que tamén, como vimos hoxe durante todo o día, está ben que se dirixan á xente adulta. Desenvolver materiais informativos e de recursos didácticos para o profesorado e a familia, que necesitan ferramentas e instrumentos para poder xestionar e combater estes contidos e aclarar os mesmos. Ou incluso impulsar campañas públicas de sensibilización, especialmente nas redes sociais, que visibilicen o impacto da desinformación sobre as mulleres e o feminismo.

Os informes coñecidos denotan que estamos nunha situación grave. O último informe —denominado *Así somos. O estado da adolescencia en España*, elaborado por unha organización internacional, Plan International, a finais do ano 2025— describiu con claridade o contexto no que viven hoxe as persoas adolescentes e di que, se algo define as novas xeracións, é a dixitalización total das súas vidas. As relacións, a información e mesmo a construción da identidade pasan cada vez máis polo mundo dixital.

Por iso, señorías, cando falamos de intelixencia artificial temos que falar tamén de intelixencia emocional, porque os que temos adolescentes na casa sabemos que transitan



por escenarios marcados pola inmediatez, polas redes sociais e polas novas formas de relación, que ás veces, por desgraza, tamén traen consigo novas formas de violencia. Os datos, como dicía, son moi preocupantes. A violencia sexual afecta especialmente as mozas e a súa incidencia aumenta coa idade, e por iso hai que combatelas. Nós propoñemos, como dicía antes nas miñas anteriores quendas, combatelas con educación. Porque ao final a educación integral para os nenos e nenas é imprescindible. E non o dicimos nós só, senón que estudos da UNESCO e doutras organizacións internacionais demostraron que a educación sexual nas etapas de educación obrigatoria reduce as infeccións de transmisión sexual, mellora a capacidade das persoas novas para tomar decisións informadas e contribúe a previr a violencia de xénero. Polo tanto, é importante que eduquemos os nosos nenos e nenas no respecto á diversidade, na igualdade, na empatía e no consentimento.

Por iso insistimos nesta necesidade e por iso —e xa remato con esta primeira intervención— quero dicir que espero que esta iniciativa saia adiante. Temos que ser conscientes de que esta violencia dixital contra as mulleres non é casual nin espontánea, senón que é unha estratexia que busca disciplinar, silenciar e frear os avances feministas, erosionando ao mesmo tempo a calidade democrática das nosas sociedades. Por iso, hoxe máis que nunca creo que mulleres e homes debemos alzar a voz con claridade para dicir alto e claro que seguiremos avanzando e conquistando dereitos e non aceptaremos ningún paso atrás.

Nada máis polo de agora. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

**NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, presidenta.

Dicía a voceira socialista que rematamos o pleno cun palíndromo. Eu creo que o rematamos cun oxímoro. A ver que acabamos escoitando esta tarde, pero levamos todo o día escoitando bastantes oxímoros, que se supón que se defende unha cousa e a contraria o mesmo tempo. Intentaron convencernos de que o máis feminista neste contexto é recortar o orzamento de violencia machista ou é vir aquí defender que non hai que avaliar os plans etcétera etcétera. Entón, a ver se esta iniciativa, que a nós nos parece necesaria e importante, non acaba sendo o obxecto doutro oxímoro discursivo.

En fin, vaia por diante que desde o Bloque Nacionalista Galego imos apoiar esta iniciativa. Nós queremos deixar aquí unha reflexión da súa importancia; da importancia de combater a desinformación de xénero en todos os contextos. Pero tamén, moi especialmente agora mesmo, pensar por que está pasando o que está pasando. Todas esas cuestións que a voceira socialista apoiaba en datos e en informes eu creo que temos que contextualizalo no momento en que vivimos, que nós dende o BNG cualificamos de «urxencia feminista», porque hai un rearmamento do machismo que xa temos sinalado e diagnosticado, pero que acontece nun contexto que o alimenta e que non é inocuo e no que hai tres factores ao mesmo tempo que son moi perigosos.



O primeiro é que, efectivamente, hai unha reacción furibunda contra o feminismo e os seus avances. Eu quero remarcar que é unha reacción que non é casual, que é unha reacción planificada, que é unha reacción que está organizada e que conta con poderosos altofalantes. Poderosos altofalantes como as estruturas de poder tanxibles ás que estamos acostumadas e tamén poderosos altofalantes no que hoxe chamamos «manosfera», esa forma de canalización e difusión virtual de posicionamentos que son abertamente antifeministas e abertamente antimulleres.

Todo isto pasa, en segundo lugar, nun contexto que hai que entender que é de profunda violencia, un contexto de odio, de guerra, de belicismo. Simone de Beauvoir dicíanos aquilo de que «basta unha crise política, económica ou relixiosa para poñer en cuestión os dereitos das mulleres, que nunca, nunca podemos dar por conquistados». Pois co contexto actual, aínda máis. Un contexto cun imperialismo absolutamente desbocado, un contexto no que se acumulan crises económicas. Un contexto que, en definitiva, é tremendamente duro e unha tormenta perfecta, na que con esas crises económicas se ve agora unha fase cruenta dun imperialismo absolutamente insaciable. Xa estamos vendo no día de hoxe coa subida dos prezos —a subida da gasolina etcétera— como as consecuencias sobre as clases populares, e singularmente sobre as mulleres, xa se ven.

En terceiro lugar, eu creo que neste contexto non podemos ignorar outro fenómeno, que é indisoluble á hora de alimentar ese rearme do machismo. É que a dereita está rompendo en todos os espazos aparentes consensos sociais que estaban conseguidos: arredor da violencia machista ou outros máis recentes, como arredor dos dereitos das mulleres trans, ou dereitos como o aborto, que outra vez máis volve ser cuestionado á mínima pola dereita. Por iso eu nestes días, cando preparaba este debate, estiven buscando datos sobre a desinformación e estiven vendo, por exemplo, os datos que dá a Universidade de Vigo no seu xa quinto informe sobre o Observatorio de Machismo Dixital.

Tamén reflexionaba sobre a importancia de tres ámbitos de actuación sobre os que o BNG temos feito propostas, de momento con escaso éxito. Necesidades como avanzar na información estatística, como que haxa unha macroenquisa pública e planificada de forma periódica sobre a prevalencia da violencia machista e dos estereotipos. Ou a necesidade de ter un Instituto Galego das Mulleres que avance no coñecemento e na investigación. Ou a necesidade de abordar o ámbito do ensino, que é absolutamente estratéxico á hora de combater a desinformación; primeiro, porque forma os nenos e nenas como cidadáns críticos para poder atender esa desinformación nun contexto que cada vez vai ser máis complexo, coa emerxencia e o avance da intelixencia artificial. Por iso tamén insistimos hoxe na nosa emenda, con espírito construtivo, en pedir que se recupere esa optativa da materia de igualdade, que foi unha optativa que no seu día impulsou o Goberno do Partido Popular. Polo tanto, é unha emenda xa de mínimos e buscando un consenso: recuperar unha cuestión que era imperfecta, que pero que cando menos abría unha xanela de oportunidade para avanzar neste ámbito. Xa sen renunciar a outras cuestións que temos dito, como a necesidade de que haxa educación sexual efectiva regrada, obrigada e ben planificada no ensino.

Pero a verdade é que, por moito que nós nos esforzamos en buscar eses argumentos, en buscar eses datos obxectivos, esa información cuantitativa e cualitativa, despois do debate que



tivemos hoxe pola mañá a verdade é que paga a pena empregar un pouco deste tempo de intervención que lle toca ao meu grupo en poñer palabras ao evidente, ao que levamos vendo todo o día: que o Partido Popular no Estado —e tamén en Galiza— é unha das principais fontes de desinformación que hai nestes momentos en materia de igualdade e en materia de xénero. Vemos que, aínda que estea a Cámara gravando, non paran de fabricar bulos e mentiras. Hoxe volvemos ver varios, e ademais algúns, como son reiterados, imos vendo pleno a pleno como existen, do máis de fondo ao máis absurdo. Poño algúns exemplos.

Hoxe volvemos falar do plan de loita contra a trata, que sei que é unha preocupación tamén da voceira propoñente. Xa pasou no anterior pleno, no que eu interpelei directamente a señora conselleira sobre cales eran as razóns de que chegase a avaliación tarde pero agora non se dea aprobado o novo e fixo aquí toda unha *performance* acusándome de non ter falado de que había unha avaliación dese plan contra a trata e de que veu aquí comparecer o señor Barba. Claro que sabemos que veu comparecer, eu mesma fixen a comparecencia e, se mal non lembro, tamén a señora Castro.

Desde cuestións nimias, demostrables cun evidente darlle para atrás ao vídeo deste Parlamento, a outras cuestións. Hoxe volvemos escoitar aquí difamacións absolutamente lamentables, como unha conselleira e unha deputada, que son moi conscientes de que houbo un caso durísimo nunha plataforma de persoas con discapacidade en Ourense, no que unha persoa que traballaba e traballa para a Xunta, que tiña xa os seus antecedentes cancelados... Outro debate sería se eses antecedentes son cancelables; eu teño moi claro cal sería a nosa postura. Sabe perfectamente que ninguén podía saber iso e aproveitou a dor desa familia, a dor desa plataforma, para manipular e para acusar aquí os grupos da oposición dun delito gravísimo. (*Aplausos.*) Vimos ese exemplo outra vez.

Vimos, por exemplo, como se nega a verdade, como se acusa de que un militante do BNG dixo unha serie de cuestións agresivas nunha rede social á secretaria xeral do Partido Popular; cando, primeiro, esa persoa non é militante do BNG e, segundo, a señora portavoz do BNG, Olalla Rodil, saíu publicamente desmarcándose desas acusacións e condenando. Pero incluso cando iso se fai, cando o Partido Popular apela a unha condena explícita e hai unha condena explícita, pasa como con ese manido argumento do terrorismo. ¿Cantas veces ao longo da historia, unha e outra vez, o Bloque Nacionalista Galego non só condenou o uso da violencia como arma política, senón que defendeu unha e outra vez o uso da vía do diálogo? E o Partido Popular segue nas súas trece de acusarnos e meternos nesa lea. Se iso pasa con esa cuestión que está —afortunadamente— máis que resolta no contexto político do que bebemos, pois, desde logo, ¿que non pasará co resto?

E así con todo. Hoxe mentiron en afirmacións sobre dous alcaldes do Bloque Nacionalista Galego e as súas posicións políticas nunha cuestión de violencia machista e nun recurso novo da Xunta. En fin, eu esta semana escoitei tamén un exdeputado desta Cámara, o señor Tellado, que acusaba unha ministra da que eu non son nada sospeitosa de ser fan, a ministra Robles, do Partido Socialista, de dicir unha cousa que se escoitaba literalmente que falaba de calefacción nesa gravación da radio. (*A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños ri.*) Ese é o *modus operandi* hoxe da dereita do Partido Popular. En Galiza, lamentablemente, están facendo mimetismo día e noite do seu partido en Madrid; non só á hora de votar, senón tamén



á hora de falar e de argumentar. Por desgraza, xa hai bastante tempo que, neste parlamento, cando falan de igualdade, non argumentan; repiten o matraquillo que lles mandan. Iso, desde logo, é un claro retroceso para avanzar no debate político e tamén un claro avance para avanzar —perdón...

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Ten que ir rematando.

**NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS:** ...pola redundancia— nesta cuestión que formula o Partido Socialista sobre a desinformación e que nós entendemos como absolutamente fundamental. Eu confío en que, como teñen que ter algún arrebatado de xenerosidade de cara á galería, que o teñan hoxe coa súa iniciativa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A PRESIDENTA (María Elena Candia López):** Moitas grazas.

Pola quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a señora Arias.

**RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ:** Grazas, presidenta.

Señorías, efectivamente, estamos a piques de rematar unha xornada na que se falou moito de igualdade. Neste caso, falamos de desinformación e dos discursos de odio por razón de xénero. Niso centrarei a miña intervención, pero tamén o vou facer dende un punto de vista máis amplo, para entender o verdadeiro alcance.

Segundo o último informe sobre a evolución dos delitos de odio en España correspondentes ao ano 2024, 252 menores de idade foron vítimas de delitos de odio; 336, no 2023; e 248, no 2022. Entre os delitos de odio que se cometeron a través de Internet ou redes sociais, os ámbitos de orientación sexual e identidade de xénero, ideoloxía e racismo e xenofobia son os que mostran maior incidencia, alcanzando as 804 denuncias en 2024. O estudo oficial do Ministerio tamén testemuña que Internet e as redes sociais son os medios máis empregados para acometer ameazas, inxurias e promover o odio. Estes datos reflicten que os delitos de odio en menores de idade constitúen, efectivamente, un problema crecente que afecta a convivencia escolar e social, xerando discriminación, exclusión e violencia.

En consecuencia, os populares galegos non podemos máis que sumarnos a calquera iniciativa que busque promover unha cultura de respecto e diversidade entre nenos, nenas e adolescentes, mediante accións educativas e de sensibilización que preveñan estas condutas. Nunca estaremos na confrontación neste tema. Por iso apoiaremos esta iniciativa tal como está presentada, a pesar de que para conquistar o que vostedes piden non era precisa esta iniciativa socialista, porque, señora Castro, xa se está facendo. Galicia é hoxe un referente no conxunto de España neste ámbito e vostede sábeo; en particular, grazas á Lei de violencia dixital de Galicia que se está elaborando e, no ámbito educativo, ao Plan integral de benestar dixital de Galicia ou a instrumentos como o protocolo educativo para a prevención, a detención e o tratamento do acoso e do ciberacoso escolar. O obxectivo final é fortalecer a democracia e a



convivencia mediante unha educación dixital que combine competencias tecnolóxicas, pensamento crítico e respecto aos dereitos humanos.

Na loita contra a desinformación en materia de igualdade, señorías, nada axudan actitudes partidistas como as das forzas e colectivos de esquerda que pretenden apropiarse do feminismo. Como estamos a ver, esa actitude causa rechazo nun amplo sector da nosa mocidade e afástaos do feminismo, sobre todo cando ven que aquilo que as forzas de esquerda predicán non se traduce no que os políticos da esquerda logo fan. Todos lembramos iso do exsecretario xeral do PSOE, o señor Ábalos, dicindo que «son feminista porque son socialista»... E xa saben como acabou a cousa das súas relacións coas mulleres. Ou o que acontece co señor Tomé en Lugo e como Besteiro cualificaba de bulo as denuncias a Tomé por acoso e despois resultou que, ao parecer, xa levaba tempo coñecendo as mesmas. Ou cando o pasado 8M, señora Presas, taparon cun mandil o busto de Fraga. Posiblemente esas persoas non sabían que foi no mandato de Fraga, como dixen esta mañá, cando se elaborou a primeira Lei de igualdade de Galicia, unha das primeiras que tivo unha comunidade autónoma en España. (*Aplausos.*) Tampouco axudan declaracións como as do secretario LGTBI do PSOE valenciano, cando propuxo prohibir que os gais de dereitas poidan usar os espazos conquistados, aínda que logo dixo que era unha brincadeira —coidado con esas brincadeiras—. E, dende logo, señora Presas, non axuda que os partidos políticos como o BNG teñan unha visión absolutamente sectaria do feminismo e que os ataques ás mulleres, segundo vostedes, se defendan segundo como pensen esas mulleres. As mulleres atacadas do PP, ata o momento, para vostedes non mereceron esa defensa. Tampouco é bo para esa igualdade negarse a rexeitar os ataques ás sedes do Partido Popular. Tampouco, señora Presas, axuda aceptar o voto dun presunto acosador para manter o poder na Deputación de Lugo, onde vostedes por 500.000 euros venderon a dignidade das mulleres; por 500.000 euros e por uns despachos e uns coches oficiais, para seguir mantendo o poder. (*Aplausos.*)

Combater a desinformación non é poñer unha mordaza a medios que non repitan as consignas do Goberno, como hoxe fai Radio Televisión Española, a televisión goberamental. Combater a desinformación non é pretender silenciar denuncias en medios que despois se traducen en feitos probados por sentenzas firmes ou en actos de presión incondicional. Defender o feminismo é tamén non xustificar a invisibilización das mulleres detrás dun *burka*.

Por suposto que estamos de acordo en que é necesario combater os discursos de odio e os bulos. Todos, cheguen polos medios que cheguen e cheguen de onde cheguen. Polo que ten que ver cos medios dixitais, como saben e como xa dixen anteriormente, a Xunta está traballando na que será a primeira lei de violencia dixital de Galicia, que será tamén a primeira de España en actuar fronte ao machismo e o acoso nas canles dixitais. Na súa elaboración participan diferentes departamentos autonómicos e está aberta tamén a entidades, profesionais e expertos neste ámbito. Por suposto, teremos oportunidade neste parlamento de facer achegas, e espero que a poidamos apoiar por unanimidade. O obxectivo é establecer medidas de sensibilización, prevención e detención do acoso no eido dixital. Queremos fomentar unha convivencia respectuosa nas contornas dixitais, actualizando os protocolos de actuación, potenciando ferramentas de denuncia e dando ás vítimas un respaldo legal cando se vulnera, por exemplo, a súa intimidade sexual.



Tamén, no ámbito educativo, dispoñemos en Galicia dunha ferramenta innovadora consensuada e ampla, como é o Plan integral de benestar dixital de Galicia. Este plan establece unha estratexia pública para garantir que o uso das tecnoloxías dixitais por parte da infancia e da adolescencia sexa seguro, responsable e compatible cos valores democráticos. En síntese, o plan entende que a loita contra a desinformación é unha competencia educativa que debe integrarse no currículo e na alfabetización dixital.

Pero non se trata só de protexer os menores cunha estratexia escolar —como vostedes piden— senón tamén de xeito transversal cando saen da clase. Por iso, en Galicia imos máis aló e temos en marcha un plan que transcende incluso o ámbito educativo, o Plan de coordinación cos Servizos Sociais, Fiscalía de Menores e forzas de seguridade, encamiñado a previr condutas de odio nos menores e adolescentes.

Non foi preciso esperar a que o PSOE presentase esta iniciativa, porque a estratexia que vos tedes demandan xa existe. De feito, xa en vigor, a Xunta creou, liderou e promoveu protocolos escolares, con iniciativas que son imitadas ou tomadas como referencia noutras comunidades autónomas e por distintos sistemas educativos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O PRESIDENTE:** Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Castro.

**PALOMA CASTRO REY:** Grazas, presidente.

Como dicíamos antes, e xa o dixo hai un século Simone de Beauvoir, «bastará unha crise política, económica ou relixiosa para que os nosos dereitos» —os das mulleres— «sexan cuestionados». Por iso temos que ser dilixentes e vixiantes e non dalos nunca por adquiridos.

As políticas teñen que ir acompañadas e acompasadas co sentimento e co avance social. Os datos que liamos antes na primeira quenda estannos a demostrar que neste momento as políticas de igualdade non están a calar como deberían, porque non chegan á adolescencia. Así hai respostas sorprendentes a enquisas que se fan pola rúa: moitos mozos e mozas din que están a favor da igualdade, pero non do feminismo, porque é «unha doutrina que intenta poñer as mulleres por riba dos homes». Escoitamos cousas así e ante isto si que fai falla unha resposta pública baseada na educación, na alfabetización mediática e na sensibilización social con perspectiva de xénero.

Señora Arias, grazas polo apoio á iniciativa. Non é moi esperanzador este apoio porque lle lembro que, no ano 2024 —en novembro de 2024, en concreto—, tamén apoiou o Partido Popular unha iniciativa na que pediamos incluír a educación afectivo-sexual nos proxectos curriculares dos centros de ensino obrigatorio a partir do curso —dicíamos— 2025-2026, e a Xunta non o fixo —que ben que está aquí o conselleiro de Educación para lembrarllo—. Tamén pediamos planificar e establecer un programa específico de formación ao profesorado e outras iniciativas das que non desenvolveron absolutamente nada.



Insisto, dicindo que este mundo no que estamos introduce novos retos como a transformación dixital e que as mulleres estamos especialmente sensibles a todas estas novas formas de violencia machista. Non é casual, senón unha estratexia da ultradereita.

Acaban de desclasificarse hai unhas semanas papeis do golpe de Estado fascista do 23 de febreiro, os últimos vestixios daquela España en branco e negro, de xugos, frechas, seccións femininas e tamén de pais —¡pais!— da Constitución. Galicia ten que ser unha Galicia que avance e que non mire para atrás, e non podemos deixar que mire para atrás.

A educación para evitar estes bulos e esta desinformación dixital e, sobre todo, que o pasado avance non é necesaria só nos nosos adolescentes, senón tamén nos nosos adultos. Hoxe vímolos claramente neste pleno. Vimos claramente como vostedes utilizaron esa desinformación para as súas intervencións e utilizaron incluso a IA para difamar. Poño varios exemplos da IA: *(A deputada Paloma Castro Rey amosa unha fotografía.)* o Partido Popular de Burela puxo unha foto con IA do señor Tomé e da presidenta da Deputación, para dicir que estiveron xuntos o outro día nun acto, cando non era certo. Manipulada por IA. *(Aplausos.)* Repito, como xa dixó a señora Presas, o dese vídeo tan patético, co señor Tellado que, cando a ministra de Defensa dixó que estaba a gusto porque puxeron a calefacción e non facía frío, transformouno en que estaba a gusto co señor Trump. ¡Un ridículo espantoso!

Tamén están os vinte voos de Irán que dixeron hoxe, que «saíron de España dirixidos a bombardear Irán», cando non é certo. Vostedes saben que eses voos fixeron escala en Rota e pasaron a outros países europeos como Italia, Alemaña ou incluso Marrocos para despois —non sei— ir ao que lle permitisen... *(Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* o resto de Estados, porque o Goberno de España foi o único que dixó que dende España, non. *(Aplausos.) (O presidente pide silencio.)* Nós respondemos polo noso Goberno; non polo de Italia, non polo de Marrocos e non polo de Alemaña.

Polo tanto, manipularon vostedes tamén esa información. E manipularon outras moitas informacións, como a da Lei do só si é si. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Teñen tan pouca vergoña de seguir repetindo ese discurso cando hai unha semana votaron —o Partido Popular Europeo— a favor no Parlamento Europeo da Lei do só si é si. *(Aplausos.)* ¡Ou cando falan do expresidente —¡ex!— da Deputación de Lugo! Falan por unha banda do expresidente da Deputación de Lugo e, por outra parte, tapan o alcalde de Móstoles. *(Protestas.) (O presidente pide silencio.)* Como cando dixó un concelleiro desa alcaldía «¿Pero vostedes non saben como é ligar? ¡Así se liga!» a unha persoa que segue sendo alcalde de Móstoles co respaldo do Partido Popular e que ten unha denuncia por agresión ou por acoso sexual. Polo tanto, vostedes calan tamén cando se está a producir diariamente un acoso e unha agresión física o outro día a unha periodista como Sara Santaolalla, por alzar a voz...

**O PRESIDENTE:** ¿Sobre a emenda?

**PALOMA CASTRO REY:** ...Calan vostedes tamén *(Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (O presidente pide silencio.)* e dan as costas.

**O PRESIDENTE:** ¿Sobre a emenda?



**PALOMA CASTRO REY:** Pero remato.

**O PRESIDENTE:** Sobre a...

**PALOMA CASTRO REY:** Por moitas cousas ten que pedir perdón o Partido Popular, pero pola principal cousa que ten que pedir perdón —e mañá fará vinte e dous anos— é por esa terrible...

**O PRESIDENTE:** ¿Sobre a emenda?

**PALOMA CASTRO REY:** ...foto das Azores, o que causou case...

**O PRESIDENTE:** ¡Sobre a emenda!

**PALOMA CASTRO REY:** ...douscentos mortos no noso país...

**O PRESIDENTE:** A emenda...

**PALOMA CASTRO REY:** ...e mil oitocentos feridos. *(Aplausos.)*

**O PRESIDENTE:** Sobre a emenda.

**PALOMA CASTRO REY:** Esa é unha das principais cousas polas que ten que pedir perdón.

**O PRESIDENTE:** Señora Castro, ¿sobre a emenda?

**PALOMA CASTRO REY:** E a emenda pois non a imos aceptar, porque cremos que...

**O PRESIDENTE:** Grazas.

**PALOMA CASTRO REY:** ...temos que avanzar cara...

**O PRESIDENTE:** Grazas.

**PALOMA CASTRO REY:** ...a esa educación afectivo-sexual integral e non quedarnos no...

**O PRESIDENTE:** Grazas.

**PALOMA CASTRO REY:** ...medio do camiño, como propoñía...

**O PRESIDENTE:** Moi ben, grazas.

**PALOMA CASTRO REY:** ...na súa época o Partido Popular. *(Murmurios.)*

*(A vicepresidenta segunda, María Elena Candia López: Xa vos avisará.)*



**O PRESIDENTE:** Pois entón, rematado xa o debate das proposicións non de lei, procedemos á votación das mesmas.

Pechen as portas, por favor.

### ***Votación das proposicións non de lei***

**O PRESIDENTE:** Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores.

Acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada María Montserrat Prado Cores e dous deputados e deputadas máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que desenvolva unha estratexia integral para a atención á saúde das mulleres.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 36.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado o texto transaccionado desta proposición non de lei.*

**O PRESIDENTE:** Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co sistema de actualización salarial do persoal empregado público.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 22; votos en contra, 43; abstencións, 1.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O PRESIDENTE:** Votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Paula Prado.

Non se aceptan as emendas do Grupo Socialista nin do Bloque Nacionalista Galego.



Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Roberto Rodríguez Martínez e nove deputados e deputadas máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co proxecto denominado Variante oeste de Caldas de Reis e acceso do porto de Vilagarcía á AP-9.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; abstencións, 8.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O PRESIDENTE:** E votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa de dona Lara Méndez.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que non se acepta.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa das deputadas Lara Méndez López e María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as medidas que debe pór en marcha a Xunta de Galicia para a defensa do sector primario galego afectado polo acordo comercial entre a Unión Europea e Mercosur.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 7; votos en contra, 58; abstencións, 1.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O PRESIDENTE:** Votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Rubén Lorenzo.

Non se acepta a emenda do Grupo Socialista e acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Rubén Lorenzo Gómez e oito deputados e deputadas máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que teña en conta as reclamacións de Galicia para as seguintes fases de elaboración da planificación ata 2030 da rede de transporte de enerxía eléctrica.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 59; abstencións, 7.*



*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O PRESIDENTE:** E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de dona Paloma Castro.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Paloma Castro Rey e dous deputados e deputadas máis, sobre as accións que debe impulsar a Xunta de Galicia ante o crecemento da desinformación sobre as mulleres e dos discursos de odio por razón de xénero.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 66.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.*

**O PRESIDENTE:** Suspéndese o pleno ata mañá ás dez da mañá.

Boa tarde.


*Suspéndese a sesión ás sete horas e vinte e un minutos do serán.*



## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Amigo Díaz, María Encarnación	P	39. Méndez López, Lara	S
2. Arias Rodríguez, Raquel	P	40. Mouzo Mas, Paula	P
3. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	41. Ojea Bouzo, Armando	M
4. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	42. Pazos Couñago, José Alberto	P
5. Barreiro Sánchez, Enrique	P	43. Pérez Fernández, Rosana	BNG
6. Bouza Manso, Aitor	S	44. Pérez López, Noelia	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pérez Millares, María Magdalena	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pomar Tojo, Carmen María	P
9. Candia López, María Elena	P	47. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Prado Cores, María Montserrat	BNG
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Prado del Río, Paula	P
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
13. Chao Rivas, Saleta	BNG	51. Queixas Zas, Mercedes	BNG
14. Castro Rey, Paloma	S	52. Ríos Santomé, Paulo	BNG
15. Cendán Gayoso, María Nazaret	P	53. Rodil Fernández, Olalla	BNG
16. Espinosa Mangana, María Elena	S	54. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
17. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás	BNG	55. Rodríguez Conde, Ángel	P
18. Fernández Davila, María Cristina	BNG	56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
19. Fernández Fernández, Secundino	BNG	57. Rodríguez González, Román	P
20. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	58. Rodríguez Martínez, Roberto	P
21. Fernández González, Ariadna	BNG	59. Rodríguez Pérez, Moisés	P
22. Fernández Rosende, Jesús María	P	60. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
23. Ferro Iglesias, José Luis	P	61. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
24. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
25. García Comesaña, Julio	P	63. Santamaría González, Raúl	P
26. García González, Patricia	P	64. Santos Costa, Manuel	P
27. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	65. Sanz Arias, Cristina	P
28. Gómez Besteiro, José Ramón	S	66. Suárez Fernández, Iago	BNG
29. González Iglesias, Carmela	BNG	67. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
30. Grueira Fernández, Nicole	P	68. Taibo Corsanego, Iria	BNG
31. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	69. Trenor López, Gonzalo	P
32. Iglesias Rey, Patricia	S	70. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
33. Insua Lema, Óscar	BNG	71. Varela Fernández, Katherinie	P
34. Longueira Castro, Silvia	S	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
35. López Font, Carlos	S	73. Vereá Fraiz, Borja	P
36. Lorenzo Gómez, Rubén	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Marnotes Fernández, Argimiro	P	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
38. Mato Díaz, José Manuel	P		





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

